

PRESENTACION

Se presenta en esta obra un trabajo que sintetiza una vida dedicada a la educación enraizada en la tradición y orientada al aprovechamiento pedagógico del máximo de recursos populares existentes en el contexto en el que el alumno se desarrolla y educa.

La dimensión popular y festiva es, sin duda, el elemento clave del trabajo que ahora tenemos entre manos. Es un trabajo de indagación y búsqueda documental laborioso y vivido por el autor a lo largo de sus años de ejercicio profesional como maestro y profesor de bachillerato.

José Antonio Tarrío es un pedagogo y un maestro que vive con satisfacción el trabajo diario que dota a la acción pedagógica del ánimo y coraje que esta precisa siempre y que sólo algunos saben dedicarle.

Su actividad pedagógica no sólo se ha centrado en la institución escolar. Su concepción de la escuela y de lo pedagógico supera las fronteras físicas de la misma y el ámbito de lo formal y reglado. A través del autor y su obra podemos captar una combinación entre lo escolar y lo paraescolar, entre lo formal y lo no formal e informal en educación que, sin duda, contribuye a mostrar cómo es posible integrar lo festivo y lo popular en lo educativo-pedagógico.

Sin duda, el trabajo del Dr. José Antonio Tarrío ofrece a maestros, profesores y responsables de la animación sociocultural, recursos e ideas que debidamente adaptados e integrados en cada contexto geográfico y cultural pueden colaborar en el logro de una acción escolar eficaz, abierta al entorno cultural y a la tradición de cada lugar.

MIGUEL MARTINEZ MARTIN

Universidad de Barcelona

PROLOGO

Toda presentación de una obra es al mismo tiempo «discurso» y «pretexto» para incidir en aquella temática que se ofrece al lector. Como, en efecto, indica el Diccionario ilustrado de la lengua española, «prólogo» es «el diceurso que en un libro precede al cuerpo de la obra para dar al lector alguna noticia o explicación acerca de la misma».

En este caso la primera noticia es la presentación de una obra que bajo el título de «Cultura, educación y tradiciones populares» recoge la investigación realizada por el autor para su tesis doctoral en la Universidad de Santiago de Compostela. Como todo trabajo académico puede servir para engrosar el denominado «curriculum vitae» del autor o puede, además de isto, ofrecerse a la sociedad bajo el carácter de publicación, para que participe de un contenido que ha supuesto muchas horas y días de trabajo y que, si siempre perfeccionable, puede ser una aportación útil si lo que con ello se pretende es mejorar un sector de la misma. En este caso un importante sector: el sector de la educación.

Y sobre este sector, con el «pretexto» del presente trabajo, es sobre el que se ofrece el prólogo o «discurso que precede» para que el lector adquiera esa «noticia o explicación» de la presente obra. Discurso que pretendemos enmarcar en dos presupuestos básicos: el pluralismo de sistemas en la educación y la dimensión antropológica en el estudio de la educación.

1. Los nuevos «sistemas» de la educación o el resultado de una «crisis de la educación»

En el año 1972 se publicaba en El Correo de la Unesco una célebre encuesta promovida por este organismo internacional cuyos resultados fueron sorprendentes no sólo cualitativa sino cualitativamente. En síntesis se decía que los alumnos europeos «hallan el 80% de sus informaciones en la vida corriente y sólo el 20% en la escuela. De este 20% de informaciones recogidas en la escuela sólo un 5% son útiles».

Esta situación provocó no sólo sobresalto sino que motivó diversas opiniones y alternativas ante una situación escolar que se mostraban insatisfactoria y en crisis. Por una parte los teóricos de la desescolarización (P. Goodman, I. Illich, E. Reimer) clamaron por la «muerte de la escuela». La «enseñanza» escolar es considerada por ellos como lo contrario del «aprendizaje» e identificada con la «instrucción» que poco o nada tiene que ver con la «educación auténtica». La enseñanza escolar se presenta como mistificadora de los valores humanos para transformarlos en «objetos» jerarquizados (saberes programados y organizados curricularmente) y medidos (evaluación que segrega los «fracasados escolarmente» de los «promovidos» a nuevos grados). Para ellos la educación es un proceso de «recreación» y como tal «no mensurable» que permite construir críticamente la realidad personal y la realidad social para actuar eficazmente sobre ella e intentar transformarla.

Aun no estando de acuerdo con su destructora crítica sobre el sistema escolar, y con su opción alternativa de «redes de saber» que llevaría a un individualismo y a un privatismo educativo contrario al «derecho a la educación» para todos -expresado políticamente por Condorcet (1792) en su Informe a la Asamblea Legislativa de la revolución francesa- es

evidente que el sistema formal educativo como sistema nacional surgido a principios del siglo XIX de forma general, ha pretendido acaparar sobre sí todo el contexto de la formación.

En esta pretensión absoluta, unas veces de forma inconsciente y otras con mayores grados de intencionalidad, la escuela ha sido criticada por esta «separación de la vida», por su «academicismo», por su «aislamiento respecto de la sociedad». La pugna entre «escuela tradicional» y «escuela nueva» que se promueve a principios del siglo XX, muestra la intención de grandes pedagogos y educadores (Ferrière, Montessori, Dewey, Cousinet, Freinet, ...) por «salir» de la escuela, sin negarla por supuesto, para buscar en contacto con la naturaleza no sólo nuevos contenidos de enseñanza sino un nuevo estilo de hacer educación expresada en aquel célebre *aforismo* «la escuela no debe ser una preparación para la vida, sino la vida misma de los niños».

Críticas radicales como las de la desescolarización, intentos profundos de renovación de la escuela como los promovidos para amplia corriente de la denominada «Escuela Nueva» han engendrado a lo largo del presente siglo un sin fin de «condenas» y «expectativas» sobre el mundo de la escuela. Todo ello, a pesar de los diferentes enfoques (no directividad [Rogers], Pedagogía Institucional [Lobrot, Mendel, Oury...], educación liberadora [Freire]) y de análisis y prácticas pedagógicas diferentes (capitalistas, marxistas, libertarias, personalistas ...) ha permitido llevar a la confluencia de la no coincidencia ni equivalencia entre la educación y el sistema educativo escolar o formal.

La propia Unesco en ese mismo año (1972) publica dirigido por E. Faure su célebre Informe «Aprender a ser» proponiendo la idea de superación de las instituciones vigentes a través de una sociedad transformada en «ciudad educativa» donde se amplíe el concepto de educación en el espacio y el tiempo, sea coexistente con la totalidad de la comunicación y conlleve a la «desformalización» de las estructuras educativas».

En este contexto se hace cada vez más evidente que las escuelas «el sistema educativo formal», no pueden comprenderse fuera de los marcos socioculturales que justifican su existencia. La crisis de la escuela contemporánea se produce en el instante en que la educación «formal» se considera autosuficiente y deja de ser «formal» para caer en el *formalismo*.

Tal situación es la que promueve una visión más amplia de la educación y de las diversas funciones que le incumben en el desarrollo del individuo y de la sociedad. Como indica P. Coombs en su ya célebre y actualizada obra (1985) «La crisis de la educación», hasta principios de los años setenta a nivel popular se confundía educación con «escolarización». Será precisamente en esta década cuando se introducen más innovaciones que nunca. Surge así todo un análisis al mismo tiempo teórico y práctico que va a determinar que a partir de este momento se instaure tanto conceptual como operativamente y comience a presentarse y organizarse un plurisistemismo educativo: sistema formal», sistema «no formal» y sistema «informal».

En el marco de la evolución de los sistemas educativos es donde se inscribe y justifica precisamente la presente obra que ofrece al lector un actualizado y pormenorizado estudio conceptual y comparado de lo que ha supuesto la revisión y actualización del proceso educativo en nuestra sociedad actual.

2. La dimensión antropológica en el estudio de la educación

Si algo ha caracterizado la investigación antropológica en educación ha sido o su gran carácter de generalidad, de fundamentación, o el acopio de datos que, si bien interesantes no se han integrado y servido para promover acciones educativas renovadoras.

En consecuencia considerábamos que la relación interdisciplinar entre Antropología y Pedagogía debería servir y fomentar la posibilidad de interrelacionar fenómenos educativos y no directamente educativos. Entrelazar la acción propiamente escolar con la tradición popular, en la cual las fiestas tradicionales desempeñan un papel importante. Tal perspectiva debería presentarse en dos contextos específicos: a) en un marco específico territorial que permitiese interrelacionar la acción comunitaria con el territorio: b) recuperar y hacer educativa la dimensión cultural.

a) dinámica comunitaria y territorio

El territorio aparece en un primer momento como el marco físico de una comunidad dada pero es al mismo tiempo el ámbito de realizaciones tanto políticas, económicas como socioculturales. En este caso el espacio territorial viene configurado por una dimensión provincial establecida políticamente (Orense) pero que determina unos rasgos culturales y festivos propios y específicos. En este marco territorial de la provincia de Orense han calado de una forma especial una serie de tradiciones festivas que marcan de alguna forma el quehacer de la comunidad en momentos concretos del año: carnaval, los mayos y los magostos.

Estas fiestas aunque no exclusivas -piénsese en el renacimiento del carnaval en la mayoría de los pueblos y regiones de España- tienen sin embargo en el caso orensano una tradición y un sabor tan propio y ancestral que carnavales como los de Laza, Xinzo de Limia o Verín, entre otros, suponen una revitalización de las tradiciones y sentimientos más profundos del pueblo que los expresa a través de sus personajes (cigarróns, peliqueiros, pantallas ...) de sus comidas, de ritos y celebraciones con calendario propio según los días (domingo fareleiro, jueves de compadres, domingo oleiro o domingo corredoiro, jueves de comadres, domingo de antroido, lunes y martes de antroido, entierro del antroido / de la sardina).

Lo mismo sucede con la fiesta de los mayos. Como señala el autor «de la misma forma que con la muerte del 'meco' en Galicia, que consiste en la destrucción por el fuego de un muñeco de paja, se simbolizó el repudio y condena del frío y de las nieves, el agradecimiento y la alegría de la primavera encontraba su reflejo en la fiesta de los mayos». En esta fiesta donde el resurgir de la naturaleza se aúna con la expresión poética de las «coplas» -de las cuales se ha realizado toda una amplia recogida como un análisis crítico tras mucho trabajo de búsqueda e investigación- el pueblo entrelaza la dimensión naturalista con la de la crítica social al mismo tiempo que se fomenta la solidaridad.

Como expresa D. Antonio Fraguas y Fraguas, personaje ilustre y gran conocedor de estas tradiciones, entrevistado junto a otros expertos en este trabajo: «el carácter colectivo que adquieren estas fiestas crean sentimientos de amistad, sin la unión de todos vosotros no se podría haber hecho el mayo, los ensayos para luego cantar las coplas ... »

Por su parte la fiesta del magosto es la fiesta de la amistad en la que conviven las castañas, el vino y los chorizos. Es un rito de homenaje a los frutos de la tierra o en expresión del poeta Ramón Macía -pregonero en 1976 y de quien se presenta una síntesis de su brillante pregón-: «o magosto é unha tradición viva da terra, do pobo chea de poesía e a lus do seu fogo, quen teña os ollos ben abertos, ollará pasar cantos de nenos, ilusións de xoves e ternuras de vellos. Na súa música fúndense silenzos, verbas, espranzas, recordos, sentimentos, loitas e dolores. O magosto é como unha simbolía do outono ourensán».

Siendo la interdependencia entre el subsistema educativo y el sistema sociocultural total, era necesario no sólo retomar la dimensión antropológica de estas fiestas, recoger su historia, reconstruir sus vivencias sino tratar de insertar y promover su operatividad en un modelo de acción educativa que considerase esta dimensión antropológico-festiva propia del territorio y permitiese al mismo tiempo la recuperación y diseño de una acción cultural.

En el marco de estas dimensiones y pretensiones nació el presente trabajo en el que se une no sólo el estudio teórico y antropológico sino la práctica y el empeño más dinámico. Empeño que ha llevado a recoger, conservar ininidad de documentos sobre estas fiestas, principalmente los mayos, y a revitalizar su celebración participando de una forma entusiasta.

b) recuperación y diseño de una acción cultural

Lo característico precisamente del sistema cultural es la interacción entre los distintos elementos: entorno físico y geográfico, realidades materiales, espirituales o relativas a ideas y valores que existen y deberían ser defendidos y conservados; relaciones sociales que afectan a las personas, grupos y organizaciones entre sí; dimensiones comunicacionales.

Esta recuperación y diseño de una acción cultural exigen proyectos de intervención socioeducativa a tres niveles. A nivel de elementos infraestructurales condicionantes: es imposible la celebración de estas fiestas sin todos los «componentes» (naturales, gastronómicos, vestimenta ...) que dan contenido y significación esencial a las mismas. A nivel de instituciones sociales: todas las fiestas tienen una base eminentemente popular y ese debe ser su sello más firme para evitar cualquier decantación espúrea o manipulativa. Pero también resulta necesario el apoyo de las instituciones sociales para que ese carácter se dinamice y se haga extensivo a todos los grupos que conviven en la comunidad. A nivel de programas educativos que fomenten una acción educativa concebida como conocimiento de las tradiciones populares, como transformación dinámica de las mismas, realización creativa y participativa.

Por todo ello el estudio de las fiestas que aquí se presenta no es sólo un estudio histórico-antropológico de las mismas sino también en el contexto de la comunidad, de la escuela. Se trata con ello de entrelazar lo festivo con lo escolar-educativo a través de la opinión tanto de personalidades relevantes como de los propios maestros y alumnos. Las entrevistas,

cuestionarios y redacciones, permiten así ofrecer una panorámica amplia de las tradiciones festivas en la comunidad educativa.

Todo ello, exigiría algo más. No sólo un estudio y valoración descriptiva de lo festivo sino una propuesta normativa. Las fiestas no reciben un encuadre idóneo dentro del sistema educativo formal. Son con frecuencia olvidadas o tratadas como «acontecimiento externo» que se tiene en cuenta pero se «vive» fuera de la escuela. Tratar de conectar esta realidad humana en un proyecto que implicase la plurisistematicidad del sistema educativo (formal, no formal, informal) es tal vez una de las aportaciones más interesantes que se ofrece a través de una propuesta didáctica fundamentada en la globalización basada en la imperiosa necesidad de que la enseñanza debe articularse partiendo del entorno más próximo a los alumnos, de sus marcos vital y cultural mediante un planteamiento interdisciplinar. Estamos pues ante un proyecto abierto, una orientación que en cada situación debe reformularse y adaptarse *según las circunstancias*.

Por todo ello, sea bienvenida esta obra que ha tratado de rescatar todo un material etnográfico de las fiestas populares orensanas, que ha sabido estudiar su dimensión histórico-antropológica y sobre todo desarrollar un marco-propuesta para que la educación no se aleje de las tradiciones festivas que constituye un referente cultural importante de nuestra identidad e intercomunicación social.

Como comenta el propio D. José Filgueira Valverde, entrevistado en el presente trabajo: «No es que tengan una función educativa deliberada (estas fiestas), es que resultan educativas porque forman parte de lo que llamamos la formación humana. Tiene más importancia educativa que aprenderse la lista de los reyes Godos. Yo creo que tienen estas fiestas un gran valor formativo. Todos los tratadistas al hablar del tema y del juego, han puesto siempre de manifiesto la gran importancia que éstos tienen en la formación».

Desde esta perspectiva considero que nuevos trabajos deben seguir realizándose sobre todo por aquellos maestros que, como el autor de estas páginas, han tratado de interconectar su labor de enseñanza y formación con la realidad cultural. Este esfuerzo y dedicación, sistematizado en la presente obra, merece una grata acogida para seguir adelante en la transformación de nuestra realidad educativa.

AGUSTIN REQUEJO

Departamento de Teoría e Historia de la Educación.

Universidad de Santiago de Compostela.

¿POR QUE ESTE TEMA?

O longo de vinteún anos de exercicio da miña profesión como mestre, ensinei a rapaces comprendidos entre os nove anos (Terceiro grao preparatorio) e os catorce anos (Octavo Curso de E.X.B.) e puiden comprobar fundamentalmente dúas cousas:

a) Unha resposta pouco satisfactoria dos alumnos ás esixencias dos programas educativos.

b) A escasísima contemplación nos Curricula, de elementos tan importantes educativamente, como son as festas tradicionais da localidade.

No referente, ó primeiro punto, constatee e así o reflexei no meu traballo de investigación, a través de 400 enquisas a escolares de distintos colexios privados e públicos, de alto nivel cultural-económico-social e de zonas de clase obreira, que existe moi pouca vinculación entre o contado dos programas oficiais e os intereses básicos dos alumnos.

Mentres ós nosos alumnos preocúpanlles aqueles temas de actualidade, que están no seo da sociedade que lle tocou vivir e que de algunha maneira lles están afectando directamente ou indirectamente, como é o caso do paro, da droga, da violencia, da marxinação social... nos textos escolares o contido dos cales foi analísado e que foron tomados daquelas editoriais máis en uso, non atopámo-las respostas a estes problemas plantexados, o que nos fai supor realmente que éstos, están máis pensados en dar resposta a uns programas nos que non se contempla a realidade social do alumno, que en dar solucións ós seus problemas.

Esto mesmo corrobórase en (GAIRIN J. E OUTROS: *Festas Populares na Escola*. Editorial Humanitas, Madrid, 1983, páxina 9).

«Durante moitos anos, a escola estivo aislada do seu contexto. A consideración daquela como unha fábrica onde os alumnos moidéanse segundo o esquema e necesidades adultas supuxo, entre outras cousas, unha progresiva ampliación dos coñecementos a asimilar, o seu alonxamento dos intereses do neno e a consideración do éxito segundo o criterio da maior memorización de conceptos, co desprezo doutros factores que tamén configuran a persoa humana».

Referente ó segundo aspecto ou non contemplación nos citados programas, de situacións educativas tan interesantes como as festas populares-tradicionais da localidade, privan ó alumno duns acontecementos de valor educativo de primeiro orde porque posúen o elemento

fundamental que é a motivación.

Como dicía, o feito de estar ó fronte duns alumnos durante tantos anos (de 1965 a 1986), foi enriquecendo día a día o cúmulo de experiencias vividas con eles en épocas distintas, o que dalgunha maneira, dá unha dimensión bastante real do comportamento dos rapaces e das súas preferencias nuns contextos sociais diferentes. É evidente que a sociedade de 1965 non tiña as mesmas pautas de comportamento ca de 1975 e esta, ca de 1986.

Todas estas experiencias foron positivas, unhas agradables e outras menos agradables, pero todas elas enriquecedoras. Non menciono as desagradables porque aínda que sempre existen, xenéranse por causas alleas ó educando e son froito do desenrolo de toda actividade e a docente non podía ser menos.

Ó principio, dendeo ano 1965 ó 1975 aproximadamente, cando se aproximaban certas datas, coincidentes con celebracións locais, as preguntas: «¿Profe, porque non facemos un maio?». «¿Profe, por que non nos enfeitamos e Vd. tamén?». «¿Profe, por que non facemos un magosto?», e sempre foron quedando sen resposta. Foron dez anos, que os privei da satisfacción de participar, de crear algo. Eu descoñecía o que para eles significaba e por outra parte, como todo aquilo, non estaba contemplado nos meus programas oficiais de Sociais, e tampouco vía iniciativas que o propiciaran por parte da dirección do colexio, non me atrevía da-lo primeiro paso, pero pouco a pouco , a motivación e o interés por aquilo que me pedían os meus alumnos, ían medrando e decidínme.

Comprendera, que a actividade da aula debía proxectarse cara á sociedade, participando naqueles acontecementos festivos de interés e facendo non só en sentido lúdico senón tamén instructivo aproveitando un centro de interés que se brindaba e unha fonte de contidos que convenientemente utilizados ían favorecer unha mellor integración social ademais de contribuir á propia festa, posto que estas se enriquecen coas aportacións culturais que o home vai creando.

As festas populares son actividades participativas que favorecen as actividades en grupo coa correspondente diminución das actividades de clase (máis teóricas e memorísticas) sen que por iso se vexa mermada a eficacia do labor educativo.

Desde 1975 a 1986, participamos en todas estas festas chegando a movilizarse en cada unha delas, aproximadamente, entre catrocentos e cincocentos alumnos, porque a elaboración do monumento «maio», require un numeroso grupo que vaia ó monte e recolla o musgo adecuado, outro grupo fará o mesmo coa madeira, outras farán a carpintería, outros o cosido laborioso do musgo á arpilleira que recubre a armazón de madeira, outros traballarán na letra das coplas e outros cantaranas. Son moitas as tarefas dendeun mes antes da festa, ata o día da mesma.

O mesmo poderíamos dicir sobre o Entroido e sobre o Magosto, que requiren unha participación masiva dos alumnos para a súa boa organización.

Baseándose en que lles interesaba ós alumnos e que ademais rompía a monotonía e a descontextualización dos programas, e ó mesmo tempo en torno ás mesmas poderíanse organizar todo tipo de actividades educativas, tentei saca-lo máximo rendemento a ditas festas e como dicía anteriormente a miña valoración ó longo de once anos, de participación ininterrumpida, non pode ser máis favorable.

Tendo en conta o dito anteriormente e convencido da necesidade de demostrado valor educativo destas festas presentámo-lo desenrolo deste traballo de investigación considerando os seguintes aspectos:

- a) Ubicación ou encadre das festas populares tradicionais no sistema educativo.*
- b) A súa incidencia e consideración dende o marco social e educativo.*

Considerando, que estas actividades festivas non están o suficientemente contempladas nos programas educativos do sistema formal e que poden encadrarse perfectamente no sistema informal, cremos conveniente facer un estudio de cada un dos tres sistemas, analizando as súas características fundamentais e os seus rasgos de diferenciación para poder establecer no posible os aspectos comúns ós tres e tamén aqueles que determinan que un feito educativo pode encadrarse nun ou noutro sistema, aínda considerando a dificultade existente cando se pretende delimitar ata onde chega un e onde empeza outro; posto que, un feito ou situación educativa pode presentar ó mesmo tempo rasgos ou características de formalidade, non formalidade e informalidade.

Adicamos, unha maior atención o sistema informal e ós distintos tipos ou definicións de educación que engloba dito sistema, por considerar que o noso tema central se entronca perfectamente no mesmo, se ben contemplase aínda que insuficientemente dendeo sistema formal a través dos programas e normativa legal do Ministerio e da Xunta de Galicia a través dos Programas Renovados para Galicia.

Que as festas populares-tradicionais pertencen ó acervo cultural dos pobos, está fora de toda dúbida, como o está tamén o seu enraizamento popular e o enorme valor que teñen, como elementos de transmisión da cultura dos nosos antepasados.

Por esta razón, consideramos conveniente facer un estudio histórico e antropolóxico dos mesmos dendea perspectiva que ofrecen o trinomio educación-cultura e tradición dentro do marco social no que ten lugar a celebración dos mesmos.

Desde esta perspectiva histórico-antropolóxica, intentamos facer unha descrición xeral destas festas cos seus elementos inherentes tales como: orixes das mesmas, variacións ou matices que unha mesma festa presenta segundo o lugar xeográfico no que se celebra, nivel de participación, raizame ou implantación, etc...

A nivel particular, estudiamos estas festas no marco concreto en que se circunscriben á cidade de Ourense para as festas dos Maíos e o San Martiño (Magostos), no período que abarca os últimos 50 anos, valéndonos para iso dos arquivos da prensa local, da Biblioteca Provincial, da Biblioteca da Diputación e dos artigos sobre o tema, así como entrevistas que fixemos a relevantes personalidades do mundo da cultura popular entre as que poderíamos destacar a Filgueira Valverde, Fraguas e Fraguas, Lorenzo Fdez., Clodio González López e outros moitos.

O estudio destes cincuenta anos de historia dos Maíos e o San Martiño de Ourense, adxúntase no anexo.

Consideramos oportuno matizar, que no referente ás festas dos Maíos centrámonos

únicamente na cidade de Ourense, por ser auténticamente representativa na súa celebración, pois aínda que tamén se celebran nas vilas de Verín, O Carballlño, O Barco de Valdeorras e Celanova non posúen a entidade suficiente como se desprende de que soamente participen tres ou catro maíos, dos que algún é trasladado dende a Capital co único obxectivo de conseguir algún premio en metálico.

Sen embargo no referente ó Entroido, ademais da Capital, centrámoslo noso traballo nas vilas de Verín, Xinzo da Limia e Laza, por ter esa festa unha grande implantación social e un elevado nivel de participación popular.

Desde o plano educativo, analizamos estas festas, tendo en conta aspectos como:

- *entorno no que se desenvolve o educando*
- *grupo social ó que pertence*
- *valoración que das mesmas fan os alumnos*
- *valoración que fan os mestres*
- *contemplación legal das mesmas*
- *tratamento que se fai dende os textos escolares.*

As directrices da pedagogía moderna apuntarán na dirección do entorno como fonte de inacabables recursos, que é preciso ter presente en todo momento no proceso educativo. Recursos, que poden ser utilizados como eixes globalizadores arredor dos cales se poden artellar Unidades e Bloques Temáticos capaces de despertar o interese e a motivación nos alumnos, orixinada fundamentalmente pola participación nas mesmas.

Pasamos un cuestionario a máis de cen mestres e recollemos máis de mil cincocentas redaccións de alumnos, que logo sometemos a análise de contido co fin de ter unha idea exacta do que dende istos dous estamentos, alumnos e mestres, se pensa sobre as citadas festas.

Os mestres, como profesionais do ensino, consideran que é moi importante a participación dos escolares nestas celebracións ó mesmo tempo, que recoñecen, que esta participación deba ser moito maior se se ten en conta o grande valor formativo das mesmas, destacando como elementos básicos a participación, o traballo en equipo, a creatividade, a motivación, a integración social do alumno, etc. Este aspecto da incardinación do neno na vida social, isto é, en todo-los acontecementos culturais da localidade, é importantísimo posto que a educación ten que tender fundamentalmente a prepara-lo mellor posible ós novos para a súa integración social.

Pola súa parte, os alumnos manifestan grande interese por estas celebracións nas que conviven máis cos seus compañeiros e nas que as relacións son máis espontáneas e libres e ademais desprovistas do dirixismo propio das aulas. Nestas, o alumno ó asumir competencias e participar activamente, síntese autor e elemento importante, o que resulta de grande valor se se aproveita adecuadamente.

Dende o plano legal, contéplanse estas celebracións e a nivel de Galicia especifícanse máis nos Programas Renovados e na área de Ciencias Sociais. Sen embargo, e como os

mestres recoñecen, préstaselles menos atención da que seiría desexable. Existe polo tanto, certa desvinculación entre o currículo escolar e os intereses dos alumnos que dimanan do seu entorno social e xeográfico.

Constatando as opinións das xa citadas personalidades do mundo da cultura popular, dos alumnos, dos mestres e os estudos realizados no tocantes a influencia do entorno e do grupo social no proceso educativo e viceversa, puidemos elabora-las conclusións deste traballo nas que intentamos demostrarlo valor que estas celebracións de carácter festivo teñen no proceso educativo.

PRIMEIRA PARTE

SISTEMAS EDUCATIVOS, REALIDADE SOCIAL E FESTAS TRADICIONAIS

I. EVOLUCION DOS SISTEMAS EDUCATIVOS

«O sereno e diáfano, perfectamente comprendido, dominado e planificado mundo académico, entrou en ebulición, dendedentro e dende fóra. A nivel interno o desfaseamento entre a teoría científica e a praxes educativa, polo abismal, tornouse insostenible. Os métodos didácticos, o tipo de relacións humanas dentro dos centros de ensino, a monótona rutina da grande masa de ensinantes, a fosilización das estruturas administrativas dos organismos do estado «ó servizo» da educación nacional, os sistemas de inspección e xestión dos centros ofrecen fáciles costas á severa crítica do cidadán especializado en sentido común» (1).

«Do mesmo xeito que un adulto non pode usar xa os traxes que leva na nenez, un sistema educativo non pode oporse con éxito á imperiosa necesidade de cambio cando todo ó seu arredor está cambiando» (2).

Remata a Segunda Guerra Mundial, coa presenza en Europa das grandes potencias mundiais como EE.UU. e co nacemento de novas nacionalidades, dase un cambio importante na mentalidade e forma de pensar das nacións que intentan o seu rexurdimento ó sacudir-lo xugo da dominación estranxeira e tamén naqueles outros que intentan dar ós seus sistemas educativos un aire máis democratizador. Este cambio prodúcese de maneira ostensible no campo da educación e a mediados da década dos sesenta son varios os países nos que se duplicarán os sistemas de educación e como consecuencia diso tamén as inversións na educación. Resultaba entón que a panacea de tódolos males que aqueixaban a un país eran a educación e nada máis alonxado da realidade, como se demostrou no ano 1967 na Conferencia de Williansburg (Virxinia) onde se evaluou a situación da educación mundial nese momento.

O documento que serviu de base de disensión foi a citada obra de Coombs e nela púñanse de manifesto dúas cousas moi distintas: por unha parte, os esforzos que as administracións de tódolos países fixeran a nivel económico, para elevar o nivel de coñecementos dos cidadáns aínda a costa de fortes inversións; e por outra a crise que se desencadenara na maioría dos sistemas educativos, mostrada fundamentalmente porque unha vez rematada a

contenda da Segunda Guerra Mundial os cambios experimentados polas sociedades, son moi importantes.

A ciencia e a tecnoloxía alcanzaran cotas de desenvolvemento impensable dez anos antes pero que as necesidades da guerra producirán vertixinosamente. Frente a istos cambios a sociedade xa non atopa nos seus sistemas educativos as respostas educativas que tal evolución precisa e o desfase prodúcese porque os sistemas educativos quédanse obsoletos e ineficaces.

As causas dos desfases segundo o informe concentrábanse en catro (3).

«Primeiro, o forte incremento das aspiracións populares en materia educativa; segundo, a grave escasez de recursos; terceiro, a inercia inherente ós sistemas de educación, que orixinou unha adaptación demasiado lenta, do seu réxime interno ás novas necesidades externas, aínda cando os recursos non constitúen o principal obstáculo para esta adaptación e cuarto, a inercia da sociedade mesma».

Era evidente, que para dar saída á crise plantexada, había que aunar os esforzos de todas aquelas persoas e entidades que tivesen algo que ver no proceso educativo: mestres, institucións e sociedade, entendendo por sociedade, non a propia de cada país en cuestión, senón a sociedade en xeral. A saída desa crise pasaba por unha forte inversión económica para a adquisición de elementos fundamentais da tarefa educativa, formación de profesorado máis eficiente e actualizado, construcións de novos edificios destinados a centros de formación, maior inversión en material e investigación e en definitiva, poñer os sistemas en condicións óptimas de ser válidos ás súas sociedades respectivas.

Daquí xurde un problema importante, derivado da implantación en determinados países, de sistemas educativos, importados do estranxeiro que por non estar axustados ás necesidades da vida e medios económicos do país de instalación, en ningún caso deron os resultados apetecibles ou que puideran esperarse do mesmo.

Esa situación de crise evolucionou favorablemente superando as previsións que se tiñan a principios dos anos cincuenta.

«Os sistemas educativos actuais e dos próximos anos terán que afrontar múltiples cambios tanto nos países desenvolvidos como nos países en vías de desenvolvemento. Por unha parte, é esencial ó home de hoxe un certo grao de preparación cultural, por outra, a sociedade industrial, día a día, o abano de novas profesións e o individuo que quere integrarse nela, precisa dun mínimo de cualificación profesional» (4).

No entorno educativo produxéronse recentemente unha serie de cambios:

- Económicos.
- Políticos.
- Demográficos.

Prodúcese nos anos 70 un cambio importante respecto a décadas anteriores. En función do auxe experimentado pola educación pásase dunha situación na que falla man de obra

cualificada a unha situación de excedente en canto a persoas debidamente acreditadas pola súa titulación.

Este é tal vez o primeiro momento de anguria que teñen que vivi-los estudantes, ó comprobar que se esforzan en estudar e titularse para non atopar postos de traballo para todos. Este problema foi aumentando, alcanzando na actualidade o punto máis crítico. Esta problemática en principio semella suavizarse porque dende aqueles países desenrolados e economicamente poderosos reclámase a aqueles que destacan sobre os demais e que poden aporta-los seus coñecementos para favorece-lo progreso, pero esta situación pouco a pouco vai cambiando e a posibilidade de saír cara a outros países é cada vez menor.

No ano 1973, a inflación en Europa é considerable e ven determinada polo aumento dos prezos do petróleo que fan aumentar excesivamente á débeda exterior e por conseguinte repercute nos presupostos públicos que teñen que asumir e redistribuir esas débedas tocando a menos na cuantía que viñan destinando. Isto repercute ostensiblemente nos sistemas de educación agravando a crise xa iniciada.

Segundo afirma COOMBS (5):

«O factor de maior incidencia a longo prazo na educación e o emprego constituírono as tecnoloxías avanzadas e as cambiantes estruturas económicas tanto nos países desenrolados como nos países en vías de desenvolto. Nos países desenrolados o compoñente industrial de P. I. B., o vigoroso crecemento do cal fora anteriormente o motivo fundamental de todo o crecemento económico nacional, estancouse nos anos 70 mentres que o sector de servizos experimentou un crecemento sen precedentes .Isto incrementou a segmentación do mercado laboral entre un número limitado de postos de traballo na industria, calificados de alta tecnoloxía e ben remunerados, que esixían unha super-especialización, e a oferta crecente de postos de traballo pouco cualificados mal remunerados en áreas de servizos en expansión».

Outro factor importante e que debe ser tido en conta foi o cambio demográfico que se experimenta entre os anos 1970 e 1980 nos países en vías de desenvolto.

O factor explosión demográfica ou non se tivera en conta na súa verdadeira medida ou se desestimara, pero o certo é que despois da II Guerra Mundial xurden problemas para os sistemas educativos que poden facer fronte ás taxas da escolarización ante o aumento constante da poboación estudiantil.

Nos países desenrolados, ocurría o contrario. Descende considerablemente a taxa de nacementos e por conseguinte redúcese a escolaridade, o que permite, que os sistemas educativos poidan atender máis a aspectos cuantitativos. O ser menor o número de escolares a atender, permite coa mesma inversión económica unha maior inversión para mellorar en calidade a educación que se lle imparte.

A II Guerra Mundial, deixara profundas pegadas e mediante a implantación do Plan Marshall, a recuperación económica e industrial foi máis rápida do que en principio se prevía. Isto fixo concebi-la idea xeneralizada, de que unha especie de novo Marshall, podía resolve-lo problema que tiñan plantexados os países en vías de desenvolto. Entendeuse erróneamente que

a solución sería transferir-la tecnoloxía moderna e medios económicos ós países subdesenvolados de Asia, África e América Latina. Os resultados non foron os esperados, porque basicamente o problema non era o abastecemento de tecnoloxía e cartos a istos pobos, era un problema de base, de formación e preparación. Mentres a axuda económica e tecnolóxica a países como Xapón, por exemplo, foi decisiva, responden superando incluso as expectativas, nos demais antes citados ocorreu así. A razón evidentemente era sinxela: Xapón quedara desolada e o mesmo Alemaña, pero posuían a formación base e infraestrutura suficiente para relanzar a súa economía da axuda prestada. Os países en vías de desenvolvemento, carecían de infraestrutura e experiencia administrativa e industrial e o rendemento das inversións non podía dá-los resultados esperados.

Prevíase, que ó potencia-lo desenvolvemento das cidades este dinamismo se ía estender ó medio rural que era onde se ocupaba a maior parte da poboación activa e a produción agrícola incrementaríase considerablemente ata abastecer ás grandes urbes. Deste xeito iríase potenciando a igualdade entre a sociedade urbana e a sociedade rural.

Tales cambios, esixían non só a axuda económica senón tamén a tecnolóxica e fundamentalmente a de man de obra cualificada. A solución pasaba irremediabilmente pola formación de persoal e é o momento no que se toma a decisión de importar sistemas educativos doutros países, así como novos modelos de adestramento e formación profesional.

Os economistas consideran que invertir en educación é altamente rentable e apoian o aumento dos presupostos destinados á educación, cousa que os educadores e responsables do departamento de educación ven en principio con bos ollos, aínda que censuran despois, ó considerar que se estaba tomando á educación dendeun plano excesivamente materialista. Os resultados destas medidas encaminadas a potencia-la educación dan como resultado en principio o crecemento do P.I.B., en moitos destes países, o que semellaba a táboa de salvación, pero a realidade é diferente. Se en principio a planificación se fixera coa idea de que o crecemento das cidades fose extensivo ó medio rural e este se potenciase, non ocorreu así e anque o xa mencionado P.I.B., aumentara o desfase entre medio urbano e medio rural alcanzara niveis alarmantes mentres as cidades posuían boas escolas e alto nivel de emprego, o medio rural tiña escolas en malas condicións e en número insuficiente, ademais de poucos postos de traballo.

Mentres as cidades alcanzaban un aceptable nivel de desenvolvemento, o medio rural, empobrecíase cada vez máis. Mentres aumentaba a mortalidade infantil, tamén aumentaba o crecemento da poboación rural co conseguinte trasbase ás cidades.

No medio rural, soamente o 10 % do alumnado é capaz de completa-los estudos primarios por dúas causas fundamentais: primeira: os pais precisan dos seus fillos nas duras labores do campo e non os envían asiduamente á escola. Segunda: os programas educativos non están pensados para este tipo de educación. Son altamente académicos e non contemplan as perspectivas e necesidades dos novos do medio rural. Son programas pensados para sociedades diferentes, asentados en países diferentes e cunha idiosincrasia diferente, que non se poden adaptar dunha maneira eficaz a estas novas sociedades e que se ven nas cidades por estar máis industrializadas e cun entorno máis favorecedor da función educativa: maior nivel social, maior acceso a libros e bibliotecas, maior nivel de saúde, mellor nivel de alimentación,

mellor profesorado e instalacións puido cumprir unha función, no medio rural con tódalas dificultades expostas, non deu resultado positivo se ben, fixo despertar naqueles rapaces especialmente dotados unha forte tendencia a saír do seu medio rural para incorporarse ó medio urbano. Quedou demostrado, que os sistemas educativos importados eran eficaces no ambiente urbano, pero desequilibraban moito a balanza da igualdade para o medio rural.

«A revolución industrial, a medida que alcanza un maior número de países, esixe unha expansión da educación e leva consigo a aparición do concepto de instrucción universal e obligatoria. A orde social, ou os antagonismos de clase, lonxe de debilitarse polarízanse e agudízanse atentos a manter este proceso de democratización do saber dentro dos límites estreitos: unha cousa é tratar de ensina-los rudimentos ós nenos dos pobos e cidades para asegurar á industria unha man de obra á medida das súas necesidades, e outra cousa sería o abrir ó pobo as vías de ensinanza clásica e universitaria que segue sendo o feudo dos privilexios do berce ou da fortuna» (6).

Este fracaso obrigou a unha revisión dos sistemas educativos e á súa aplicación en determinados países e chégase á conclusión de que é conveniente diseñar sistemas educativos orientados á persoa e ás funcións que ten que desempeñar na sociedade. Era este o primeiro paso que se daba hacia un sistema educativo adecuado a cada sociedade. Un sistema educativo no que se contemplaban as realidades propias de cada nación coas súas limitacións económicas e culturais e coa idiosincrasia particular de cada unha.

«Todo sistema escolar leva a marca da sociedade que o produciu e está organizado segundo a concepción da vida social, das engranaxes da vida económica, das relacións sociais, que anima esa sociedade» (7).

Se tomara conciencia da necesidade de eleva-lo nivel de vida non só das persoas que vivían nas cidades senon tamén no medio rural. Fracasara a estratexia de que mellorando os núcleos urbanos, esta mellora irradiaría ó rural. Nada máis erróneo como quedou demostrado e o plantexamento agora é oposto, tómese conciencia de que o desenrolo económico e o desenrolo social teñen que ir moi unidos e para iso é fundamental potencia-lo desenrolo rural como punto de avance dunha transformación económica e social. Imponse un desenrolo rural integrado na comunidade.

Este desenrolo rural a necesidade do cal era admitida en todo o mundo subdesenrolado, tiña que empezar no seo do educativo. Foi nos anos 70 cando se plantexa a necesidade de cambiar e introducir innovacións nos sistemas educativos posto que quedara demostrada a ineficacia dos «importados». Naquel momento e ante a comprensión de tan imperiosa necesidade, por parte non só dos gobernos senón tamén dos educadores, admítese de bo grao o cambio. Era o momento oportuno. Todo cambio implica dalgún xeito que o existente non funciona e isto podería supor dunha maneira velada certa culpabilidade por parte dos educadores, ocasionando o rechazo por parte destes ó mencionado cambio. Era de temer tal rechazo pero afortunadamente e por iso fago referencia ó oportuno, foi ben recibido e

asumido polos que en última instancia tiñan que pór en práctica os novos sistemas.

Se se quería atender ás necesidades da poboación rural e potenciar máis as do medio urbano, era preciso plantexarse unha nova concepción da educación. Unha definición da mesma na que esta non se identificase con escolarización; impúñase ampliar esta definición e salvar en principio o obstáculo de que só as escolas fosen as encargadas de educar.

Era preciso cubrir todo o espacio que quedaba dendeque remataba a idade escolar legalmente fixada pola escola como institución, ata a idade adulta para aqueles que tiveran a sorte de poder asistir á mesma e para os nenos afortunados que desgraciadamente eran a maioría e non puideran asistir nos seus anos novos; o espacio a cubrir era algo impensable cando chegaban á idade adulta sen os coñecementos elementais. Esta ampliación do concepto educación xa non era equivalente á escolarización senón á aprendizaxe e proceso que dura dendeque se nace ata a morte.

Ó considera-la educación como medio de aprendizaxe en todo momento e en calquer lugar, ábreanse campos de novas posibilidades para grupos sociais determinados que por causas de moi variada índole non puideran satisfacer as súas necesidades mínimas de recibir educación e ó mesmo tempo refórzanse as posibilidades de educación organizada institucionalmente nun momento de constantes cambios na evolución económica e social dos países.

«Este fenómeno, de orde á vez económico, social e psicológico, explícase polo feito de que a aceleración da evolución e das transformacións estruturais tenden a acentuar a separación que existe normalmente entre estruturas, dunha parte e superestructuras de infraestructuras, doutra. Amósanos con que facilidade poden atoparse desfasados os sistemas educativos. Un sistema construído para unha minoría, nun tempo en que o saber se transformaba lentamente e un home podía sen pretensión excesiva, crer aprender nalgúns anos todo o saber necesario para a súa vida intelectual e científica, un sistema así convertírase pronto en anacrónico cando se aplique ás masas, cando o volume de coñecemento medre a ritmo acelerado e nunha época tumultuosa».

«Así explicase a necesidade que se vén sentindo dendeo comezo deste século, e máis particularmente dende final da guerra, de esixir á educación que se adapte máis por unha parte, ás necesidades da sociedade, en especial ás esixencias económicas, e por outra parte, ós desexos e ás aptitudes dos ensinantes ó mesmo tempo que se realizan en materia de instrución as condicións dunha maior igualdade de oportunidades» (8).

A modo de resume do exposto e concretando máis, entre as causas que determinaron a necesidade de implantar outros sistemas educativos tanto no formal como no informal, poderíamos enumerar, segundo BREMBECK S. C. (9).

1. Disminución de recursos e aumento da poboación en idade escolar.

O feito de invertir máis cartos en educación ou potencia-los sistemas formais non implica un nivel educativo acorde coa inversión realizada polas causas seguintes:

- a) *Crecemento demográfico.*
- b) *Custos que se incrementan cada ano.*
- c) *Disminución de recursos económicos.*

O resultado é o aumento do número de nenos en idade escolar que non reciben educación.

2. *Necesidade de introducir innovacións educativas.*

Os sistemas de educación formal institucionalizada, non crean programas en entornos educativos novos.

É necesaria a intervención doutros sistemas de educación non formais, que sexan capaces de resolver necesidades específicas e que son subvencionados por organizacións alleas á Institución coa particularidade de que nacen para un fin determinado e a súa única función é resolver e desaparecer para dar paso a uns xoves, para novas situacións. É precisamente esta cualidade a que lle confire o espírito innovador do que carecen os sistemas formais.

3. *Igualdade.*

A educación formal (sempre segundo BREMBECK) tende a negar oportunidades de ascenso social a quen se lle negan as oportunidades educativas. A educación formal é a que dá acceso ás posicións de privilexio e obviamente os que non poden participar dela, quedan excluídos dos seus beneficios o que equivale a dicir que o sistema da educación formal favorece a desigualdade social.

«O acceso a tódolos establecementos da educación non ha de estar supeditado polo sexo, o diñeiro ou a clase social. Este principio é positivo: proporciónase unha axuda particular ós que sofren unha desvantaxe a causa da súa pobreza, o seu lugar de residencia ou a súa modesta orixe, e isto a tódolos niveis e para tódalas formas de ensinanza. Este principio acéptase e aplícase tanto por desexo de xustiza social como por eficacia económica» (10).

«O mecanismo esencial xenerador de desigualdades ante a ensinanza resulta do encontro dos sistemas de estratificación con relación ás idades dos alumnos e ós graos de coñecemento que alcanzan definindo niveis por referencia a normas» (11).

E precisa unha alternativa. Un sistema que facilite a aprendizaxe en todo tempo e en

calquer lugar de todos aqueles que por determinadas causas ou razóns non puideron ou non poden acceder ó sistema formal. Esta alternativa podería se-la educación non formal.

Existe outra razón que xustifica a necesidade da educación non formal.

Os presupostos destinados á educación, representan unha enorme inversión por parte do estado, e é preciso darlle rentabilidade pero ocorre que por razóns de ocupación -caso dos nenos ubicados no medio rural- ou doutra índole como é o fracaso escolar ou a escasez de medios económicos, un elevado número de nenos deixan os seus estudos e quedan desconectados do sistema escolar formal sen que este poida brindarlle outras saídas, que farían posible que isos alumnos puidesen capitaliza-los coñecementos xa adquiridos. Cos sistemas non formais poderíase deseñar unha serie de programas ou actividades coas que poderían enlazar istos rapaces e non se perdería a inversión realizada, senón todo o contrario, aproveitaríase ó máximo dendeo momento en que poderían adquirir unha formación ou capacitación para o seu futuro en vez de quedar relegados á ignorancia.

Outro dos problemas que plantexa a educación formal como institución é a facultade de dar títulos a todos aqueles que cubriron os seus cursos e superaron os correspondentes exames. Este título, diploma ou certificado habilita ó seu posuidor, para poder exercer tal especialidade no seo da sociedade, pero como se dá a circunstancia de que os programas son máis teóricos ca prácticos pode ocorrer e de feito ocorre, que o posuidor dese título non está o suficientemente capacitado para tal exercicio o que evidentemente supón un fracaso.

O sistema non formal podería outorgar determinadas titulacións en base ó modo de desempeñar determinadas funcións, o que equivalería a garantir, que o titulado posuía a suficiente madurez e preparación en dito cometido.

Isto pode ser contrastado cos universitarios que saen das súas respectivas universidades coa correspondente titulación e que na práctica demostran non estar preparados e ten que ser a través do exercicio diario da profesión e da súa continuidade no estudio dos casos que se lle van presentando, como día a día se van formando.

O terceiro sistema educativo ou educación informal responde á definición de COOMBS e M. AHMED (12).

«Un proceso que dura toda a vida e no que as persoas adquieren e acumulan coñecementos, habilidades, aptitudes na súa relación co medio ambiente: isto é na casa, no traballo, divertíndose; co exemplo e as actitudes das súas familias e amigos; mediante as viaxes, a lectura de periódicos e libros ou vendo a televisión e o cine. En xeral, a educación informal carece de organización e frecuentemente de sistema».

Xustificada a necesidade de novos sistemas educativos dende os que se poida atender á problemática que presentan os grupos sociais, motivada polas causas anteriormente citadas, pasamos seguidamente a estudar cada un deles:

- *Formal.*

- *Non formal.*

- *Informal*.

A través das distintas definicións das mesmas e das súas características, poderemos determinar que parcelas do campo educativo poden ser atendidas dende cada un deles.

1.1 A Educación formal

A educación formal como feito intencional, consciente, formativo e sistemático:

«E o proceso de adquisición e o conxunto de competencias, destrezas e actitudes educativas adquiridas con estímulos directamente educativos en actividades confirmadas polo sistema escolar» (13).

Este sistema escolar ou sistema educativo formal, estrutúrase en forma de escola como institución xerarquizada que posibilita a aprendizaxe a través da relación profesor-alumno. Esta primeira relación profesor-alumno, ten lugar nas asociacións gremiais nas que uns artesáns asumindo o papel de mestres ensiñaban oficios a uns xoves que se convertían en alumnos.

«As escolas convertíronse en institucións de aprendizaxe, a docencia en profesión e a aprendizaxe nun obxectivo establecido, que os xoves debían tratar de alcanzar. Así dende o punto de vista cultural, as escolas apartáronse da dirección fundamental do traballo e a acción» (14).

A educación recibida por medio da escola formal, é excesivamente académica e desconectada da realidade viva do alumno, que sofre dendeo punto de vista psicolóxico, un desencanto constante ó comprobar que a formación que recibe é pura aprendizaxe e que non cumpre a súa función ó preparar para a vida a dimensión desexable, que sería para o educando o que ésta, a través da educación como formación integral, lle brindase a oportunidade para desenrolar e ampliar os seus intereses de tal xeito que lle permitisen desempeñar un papel máis eficaz na sociedade, o que equivale a un proceso de comprensión do mundo e unha adquisición da confianza precisa para explora-los seus mecanismos.

PETER BUCKMAN (15), ó referirse á educación que se recibe nas escolas, di:

«Educación non equivale a escolaridade, escolas que se atopan condicionadas por programas, exames, graos e certificacións, escolas que confían na obrigabilidade da asistencia, escolas que adican máis esforzos ó seu papel custodiador que ó seu papel educativo, escolas, que teñen a licenza do Estado para controlar un monopolio de coñecementos certificables. Todas estas institucións impiden ó alumno coñece-los

mecanismos da sociedade para permitirlle emprendela e cambiala».

Pódese ver con claridade, a intención demoledora e extremista do ilichista P. Buckman na cita textual e observar ó mesmo tempo a reincidencia en Brembeck acerca da educación institucionalizada cando se refire á falla de coñecementos da sociedade na que vive.

Tamén se refire BUCKMAN, ó poder que o sistema formal asume para dar títulos e que no punto anterior a este capítulo analisáramos e encuadráramos como actividade non formal, cuestionándose lóxicamente a validez dos citados títulos, non dende o plano legal, que posúen todos, senón dende o plano da capacitación. No tocante a isto afirman os defensores da «desescolarización» que a escola posúe algunhas chaves para franquear un futuro mellor gracias a que non ten o monopolio da distribución do «coñecemento» a través de títulos que á súa vez, serán os que abran os postos ós menores empregos e cargos na sociedade.

No preámbulo “de aprender a ser “(16), di:

«Pero velaí que algunhas persoas propoñen, a miúdo partindo dos mesmos principios , conclusións moito máis radicais. Porque o sistema educativo está a miúdo vello e esclerótico, propóñense abolilo en vez de reformaio. Tal opinión presentada xeralmente como progresiva ou incluso como revolucionaria, conducila, se fora adoptada con carácter xeral, a efectos indubidablemente máis regresivos.

Tanto no presente como no porvir, a escola, é dicir, todo organismo concebido para dispensar unha ensinanza metódica á xeneración que comeza a súa vida, é e será o factor decisivo para a formación dun home apto para contribuír ó desenrolo da sociedade... ».

Esta cita da comisión Faure, tamén pon de manifesto, que o sistema educativo formal está en crise, pero rexeita firmemente a súa abolición. Este recoñecemento xeralizado de que a institución non abarca co seu sistema tódalas necesidades do home como elemento dunha sociedade foi o que deu orixe ó nacemento dos outros sistemas educativos non formal e informal, sendo moitos os autores, que non consideran prioridade de ningún deles sobre os outros dous, senón que entre os tres, son complementarios e non excluíntes.

A educación prevé preparar ós homes de hoxe para sociedades do futuro. Sociedades que aínda non existen a través das novas concepcións do fenómeno educativo, considerado dendeos tres sistemas, e para iso inténtase moderniza-las estruturas antigas para adecualas ás transformacións que se dan na sociedade e desformaliza-las institucións partindo do principio de que a educación non é exclusiva dun medio, senón de multitude de medios, porque o importante é chegar a saber que é o que adquiriu o suxeito da educación sen importar tanto o como os adquiriu. Inténtase dunha parte a diversificación das institucións educativas e doutra a desformalización das estruturas tradicionais, sen embargo, détéctase, que o sistema educativo institucionalizado pese a estar bastante ben dotado en canto a medios, organización e recursos económicos, non é suficiente.

Non existe unha correspondencia entre docencia e aprendizaxe. Os medios para unha

eficaz docencia existen (falamos de países normalmente desenrolados), pero o que xa non se pode afirmar tan categóricamente é que a aprendizaxe sexa eficaz e tal vez haxa que busca-la causa no que xa comentamos acerca do pouco interese que para os alumnos teñen as curricula das escolas formais, baseados na explicación teórica primeiro e se hai sorte na demostración empírica, porque a meirande parte operan fóra do contexto de acción inmediata, e nel actúan mestres de formación cosmopolita ensinando no medio rural e libros de textos escritos fóra do medio ambiente natural, por citar algúns factores (17).

O sistema educativo formal posúe as seguintes características segundo GUYOT, J. F. (18) *académica, aforrativa, incubatoria e documentada*.

A primeira das características xa foi comentada ó dicir que a educación formal é moi libresca e desconectada da vida, do entorno no que se move o educando.

Aforrativa implica selección. Segundo GUYOT, J. F. é a propia sociedade a través da institución, a que mediante exame ou probas vai pondo trabas da institución, dende os primeiros cursos á poboación escolar e deste xeito facendo selección dos que poden seguir eliminando os que non alcanzan os niveis de promoción, o que reporta un menor gasto na educación á clase gobernante.

Incubatoria, pode identificarse como preparación posto que a educación formal ten lugar antes de que se dea noutros acontecementos significativos.

Documentada, indica a calidade dos seus produtos ou títulos recoñecidos.

No sistema educativo formal e sen entrar na descrición pormenorizada de cada un deles podemos distinguir dúas realidades: dunha parte, os suxeitos de educación ou educandos e, doutra, a institución educativa que é a que asume as responsabilidades de impartir-la educación.

A institución educativa sèrvese de profesores que en determinados lugares, (Centros de Ensinanza) e baseándose nuns programas educativos e uns libros de texto e consulta transmiten ós xoves aqueles contados que a sociedade a través de institucións, quere que coñezan.

«A escola é, polo tanto, a institución investida da función social de ensinar e por isto mesmo ó definilo que é lexítimo aprender» ... «a autonomía relativa do sistema escolar gracias á cal a ensinanza de maneira específica e insustituible ás estruturas sociais» (19).

Para COOMBS, P. H. (20).

«O verdadeiro núcleo da crise constitúeno as crecentes desconexións entre o que se ensina ós alumnos nas escolas e nos colexios e as súas necesidades reais e prioritarias

da aprendizaxe actual».

«A rixidez dos sistemas educativos que permitía que a súa programación se fora quedando día a día desfasados, mentres o mundo do coñecemento e acción que os rodeaba seguía progresando».

O sistema educativo formal é:

Sistema de educación escolar.,

Institucionalizado

Organizado

<i>S. E. Formal</i>	Dentro do sistema escolar <i>Sistematizado</i> <i>Graduado</i> Estructurado xerárquicamente
---------------------	---

<i>Con tres niveis</i>	Primario Secundario Superior
------------------------	------------------------------------

O sistema educativo formal, segundo PAULSTON, R. G. é:

«O que se encadra no tradicional sistema escolar articulado, que comeza no nivel primario e culmina en institución de nivel terciario e universitario» (21).

Esta definición identifícase coa anterior.

Cremos, como afirma o Dr. TOURIÑAN, J. M. (22) que aínda que é certo que se deu excesiva importancia á educación formal en detremento dos outros tipos de educación a institución escolar permanecerá como unha institución central da sociedade moderna, porque as funcións sociais da escola son, de feito, funcións necesarias.

Analizádo-los rasgos do sistema educativo formal e a súa estruturaclón organizada e xerarquizada en torno á escola como único lugar no que se pode desenrola-la función educativa as causas que determinaron a crise da educación no mundo son evidentes e xustifícase a necesidade de promover outros sistemas máis abarcativos e nos que se contemplan entre outras moitas ventaxas a de que non sexa precisa a escola como institución no proceso educativo, e que pode realizarse este, naqueles lugares ou para aqueles grupos sociais que non poidan asistir a ela, ou o que é o mesmo, que non poidan encadrarse no sistema formal.

Pasamos seguidamente a estudia-los sistemas non formal e informal, non só como alternativas senón como necesarios e complementarios en todo proceso educativo.

O formal e o non formal son realidades inseparables.

1.2 Educación non Formal

Antes de entrar no desenrolo deste sistema educativo, cremos conveniente retomar

de autores que se destacaron no estudio deste campo, algunhas definicións do concepto «educación non formal».

«Educación non formal é sinceramente unha etiqueta xenérica e práctica que cobre: Toda actividade educativa organizada, sistemática, impartida fóra do marco do sistema formal para suministrar determinados tipos de aprendizaxe a subgrupos concretos da poboación, tanto de adultos como de nenos. A educación non formal definida así, inclúe, por exemplo, programas de entrenamiento en extensión agraria e gandeira, programas de alfabetización de adultos, perfeccionamiento profesional dado fóra do sistema formal, clubs de xuventude con fins educativos e diversos programas comunitarios de formación de temas de saúde, de nutrición, de planificación familiar, de cooperativas, etc.» (23).

Segundo HARBISON, F. H. (24).

«Podemos defini-la educación non formal como a xeneración de habilidades e coñecementos que ten lugar fóra do sistema de escolaridade, é un conglomerado heteroxéneo de actividades non estandarizadas e aparentemente inconexas, que apuntan a unha ampla variedade de metas».

HARBISON, F. H. (25) definea así:

«A educación non formal ocúpase das actividades de aprendizaxe que teñen lugar fóra do sistema educativo organizado de maneira formal cos seus graos xerárquicos que van dendeo preescolar ata as escolas profesionais e os graos universitarios. Non obstante, abarca programas non formais subvencionados por institucións educativas formais».

ANDERSON, C. S. (26) di:

«Educación non formal é a que se imparte fóra dos cursos académicos convencionais orientados ó posterior ingreso na universidades».

Para PAUSTON, R. G. (27):

«Educación non formal definida en termos amplos, incluírá tódolos procesos de socialización e de aprendizaxe de habilidades que se dan fóra do ámbito da educación formal».

«Desde o plano educativo a definición da educación non formal inclúe toda actividade educativa e instructiva non formal, estruturado e sistemática, de duración relativamente breve por medio da cal as entidades patrocinadoras se propoñen cobrar

modificacións concretas de grupos de poboación bastante diferenciados».

BHOLA, H. S. (28):

«A educación non formal converteuse nunha categoría residual que inclúe todo o que non fai o sistema de educación formal ou o que pode esperarse da educación informal».

Para TOURIÑAN LOPEZ (29):

«A educación non formal é o proceso de adquisición e o conxunto de competencias destrezas e actitudes educativas adquiridas con estímulos directamente educativos en actividades non conformadas polo sistema escolar».

Antes de entrar na análise da orixe e significado do sistema formal cremos conveniente adiantar unhas definicións que do mesmo nos dan autores de probada solvencia e que todos eles investigaron no campo en cuestión.

Nós pretendemos soamente articular dalgún xeito os tres sistemas educativos buscando as relacións existentes entre elas, para logo encadrar o máis adecuadamente posible neso o tema do noso traballo.

No primeiro punto deste capítulo, púxose de manifesta a necesidade de introducir innovacións educativas e é a principios dos anos 70 cando se ve con claridade, que o concepto existente de educación non é o adecuado á realidade do momento, á realidade dunha sociedade en continuo cambio.

E necesario unha renovación educativa por e para as disfuncións da práctica educativa esixida para transformacións das estruturas socioeconómicas e pola revolución tecnolóxica.

Tanto no universo pedagóxico como no que lle rodea, existe un importante centro de innovacións científicas, sociais, culturais e técnicas que son capaces de modifica-la organización dos sistemas educativos unha vez que se demostrara a necesidade de tal modificación.

Para levar a cabo esta modificación cóntase con aportacións importantísimas como o coñecemento de cerebro como regulador de funcións os avances en teoría de información, os coñecementos da cibernética, as aportacións do campo da psicoloxía e da antropoloxía e un sen fin máis de elementos que van ser decisivos para:

«dar maior vida ós sistemas tradicionais, flexibiliza-la institución educativa artellándoa co medio social, sustitui-las funcións autoritarias por estruturas de participación, aparición de ideas de ambiente e medio educativo total, a individualización, os sistemas e programas modulares» (30).

A Comisión Faure, no seu informe á UNESCO afirma:

«A importancia das escolas na súa relación con outros medios de educación non medra senón que diminúe».

Tal afirmación non infravalora a importancia que ten e o enorme papel desenrolado pola educación formal, senón que intenta potenciala noutras modalidades ou sistemas educativos que contemplasen as novas necesidades que tiña de satisfacer unha escola nunha sociedade en constante cambio e evolución tecnolóxica, demográfica, etc. Istos novos sistemas ou modalidades de apoio como «educación non formal» e «educación informal».

A educación non formal, resultaba de extraordinario valor porque ía ser un instrumento moi válido que cubría as definicións de educación formal sobre todo no ámbito rural, que por outra era considerado o seu desenvolvemento como de vital importancia para o desenvolvemento dos países.

Era preciso atender e preparar tecnicamente a uns grupos grandes e heteroxéneos non só en coñecementos básicos senón tamén en idade e a través duns programas de capacitación agrícola, industrial, sanitario ou de destrezas de toda índole non encadradas na educación formal, aínda que nalgúns casos poidan estar moi ligados a ela. Estas actividades son xeralmente independentes entre si.

Este tipo de educación non só tivo relevancia nos países en desenvolvemento senón tamén nos industrializados.

Quíxose cuantifica-lo custo dos programas de educación non formal e comparalos cos de educación formal, pero o resultado de tal intento foi incerto. Mentres os custos da ensinanza formal, teñen un cálculo bastante fácil e os logros tamén poden ser cuantificables, os programas non formais poden resultar moi baratos valorando os resultados obtidos ou moi caros tendo en conta os logros conseguidos.

Sen embargo, a educación non formal por non estar supeditada a centralización de un ou dous ministerios, como o está a formal, pode percibir uns recursos económicos menores, provenientes dunha grande variedade de estamentos tanto oficiais como non oficiais.

O cambio de prioridades educativas nos anos setenta

«Os cambios fundamentais nos plantexamentos do desenvolvemento levados a cabo a principios dos anos setenta, provocaron imitacións nas prioridades e estratexias educativas da meirande parte das organizacións de cooperación exterior e de moitos países en vías de desenvolvemento. O obxectivo principal destes cambios era o empeño de evita-la pobreza e as grandes desigualdades socio-económicas e facer posible o incremento da produtividade e do emprego.

As políticas revisadas puñan o acento sobre a educación básica, que incluían a ensinanza primaria ós nenos e unha educación non formal adecuada para os xoves e adultos que abandonaran a escola» (31).

Concebida a necesidade de pór en marcha os novos sistemas educativos non formal e

informal a dificultade fundamental estribaba no difícil que resultaba facer unha exhaustiva valoración a nivel mundial dun fenómeno tan complexo e transcendental como é o educativo, por varias razóns fundamentais:

- a) *pola complexidade propia e inherente ó sistema educativo*
- b) *polas circunstancias de evolucións constantes dunhas sociedades cambiantes*
- c) *pola selección dos feitos e o método para valoralos.*

En 1968, tomouse como punto de arranque a análise de sistemas coas limitacións que impuña o feito de analizar feitos e situacións moi concretas dende panorámicas moi amplas coa correspondente perda de información.

Nembargantes, un estudio máis recente, presentado por COOMBS, P. H (32), tendo en conta o amplo aspecto de actividades educativas, baseouse na noción de «rede de aprendizaxe», que pola súa flexibilidade permite o estudo da situación educativa a nivel mundial e tamén a nivel particular en cada un dos países.

Este tipo de análise ten como marco o concepto amplo de educación como un proceso que dura toda a vida do individuo e este necesita dunha extensa aprendizaxe para realizarse como persoa. Esta aprendizaxe non pode conseguila a través da educación formal e moito menos a través da informal, pero cunha combinada sesión dos tres sistemas, pode conseguir esa aprendizaxe que necesita.

Os tres son importantes, son complementarios e refórzanse mutuamente.

Partindo deste concepto individual, faise extensivo o estudo a cada unha das nacións. É necesario que se poñan de manifesto aqueles aspectos que presenten deficiencias para superalos na maior medida coa acción combinada dos tres sistemas. Deste xeito, cada sociedade, tomará as decisións en función das súas necesidades sociais, económicas, demográficas, etc., e quedarán resoltos os problemas que se plantexaran coa importación de sistemas educativos formais que en definitiva non poden dá-los resultados apetecidos porque pertencían ou foran deseñados para outro tipo de suxeitos da educación, para outras sociedades cunha problemática diferente e uns estímulos diferentes e tamén para ser postos en práctica por un persoal docente cunha preparación diferente.

«E necesario planificar coidadosamente cada programa e unidade educativa individual, tanto formal como non formal a fin de que satisfagan as necesidades e condicións económico-sociais propias da súa área local. Istos plans educativos deberán derivar de plans de desenvolvemento rural exclusivos de cada área, xa que a produtividade da educación depende maiormente da presenza ou ausencia de forzas de desenvolvemento complementarias e da asignación de recursos específicos. Isto significa que o punto de partida de planificación educativa require estar con conceptos e métodos menores que os que actualmente dispón» (33).

1.2. 1. *Características da educación formal*

ESCOLAR: defínese nun espazo, sendo a Institución Escolar, o paradigma da formalidade educativa. (TRILLA, J.).

O Sistema Educativo está: (COOMBS, P. H.).

- *moi institucionalizado,*
- *graduado cronolóxicamente,*
- *estructurado xerárquicamente,*
- *abarca dende preescolar ata a universidade,*

O Sistema Educativo é o modo formal aínda que nel se poida dar: (LA BELLE).

- actividades non formais: as extraescolares
- actividades informais: as relacións entre iguais

A Educación formal é: (QUINTANA, J. M.).

- intencional na súa actitude
- consciente na súa actividade
- formativa no seu propósito.

METOCIDADE: organizada metódicamente para a consecución de obxetivos pre-fixados de ante man. (SCRIBNER Y COLE):

- categoría moi ampla,
- transmisión de cultura a través de: organización deliberada de elementos da vida diaria.

1.2.2. *Algunhas razóns que xustifican a necesidade do sistema educativo non formal*

A marxe do exposto, existen outros aspectos, que poñen de manifesto a necesidade da educación formal (34).

I. O custo da educación formal está alcanzando en moitos países niveis moi elevados por razóns elementais como:

- *Expansión demográfica implica aumento de poboación escolar.*

- *Elevación do nivel de calidade implica:*

- a) Mellora-la preparación do profesorado,
- b) Dotar de máis medios,
- c) Disminuí-lo número de alumnos por profesor.

Conxugando o exposto atopámonos ante a xustificación dos custos da ensinanza formal. Cuns programas combinados do sistema non formal istos poderán reducirse.

2. A formación adquirese a través da educación formal ata unha determinada idade imposta pola rixidez e estruturación do sistema educativo formal, pero como a educación ha de ser un proceso perfectivo que abarca toda a vida, é necesario un sistema educativo que cubra esas necesidades do individuo dendeo momento en que se lle impón deixa-la escola formal, isto no caso de que se escolaricen é moito máis xustificada aínda que a súa implantación naqueles casos nos que os individuos non recibirán esa etapa de formación na súa xuventude e teñen a necesidade de acudir a unhas clases de adultos, a uns cursos de reciclaxe, a uns cursos de capacitación profesional, etc.

3. Como elemento de equilibra-los desaxustes sociais que favorece a educación formal dendeo momento en que esta crea e mantén os privilexios dunha clase social que pode acceder a ela e que recibe as súas correspondentes titulacións, mentres que os que non acceden a ela, moi difícilmente poden mellorar o seu status.

4. A través da educación non formal, pódese capacitar para actividades concretas a persoas que demostrarán a súa competencia aínda que non posúen os títulos que imparte a institución, o que daría lugar a unha maior mobilidade social.

«Os países en vías de desenrolo manteñen aínda o perxuicio occidental de que a educación académica é máis valiosa, pondo empeño para que as escolas irregulares» (non formais) non se convirtan en sectores altamente prestixiosos» (35).

5. Por non estar ligada ós curricula da educación formal, permite o ascenso nos niveis de institucións, sen ter en conta a idade.

6. A educación non formal escapa máis alá dos intereses políticos e estatais.

7. A educación formal ten as súas orixes nas sociedades primitivas.

8. *«Está orientada a chegar a grande número de persoas nos lugares onde habitan e traballan. O seu obxecto é transmitir habilidades sen apartar ós individuos dos seus entornos e responsabilidades normais.*

O seu obxecto é transforma-la aprendizaxe nunha experiencia que se dá ó longo de toda a vida de cada habitante, que sexa compatible cos intereses individuais e comunitarios a tódolos niveis económicos dunha sociedade» (36).

9. *«Inclúe actividades ou programas organizados fóra do sistema escolar pero dirixidos hacia o logro de obxetivos nacionais definidos» (37).*

1.2.3. Outras consideracións acerca da Educación non Formal e as súas interrelacións con outros sistemas educativos

A educación non formal non constitúe un sistema educativo independente do sistema formal, senón que é unha actividade educativa fóra do seu ámbito de sistema organizado.

A educación non formal proporciona certos tipos de aprendizaxe a sectores da poboación moi variados: nenos, adultos, ou persoas da terceira idade.

«O feito educativo, como a vida mesma, preséntasenos como unha realidade dinámica. A acción educativa implica pluralidade de fenómenos» (38).

As actividades desenroladas como non formais no proceso educativo son moi diversas e aínda que pertencen ó mesmo sistema, manteñen entre si unha relación de independencia.

No feito educativo non formal, preséntanse aspectos moi relativos ás actividades do mesmo moi similares ás propiamente chamadas formais, aínda que nos seus contidos educativos presenten diferencias bastante significativas como por exemplo, o factor «temporalidade», así, mentres as actividades formais requiren dedicación ó tempo suficiente ou completo, as non formais desenrólanse a tempo suficiente ou parcial, aínda que coa flexibilidade e adaptación necesaria para poder dá-la adecuada resposta e solución ás necesidades que xurdan, como di o Dr. Requejo, O. na propia dinámica educativa.

A educación non formal ten un grande interés e é de grande utilidade para conseguir unha rápida toma de contacto ou posta ó día coas últimas innovacións da técnica nunha época de constante cambio e evolución científica considerable, pero acostuma ocorrer que o custo de tales programas non formais son elevados e o rendemento que deles poden sacar as persoas a quen van dirixidos non responde as expectativas de tal inversión. Afortunadamente, non soen darse istos casos, pero aínda así, o feito de que a través do mesmo se poida dar participación no proceso educativo ás máis variadas comunidades e organismos non estatais, xa xustifica en grande medida a súa aplicación.

De todos é coñecido, que existen servizos no noso país, que son deficitarios: RENFE, IBERIA, etc., pero por ser servizos de entidades públicas non só se manteñen, senón que son

potenciados polo estado.

O proceso educativo como formación integral do individuo é demasiado importante e transcendental como para desviar do mesmo aqueles aspectos do proceso que poidan resultar antieconómicos.

Sobre a educación non formal afirma COOMBS (39), que non existe unha teoría global, clara e sistemática que sexa aceptada a nivel internacional e a causa deso, tal vez poida atoparse en que ningún organismo se plantexou de maneira seria a construción desta teoría baseada na ampla gama de actividades.

Outra razón máis profunda que impide a Normalización de dita teoría segundo COOMBS, P. H. (40) é que, ó se-los programas de educación non formal tan diversos, non só entre países senón dentro dun mesmo país, resistente a unha mediación e comparacións sistemática cun patrón estándar e probablemente non será posible sistematizar datos sobre problemas de educación non formal, da mesma forma que se recollen con normalidade sobre educación formal.

A educación non formal é unha modalidade ou sistema educativo que xuntamente coa educación informal, cubre ou intenta facelo, as necesidades da aprendizaxe dun individuo ou dun grupo social.

Aínda que os sistemas educativos actuais estén montados na engranaxe do «Institucional», con todo o que iso leva consigo, non se podería afirmar de maneira rotunda a supremacía do sistema formal senón a necesidade de apoio que cada un deles debe recibir dos outros dous para que o grupo ou comunidade educativa a quen vaia dirixido teña as maiores garantías de logralos seus obxetivos de: adquisición de coñecementos, aprendizaxe necesaria para unha mellor adaptación ó medio en definitiva para lograr un progreso máis rápido e máis eficaz.

A educación non formal é moi importante porque aínda que se realiza fóra do marco institucional, é metódica e ten uns obxetivos prefixados e promovidos polas institucións educativas propiamente.

Afondando na importancia da educación non formal, Faure, E., en 1972 afirma que é preciso desformalizar e deinstitucionaliza-la educación a través da multiplicación dos establecementos existentes, da ensinanza de xornada ou das actividades extraescolares, por conseguinte afirma:

«tódalas vías formais, non formais e informais poderían ser admitidas en principio como legalmente válidas» (41).

O campo abarcativo da educación non formal, é moi estenso de ahí a súa grande importancia como sistema educativo. Isto pono de manifesto BREMBECK, C. S. (42) ó clasificar en tres grandes categorías este campo:

- a) Actividades orientadas ó desenvolvemento de habilidades e coñecementos para persoal empregado.
- b) Actividades orientadas ó desenvolvemento de habilidades e coñecementos para persoal que non ten emprego.

c) Actividades orientadas ó desenvolvemento de habilidades e coñecementos que trascenden fóra do traballo.

O seu estudo constitúe unha fonte de información útil e necesaria á educación formal e a non intencionalidade, e carácter suficiente pero non necesario para que, un proceso educativo sexa considerado informal

Reiteradamente, considerouse a non intencionalidade, como o carácter definitivo máis importante da educación informal, tamén é certo afirma TRILLA, J., que tal denominación sóeselle aplicar a unha serie de sucesos dos cales aprioristicamente, resulta difícil excluí-la intencionalidade educativa. Ex.: a literatura infantil. Non pode negarse a intencionalidade educativa deste tipo de literatura para os pequenos nen tampouco a posibilidade de que exista unha fonte de intencionalidade, non latente ou implícita, senón consciente e claramente asumida. Este tipo de axente ou os procesos suscitados por iso, xeralmente inclúense na educación informal aínda que son intencionais.

No caso de que non se fixera así debería entón adecuarse un novo concepto pedagóxico, que incluíra este tipo de fenómenos educativos.

Entón, se conviñesemos que a educación formal é necesariamente non intencional teríamos un sector intermedio entre o informal e o chamado formal, de momento, innombrado e a conceptualización da cal, sería así mesmo de dudosa utilidade teórica.

En definitiva, continúa TRILLA dicindo:

«nin do uso normal da expresión Educación Formal queda excluído categoricamente todo o que sexa intencional, nin sería teóricamente operativo facelo así».

Unha definición acorde co exposto neste último punto meu, sería:

«a educación informal consistiría na produción de efectos educativos a partir de formas educativas inseparables e indeferenciabíes do marco xeral en que tales formas se inscriben».

Categoría 1ª: actividades

A aprendizaxe realízase a través de:

- Extensión agrícola
- Formación de agricultores
- Formación de artesáns
- Instrucción ocasional:
- Perfeccionamento de persoas da industria e do servizo
- Adestramento organizado do servizo
- Rotación sistemática de tarefas
- Educación laboral

- Formación de vendedores
- Formación para a creación de cooperativas...

Categoría 2ª: actividades

Plantéxanse como alternativas ou como complementarias da educación formal

- Politécnicos rurais
- Unidades de instrucción
- Programas da orientación vocacional
- Programas que especializan para a obtención do 1º emprego, etc.

Categoría 3. a: actividades

Diarios, charlas, debates, etc.

- Programas de alfabetización de adultos
- Leccións de economía doméstica
- Planificación familiar, etc.

O analiza-las actividades expostas e que representan un tanto por cento moi baixo de tódalas que se poderían enumerar, pódese observa-la importancia extraordinaria das mesmas e o sentido común fainos comprender de inmediato que é preciso potencialas máis posto que cobren uns campos que o sistema formal nin sequera se plantexou a súa incorporacion os seus programas educativos.

Sóse falar do caro que resultan os programas non formais, pero cando se fai tal afirmación pénsase nos números dun presuposto ad'cado ós custos da educación ou mellor dito á inversión en educación para un ano natural. Se se planificasen a máis longo prazo o custo da educación dun determinado país habería que partir doutros plantexamentos de futuro e en efecto, podería resultar que o primeiro ou segundo ano nalgúns casos o presuposto fose máis elevado pero isto non quere dicir que o custo ó cabo de 10 ou 15 anos fose superior.

Basta cun exemplo: cun bo programa destinado á orientación vocacional e que encadramos seguindo a BREMBECK, C. S., na segunda categoría, ¿cántos fracasos a nivel de bacharelato e sobre todo de universidade se evitarían?

E difícil cuantificar con números, pero o que resulta evidente é que cando a unha clase de COU lle fas unhas preguntas de sondeo intentando sabe-las inclinacións ou preferencias cara a universidade un elevado número de alumnos, non está decidido e se esas preguntas se lle fan en BUP o resultado aínda resulta máis desalentador.

¿Cal é a causa? Evidentemente, a falta de información dos alumnos e iso non ocorrería se do sistema non formal se incorporasen ó sistema formal actividades deste tipo.

Actualmente, e en concreto en España seguindo o exemplo dos países comunitarios estanse pondo en práctica os cursos de formación profesional subvencionados polo FONDO EUROPEO e que constitúen unha actividade non formal pero de enorme valor tanto a nivel

formativo como social dendeo momento que ocupan a unha serie de persoas que aprenden unha actividade que no futuro lles vai servir como medio de vida e o mesmo tempo lles ocupa esas horas de «non sei que facer» que tanto perxudica ás persoas que teñen todo o día desocupado.

Outra cuestión a ter en conta nos programas non formais é a súa flexibilidade característica que non ten a educación formal e que permite o cambio sobre a propia marcha ou a introducción ou supresión de elementos que na práctica se demostra que non funcionan. isto non ocorre no sistema formal porque é ríxido, técnico e apurando un pouco os conceptos, máis pensado para forma-la sociedade que queremos e a sociedade que deberíamos ter, o que equivale a un sistema de reprodución.

Afirma BREMBECK C. S. (43) o seguinte:

«Todos asistimos á escola e a visión que temos dela baséase na experiencia, tamén aprendemos fóra da escola. Este tipo de aprendizaxe resulta penetrante e non é novo. Quizá parte do noso problema resida en que tendemos a identificar educación e instrucción. É tan obvio que o proceso educativo engloba a instrucción que a consideramos clave configuradora do que se aprende. Pero o entorno educativo tamén ensina e o que se aprende pode chegar a influir na conducta humana de maneira máis profunda que as ensinanzas cognoscitivas que transmite a educación formal».

Reflexións como a de BREMBECK C. S. acerca do poder educativo do entorno e das tradicións populares foi o móbil que me impulsou a este traballo a cerca do valor educativo das festas populares nun entorno determinado e plantexando as mesmas preguntas que BREMBECK C. S. (44).

«¿Como planifica-la educación extraescolar e quen debe asumi-las responsabilidades ¿Como vincula-la educación extraescolar coa educación formal e de que maneira repartí-las súas tarefas? ¿Como proceder para integra-la educación extraescolar cos amplos plans e obxetivos de desenrolo nacional?».

1.2.4. Características da Educación non Formal

- Non alternativa ó Sistema Formal.
- Non paralelo ó Sistema Formal.
- E complementario ó Sistema Formal.
- Dá oportunidade ós que exclúe o Sistema Formal.
- Actividade educativa:
 - Organizada
 - Fóra do sistema
 - Sistemática
 - Escolar

1.2.5. Institucións da Educación non Formal

- ESPECIFICOS:

- TÓDALAS ESCOLAS NON ENCADRADAS NO SISTEMA EDUCATIVO GRADUAL:

- Autoescolas
- De artes plásticas
- De idiomas (non oficiais)
- Escolas de verán
- Aulas para a terceira idade
- Coalición permanente de adultos
- Colonias de verán
- De artesanía...

- NON ESPECIFICOS:

- Museos
- Bibliotecas
- Asociacións de veciños
- Clubes deportivos
- Colexios profesionais
- Zoolóxicos

- ESCOLAS NON CONVENCIONAIS:

- Escolas sen paredes
- Medios itinerantes
- Ensinanza a distancia
- Ensinanza por correo

- MEDIOS:

- T.V.
- Vídeo
- Radio
- Cine
- Material Impreso
- Multimedia

NON FORMAIS (fóra das escolas, pero organizada):

- T. V. educativa
- Aulas da terceira idade
- Auto-escolas
- Escolas oficiais de idiomas
- Demáis institucións non formais, que imparten cursillos
- Educación a distancia, (UNED)
- Educación informal a tempo parcial
- Alfabetización de adultos
- Formación básica de adultos
- Formación para o primeiro emprego
- Reconversión profesional
- Cursos de reciclaxe
- Cursos sobre alimentación
- Cursos sobre hixiene
- Cursos sobre planificación...

INFORMAIS:

- Telefilms de serie
- Tertulias de café
- Xogo espontáneo na rúa, etc.

1.2.6. Algunhas expresións ou tipos de Educación non Formal

Educación ocasional

Educación ambiental

Educación aberta

1.2.6.1. Ensinanza Ocasional

Denomínase ensinanza ocasional ó aproveitamento dos acontecementos dos que é posible aprender.

No diccionario de pedagogía laboral (45) dise:

«Recibe o nome de ensinanza ocasional o aproveitamento dunha circunstancia que

serve de incentivo para favorece-la aprendizaxe»

Este tipo de ensinanza en principio xa ten ó seu favor, tal vez o elemento primordial e que non debe fallar no proceso educativo: o interés. Cando existe interés, o resultado da acción educativa é case seguro e este está garantizado dendeo momento en que esa ocasión ou incidente xurde do entorno no que se move o educando e o motiva.

As ocasións xurden na vida diaria como dicían MONTAIGNE, M. (46) ó referirse ó entorno do alumno e a súa propia situación dentro do mesmo. Nós, plantexamos o desenrolo deste traballo no valor educativo das festas tradicionais de Ourense e o seu aproveitamento escolar, aproveitando a ocasión da súa celebración e a repercusión social que teñen non só no ambiente estudantil senón na comunidade na que nos movemos.

DEWEY (47) na súa obra «As escolas do mañá», di o seguinte:

«Os exercicios para conmemorar días de festa ou estacións do ano son máis interesantes e valiosos cas festas onde os alumnos recitan poesías individualmente e os adultos pronuncian discursos ... ».

Esta cita textual pon de manifesto o valor educativo das festas que se aproveitan adecuadamente na escola. En principio xa contan co factor de interés por parte dos alumnos e préstanse moi ben á participación de todo-os escolares, mestres e pais nas mesmas, na súa organización e na súa proxección a nivel popular.

DEWEY fai unha asociación festas-estacións do ano e nós neste traballo faremos tamén unha asociación das festas que imos estudar, coa correspondente estación do ano con toda a riqueza de recursos que todo iso conleva. Así, relacionaremos:

O San Martiño: A Castañada no outono-inverno

Os Maios: No apoxeo da Primavera.

«A participación dos escolares é activa na preparación e desenrolo da festa. Ademais de adquirir responsabilidades poden confeccionar todo tipo de adornos que realcen o carácter festivo do día» (...).

«A colaboración dos pais ou persoas maiores, que deberán coñecer todo o contido da festa, pode ser importante, sempre que permita que os estudantes se organicen sós» (48).

Nesta participación dos estudantes para organizar adecuadamente as actividades festivas, desenrolan a súa capacidade de pensar con lucidez ó desenrola-los poderes da imaxinación como fonte de creación artística.

Educativamente, o resultado visible das actividades artísticas desenroladas, non é demasiado importante. O que realmente ten grande valor son as disposicións do espírito e do corazón que eles suscitan.

Facemos referencia ó aspecto «creación artística» porque, nas festas que imos estudar, o valor creativo é un dos máis importantes. A elaboración dun monumento ó maio, ou unha máscara ou disface de entroido, pon a proba a capacidade artística dos alumnos e a confección das súas coplas a agudeza literaria.

1.2.6.2. Educación Ambiental

Segundo a UNESCO:

«Educación destinada ó recoñecemento e a clasificación dos valores, actitudes e conceptos concementes coa relación do individuo e a súa cultura e o seu ambiente biofísico» (49).

O profesor García Hoz, U. defínea como:

«O perfeccionamento do borne en canto promovido por un influxo dos estímulos do ambiente» (50).

A educación ambientada baséase nos influxos ou estímulos educativos do ambiente que non proveñan de instancias especificamente educativos.

A educación ambiental xurde en torno ó ano 1960 en Suecia, país no cal se adica actualmente un 20 % do tempo total disponible no horario escolar.

«E impulsado polo goberno en 1972 na Conferencia de istocolmo, considerándoa como necesidade, cousa que comprenden toda a sociedade, aplaudindo tal iniciativa» (51).

A nivel de educación informal o procedemento a empregar é diferente porque a poboación non escolarizada, ten que atender-la grande variedade de actividades e debido a súa heteroxeneidade e ás súas diferentes preocupacións ambientais, ante un problema:

«Oriéntase máis pola súa solución inmediata que pola súa contemplación estudiosa» (52).

A creación de centros de natureza, itinerarios naturais, escolas de natureza e centros de acollida, así como do fomento de guías ecolóxicas e obras de divulgación constitúen instrumentos moi válidos para ser utilizados nos programas de educación non formal.

En España foron as primeiras iniciativas entre 1971 e 1972, entrando a continuación nun período decadente ata 1976, data na que se crea a Dirección Xeral de Acción Territorial e Medio Ambiente e xurdiron grupos como AEPDEN, ALBE, ADEPHA, GAOO, etc., e en 1977 crease o Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo, dentro do que se organizou a

Subsecretaría de Ordenación de Territorio e Medio Ambiente e por Real Decreto 754/1978, creouse a Dirección Xeral do Medio Ambiente.

O segundo dos países foi o Reino Unido, sendo as sociedades máis destacadas neste país, na área da Educación Ambiental, School Council e Council For Environment Education. En 1981, era o país con maior proporción de espazos naturais protexidos.

Nos programas escolares figuran tamén como unha asignatura non obrigatoria, se ben ten unha enorme aceptación.

Nos Estados Unidos, foi tamén a finais dos anos 60 cando se despertou o interese por esta disciplina. No 1976, calculábase que nos EE.UU. se adicaban ó estudio ecolóxico máis de cen mil investigadores, existindo no país unhas 1.200 organizacións ecolóxicas.

1.2.7. Estratexias da Educación Formal e Informal

No Preescolar e 1º Ciclo de E.X.B., é o elemento no que ha de empezar o proceso de sensibilización do neno e o desenvolvemento do seu espírito de observación. É preciso dotar ós centros de terreo para prácticas de observación e experimentación.

No nivel de 2 curso de E.X.B., debe fomentarse entre os alumnos o sentido crítico e a ensinanza ha de orientarse cara á interrelación das nocións.

No nivel universitario, a transmisión de coñecemento especializado non debe descoidar a súa relación con outras ciencias.

1.2.8. A Educación non Formal diferénciase basicamente da Educación Formal en:

- O seu carácter non escolar
- A súa ubicación á marxe do sistema educativo graduado e xerarquizado

Teñen en común:

- son sistematizadas e xerarquizadas

Educación Formal:

- SISTEMA EDUCATIVO
- ORGANIZADA
- SISTEMATIZADA
- OBTETIVOS PEDAGOGICOS DEFINIDOS
- INTENCIONAL
- ESTIMULOS EDUCATIVOS

Educación non Formal:

- FORA DO SISTEMA EDUCATIVO FORMAL
- ORGANIZADA

- SISTEMATIZADA
- OBXET. PEDAGOX. DEFINIDOS
- INTENCIONAL
- ESTIMULOS EDUCATIVOS

Educación Informal:

- FORA DO SISTEMA EDUCATIVO FORMAL
- NON INTENCIONAL
- ESTIMULOS NON DIRECTAMENTE EDUCATIVOS

Schofthaler

MICRONIVEL:

- FORMAL:
 - Familia
 - Escola
- NO FORMAL e INFORMAL:
 - Multimedia, U. Distancia

MESONIVEL:

- INFORMAL:
 - Relacións sociais da persoa, formación de identidade

EXONIVEL:

- FORMAL:
 - Institucións sociais (escolas)
- NO FORMAL E INFORMAL
 - Valoración de orientación

MACRONIVEL:

- Tradicións culturais
- Modelos de apropiación I.N.F. de modelo de normalidade social.

Como se pode ver no cadro no que se intenta unha correlación entre os tres sistemas, e no que se enumeran as características máis importantes de cada un deles, así como os elementos diferenciadores, podemos comprobar, que o sistema informal caracterízase pola

non intencionalidade educativa dos seus estímulos, pero como na vida diaria se presentan multitude de situación que xurden sen finalidade educativa pero que indudablemente educan, é necesario artellar un sistema educativo no que tamén estes feitos teñan a ubicación correspondente e iso ocorre nun sistema educativo informal, que será precisamente ó que maior atención prestamos porque nel se encadran as actividades festivas que constitúen o tema do noso traballo.

1.3 Educación Informal

Como se dixo cando tratabámo-lo concepto da educación non formal, o termo de educación informal ou non formal indistintamente, comeza a ser utilizado de forma menos accidental na terminoloxía pedagóxica, cando se publica a obra de COOMBS, A Crise Mundial da Educación en 1968, e que en 1967 fora o documento base entorno ó que se discorreu a Conferencia de Wiliamsburg.

No ano 1970 denominábase educación formal á educación institucionalizada e non formal á tódolos demais termos.

«En 1972, na Conferencia de Lomé, a escola institución contraponse á escola da vida, Coa importancia crecente da educación a base dos medios de comunicación organizada fóra das institucións tradicionais.

O concepto formal de educación, queda restrinxido a programas educativos extraescolares, ó resto chámase educación informal» (53).

En España, os primeiros estudos acerca do concepto «Educación Informal», leváronse a cabo en 1974 nas Xornadas de Estudio sobre Educación Informal, organizadas polo departamento de pedagogía sistemática da universidade de Barcelona e dirixidas polo Dr. Sanvisens A. Posteriormente foron moitos os estudiosos do tema sen que ata a data se unificasen os criterios, de tal maneira que os conceptos están tan claros que nos permiten diferenciar sen erro calquera actividade ou feito educativo e encadralo como informal ou non formal.

Son coñecidos os traballos realizados por Quintana, J. M.; Trilla: Touriñán, J. M.: Requejo Osorio, A.; Castillejo; Coombs, etc.

1.3. 1. Algunhas definicións da Educación Informal

«Considerada a educación dunha persoa como un universo de sucesos educativos acontecidos en diferentes tempos diremos que un destes sucesos pertence ó conxunto de Educación Informal, cando nel, se dá un grao de intencionalidade por parte do que educa, mínimo e/ou un grao de conciencia por parte do ser que se educa, tamén mínimo» (54)

Segundo esta definición, pódese afirmar que a finalidade dun feito educativo ten graos de mínima e de máxima informalidade en función do factor «intención educativa e conciencia

educativa». Se o que educa ten conciencia de que o fai e o que recibe esa información non ten conciencia de que o que está facendo vai destinado a educar, isto é, se está educando sen intención de facelo e o que recibe o feito educativo tampouco é consciente de que é educado, o grao de informalidade é máxima. Se os dous elementos máis importantes de calquer feito educativo, que son educando e educador, posúen a cualidade diferenciadora por excelencia que é a non intencionalidade, esta dátase no acto educativo en toda a súa extensión e por iso o grao de informalidade será máximo.

Para o profesor Quintana, J. M., a educación informal é:

«Non intencional, inconsciente, a veces deformadora, xeralmente non sistemática, continúa na súa acción e dimanante de varios factores sociais» (55)

O Profesor Quintana considera que a transmisión cultural lévase a cabo de tres formas: enculturación, aculturación e transculturación. Esa transmisión de valores culturais denomínase culturalización e no seu proceso interveñen dous elementos importantísimos:

- As institucións educativas.
- As relacións do individuo na sociedade.

Será precisamente do seo das relacións do individuo na sociedade de onde saíran os feitos educativos da natureza informal.

E a cultura ambiental a que actúa sobre o individuo configurando a súa personalidade e facendo que a educación informal sexa importante no proceso de formación do individuo. As influencias moderadoras inconscientes das formas de cultura son as máis sutiles.

«O home é modelado pola sociedade pero a sociedade tamén é modelada polo home. O resultado da educación dunha persoa ata o momento en que se atope da súa vida, é o resultado das experiencias educativas de toda índole elexidas por ela mesma e impostas dende fóra.

A sociedade está chea de educadores» (56).

Estos elementos ou axentes educadores ós que se refire Otaway, A. K. C. constitúen o entorno no que o educando se move cada día: os seus amigos, os seus centros de reunión, as agrupacións deportivas ás que pertence, os seus lugares de xogo, etc.

O termo educación informal inclúese no Dicionario de Pedagogía (57) como un tipo de ensinanza na que se renuncia á previsión total e formalista de Axuste ás reaccións psicolóxicas e biolóxicas dos alumnos apoiando a ensinanza en cada ocasión ou incidente extraescolar.

Dende a análise desta conceptualización, cuestionábase a eficacia da aula, como lugar de aprendizaxe e polo contrario valórase o entorno, como elemento do que dimanar

constantemente os recursos e contidos necesarios ó proceso educativo.

Este concepto de educación informal, no fondo coincide co que espuxemos do profesor Quintana e tamén co de Otaway, que non fan senón reafirmar máis o poder e valor educativo da sociedade, que impregna totalmente ós seus membros facéndolles vivencia-los mesmos e dándose ó mesmo tempo o fenómeno recíproco de influencia dos valores individuais nos cambios sociais.

Outra definición da Educación Informal que fai as mesmas valoracións sobre a influencia do entorno do proceso educativo é a do Banco Mundial (58):

«A educación informal é o proceso permanente, non organizado especialmente, de adquisición de coñecementos, hábitos e actitudes por medio da experiencia adquirida por medio do contacto cos demais».

Nesta definición non só se fai referencia, como dixemos, ó proceso de influencia do entorno sobre o individuo senón tamén ó carácter permanente e asistemático definido por Quintana, J. M.

Para o Dr. Trilla, J. (59), a educación informal é a que ten lugar de maneira espontánea a partires da relación que o individuo mantén como ser social cos seus semellantes no entorno no que se move e as súas características son:

- é asistemático,
 - é non metódica,
 - non soe depender de institución algunha,
 - non é intencional,
 - non é consciente,
- (As dúas anteriores implican a súa carencia de obxetivos pedagóxicos),
- exclúe os medios informativos onde existan obxetivos claros de formación.

Segundo COOMBS, P. H. (60) a educación informal:

«é un proceso que dura toda a vida no que as persoas adquiren e acumulan coñecementos, habilidades, actitudes na súa relación co medio ambiente, isto é, na casa, no traballo, divertimento, co exemplo e actitudes dos seus familiares e amigos, mediante as viaxes, a lectura de periódicos e libros ou ben escoitando a radio ou vendo a televisión ou o cine. En xeral, a educación informal carece de organización e de sistemas».

Esta definición, tal vez sexa a máis completa de tódalas que citamos, porque nela aparecen contempladas características das que falamos anteriormente e non só fan referencia ó valor educativo informal do medio ou entorno, senón que enumera moitos medios de información social como canles eficaces polos que actúa a educación informal. TRAUGOTT SCHOFTHALER (61) considera a educación informal como unha categoría restante, parte da

concepción do proceso educativo como una realidade moi complexa e seguindo a xerarquía estrutural de Brofenbrenner, distingue catro niveis: micronivel, mesonivel, exonivel e macronivel.

- **Micronivel:** coñecementos, hábitos rutinarios, habilidades.

- **Mesonivel:** abarca fundamentalmente ás relacións sociais do individuo.

- **Exonivel:** corresponde ó ámbito das institucións sociais como a escola na que se desenrolan procesos educativos formais tendentes a cualifica-los individuos para ocupar postos na sociedade.

- **Macronivel:** vincúlase ás tradicións populares, estrutura social e económica e a función da cal é o mante-las institucións.

No micronivel:

a nivel formal: familia e escola,

a nivel non formal e informal: os medios de información social.

No mesonivel:

únicamente actúa a educación informal.

No exonivel:

a nivel formal: os procesos desenrolados na escola,

a nivel non formal e informal: valores de orientación, etc.

No macronivel:

a nivel informal por apropiación dos modelos de normalidade social.

SCHOFTHALER, propón a necesidade de relacionar entre sí unha jerarquía de niveis estruturais dendeámbitos concretos como a familias e a escola ata o que considera como tipo de organización formal, non formal e informal.

Segundo o Dr. REQUEJO OSORIO, A. (62):

«Desde a consideración estrutural podemos entender que o feito educativo en canto conleva para o home comprender unha diversidade de aprendizaxe, relacionarse coa complexidade cultural do mundo actual na que se multiplica non só os contidos senón os medios de comunicación, non pode xa interpretarse dunha maneira exclusiva, senón que implica unha diversa organización de procesos educativos tanto formais como informais e non formais. dendetal consideración estrutural podemos deducir que o carácter específico da educación informal ven determinado pola súa referencia ó contexto sociocultural en que se inserta o proceso educativo, que por suposto determina todo tipo de niveis, pautas organizativas, e funcións, pero que aparece con máis

relevancia visto dende o ángulo da educación informal».

O principio, os termos non formal e informal, foron utilizados indistintamente. Sen embargo, co paso dos anos fóronse delimitando os campos de cada un deles e aínda que non se chegou a unha verdadeira estruturación dos dous conceptos xa se agruparon aquelas actividades ou feitos educativos informais e tamén as non formais en categorías distintas aínda que se seguen mantendo entre elas certa interdependencia que determina que nunha mesma actividade manifestase rasgos de informalidade cando esta se atopa encadrada ou «etiquetada» como non formal ou viceversa.

«A etiqueta educación formal ou informal está servindo para tanto e tan dispares sucesos, proceso, medios, institucións ou situacións educativas como, por exemplo a ensinanza de idiomas por correspondencia ou os efectos educativos que xenera o turismo; unha tertulia de café ou unha autoescola, a actividade lúdica ou a ensinanza militar ou tarefa dun mestre que se caracteriza polo metódico das súas ensanzas e unha campaña de alfabetización minuciosamente planificada para adultos. istos son exemplos das heteroxéneas actividades que se inclúen ou poderían incluírse a partires das definicións dadas na educación informal e/ou non formal. E difícil, practicamente imposible, eternos, encontrar que de común teña esta amalgama de situacións potencialmente xeneradora de efectos educativos, que xustifiquen o axudicarlle, unha mesma denominación. Polo de pronto se moitas delas teñen lugar, á rnarxe dos cauces convencionais de escolarización, outras danse no seo da escola ou persiguen idénticos obxetivos (Universidade a Distancia, p. ex.), Tarnpouco se pode acudir ó carácter non institucionalizado dos procesos educativos-informais posto que algúns se dan en institucións perfectamente establecidas coa función expresa de educar. Tampouco podería se-lo carácter asistemático, ametódico ou intencional o que defina a educación informal, xa que medios que participan das súas características tanto ou máis ca escola, pasan tamén como pertencentes á «educación informal» ou «non formal» (ensinanza por correspondencia)» (63).

Tendo en conta a cita textual do Dr. Trilla, cando se refire á ensinanza por correspondencia que está encadrada como actividade informai e que reúne unhas características moi similares á ensinanza das escolas:

- teñen unha mesma finalidade: forma-lo individuo,
- posúen os mesmo elementos: profesor, alumnos, medios, etc.,
- teñen uns obxetivos pedagóxicos claros,
- son intencionais, etc...

Está claro que a diferenza notoria entre ambas dúas, é o lugar onde se realizan: na escola ou fóra da escola. Isto lévanos a buscar como elemento diferencial por excelencia a escola como sistema.

Deste xeito, entenderemos ou clasificaremos como ensinanza non formal a aquela que comprende todas as actividades educativas producidas fóra da escola, pero á súa vez institucionalizadas e sistematizadas para lograr uns obxectivos pedagóxicos previstos de antemán.

Como informal, sería a que comprende todas aquelas actividades educativas que surden cando o individuo relaciona co medio social pero que non foron creadas expresamente con finalidade educativa.

A educación informal, defínese como oposición á escolaridade. É evidente que a distinción entre uns programas de T. V. educativa e uns series de T. V. elexidos ó azar é notoria como o e a actividade desenvolada co fin de entreter e formar un grupo de persoas da terceira idade no seu tempo de ocio, das tertulias de café, que istos pola súa coidan manter. Nestas actividades programadas aínda que se desenvolgan fora da institución dáse certa sistematización e unha intervención pedagóxica intencional e consciente, que a través dunha metodoloxía adecuada vai xenerar efectos normativos e de aprendizaxe que cos *telefilms* ó uso non se poden lograr. O feito de que non exista institucionalidade non presupón a negación do educativo na súa totalidade pero si a limitación do mesmo.

A expresión educación informal, adoita aplicarse a aquelas actividades ou procesos nos que non existe intencionalidade educativa nin intención pedagóxica:

«A abundancia de accións educativas cara uns públicos específicos (xoves entre os 16 e 18 anos, adultos, mulleres, terceira idade) e outras diferentes estruturas do sistema escolar (empresas, asociacións voluntarias, grupos ocasionais) é un acto dos límites propios da escola, pero tamén dos obstáculos que lle impiden responder en tempo útil ás novas demandas educativas da sociedade» (64).

Abraham Pain, pon unha vez máis de manifesto, que a constante evolución da sociedade, demanda constantemente unhas necesidades educativas para aqueles que pola súa idade ou situación social, económica ou laboral, non poden obtelas das institucións educativas instituídas. É de destacar que Pain refire esas necesidades educativas ós xoves entre 16 e os 18 anos, que xa fóra da ensinanza obrigatoria e ós maiores en terceira idade para ocupa-lo seu ocio, pasando polas idades intermedias daqueles que no seu momento e polas causas que fora non puideran acceder á cultura.

Cando se intenta conceptualiza-lo termo educación informal aparece o inconveniente da incompatibilidade posto que a educación informal é un sistema educativo e a súa característica principal é a non intencionalidade educativa pero é necesario ter en conta que como tal sistema educativo ten que estar supeditado ó concepto xeral de educación e como tal, non poder ter como característica de diferenciación o que é unha característica esencial do

concepto educación que como é evidente debe supedita-los demais conceptos de educación non formal e informal.

Tal plantexamento, nos conduce a dúas alternativas:

Ou amplia-lo concepto de educación privándolle esa nota esencial que é a intencionalidade educativa, ou reduci-lo ó concepto de educación informal eliminando da súa conceptualización todo o que é innintencionalmente educativo.

Outra dificultade, ven determinada pola valoración xeral que se acostuma facer acerca da educación ó considerala como algo desexable, positivo, que perfecciona. En definitiva, que dan á educación unha valoración. Polo contrario, a Educación Informal non ten porque xerar efectos necesariamente positivos xa que pode ser normativa e deformativa.

Para superar este problema de contradicción ou ben de que a educación non ten porque ser sempre perceptiva para quen a recibe ou ben deben excluirse da clasificación informal aqueles influxos non positivos para o suxeito que os percibe.

Unha saída que manterá certa coherencia entre os dous conceptos sen ter que desbotar un porque teóricamente se opoñía ó outro, sería a de que a educación informal por non ser inintencional deixa de ser educación. Deste xeito, no contexto xeral de educación, tería o seu sitio algún modelo de educación informal.

E innegable que existe grande cantidade de procesos e factores que xeneran a adquisición de coñecemento e de actitudes que foran estudados con premeditación para tales logros. Na nosa vida diaria e en contacto co noso entorno social estámonos formando sen que nós teñamos conciencia diso. O feito de que nós non nos estamos dando conta de que o estamos facendo nun momento determinado indica que existe intencionalidade, pero tamén é certo que nos estamos enriquecendo con esas vivencias que penetran por ósmose dende o exterior e a esta captación de valores, ¿pode chamárselle educación?

A alternativa da ampliación do concepto de educación antes citado, parece responder HANZ (65) cando afirma:

«O único sector da educación que estudiaba seriamente a pedagogía científica nos seus comezos era o da acción consciente, intencional e deliberada dos adultos sobre os nenos e os adolescentes no sentido de conducirlos a un estado máis elevado. Pero o crecente coñecemento do papel que desempeñan o inconsciente e o subconsciente, o ambiente, a atmósfera, no que se desenrola o neno, a suxestión e a imitación, a influencia das persoas que o rodean, as que lle serven de modelo ou exemplo, foi causa de que se estudie a acción do conxunto de tódolos factores que interveñen na educación, especialmente na sociedade e mediante a sociedade, dando orixe a unha nova tendencia que ampliou en forma decisiva o concepto de educación (Educación Funcional)».

O problema da determinación do que é educativo e do que non é educativo arranca das propias definicións de educación.

O Dr. TOURIÑAN, J. M. di (66):

«A influencia socio-ambiental é un factor co que temos que constituí-la nosa realidade persoal; a través desa influencia tomamos consciencia da realidade, pero iso non significa en absoluto, que calquera toma de conciencia sexa educativa».

Como se pon de manifesto para o profesor TOURIÑAN, existen influencias non educativas en contra da opinión doutros autores, que defenden que calquer influencia exercida dendeo exterior sobre o educando, é educación.

Considerando, como xa se dixo, a dificultade que ofrece a asignación da multiplicidade de actividades existentes no entorno en que nos movemos, a cada unha das tres categorías ou sistemas educativos formal, non formal e informal, son varios os autores que consideran os modos predominantes e deste xeito unha actividade pode ter como modo predominante o aspecto formal e tomar formas propias dos outros dous procesos, non formal e informal.

A escola como institución constitúe o modo formal de educación e nela, danse características non formais. Existe unha grande correlación entre os tres modos de educación.

Por exemplo, un programa de actividades extraescolares que como o seu nome indica «extra», é considerado como actividade non formal, pode conter e de feito é así elementos propios do sistema formal e informal.

A educación informal en tanto que tipo de acción debe entenderse, según (TRILLA, 1986), :

- a) Como educación producida por accións que non se axustan a unhas formas determinadas.
- b) Como educación producida por accións que non se presentan baixo formas educativas explícitas, específicas ou independentes.
- c) Como a educación producida por accións non establecidas expresamente coa intención de educar.
- d) Como a educación que oculta a súa forma educativa.

Existen moitas expresións que en certo modo están próximas no seu contido, ó concepto de educación informal. Entre elas poderíamos citar:

- Educación asistemática
- Educación aberta
- Educación do mundo
- Educación difusa
- Educación cósmica
- Educación etocrática
- Educación funcional
- Educación extraescolar
- Educación incidental
- Educación natural
- Educación sen escolas

- Educación por medio da vida.

Estas expresións que se identifican como informais se refiren a medios, ámbitos e factores non planexados pedagóxicamente en función de obxetivos educativos concretos, pero xeneran efectos educativos. Só exclúen do seu universo á escola e ás Institucións específicas de carácter pedagóxico.

1.3.2. Educación Asistemática e Educación Aberta

Educación asistemática ou non sistemática caracterízase por ser unha influencia difusa e espontánea e realízase na familia e na sociedade. É oposta á asistemática, que é a que se realiza na escola con normas, con obxetivos definidos e obxetivos seleccionados e dirixida por persoas especializadas.

Educación aberta é a que se proporciona a través da escola aberta e que basea a súa actividade educativa no establecemento de nexos ou pontes, entre elas o seu entorno ou contexto social.

Na súa propia denominación, aparece o significado do seu campo de acción. Oponse ó concepto de clausura e aillamento da educación tradicional. A súa pretensión é a do coñecemento do medio a través do contacto con el e permitindo que os influxos do mesmo penetren nela e para iso é necesaria a flexibilización do tempo, dos horarios, da participación dos pais e outros membros da comunidade da tarefa educativa.

É un tipo de educación que non é selectiva. Todos poden acceder a ela e o lugar de aprendizaxe non se circunscribe soamente ó centro escolar senón que pode ubicarse no mercado, nuns almacéns, no campo, nunha fábrica, etc. Este concepto de educación aberta ten moitos puntos de coincidencia coa educación non formal.

1.3.3. Educación do Mundo e Educación Difusa

O Dr. TRILLA, J., (67) citando a Montesquieu, di que existen tres educacións distintas: a que recibimos na familia, a que recibimos nas institucións educativas e a do mundo e é este último o «mestre universal» que debe guiarnos por tódalas partes. Este tipo de educación continúa dicindo, oponse ás anteriores superándoas ata o punto de considerar que o individuo comeza a educarse cando entra en contacto co mundo.

Denomínase educación difusa porque se entende e nutre da vida social e das relacións existentes entre os membros integrantes da mesma. A educación difusa non se circunscribe a ámbitos determinados nin a institucións específicas.

E. DURKEIM (68) caracteriza co termo de difusa á educación das sociedades primitivas. Nestas sociedades a educación era continua e múltiple. O suxeito educábase a sí mesmo a través da vida familiar, dos ritos, dos xogos e tamén das ceremonias. Calquera suceso da vida diaria serve para instruírse: dende os coidados da nai deica as ensinanzas paternas acerca da caza e da supervivencia pasando polos relatos dos vellos e os sortilexios do chamán.

«Estas modalidades informais, non institucionais da aprendizaxe, prevaleceron ata os nosos días en vastas rexións do mundo onde constitúen aínda o único modo de educación» (69).

«Nestas sociedades primitivas, o elemento pedagóxico atópase xeralmente de tal forma ligado e intercalado á súa admirable e complicada organización ceremoniosa-social, que é case imposible separalo dela e vóltase incomprendible sen un minucioso coñecemento desa organización» (70).

«Nas sociedades primitivas a transmisión de valores e xuízos colectivos, é realizable de maneira difusa sen un sistema educativo propiamente dito sen institucións específicas de educación, coordinadas nun sistema determinado, pero se verifica tan eficazmente que acaba por asimilar ó individuo» (71).

1.3.4. Educación cósmica e Educación Incidental

O concepto de educación cósmica é utilizado por NASSIF, R. (72) como concepto oposto ó de educación sistemática, sendo o elemento diferenciador de ámbolos dous a intencionalidade educativa.

NASSIF, R., denomina «cosmos» ó que nos rodea, isto é, o mundo, polo tanto este tipo de educación é anterior á sistemática, posto que antes de asistir á escola institución organizada e sistemática formal, xa estivemos en contacto cos fenómenos do mundo material no que nos desenrolamos. Primeiro súfrense ou experimentáanse os factores do mundo que nos rodea, que nos proporciona normas morais de conveniencia e desenrolo intelectual.

Tal vez foi nos tratados de Dewey, J., nos que apareceu o termo incidental por primeira vez (1913) e utilizado polo autor no sentido de todo o que ocorre imprevisiblemente na vida diaria e que ten un alto valor educativo (73):

«Se queremos, pois averiguar cómo se verifica a educación co maior éxito, dirixámonos ás experiencias dos nenos, nas que a institución é unha necesidade e non as prácticas da escola onde aquela é un adorno. (...) O que se aprende na escola é, no caso máis favorable só unha parte relativamente superficial. O adxectivo «incidental» expresa unha das características dun amplo sector do conxunto global dos fenómenos educativos: o sector formado por aqueles procesos de educación que acontecen en situacións que non estaban directamente preestablecidas para producilos».

1.3.5. Educación Natural

Educación natural quere dicir «educar dacordo coa natureza».

Foi Xoan Xacobo Rousseau (74) o que preconizou no seu libro «El Emilio», o naturalis-

mo pedagógico.

«A natureza dispón para fortalece-lo corpo e facelo crecer, de medios ós que xamáis se debe contrariar. Non debe constreñirse a un neno a que se esté quedo cando el quere andar nin obrigalo a andar cando el quere estar quedo».

Este tipo de educación natural é espontánea non premeditada nin organizada sistematicamente en institucións educativas. Constitúe por tanto, todo o oposto a educación formal e neste sentido identificándoa como informal,

O termo natural foi utilizado por SUCHODOLSKI (75) que caracteriza este tipo de educación como:

- non planificada racionalmente,
- non impartida por institucións específicas,
- carente de obxetivos pedagóxicos,
- non sistematizada,
- todo xira en torno ó medio que inflúe sobre o educando.

Polas características deste tipo de educación, infírese, que pode considerarse como educación informal. E un tipo de educación que se serve única e exclusivamente do medio entorno natural no que se move o educando, ó que logra adaptar a dito medio.

1.3.6. Educación sen Escolas

Este desexo de educación, foi defendido por Paul GOODMAN (76) que afirma que a institucións educativas non son tal cousa, posto que ponen en perigo a iniciativa, a motivación intrínseca, a imaxinación, o inxenio, a liberdade, o sentido común e incluso a saúde.

Di tamén que a escola elemental é unha costosa gardenia e os outros centros son campos de concentración que só serven para preservar a orde social contra a xuventude e que a alienación dos xoves é o froito desta situación:

«O que entendemos por escola, lugar especial cun plan de estudos xeneralización das actividades normalizadas da vida dividido en departamentos... con ensinantes especializados, exames e unha promoción gradual é unha invención histórica dos monxes islandeses do século XVII».

E propón como solución os seguinte puntos: (77)

1. *«A educación incidental incrustada nas actividades correntes das sociedades, ten que reinserirse como medio principal de ensinanza e aprendizaxe».*

2. *«A maioría de centros de ensinanza deben ser disoltos e substituídos por outro tipo de comunidades xuvenís».*

3. *«A formación universitaria debería seguir e non preceder á vida profesional».*

4. *«A principal ocupación dos educadores debe percurar que as actividades da sociedade sexan defensoras da educación».*

Goodman propugna a educación informal, que el denomina incidental, non debe educar unha institución especializada senón unha sociedade global cos seus contidos difusos.

Outro autor que propugna o mesmo é REIMER EVERETT (78) para quen a sociedade non favorece a vida do individuo porque aquela favorece o predominio das institucións sobre as persoas, ós que deixou no papel de simples pezas que perden a súa liberdade da engranaxe desa poderosa máquina que é a sociedade e que está o servizo de moi poucos.

En definitiva, a escola é para Reimer unha institución negativa que apoia a unha sociedade tecnolóxica á que lle produce os individuos que demanda.

Moi coñecidas son as teorías de Iván ILLICH (79) acerca da escola como institución, da que se di que ó controlar a educación acota as liberdades que tanto molestan ós dominadores da sociedade. Estas palabras son significativas:

«Cárceles, hospitais, escolas, etc. todo iso serve a un mesmo propósito: na nosa sociedade os nenos e os tolos din a verdade por iso se crearon as escolas e os manicomios. Cortar caña é para os cortadores, cumprir sentencias para os reos e tamén para os alumnos».

O profesor Dr. J. M. Quintana (80) define o movemento da desescolarización como anarquista e como tal esixe unha liberdade sen limitacións, que pretende sustraer ós educandos do influxo dos mestres para entregalos a outras influencias máis fortes e tal vez máis negativas e reformadoras.

1.3.7. Educación por medio da vida

Este modelo educativo fundaméntase en: « se aprende o que se vive», pero referíndose ó que se vive fóra da escola.

Cada persoa nace nun determinado fogar, cuns medios económicos distintos a outros e cuns condicionamentos sociais, tamén diferentes. Estas circunstancias van configurando a súa vida mesma dendeque nace ata que morre e é a experiencia que se vai adquirindo polo feito de vivir, a que vai conformando a primeira formación que recibe. Desto fálanos HUBERT, R. (81).

Este tipo de educación identifícase con educación difusa, educación sistemática, cósmica, ambientada e informal.

As súas características son as mesmas:

- non intencional,
- inconsciente,
- desordenada,
- positiva ou negativa,
- etc.

1.3.8. Educación Extraescolar

«A educación extraescolar abarcaría a tódolos procesos educativos desenrolados, fóra da Institución Escolar xa sexan institucións institucionais ou sistemáticas como non intencionais e asistemáticas, tanto institucionalizadas como non institucionalizadas. A educación extraescolar abarca a educación non formal e a educación informal ou difusa» (82).

Para a UNESCO é unha educación que ten lugar fóra do sistema formal de educación e de educación superior:

«A educación extraescolar, abarca as institucións, programas e actividades para xoves non escolares e actividades extracurriculares para os escolares» (83).

A educación extraescolar, artículase en torno a aquelas actividades que sendo organizadas pola escola, non seguen os fins específicos e convencionais da mesma. Estas actividades, poden ser totalmente alleas ós programas escolares e como consecuencia realizarse fóra do horario habitual das clases. As veces denomínanse como extraescolares, unha serie de actividades, que se levan a cabo fóra da escola e que realmente pertencen ó conxunto de actividades educativas do curriculum. Tal é o caso das excursións culturais ou das visitas a museos por citar algunhas. Esta denominación, determina como escolar todo o que se desenrola no recinto escolar (intramuros) e como extraescolar o que se leva a cabo fóra do perímetro de edificación.

Para calificar estas actividades e recursos (84) adóitase empregar termos como: educación peri-escolar, educación circum-escolar, etc.

Luzuriaga define a educación peri-escolar como unha actividade educativa, non formal, que se organiza fóra do sistema escolar establecido para a consecución duns obxetivos determinados e para complementar á educación formal.

Segundo CALLAWAY, A. (85) o feito de destacar o valor extraordinario da educación extraescolar, non sinifica iso que reste importancia á ensinanza formal:

«Hai que amplia-las experiencias educativas e poñelas ó alcance dunha maior porcentaxe de poboación. E, na medida do posible, os programas de educación

extraescolares deberían ser financiados con recursos nacionais e locais non disponibles para a educación formal».

Callaway fai unha valoración moi positiva desta educación porque, á marxe de recoñecerlle a súa valor educativa, considéraa como o complemento que precisa a educación formal, para atender a un grande número de persoas que, por diversas causas, non puideron ou non poden acceder á actividade formal da educación, coincidindo con Luzuriaga en tal aspecto.

No que respecta ó noso traballo, consideramos que, neste tipo de educación, terían cabida tódalas manifestacións festivas tradicionais e culturais dunha determinada rexión ou país.

No noso caso, o proxectar como actividades as nosas festas tradicionais e culturais, ata o campo do extraescolar, constitúe o núcleo deste traballo, partindo das propias definicións de Educación Informal e de Educación Extraescolar así como de tódalas teorías educativas que xa retomamos, nas que o acordo acerca de que a escola ten que proxectarse cada día con máis intensidade sobre o entorno, aproveitando todo o que este lle ofrece, é unánime.

As actividades extraescolares aportan innovacións á educación formal, ten un grande valor para as zonas rurais e brindan aprendizaxe a persoas que non teñen acceso á educación formal.

1.4. Características da Educación Informal

- non é sistemática,
- non é metódica,
- non é consciente,
- non é intencional,
- é espontánea,
- ás veces é deformadora,
- proceso que dura toda a vida,
- fomenta o tradicionalismo,
- considérase categoría restante,
- actúa en procesos educativos do mesonivel,
- transmite valores e contravalores,
- ten un sentido amplo de socialización e culturación,
- non se realiza a partir da definición previa de obxetivos,
- xurde nas relacións do individuo co entorno,
- adquirese sen medicións pedagóxicas,
- adquirese directamente de estímulos non directamente educativos,
- as súas variables fundamentais son:
 1. a intencionalidade do Axente Educativo, e

2. a consciencia do suxeito educado.

- dáse no transeurso das actividades dos adultos nas que participan os xoves,
- nela, non existe o recoñecemento social educador,
- xenera efectos educativos non especificamente recoñecibles como educativos.

O feito de que os sistemas educativos tiveran que evolucionar e dar entrada a outros diferentes e novos, capaces de aportar solucións válidas ó complexo mundo da educación, débese fundamentalmente a que o proceso educativo desenrólase no seo das sociedades, sendo estas as que deciden que aspectos son válidos e han de aproveitarse e cales hai que desbotar porque non serven nun momento concreto de evolución dese grupo social.

Sen embargo, o que está fóra de toda dúbida e que o proceso educativo é un fenómeno social e que non pode farse de educación desligada do entorno social.

Por esta razón, considerámo-la conveniencia de adicar esta parte final do capítulo ó estudio das relacións entre educación-sociedade-entorno.

2. A EDUCACION COMO FENOMENO SOCIAL:

Cando falamos da educación como un fenómeno social, non queremos defende-la postura sociolóxica que define a educación, como unha realidade social, pero tampouco nos identificamos coa corrente individualista defendida por NEILL, que non lle confire dimensión social algunha.

Nós, situámonos nunha posición intermedia e recoñecemos que a educación ten un aspecto social moi importante.

A educación é unha función social e é a sociedade a que promove como un de tantos

fenómenos que nela se dan, sexa esta do tipo que sexa e os seus efectos, transcenden ó individuo porque tódolos elementos que interveñen nun proceso educativo teñen raíces sociais.

A educación está condicionada por factores sociais e linda que no proceso educativo, ó considerar nel ó educando o receptor da educación como un ser individual que está determinado por unhas capacidades mentais, de adaptación, etc., que se consideran individuais, tamén é necesario ter en conta, que esas características individuais teñen unha marcada orixe social. Son moitos os autores, (86), (87), (88), (89), (90), que afirmaron a influencia do ambiente social, cultural, nivel económico, etc., no nivel de adaptación do individuo, así como na súa actitude verbal. O neno que procede dun nivel social desfavorable, ten lóxicamente maior dificultade que outro do cal o nivel económico e social lle permita outros contactos máis enriquecedores do seu vocabulario como poden se-lo contacto diario nunha familia de alto nivel cultural e un maior acceso a libros e medios que o primeiro non dispón.

Esta posición económica da familia supón ó mesmo tempo unha situación cultural, uns medios educativos e tamén un nivel de aspiración. isto complementase cunha coidada dirección da escola sen importa-lo custo de asistencia á mesma. Trátase dunha interacción de fenómenos sociais no individual e viceversa ata o punto de que a afirmación que citamos de que os factores individuais teñen a súa orixe en factores sociais cobra máis consistencia canto máis profundamente se analizan os factores propiamente sociais como poden ser: o desenrolo económico do país, o nivel cultural do mesmo, o influxo político ou a demanda social. Afirmar R. NASSIF (91).

«A educación é socializadora e a sociedade é educadora».

A educación nítrese fundamentalmente, do social e dos seus aspectos históricos, psicolóxicos e sociolóxicos sendo os seus fins e as súas funcións así como os seus condicionamentos de orixe social.

Na actualidade é difícil entende-la educación como un elemento alleo á sociedade, está demostrado que resulta máis eficaz naqueles contextos de maior intensidade de vida social. Afirmar QUINTANA, J. M. (92):

«Toda educación ocorre, de feito, non só nun contexto social, senón tamén, máis ou menos, no seo da grande sociedade, xa que esta configura, de arriba abaixo, tódolos elementos que constitúen os diversos contextos sociais, pois a sociedade consiste nun sistema de institucións nas que se verifican relacións personais que comunican, de feito, unhas pautas culturais ós individuos, este fenómeno dimana da mesma estrutura social, e con el ten que ver directamente a educación».

A sociedade organízase en torno a unhas institucións que se constitúen nun sistema xerarquizado e nela verifícase unha serie de relacións personais que comunican entre sí e transmiten á súa vez unhas pautas culturais. A cultura presenta pois:

«O aspecto dinámico da estrutura social que constitúe a alma das institucións sociais, ven a ser, ó propio tempo, o obxecto mesmo da educación, a cal se mostra por conseguinte como o medio necesario para transmitir e con que conta a sociedade e desenrolar esa cultura» (93).

A cultura defínese en termos de comportamentos, de modos de vida e de ser.

«Para uns a cultura é un patrimonio, o produto das actividades intelectuais e artísticas das xeracións precedentes. O problema a resolver é, dende logo, un problema de conservación desta cultura pero, sobre todo, de transmisión, de difusión. Para outros, a cultura non se define como o dereito a tomar parte nunha cultura dada senón como o dereito de facer cultura» (94).

«O feito educativo, como fenómeno antropológico humano está en relación coa influencia social de transmisión de ingredientes culturais, propios de toda a sociedade e de asimilación dos mesmos por parte do suxeito dende a súa realidade histórica. A educación, proxéctase así en contexto socio-histórico como perpetuación, conservación do acervo cultural por parte da sociedade e como inserción social, como proceso de socialización por parte do individuo» (95).

Como afirma FAURE, R. (96):

«O medio local constituirá sempre para o mestre e os seus alumnos unha fonte inagotable de información e ensinanzas que significarán unha poderosa axuda no seu labor docente».

Segundo TRILLA, J. (97):

«A relación entre os costumes e a educación é dobre. A adquisición de costume, hábitos, rutinas e tradicións é fonte da educación. Os modos de obrar consuetudinarios en virtude da educación, ou se se quere, un modo de obrar especff leo chega a ser costume nun grupo social determinado en canto que se xeraliza e é asimilado polos seus membros e se conserva de xeración en xeración».

Segundo GARCIA HOZ, V. (98), ó referirse á educación etocrática (a influencia Educativa dos costumes) di:

«Dentro do ambiente social, hai algúns estímulos educativos, por exemplo, as profesións, que teñen límites de certa precisión, pero existen outras moitas, como réximes de vida, as diversións, as posibilidades culturais difícilmente aprehensibles e que, non obstante, contribúen a configura-lo modo de ser no home. Todos estes estímu-

los poden englobarse co nome xenérico de costumes dun país».

Esta afirmación do profesor GARCIA HOZ, V. ven a reforza-lo dito anteriormente ó definir textualmente ós costumes dun país con estímulos educativos. Aínda que aquí tomamos o termo país referido a un contexto máis reducido e que se refire ó entorno en que nos movemos e no marco social no que imos centra-la nosa investigación.

Do anteriormente exposto nas citas (92, 93, 94, 95, 96, 97) podemos resumir que as tradicións festivas poden considerarse como pautas culturais específicas en cada grupo social e pertencentes ó seu acervo cultural, sendo unha das funcións da educación a conservación e transmisión desa cultura como patrimonio ou legado cultural que cada xeración está obrigada a deixar á que lle sucede o máis enriquecido posible.

«A dimensión social contemporánea do feito educativo lévanos aínda máis lonxe. A incidencia da educación na sociedade rompe o marco das institucións educativas e invítanos a entrar na análise do entorno. Máis alá das institucións escolares nas que se imparte a educación formal, o estudio do entorno, das mentalidades sociais, das pautas culturais, etc., modificou irreversiblemente o obxecto de estudio da nosa disciplina» (99).

Esta dimensión social á que se refire o profesor BARREIRO toma significado a partires das investigacións levadas a cabo ó concluí-la Segunda Guerra Mundial, momento a partir do cal a educación vai ser entendida como un sistema de ensinanza-aprendizaxe e como un instrumento de produción e reprodución cultural ó servicio do Estado. (Conceptos que serían estudados por BOURDIEU (100).

A sociedade realiza e dirixe a educación dos seus membros como función esencial e tende a autoconservarse mediante a transmisión de pautas de conducta, usos e costumes, ós elementos xoves da mesma.

Cada sociedade dá un modelo de educación dacordo co cidadán que quere formar e por iso proporciona contidos, medios e estímulos. Toda sociedade é educadora dende o momento que sumerxe ós seus individuos na cultura ambiental e ó transmitir-lle-los valores culturais da mesma reafirma o proceso de reprodución social, entendendo por cultura:

«Aquela totalidade complexa que inclúe, crenzas, arte, moral, lei, costumes e todas as demais capacidades e hábitos que o home adquire como membro da sociedade» (101).

A educación debe perpetua-la cultura inculcando ós seus membros xoves a necesidade do cambio e a evolución social cara ó progreso capacitándoos para crear máis cultura. Esta forma de perpetua-la cultura denomínase enculturación e debe comezar na familia e se compléta na escola. E a primeira influencia que a sociedade exerce sobre o neno para transmitir-lle-los valores sociais, valores que o novo membro irá transformando uns, enriquecendo outros e desbocando os restantes como froito do seu contacto e do seu desenrolo

vital e evolutivo no seo da sociedade. isto sería o estudio da aculturación.

A aculturación exerce unha serie de funcións sociais, que seguindo a QUINTANA J. M., citamos a continuación:

- Función de adaptación do individuo ás esixencias do grupo social.
- Función de asegurar unha continuidade social.
- Función de introduci-lo cambio social.
- Función de capacitación social.
- Función económica.
- Función política de educación.
- Función de control social.
- Función de selección social.

A educación promove o progreso humano da sociedade.

Coas funcións enumeradas e outras que as complementan, a educación intenta a adaptación social do individuo, que coincidiría coa definición de AGUILA J. C., de educación:

«E a comunicación de patterns correspondentes a cada rol, por parte do educador, ó educando en función dunha idea «perfección» que non é outra que unha idea de «funcionalidade» (102).

«A institución escolar que comprende dende a maternal ata o final da ensinanza superior cumpre hoxe en base a istos fenómenos «unha función paterna especializada: os coñecementos e as técnicas que o pai transmite ante o seu fillo, son agora tan numerosas e complexas que houbo que crear uns pais especializados», os que ensinan, e unha institución particular que é a escola. Pero nela, non só se transmiten os coñecementos formais, senón pola súa singularidade particular, en canto institución sociocultural, é o reflexo da cultura dun determinado momento e dos problemas sociais que se viven nunha época» (103).

Afirma KRIECK, E. (104):

«En cada comunidade, existe unha vida espiritual que crece naturalmente. E un tesouro cultural primitivo que se atopa contido nos cantos, contos, mitos e lendas populares, as cales non teñen ningún fundamento organizado. Reprodúcense libremente e en relación coa educación funcional de boca en boca e de xeración en xeración.

Estos estímulos provintes do medio son o froito da exploración e das múltiples e variadas relacións do neno que se desenvolve e que actúa constantemente sobre el comezando no seo familiar.

A forma de transmisión cultural ten bastante transcendencia na relación entre o neno e a educación que recibe».

O neno que hoxe presenta normalmente certa apatía fronte a educación porque segundo afirma KNELLER, R. G. (105):

«Débese esta apatía a súa importancia de relaciona-la información que adquire na escola co que debe saber para traballar productivamente e recrearse durante o curso da súa vida».

A diferenza do neno moderno, o que pertence a unha cultura primitiva, participa activamente na vida común e adquire a súa herencia cultural observando e imitando ós adultos en actividades como: os rituais, as saídas de caza, os festexos e a agricultura.

Nas sociedades primitivas as expectativas dos pais para os seus fillos son as de que sexan o que eles son e nada máis, e así ensinalles aquilo que eles saben para defenderse na vida. E é a través desa tradición cultural como adquiren a aprendizaxe: por imitación dos seus maiores. De ahí que a súa herencia cultural tradicional aínda que sexa menos rica, sexa vivida con máis intensidade.

A cultura trásmítese mediante a comunicación de símbolos. Dice CASSIRER, E. (106).

«O home, non é soamente animal racional senón que, máis exactamente, é animal simbolicum».

«Os símbolos non representan obxectos senón conceptos con respecto ós obxectos».

Mentres as sociedades primitivas satisfagan as súas necesidades normalmente fixas, as sociedades modernas deben crear cada día novas necesidades baseadas no principio da industrialización, e o consumismo.

Por outra parte, as sociedades modernas, debido a complexidade das súas culturas, son máis insensibles caas sociedades primitivas ó impacto da masa.

O home moderno, cada vez está máis aillado polo crecemento urbanístico e polo desenvolvemento tecnolóxico e industrial, aquí que perde sensibilización ante eventos culturais - tradicionais.

«As escolas contemporáneas, por outro lado están adicadas a eleva-las expectativas do neno máis alá do que progresaron os seus pais convertindo ós fillos de obreiros e empregados en médicos, avogados, e financistas» (107).

O valor das tradicións na educación, está condicionado polo interese do neno como dixemos e tamén por docentes. No mundo occidental, os docentes, soen ser moi teóricos e alonxados da realidade, feito que, ademais, é coherente cos modelos e sociedades occidentais que o implican no éxito ou fracaso dos seus alumnos e que ademais os preparan para uns postos específicos de grande especialización non deixando nos seus programas de estudos os necesarios cauces tendentes a formar un individuo menos especialista pero máis sensible.

Os educadores conservadores manteñen que a escola non pode cambiar bruscamente o ritmo da sociedade sen menoscabo da súa auténtica función que é a de capacita-lo intelecto, de facilita-lo aprendizaxe. E como os individuos son os que transforman a sociedade, a auténtica forma de que a sociedade cambie para mellora é logrando o cambio dos seus individuos:

«A responsabilidade da escola é inculcar ó alumno aquilo que hai de permanentemente valioso na herencia da cultura e adapta-las novas xeracións á sociedade tal como esta é. Se a escola se converte nunha axencia de reforma cultural, preparará ó alumno para un medio que quizais xamais chegue a realizarse» (108).

KANDEL, L. J. (109) afirma que o obxectivo da educación é:

«Reproduci-lo tipo, transmiti-la herencia cultural e adapta-lo individuo á sociedade».

Falamos de tradicións culturais e populares e cremos necesario matizar que non é o tema deste traballo o analizar profundamente o concepto «tradición» senón determinadas manifestacións culturais tradicionais. Sen embargo, cremos que é necesario falar algo deste concepto e remitirémonos a DURKHEIM, que considera que todo o que acumulamos dos nosos antergos implica unha serie de adaptacións e de experiencia, que se fortalecen canto maior sexa a influencia dos maiores sobre os xoves, pero en función das novas circunstancias que van xurdindo; as sociedades vanse transformando e van despoñendo as tradicións dunha serie de contados prexuízos e erros que foron acumulando ó longo da historia. E explica este autor:

«Para que se produzan novidades na vida social, non é bastante, que vexan a luz novas xeracións, é preciso ademais que non sexan arrastradas coa nosa forza a seguir os erros das que precederon.

Canto máis profunda é a influencia destas últimas e é máis profunda canto máis tempo dure, canto maiores son os obstáculos que se opoñen ós cambios».

Para DURKHEIM, as tradicións son elementos culturais que non favorecen en grande maneira os cambios sociais posto que as considera portadoras dos erros e crenzas ancestrais, aínda que admite, que a través dos anos vanse «purificando» desas influencias nocivas.

Nós cremos que, despois desa depuración continúa á que alude DURKHEIM, o que queda nas tradicións dos pobos, e que superou tales seleccións é porque está perfecta e necesariamente enraizada na súa cultura popular identificando moitos casos ós grupos que os enlazan co seu propio pasado histórico e de ahí que se xustifique a súa existencia e se lle recoñeza o seu valor.

As festas tradicionais de cada pobo aportan un grande valor educativo en virtude de que son portadoras de valores culturais que ás veces resultan enmascarados polo aspecto folclórico que tamén posúen e que pertencen ó acervo cultural do grupo social que celebra esa festividade. As veces quédanse en simples conmemoracións, que proporcionan un día folganza á poboación porque non lles deu a dimensión educativa que realmente posúen.

Estas celebracións teñen pouca resposta a nivel educativo, porque os programas escolares non as contemplan na medida desexada e mantense así, a desvinculación entre a escola como columna vertebral do sistema educativo formal e o seu entorno, cousa que non

ocorre no Sistema educativo informal, que, segundo afirma CRIBNER e COLE (110).

2.1 Comunidade e proceso educativo

«Fóra da escola, que constitúe moi a miúdo un terreo bastante aislado do mundo, o neno recibe do medio en que vive un conxunto de estímulos que poden ser moi enriquecedores: prensa, radio, T. V., experiencia cotiá, etc. Pola súa actividade persoal, o neno explora o medio, aprende moitas cousas, deseubre relacións de orden causal. O medio educa dunha forma determinada. Non se pode negar a ese conxunto de accións o termo xeral de accións educativas na medida que transforman o suxeito e lle impón certos caracteres da súa personalidade ulterior» (111).

No amplo senso da palabra, a educación xa sexa a nivel formal, non formal ou informal, significa a adquisición cognoscitiva dos valores da cultura e a adaptación na actividade e no ser, o contado espiritual dos mesmos, valores que poden adquirir funcional ou premeditadamente. Dunha maneira funcional, ten lugar mediante unha asimilación inconsciente, pois o neno vai adentrándose no mundo cultural polo mero feito de vivir e pertencer a el, participando das máis variadas formacións sociolóxicas a través da familia e da vida no pobo. Deste modo e sen pretendelo, vai asimilando gran parte do patrimonio cultural que o rodea (tradicións, costumes, festas populares, modos de vida, etc.) que o van formando pouco a pouco ata a súa completa formación.

A comunidade pois, exerce unha grande influencia sobre os individuos e esta, é máis intensa durante a idade escolar porque os xoves aínda non teñen conformada a súa personalidade.

Esta influencia que o entorno social da comunidade exerce ás veces de maneira inconsciente sobre os xoves ponno de manifesto KRIECK ó afirmar:

«O modo como a comunidade inflúe na súa prole, aínda cando esta influencia sexa completamente inconsciente e sen propósito, é, por tanto, unha condición necesaria. Non hai duda de que este xénero de influencia inconsciente e inintencional da comunidade sobre as xeracións xoves entra xa no concepto de educación, pois con isto, eleva ós nenos da comunidade a súa situación actual, facendoos membros plenos e maduros dela» (112).

Desta cita, podemos sacar como conclusión que a influencia tanto a nivel consciente como a nivel inconsciente que a sociedade exerce sobre os individuos é decisiva e conformante de personalidades e xeneradora de hábitos e aptitudes.

Esta acción difusa, universal e continúa da sociedade sobre o individuo é educación e cando o individuo interioriza os patróns culturais presentes no medio social, experimente o que se denomina como inculturación (113).

Constatado está por numerosos autores, que o home como «*suxeito de tódalas culturas fol conformando o seu hábitat e os seus costumes, influenciado polo medio no que lle toca vivir*» (114). Ese hábitat ou medio ambiente está definido por tres categorías de factores:

- Naturais.
- Sociais.
- Culturais.

A diferenciación destas tres categorías pon de manifesto que o medio ambiente: ...

«*e todo aquilo que rodea ó home, non só no ámbito espacial, senón tamén polo que respecta as diversas formas temporais de utilización dese espazo pola humanidade (a herencia cultural e o legado histórico)*» (115).

Constitúe por tanto un lugar máis adecuado para o desenrolo de tódalas manifestacións culturais dos homes ó tempo que proporciona «as claves» para unha mellor comprensión e valoración da nosa historia e da nosa herencia cultural, que, por outra parte, estamos na dobre obrigaón de comprender e de transmitir ás xeracións futuras e non permitir que este legado resulte triturado pola civilización moderna do consumismo e da tecnoloxía imperantes nunha sociedade que máis que depositaria do citado legado a transmitir, máis ben constituíuse como dona e señora do medio, con capacidade para decidir, incluso sobre a súa eliminación en moitos casos.

Os fenómenos ou acontecementos populares, que tantas veces puidemos comprobalo seu arraigo e enraizamento social, constitúe como o manifesta KRIECK (116) todo un contido histórico que foi transmitíndose de xeración en xeración ó longo dos tempos, actualizando dalgunha maneira as formas de vida, os costumes, as diversións, e, en definitiva, aproximándonos ó entorno dos nosos antepasados.

Insistimos bastante neste aspecto da herencia cultural, porque consideramos que non pode desvincularse o pasado histórico do home das diferentes formas de vida do mesmo nunha sociedade completamente diferente e en moitos casos alienante para os que a constituímos. Dese pasado histórico o acervo cultural do cal non só se perdeu senón que en moitos casos se revalorizou en contados e matices diferentes e de onde intentamos extrae-lo valor altamente educativo que nel existe centrándonos nas festas populares tradicionais.

E de ter en conta, ademais, que tanto a adquisición como a perpetuación dos costumes se fai a través de procesos educativos. Estes costumes perpetúanse no seo dunha sociedade que á súa vez é como xa dixemos herdadas dos seus antepasados e nese medio social vivo que o Dr. Zabalza denomina macroambiente, xénese o proceso de desenvolvemento do neno, coa correspondente influencia que actúa sobre a súa formación.

Este macroambiente abarca segundo o Dr. Zabalza (117):

«*Todo o contexto natural e social e cultural*» que a súa vez coinciden coas tres catego-

rías e factores que definen o medio ambiente segundo NOVO VILLAYERDE, M. (118). A súa importancia deriva da cualidade instructiva e Normativa que se atribúe.

Retomamos esta afirmación do Dr. Zabalza, porque as festas populares-tradicionais pertencen ó contexto socio-cultural no que se desenrola o educando e ademais defendemo e apoiamos tamén:

«A profunda contextualización e enraizamento socio-cultural do feito escolar que é determinante na valoración e organización das conductas que cristalizan nun grande amor pola propia terra no seu senso máis amplo, como expresión profunda do que somos e do que é noso» (119).

Nembargantes, isto que sería o desexable, non é desgraciadamente o que ocorre como moi ben pon de manifesto FRABBONI cando di:

«Uns programas escolares anacrónicos é unha separación entre espacio educativo e espacio social coa conseguinte institución da clase esterilizado polas distraccións plantexadas coas actividades fóra da escola, contribuíron a consolidar non só unha cultura histórica, desligada dos problemas e valoracións do cotío» (120).

Acerca dos programas escolares a afirmación de BRUECKNER-GUY L. BOND (121) está na mesma liña cando din:

«En condicións óptimas e con programas adaptados as súas necesidades, a maior parte dos alumnos progresarían satisfactoriamente».

A institución escolar ampliou de tal maneira o espacio cultural, que arrebatou ó ambiente a súa función como fonte orixinaria de datos sen ter en conta que o entorno máis próximo o educando como é a familia, o barrio no que vive e a súa cidade, están xerando constantemente situacións, que debidamente aproveitadas posúen un alto valor educativo. No caso das celebracións das festas populares-tradicionais o neno non necesita ser motivado senón que se automotiva polos estímulos que toda actividade festiva é capaz de xerar e dende esa automotivación potenciada a súa vez, como sería desexable, non só dende a actitude do profesorado senón dendeos propios curriculums, o alumno é capaz de redescubri-los valores culturais máis próximos (os do seu barrio ou cidade) e dendeahí proxectalos a un nivel máis abarcativo, o que lle permitiría a conexión histórica entre o seu presente e o seu pasado. O respecto afirma ACEVEDO, F. de (122):

«As festas tradicionais pertencen á cultura dos pobos e a educación é un proceso de transmisión cultural dunha xeración a outra».

Considerada a influencia educativa da sociedade sobre os seus membros, é necesario aproveita-los temas de interés para os alumnos, que, como dixemos anteriormente, presentan altas cotas de motivación, como son as festas tradicionais.

As festas tradicionais , os usos e costumes , son denominados por CASTILLEJO, J. L.

(123) como Axencias educativas informais e posúen a característica fundamental de que son «directamente educativas». Nembargantes, pese a non seren directamente educativas, o que ninguén diseute é o valor educativo que aportan cando se presentan ós alumnos debidamente incardinadas co medio ambiente no que éste vive e procurando que non se queden no puramente folklórico e superficial senon que sexan capaces de espertar no alumno valores culturais históricos e sociais que as conforman.

Trátase de establece-lo maior número de nexos e puntos de contacto entre a escola e o contexto no que se atopa ubicada. Esta apertura da escola, hacia o medio, involucrándose nel, conleva necesariamente ó coñecemento do mesmo instada por Ordes Ministeriais do MEC do que nos ocuparemos tamén, cando se analicen as distintas etapas ou fases que o estudio do medio tivo que ir superando dendeos primeiros momentos en que se comeza a concebir que a educación comeza nos ámbitos máis achegados ó alumno para ir abríndose máis cada vez, nun proceso que dura toda a vida.

Esta apertura cara o medio, da lugar a unha maior flexibilización do tempo (horarios menos dirixidos), dos contidos dos programas e, por suposto, dunha participación máis efectiva da comunidade no proceso educativo. Estes influxos educativos procedentes do medio físico natural, social e cultural no que se desenrola o individuo poderían encadrarse no concepto de educación ambiental (124) e que a súa vez correspondese en grande medida coa definición que do mesmo concepto elaborou a UNESCO (125) ó defini-la educación ambiental como:

«Educación destinada ó recoñecemento e clarificación dos valores, actitudes e conceptos concedentes coa relación do individuo e a súa cultura e o seu ambiente físico».

O grande reto na posibilidade de que as institucións educativas poidan actuar como centros de animación socio-cultural,

«promovendo a implicación das institucións escolares na dinamización cultural: preténdese facer unha escola ininterrompidamente aberta á sociedade no marco dunha sociedade constantemente aberta á escola» (126).

Consideramos que esta cita de OTAWAY, A. C. (127) resume bastante todo o exposto anteriormente:

«O resultado da educación dunha persoa ata o momento en que se atope a súa vida, é o resultado das experiencias educativas de toda índole maila adaptación do individuo a esas experiencias.

A educación depende da cultura total dunha sociedade».

E obvio, que as festas tradicionais pertencen ó acervo cultural dos pobos, por tanto, constitúen elementos educativos importantes, en tanto que se transmiten de xeración en xeración.

«A cultura é a configuración dunha conducta apreendida, e os resultados da conducta, os elementos componentes dos cales son compartidos polos membros dunha sociedade particular» (128).

«Unha das funcións da educación é precisamente a transmisión das formas de cultura» (129).

Desta afirmación poderíamos deducir que non é necesario demostrar que as tradicións populares teñen valor educativo, pois dende o momento que se transmiten e perviven xa están cumprindo con esa característica que ten a educación.

3. AS FESTAS POPULARES TRADICIONAIS E A INSTITUCION EDUCATIVA

3.1. Consideracións educativas das festas

Xa comentamos en páxinas anteriores a deficiente resposta que ó menos a nivel do tema que estamos investigando ofrecen os programas escolares ás posibilidades culturais de cada rexión, e ós propios desexos dos alumnos en dito campo.

Os programas escolares están recargados de contidos polo que predomina o memorismo sobre as actividades prácticas. Están ademais moi desvinculados do entorno social no que se move o alumno aínda que neles figuran certos temas relativos ó estudio do entorno.

A relación profesor-alumno na E.X.B. está moi determinada pola natureza e o grao de coacción que sobre a tarefa escolar determina o número de sesión e duración das mesmas adicadas a cada asignatura. Trátase pois, dunha excesiva rixidez, que a súa vez, determina tamén, o que algúns mestres utilicen este argumento como desculpa a hora de empregar un tempo nunha serie de actividades que, como é o caso que tratamos, non lle figuran nos textos que manexan os alumnos.

O mestre atópase nunha posición certamente conflictiva porque está colocado entre a situación oficial e as presións sociais por un lado, e os seus valores persoais polo outro: ante tal situación, ata pode aceptarse anque non compartir, a súa actitude de certa despreocupación por aqueles problemas que como o que estamos tratando, recoñecen o valor educativo e demostran saber afrontalo a través das actividades que suxiren pero que, por outra parte, din non preocuparlles.

De todo isto , tanto a nivel de programas como a nivel de aptitudes do profesorado, a máxima responsabilidade recae sobre a institución educativa que en canto ós programas pódese afirmar que *«están máis pensados para progresar no sistema educativo en niveis superiores que próximos ó cidadán normal e o seu entorno social»*, (130) que...

«además mantienen a relación pedagógica e a enseñanza que convén impartir, sacrificando os aspectos que puidieran resultar de interés para os alumnos» (131).

E en canto ós mestres, ademais das razóns xa expostas a solución das cales tamén está en mans da institución, habería que pensar tamén no aspecto da «reproducción» estudada por BOURDIEU (132).

«a escola é, polo tanto, a institución investida da función social de ensinar e, por isto mesmo, de definir o que é lexítimo aprender».

Aínda que o primeiro intento de legislar algo sobre actividades extraescolares, non aparece ata a Ley Xeral de Educación do 14 de agosto de 1970, fomos recopilando no Aranzadi aquelas Resolucións, Decretos e Leis, que dalgunha maneira tiveran certa relación co tema do traballo.

A primeira das Resolucións que consideramos teñen un lixeiro acercamento ó tema, é a do 21 de febreiro de 1964, na que como pode verse a través dos artigos 15 e 19, coménzase a falar de actividades complementarias do programa.

E tal vez, a primeira consideración sería de que ademais das actividades ata entón contempladas, existen outras e ínstase os centros a que as desenrolen en función dos seus recursos económicos.

Outro decreto posterior (tamén recollido) de data 2 de febreiro de 1967, contempla que, tanto as peculiaridades histórico-populares, como as folklóricas, así como o entorno cultural son facetas que debe atender a escola.

Sen embargo, na parte final do artigo ó que nos referimos, o n. 143, pódese ler «especialmente sobre os designados pola inspección». Isto fainos ver, certo acoutamento da citada disposición que, por outra parte, parécenos que se queda soamente nun recoñecemento do valor educativo das peculiaridades de cada comunidade.

E dicimos que se queda incompleta porque non se determina unha normativa que faga de obrigado cumprimento a que se leven á práctica, o que fai que todo quede supeditado á iniciativa particular duns cantos mestres preocupados polo tema.

Velaí unha de tantas contradicións do noso sistema educativo no que, por un lado, se contempla e lexíslas o que debe facerse e, por outro, non se poñen os medios necesarios para que o disposto sexa unha realidade que se leve á práctica.

Na Lei Xeral de Educación do 4 de agosto de 1970, no rótulo 1, no artigo n. 1 O e Título 11, artigos no, 16 e 18, lese:

- *Artigo 10:*
«Teranse en conta as características rexionais ... ».
- *Artigo 11:*
«A formación orientarase ... para vigoriza-lo senso de pertenza a comunidade local, nacional ... ».
- *Artigo 18:*
«Prestarase especial atención á elaboración de ensinanzas sociais conducentes ó estudio das posibilidades próximas á entidade escolar ... ».

Nesta Lei de 1970, a través dos artigos citados, contéplase o recoñecemento da incorporación das peculiaridades rexionais e do patrimonio cultural, así como das tradicións e características rexionais.

Sen embargo, e como tamén se contempla no artigo 16 a necesidade de vigoriza-lo senso de pertenza a unha determinada comunidade local, para logro do cal, e segundo o artigo 18, elaboraranse uns programas de ciencias sociais que o posibiliten, seguímonos atopando ante a mesma ou moi similar contradición que apuntabamos ó facer referencia ó Decreto de 2 de febreiro de 1967, non se experimentaron cambios sustanciais nin nos contados dos libros de texto, que en boa lóxica deberan responder e adaptarse ó contido dos programas (e que os profesores botan de menos! -véxase cuestionario-), nin os profesores en canto a súa actitude como eles mesmos poñen de manifesto no citado cuestionario.

Esta situación de olvido destas actividades propias ó entorno cultural faise máis crítica a partires do 70, no que se recorren por primeira vez as disposicións sobre actividades extraescolares» das que xa falarnos anteriormente e que moi ben poderían se-lo enclave para estes aspectos culturais-históricos e folklóricos de cada pobo, pois en canto a contido acerca do recoñecemento oficial destes aspectos, esta Lei pouco aporta distinto ós mencionados: Resolución de 21 de febreiro de 1964 e Decreto de 2 de febreiro de 1977.

Por Orde do 17 de xaneiro de 1981, e na área de Experiencia Social e Natural, tanto a nivel de Preescolar como de Ciclo Inicial recóllense como bloques temáticos:

- O medio.

- O entorno.

Coa diferenciación de que para o ciclo inicial e como é lóxico o entorno social que para

preescolar quedaba no estudio da familia, barrio, pobo, amplíase á comarca, provincia, rexión.

Esta orde amplíase por *Resolución do 11 de febreiro* e nela pártese para área de Social e Natural de:

«a principal fonte de aprendizaxe para o neno é a experiencia vital ... ».

E por *Resolución de 23 de febreiro do mesmo ano* contéplase no punto 2, entre outras cousas:

«o rescate e fomento de actividades artísticas específicas da peculiar cultura».

Con data do *6 de maio de 1982*, Orde que regula as ensinanzas do Ciclo Medio e tamén para Ciencias Sociais, fixa as ensinanzas mínimas e di:

«axudando ó alumno a situarse dentro do seu entorno físico, humano e sociocultural».

«O estudio de aspectos de tipo histórico, tales como conmemoración e festas que se han de programar con carácter cíclico».

E faise referencia a:

«festas, tradicións e folklore da localidades».

E a través dos Programas Renovados para Galicia nos que se recoñece tamén dunha maneira clara a necesidade de incorporar ó Curriculum educativo istos aspectos, e para iso, articular unha programación dos mesmos, cuns obxetivos moi claros, unhas unidades temáticas e as correspondentes actividades a realizar.

Como un dos obxetivos particulares pertencentes ó obxectivo xeral do coñecemento e integración no medio social especifícase o seguinte:

«Coñece-los costumes e tradicións do propio pobo e a súa comarca e vivencia das festas tradicionais ... ».

Como unidades temáticas figuran tamén o Entroido e as Festas do pobo.

Como actividades, tamén se rexistra un extenso listado adecuado ós obxetivos a conseguir.

Analizando o proceso de contemplación legal do entorno social-cultural no que se move o alumno nada podemos obxectar, pois aínda que todo é susceptible de mellora, as bases a nivel institución educativa están aí. Pero ¿onde está o erro?, ¿por que non se levan á práctica?, ¿podemos utiliza-la argumentación anterior de que o que se legisla non se cumpre a medias?, ¿por que soamente nos libros de lingua galega ou algún outro de ciencias sociais

aparecen simples lecturas divulgativas sobre os Maíos ou o Entroido, pero sen o tratamento serio e profundo que require calquer unidade temática como realmente se preconiza a través dos Programas Renovados?

3.2. Normativa legal

Resolución 21 de febreiro de 1964 (Dir. Xeral. Ensinanza primaria, B. O. Educ. Nac.; 20 Abril, n. 32). Regulamento dos centros de colaboración Pedagóxica.

Art. 15: No plano provincial cada inspector é o director nato dos centros de colaboración pedagóxica da súa zona, e é tendo en conta as necesidades da maioría das escolas e as aficións e posibilidades dos mestres sinalará a cuestión ou cuestións que durante o curso estudarán os centros da súa xurisdicción, dentro do temario redactado polo C. E. D. O. D. E. P. e a Inspección Xeral, así como o asunto ou asuntos das actividades variías que complementaran o programa das sesións do curso.

Art. 19: Na medida que o permitan os medios económicos, os centros organizarán visitas colectivas por grupos a lugares de interés pedagóxico-social, viaxes de estudos, actos de divulgación e extensión cultural, ademais de incrementa-los fondos da biblioteca e material didáctico que as escolas non poidan adquirir.

Decreto 2 de Febreiro 1967, n. 193167 (MEC, B.O. 13). Texto refundido da lei de Ensinanza Primaria.

Téñase en conta que este decreto está modificado pola Lei Xeral de Educación de 4 de agosto de 1980 (n. 9950) que establecen a Educación Xeral Básica no lugar da Ensinanza Primaria.

Capítulo I. A educación Primaria e o Dereito Educativo

Artigo 1:

- d) Prepara-la nenez para ulteriores estudos e *actividades de carácter cultural*.

Capítulo IV. A Ensinanza

Artigo 37:

- a) Instrumentais
- b) Formativos
- c) Complementarios, é dicir, os que completan a cultura mínima primaria, mediante a iniciación nas ciencias da Natureza ou teñen carácter artístico ou utilitario.

Artigo 41:

A xornada escolar durará cinco horas, sen incluí-las ensinanzas complementarias.

Artigo 43:

Extensión cultural da escola. A misión da escola na formación do ambiente cultural da localidade completarase coa utilización de prácticas que fagan de directores escolares e mestres os propulsores entre o elemento popular de canto significa cultura en tódolos aspectos da vida. Para iso, organizarán conferencias e lecturas sobre temas históricos, sociais e folklóricos, especialmente sobre os designados polas inspeccións.

Lei 4 de agosto 1970, n. 14 / 70 (Xefatura do Estado D. O. G., rectificado 7 de agosto de 1970 e o 10 de maio de 1974). Lei Xeral de Educación e Financiación da Reforma Educativa.

Capítulo II. O sistema educativo nacional debe proporcionar-la conservación e enriquecemento da cultura nacional.

- A educación é unha permanente tarefa inacabada.

Artigo 1. Son fins da educación en tódolos seus niveis e modalidades:

- A formación humana integra o desenvolvemento armónico da personalidade e a preparación para o exercicio responsable da liberdade, inspirados no concepto cristián da vida e na tradición e cultura patrias; a integración e promoción social e o fomento do espírito de convivencia.

- A incorporación das peculiaridades rexionais que enloquecen a unidade e o patrimonio cultural de España, así como o fomento do espírito de comprensión e de cooperación.

TITULO I. SISTEMA EDUCATIVO

CAPITULO. DISPOSICIONS XERAIS

Artigo 10..

O calendario escolar será único en todo o territorio nacional, aínda que *se terdn en conta as características rexionais para a súa menor adecuación, e comprenderá un mínimo de 220 días lectivos por cada curso.*

CAPITULO II. Niveis educativos

SECCION II. Educación Xeral Básica

Artigo 16.

A formación oriéntase ó desenvolvemento de actitudes para a convivencia e para vigorizalo senso de pertenza á comunidade local, nacional e internacional.

Artigo 18.

Prestarase especial atención a elaboración de programas de ensinanzas sociais conducentes a un estudo sistemático das posibilidades ecolóxicas das zonas próximas a entidades escolares.

Orde 17 xaneiro 1981 (MEC) EDUCACION XERAL BASICA E PREESCOLAR. Regula as ensinanzas de Educación Preescolar e do Ciclo Inicial de E.X.B.

Experiencia Social e Natural. Preescolar.

Bloque temático 2. – Coñecemento do medio.

- *Descubrimento da Natureza do entorno.*

Bloque temático 3. - Desenvolvemento do medio.

- *Tomar conciencia de pertencer a un grupo familiar e a un entorno social (familia, barrio, pobo).*
- *Xogos e diversións.*

CICLO INICIAL

Bloque temático 2. Coñecemento do medio.

- *Descubrimento da Natureza.*

Bloque temático 3. - Desenvolvemento no medio.

- *Tomar conciencia de pertencer a un grupo familiar e a un entorno social (familia, barrio, pobo, comarca, provincia, rexión).*
- *O xogo e o traballo cos compañeiros e amigos.*
- *Xogos e diversións.*

Resolución de 11 de febreiro de 1981 (Dir. Xeral de Educación Básica). EDUCACION XERAL BASICA E PREESCOLAR. Normas para a aplicación de O. de 17 de xaneiro, reguladora da ensinanza de educación Preescolar e do ciclo inicial de E.X.B.

CICLO INICIAL

EXPERIENCIA SOCIAL E NATURAL

A principal fonte de aprendizaxe para o neno é *a experiencia natural* que é fundamentalmente, a actividade e xogo, pero sentirase atraído espontaneamente cara a determinados obxectos con predominio doutros.

As experiencias que vi ve e realiza motivadas polos adultos aproveitando os temas que despertara a súa curiosidade; o importante será partir sempre dos intereses do neno, para facer máis intencional e atractiva a aprendizaxe.

Os Niveis Básicos de Referencia estruturáronse en tres bloques temáticos:

- O coñecemento de sí mesmo como primeira realidade coa que o neno se atopa.
- O coñecemento do *medio* no que vive.
- O desenvolvemento do medio no seu entorno social e natural

PREESCOLAR

Bloque temático 2: Coñecemento *do entorno*.

Bloque temático 3: Desenvolvemento *no medio*.

- *¿Con quen vivimos?*
- *O xogo e o traballo.*
- *Xogos e diversións.*

CICLO INICIAL

Bloque temático 2: - Coñecemento *do medio*.

- *Xogos e diversións.*

EDUCACION ARTISTICA

Inicia ó neno en actividades relacionadas co *mundo estético*.

Educación plástica e musical.

Resolución 23 de febreiro 1981 (Dir. Xeral Xuventude e Promoción Socio-cultural).
CULTURA. Normas para a concesión de subvencións a programas relacionados coa promoción socio-cultural das minorías étnicas.

1. Os programas de subvencións socio-cultural con destino ás **minorías** étnicas **exe-**

cutaranse polas asociacións e entidades ás actividades e accións das cales estén directamente relacionadas cos fins que se pretenden.

2. As subvencións concederanse a programas que conteñan

- *Rescate e fomento das actividades artísticas específicas da súa pecliarr cultura.*
- Promoción de accións educativas e culturas de carácter social e base popular.
- *En xeral, realización de actividades de extensión cultural.*

Orde 22 de marzo 1982 (Mº Cultura) CULTURA. Subvencións a programas de promoción socio-cultural de minorías étnicas.

Artigo 1.

Os programas de promoción socio-cultural con destino ás minorías étnicas executaríanse polas asociacións e entidades de ámbito nacional, rexional, provincial ou local, as actividades das cales esten directamente relacionadas cos fins que se pretenden. Para iso poderan solicitar da Dirección Xeral de Xuventude a Promoción socio-cultural a correspondente subvención dacordo coas normas desta orde.

Orde 6 de maio 1982 (MEC). EDUCACION XERAL BASICA. Regula as ensinanzas do Ciclo Medio.

O Real Decreto 710/1982, do 12 de febreiro (r. 1952), fixa as ensinanzas mínimas para o ciclo Medio de E.X.B., autorizando a súa disposición final primeira ó MEC para que o desenrole no ámbito das súas competencias.

CIENCIAS SOCIAIS

As ciencias sociais constitúen un medio de grande importancia para *a formación integral* do alumno, *axudándolle a coñecer e situarse dentro do seu entornofísico, humano e histórico-cultural.*

O estudio da localidade, por exemplo, non exclúe o feito de que simultaneamente se trate outras unidades, a través do método das comparacións e referencias.

Algúns aspectos de tipo histórico, tales como as conmemoracións e festas nacionais hanse de programar con carácter cíclico, de modo que se contemplen nos diferentes cursos do Ciclo nas datas correspondentes.

TERCEIRO CURSO

Bloque temático 1. A localidade.

Informarse sobre as festas, tradicións e folklore da localidade.

CUARTO CURSO

Bloque temático 2. A localidade.

Coñecer a grandes rasgos a orixe e a historia da localidade.

QUINTO CURSO

Bloque temático 1. A localidade.

Recoñecer información sobre a vida, cultura, folclore, tradicións, festas e personaxes históricos da comarca a través de preguntas, de conversacións, de enquisas e lecturas adecuadas.

Bloque temático 5. Xeografía Xeral.

Conversar e enriquece-lo patrimonio histórico e cultural de España e das súas rexións e nacionalidades.

CUARTO CURSO

Bloque temático 2. Coñecemento do medio.

Bloque temático 3. Desenvolvemento no medio.

QUINTO CURSO

Bloque temático 2. Coñecemento do medio e do entorno.

EDUCACIÓN ARTÍSTICA

EDUCACION MUSICAL

Bloque temático 2. A música tradicional e colectiva.

- *Coñece-las cancións tradicionais do seu entorno.*
- *Coñecer e practicar un repertorio de xogos tradicionais con implicación musical.*

- *Familiarizarse cos ritmos máis característicos do noso folklore.*

EDUCACION ARTISTICA: Plástica

Bloque temático 1. A Plástica como vehículo de expresión, comunicación, e desenvolvemento imaxinativo.

Ciencias sociais horas lectivas semanais..... 3

Ciencias da Natureza horas lectivas semanais..... 3

3.3. Programas renovados para Galicia

CICLO PREESCOLAR

EXPERIENCIAS SOCIAL – NATURAL

CONECAMENTO E INTEGRACION NO MEDIO SOCIAL

Obxetivos:

- Coñece-las realidades sociais empezando polas máis próximas familia, escola, barrio, pobo, etc.
- Coñece-las tradicións e costumes do propio pobo e a súa propia comarca e a vivencia das festas tradicionais propias de Galicia.

UNIDADES TEMATICAS OU NUCLEOS DE EXPERIENCIA

- *Estamos en outono. Recollemos moitas clases de follas.*
- *Enfeitome. Estamos no Entroido.*
- *Nacen as flores. Estamos na Primavera.*

CICLO INICIAL

EXPERIENCIA SOCIO-NATURAL

XOGOS; DIVERSIONS E EXCURSIONS

- Saber participar e inventar xoguete, xogos e diversións.

ACTIVIDADES:

- Enumera-los lugares onde soemos xogar.
- Enumera-los xogos.
- Coñece-las formas de conducta en participación colectiva.
- Organizar festas na aula con motivo de días sinalados, comezo do ano, festa do Nadal, o Entroido, Vacacións, etc.
- Construír disfraces, caretas, gorros.
- ¿En qué data se celebran as festas no teu pobo?
- Averiguar canta xente do pobo que está fóra, ven o día da festa.
- Aproveitando as festas dos Magostos farán traballos de vocabulario e plástica sobre el.
- Aproveitando as festas do Entroido verbalizan na clase todo o que pensan del:
 - a) ¿Por qué che gustan as festas do Entroido?
 - b) ¿De qué che gusta enfeitarse?
 - c) ¿Hai algo que non che gusta destas festas?
 - d) ¿Gústache tapa-la cara cando te enfeitas? ¿Por qué?
 - e) Representa plásticamente o Entroido.
 - f) Fara unha dramatización sobre o Entroido.
- Comprender e analiza-lo valor das regras do xogo colectivo, sabéndoa respetar.
- Axudarse os uns ós outros cooperando en tarefas colectivas.
- Fomentar hábitos de participación.
- Desentra-la capacidade de xogar.

CICLO MEDIO

EXPERIENCIA SOCIO-NATURAL

Obxetivos:

- Informarse sobre as festas, tradicións, folklore e símbolos da localidade. Valoralos e respétalos.
- Valorar algunhas aportacións e esforzos do home pola cultura, economía, dereitos humanos e pola paz.
- Aproveita-las súas ensinanzas e experiencias.
- Conservar e enriquece-lo patrimonio e cultura de España e das súas rexións e nacionalidades.

ACTIVIDADES:

- Invitar á escola a persoas moi enraizadas na vida da localidade ou barrio para que falen sobre os feitos e costumes típicos actuais e do pasado.
- Aprender a interpretar cancións do folklore local. Memoriza ditas lendas e representacións tradicionais.
- Comentar na clase o programa de festas da localidade ou barrio, facer unha dramatización dalgún acto das festas ou acontecementos.

PARTE II

DIMENSION ANTROPOLOXICA E CONTEXTO PROVINCIAL (OURENSE)

A. ESTUDIO HISTORICO-ANTROPOLOGICO DAS FESTAS POPULARES TRADICIONAIS

- MAIOS

- ENTROIDO

- OS MAGOSTOS

1. A festa dos Maios

Nos principios da humanidade, cando todo era novo, cando as nosas pequenas aldeas aínda non coñecían o desenvolvemento e o progreso tecnolóxico, comezaron os nosos antepasados a estudar moi afeitosamente os segredos da natureza circundante e pouco a pouco, foron desvelando elementos descoñecidos como a forza da lua, o orde do noso sistema solar, os camiños dos planetas e a fecundidade da terra nutricia, non menos misteriosa naqueles primeiros momentos nos que aínda non se coñecían os progresos tecnolóxicos que moitos anos despois desvelarían e desmitificarían moitas cuestións.

Foi entón, cando se despertou o amor das xentes pola primavera, o momento no que se iniciaron ritos de solemnización dos solsticios e dos equinoccios baixo formas moi variadas.

Da mesma forma que coa morte do «Meco» en Galicia, que consiste na destrución polo lume dun boneco de palla, simbolizouse o repudio e condena do frío e das Neves, o agradecemento e a ledicia da primavera encontraba o seu reflexo na festa dos maios.

O maravilloso rexurdir da natureza foi celebrado por tódolos pobos dende tempos remotos como nos recorda o eminente etnógrafo e folclorista -J. R. Fernández Oxea-, coñecido polo pseudónimo de «Ben-cho-sei» no seu libro sobre os maios.

A eclosión primaveral, recubriendo os campos de cor esmeralda fai brotar no mes de maio, coma un milagro de rexuvenecemento, as flores con toda a súa fermosura e o ánimo das xentes vólvese máis ledo e disposto a celebra-la volta á vida trala aparente morte invernal.

O Culto á natureza e ás árbores concretamente, fai referencia á identificación destes, con certas divinidades pagás e datas dos comezos da humanidade.

Existe unha teoría MANNHART (1), segundo a cal a festa dos maios non representa a chegada do bo tempo senón que é un rito de carácter agrario para asegurar boas colleitas cun bo desenvolvemento das plantas e dos animais domésticos. Trataríase dunha festa ou rito de fecundidade co fin de congraciarse co espírito da vexetación, instaurada polas primeiras xeracións que de forma sedentaria se adicaron ó cultivo das terras e que estableceron un ritual animista naqueles momentos críticos da vida vexetal como son a sementelira, o florecemento e a colleita.

Esta representación animista faríase con figuras humanas cubertas de flores e follas, pólas de árbores ou incluso árbores completos.

O home primitivo tivo xa conciencia da humanidade da árbore e tal vez por esa razón divinizouno. Crían que as árbores estaban animadas por espíritos benéficos, unhas veces, e

maléficos outras.

Nalgunhas tribus de Africa e de América practicábanse certos ritos e aínda se lle pide perdón ó xenio que habitaba na árbore antes de proceder a cortalo.

Na cultura de Sumeria, fai sete mil anos xa se coñecía a árbore da vida.

Existe en España unha lenda do tempo dos Reis Católicos (2) que relata esta crenza de que as árbores estaban animadas.

Non faltan investigadores que aseguran que as festas do maio son unha supervivencia das que se celebraban polos pagáns nestas épocas en honor da deusa Afrodita que algúns identifican coa deusa Milita dos Babilonios e con Istar dos Asirios e Astart dos Fenicios.

Remontándonos máis, a árbore do Paraíso é a máis antiga da que se ten referencia a través do Xénese e pode afirmarse que é o berce da humanidade.

Esta árbore do Paraíso, rememórase co que se planta actualmente nas prazas dos pobos e o teñen por costume.

As ceremonias en torno á árbore de maio foron sempre acompañadas de cancións, polo que se pode admitir, que na festa dos maíos atópase a orixe da poesía lírica.

O culto ás árbores ou a identificación destes co culto a divinidades pagáns, data, como dicíamos ó principio, de comezos da humanidade e conservouse ó longo da historia en moitos deles que non practican o cristianismo.

Se o home divinizou a árbore foi pola grande utilidade que lle prestou, crendo nelas, un don dos deuses, existindo identificacións moi interesantes e que aínda se conserva algunha no día de hoxe:

- A Oliveira: Símbolo da paz: Consagrado a Minerva.
- A Aciñeira: Símbolo da forza: Consagrado a Xúpiter.
- O Piñeiro: Consagrado a Dionisos.
- A Palmeira: Consagrado á Lua e a Venus.
- O loureiro: Consagrado a Apolo.

Concretamente a palmeira gozou de grande prestixio nos pobos do Mediterráneo e tamén en Europa Central e Oriental e o loureiro ofrecíase na antigüidade e pervive esta tradición, ós héroes e ós vencedores.

As pólas destas e doutras árbores xa figuraban na antigüidade clásica en ceremonias relixiosas e misterios e foron transmitíndose ata nós previamente modificadas e adaptadas pola igrexa á súa liturxia.

A festa dos maíos celébrase en case tódolos pobos de Europa e chegou ata nós baixo catro modalidades diferentes:

- A árbore de maio
- A cruz de maio
- O maio humano

1. 1 O mes de Maio

Antes de entrar na descripción deste tipo de maio pensamos que non estaría de máis falar do mes de maio, como mes de esplendor da vegetación e que é a época na que acontece esta festa como unha combinación máxica de tres elementos o rexurdir da natureza, o mes da festa e o mes do amor.

Estas características especiais confírenlle grande abundancia de motivos poéticos, sobre a Hermosura do mes de maio e as festas dos maíos e maías, Caro Baroja, J. (3) faínos as seguintes referencias.

O rei Alfonso X o Sabio ten unha cantiga das denominadas maías nas que canta a fermosura, a riqueza e a ledicia do mes de maio e na copla 2395 faise mención ás maías.

*«Sedie el mes de mayo coronado de flores
afeytando los campos de diversos colores
organeando mayas e cantando damores
espigando las mieses que sembran labradores».*

Tirso de Moína canta nos seus versos a Hermosura das rosas de maio.

Calderón de la Barca, na súa comedia «Mañanas de abril y de mayo» destaca o carácter amoroso deste mes.

No poema «El cerco de Zamora» nárrese como o rei García que estaba prisioneiro do seu irmán, sentía pena ó ver ás xoves que recollían a auga para a súa cesta de maías ó tempo que os varóns cantábanlle cancións oportunas ó momento.

Lope de Vega na súa obra «Santiago el Verde», fala do mes de maio como bo para o amor.

Este sentimento de amor ó mes de maio, maniféstase en toda Europa como se manifestan nos cantos de Poliziano Tito Strozzi (1425-1505) SANNAZARO (1458-1530) ITALIA).

1.2 A árbore de Maio

A especie de árbore destinada a maio, varía segundo a flora da rexión onde se celebra a festa. Nuns lugares é un piñeiro, noutros un bidueiro, un chopo, un abeto, un carballo, etc. A condición esencial é que esa árbore sexa alta e dereita. De ahí o dito popular para escribir a un home formado «alto e dereito como un maio» ou «parece un maio».

«O chamado maio, protagonista da función cívico-campestre consiste nun tronco moi alto, comunmente de bidueiro verde, vestido de flores, cintas, pólas e froitos, e en moitas partes panos de seda e outras prendas de vestir» (4).

Esta árbore escóllese entre as menores das arboredas cercanas ó pobo e sóese trasladala-lo día antes da festa ben pola tarde ou a media noite.

Unha vez talado, despóxase da ramaxe deixándolle tan só a copa, que se adorna con cintas, guirnaldas, flores e froitos. Logo plántase diante da igrexa ou na praza do pobo, nun buraco fondo para que quede ben suxeito.

A colocación das árbores provén de Inglaterra, nembargantes son moitos os que afirman a súa orixe romana e pagana.

No 1668, escribiuse a obra «No importa de España» por Francisco Santos e faise relación entre un galán ben vestido e un maio.

En 1558, Felipe II viaxa a Zaragoza e Barcelona e Valencia e desa viaxe referíndose a Hospitalet e na obra de HENRIQUE COLK (5) escrita en Madrid no 1876 aparece unha referencia moi concreta ás árbores de maio colocadas nos pobos e vilas.

Sobre as datas e costumes na celebración da festas dos maos nalgúns pobos españois, seleccionamo-los seguintes (6).

En Peñaranda de Bracamonte (Salamanca), acostúmabase a que fosen os soldados os organizadores da festa, tradición que se estendeu a outras provincias.

En Aldeaseca Fronteira (Salamanca) celébrase a festa o día 15, comezando os preparativos da mesma o día anterior e acostuman corta-la árbore o día da festa pola mañá. O atardecer reúnese a xente do pobo coas autoridades e a banda de música. En tanto, amontóanse os apeiros vellos de labranza desbocados durante o ano. Con eles faise a luminaria ou fogueira ó tempo que se baila ó son da banda.

Unha vez estinguíu o *lume*, os soldados traen a árbore de maio e plántana no fondo buraco construído ó efecto.

No val de Iguña en Santander, sáese á *antevíspera e guiados* polo rexidor, escóllese o maio exemplar.

Unha vez na praza, prepárase un ramo de loureiro, oliveira ou freixo e átaselle na copa. Colócase un galo cerca do gallardete e úntase o tronco con sebo unha vez plantado, é entón cando comeza a competición para conseguir alcanza-lo galo que soe estar entre os vinte e vinteseis metros de altura.

Na provincia de Ciudad Real, concretamente San Carlos Del Valle, soen preparar unha grande rama de aciñeira adornada con flores e froitos e o día 3 de maio, Festividade de Santa Cruz, lévano acompañado pola música ata a praza e colócase no máis alto da fachada da igrexa, lugar no que permanece todo o ano.

En Aragón e Cataluña tamén se celebran estas festas de forma parecida.

Na provincia de Teruel, era costume a subasta da maia previo pago dunha cantidade. A

moza mellor pagada sería maia. As papeletas das mozas non escollidas e dos mozos que non tiñan maia colocábanse en dous pucheros nos que se incluían as papeletas da Virxe María e do Neno Xesús. A ronda dirixíase á igrexa e diante da mesma cantaban un maio á Virxe.

Os dous primeiros versos cántaos un só e os dous últimos cántanse a coro. Despois de saudar á Virxe seguíase cantando polo pobo a cada unha das mozas elixidas. Pola mañá do día seguinte, o maio vai saudar á súa maia e cántalle.

O maio toma unha copa de augardente cos homes da casa e almorza con eles. Durante o mes de maio e ata San Xoán os maios han de segui-las súas relacións coas maias nos bailes organizados os días festivos, é preceptivo que sexa a maia a que comeza co seu maio. O maio ten a obriga de dar serenata á súa maia unha vez por teipada ó menos.

En Cañamartes (Cuenca) o 30 de abril pola noite, reúnen-se os mozos e á porta da o á Virxe. A continuación reúnen-se na casa dun para comer ovos e subasta-la maia.

Un dos lugares que máis destaca pola altura do maio é Viruesa na Serranía de Cuenca, onde se soen colocar piñeiros de ata 27 metros.

A árbore de maio celébrase preferentemente en: Norte de Castela, Aragón, Cataluña e Navarra.

En Cornualles (Inglaterra) adornan as portas e as fiestras con árbores ou con ramaxe verde de Sicomoro.

No Norte de Inglaterra, os xoves levántanse despois da media noite e acompañados con músicos e comos e diríxense ás arboredas, onde cortan pólas que logo adornan con flores para colocar nas portas das súas casas.

Na Saxonia os xoves marchan en busca de árbores pequenas (un por cabeza) e ó mesmo tempo, traen a árbore maio, que plantan no centro da praza.

Na Acacia un grupo de nenos, porta a outro que vai encabezándoos e ven pedindo polas casas.

Sóeo encabezar unha nena chamada «rosiña de maio» vestida de branco e cunha pequena árbore na man.

Tomando como base a teoría exposta e defendida por algúns estudiosos do tema, que se refire á festa dos maios cun rito á fecundidade da terra para preve-los froitos de males e tamén os animais (7) poden ter cabida na mesma os costumes tan extendidos por España e Norte de Portugal así como case toda Europa de plantar pólas de maio nas fincas que están sementadas.

Na provincia de Palencia, acostúmabase a bendecir-os campos, salpicándoos con auga bendita cun mango de pólas de loureiro bendito para que o día de tormenta a saraiva non

destrúa as espigas.

En Santiago de Compostela, trala bendición das pólas en Santa Clara (Igrexa) as pequenas pólas sacadas acostumábanse a cravar nas fincas en produción.

Tamén se soen colocar pólas nas casas o día 1 de maio en toda a zona norte de España e Portugal onde lles chaman maias e acostuman ser flores de xesta branca ou amarela. (Vilariño de Funa en Braga, Santa Comba (Paredes), Santo Tirso, etc. (8).

Filgueira Valverde (9) tamén defende o tipo de fecundidade agraria no feito de plantar ramas nas fincas. Se estas pólas son do arbusto que en Galicia denominamos «codeso», revive unha usanza de orixe celta e na provincia de Pontevedra esta colocación vai acompañada dun esconxuro:

*«cobras e sapos
bruxas e ratos
troupas e meigas
fóra das miñas veigas» (10).*

1.3 O Maio de Laza (Ourense) (11)

A festa do maio de Laza celébrase o día un do citado mes pero leva aparelado outra festa denominada «festa do tres de maio».

A súa celebración é organizada polos maiordomos elexidos para tal fin. Estes na noite do 30 de abril organizan a búsqueda da árbore ou árbores que van adorna-la plaza do pobo. Reúnense e espertan a aqueles veciños que consideran máis idóneos para iso. Diríxense ó monte e rouban o máis alto do lugar. Con todo alboroto e co fin de despertar ó vecindario tráeno ó pobo e proceden á súa plantación na praza. Previa eliminación de pólas laterais e deixándolle só as da cima, as cales adornan. Soen colocarse catro ademais da da praza, outras tres situadas en varios puntos do pobo.

Xunto ó maio principal chamado da Picota (nome da Praza), colócase un escenario de táboas no que se vai celebrar unha representación bíblica o día 3, día da Santa Cruz.

Nesta representación interveñen:

- Adán
- Eva
- Abraham

- Isaac

- O Anxo

Todos eles acompañados por banda musical e elementos de Igrexa como estandartes, imaxe da Virxe do Rosario, Cruz, Sacerdote, etc.

Adán: Para a representación de Adán no misterio escóllese a un home do pobo e de idade madura. Este, vai vestido con túnica branca e adornada con follas de figueira e leva boina de color rosa rematada nunha borla. Na man e no ombreiro porta unha aixada.

As follas da figueira representan o vestido do primeiro home da creación e a aixada representa un deus do campo.

Eva: É elexida entre as xoves máis atractivas e honorables do pobo e a elección mantense en segredo entre elas e os maiordomos da festa que elixen.

Leva un vestido branco e o cabelo caído polos ombreiros e adornado ó igual que a súa fronte con flores de azahar. O vestido ten forma dunha túnica e por arriba leva un mandil da mesma tela, que lle chega ós pes. Sobre o ombreiro, leva un manto completo e na man porta unha roca e unha estriga de liño que vai fiando. Na outra man leva unha pequena cesta con laranxas. Agarda na casa a chegada de Adán.

Unha vez alí, Adán intenta facela sorrir e ela procura o contrario e, para iso, cando Adán abre a boca para facerlle ou dicirlle «gracias», ela mételle a laranxa nela e logo acerca a súa.

Acompáñanos en comitiva os chamados danzantes que levan uniforme con pantalón branco e camisa da mesma cor por fóra do pantalón, ceñíndoa con faixa azul á que vai suxeito un pano. Leva a cabeza cuberta con chapeo ovalado de papel rosa adornado en azul.

Os danzantes que van diante levan espada e castañolas, os demais só castañolas. Incorporados á procesión, esta fórmase así:

Eva e Adán, un ó lado do outro, os danzantes en dúas filas e a continuación dous estandartes, o ramo do loureiro adornado con laranxas e do que pende unha grande rosca que logo será repartida entre os danzantes, a Cruz parroquias, a Virxe do Rosario, un Cristo Crucificado, os curas, Abraham levando a Isaac da man e o anxo.

Así, en procesión, dan unha volta polas rúas e chegan á praza da Picota onde está plantada a árbore e no escenario colocado ó efecto, lévase a cabo a correspondente representación do sacrificio de Isaac.

Rematada a representación reorganízase a procesión e encamiñase á igrexa á que dan unha volta completa, indo os danzantes diante do Cristo executando a súa danza ó ritmo da banda contratada. Xa na igrexa púxanse as andas para que os que máis dean poidan mete-lo Cristo.

A continuación os dous danzantes diante manteñen unha pequena representación, adoptando unha figura do moro e o outro do cristián e recitando uns versos alusivos a Xesús e

a Mahoma e o que fai de moro convértese ó cristianismo no momento en que escoita as verbas:

«Yo me levanto Señor supuesto que lo habéis mandado y que viva la cristiandad y Jesús sacramentado».

Celébrase a misa e con Adán e Eva, Abraham, Isaac o anxo e os danzantes colocados diante. Unha vez rematada, continúa a festa de forma normal.

1.4 A Cruz de Maio

Como dixemos ó referirmos á árbore de maio unha vez cortada adórnase con todo tipo de elementos decorativos por ese afán do ser humano de domina-la natureza. Neste caso, é unha pretensión de facer máis fermoso, aquilo que a propia natureza xenerou xa belo.

A árbore maio evolucionou cara a Cruz de Maio de maneira natural. Basta recordar que a árbore era desprovista das súas polas naturais deixándolle soamente un penacho na sua parte superior. Ó engadirle pólas laterais de tronco espido, íase configurando unha cruz, pero o motivo no que coinciden a meirande parte dos investigadores do tema débese a cristianización da festa. Referente a iso, dinos CUEVILLAS: (12)

«Pese á nítida filiación pagá a Igrexa católica respetou istos costumes no primeiro lugar, porque non viu mal neles; en segundo porque, os encontrou fermosos, e, en terceiro, porque antes que a escola da historia das culturas, soupo atopar no seu fondo recordos da revelación primitiva, e así, limitouse a pór unha cruz no alto dos maios, a face-la aspersión dos campos con auga bendita e incorpora-la festividade súa as ceremonias dos días da xentilidade».

A Cruz de Maio (13) é característica da España meridional: Murcia, Andalucía, Extremadura e as Illas Canarias onde se celebra esta festa con grande tradición e vistosidade. Existen outras provincias rias que tamén se celebra a Cruz de Maio pero as anteriormente citadas son as máis representativas da festa.

Son famosas as Cruces de Maio en Sevilla e no resto de Andalucía.

En Canarias a festa celébrase coas aparicións que son unha especie de cortos autos sacramentais. As Cruces son feitas polos vecinos que as forman e adornan incluso con xoias prestadas para a ocasión polos seus propietarios.

Estas cruces adósanse á parede dunha casa senón hai suficiente espacio aínda que normalmente se fan exentos sobre unha base de escaións nos que colocan grande variedade de flores.

As aparicións son representacións sacras e para iso colócanse sobre unha parede ou adosado da mesma, un monumento de follaxe verde e faise un canto dialogado chamado Loa. En determinado momento ábrese o monumento e queda ó descuberto sobre a ramaxe verde, a cruz de Maio.

En Garrovillas (Cáceres), o día tres de maio adórnanse as rúas con grandes ramas

plantadas na terra, simulando árbores. A ramaxe destes, adórnase con cascas de ovo, con dulces e con flores e cintas de cores moi vivas. Na parede e sobre unha colcha antiga, colócase unha artística cruz no alto e o resto da tea cúbrese con estampas ou pequenos cadros de virxe e de santos. O pé ponse unha mesiña cuberta cun mantel e sobre ela colócanse varios pratos con froitos e dulces.

En Sertadilla (Cáceres), as Cruces de maio son de tres categorías segundo a súa importancia: de mantilla, de manto e de ceo (14).

En Murcia soen facerse de follas e flores e levántanse nas encrucilladas dos camiños (isto garda total correlación con típicos cruceiros galegos). As nenas e os nenos soen pedir ó seu pe unha esmoia para a Santa Cruz ós que por alí pasan.

Na horta, na véspera do día 3 de maio, os noivos colocaban cruces de varas e ramos sobre as rexas ou os paos das ventas as súas noivas e ó son do rimoie, da vihuela ou do violín cantaban a ronda.

Tamén nos atrios das igrexas e ermitas tal como nas casas de rango abolengo facíanse verdadeiros altares con mesa, antepaño e mantel pondo como fondo bordados e mantóns de manila e ó pé da cruz unha bandeira petitorial ó redor colocábanse as autoridades e as xoves máis fermosas e distinguidas da localidade.

Nos barrios de Toledo a xuventude, acostumaba face-las cruces de maio para xustifica-lo seu percorrido petitorio polas casas, levando nunha man un cepillo de roupa que o pasaban polas costas ós transeúntes ó tempo que os obsequiaban cunha cantinela pedindo para cruz de maio.

Este tipo de peticións foi moi criticada (15):

«Nesta persuasión batámonos á rúa, confiados en que non veríamos xa en cada rúa, en cada esquina aqueles altarcirios improvisados erguidos por profanas sacerdotisas en que a mesa da cocina soe servir de ara de dosel a raíz das cortinas dunha alcoba e de adorno os panos do pescozo... Deus criounas (referíndose ás maias) e ben criado en tódolos sentidos e que se elas non deron xa ó mundo outras criaturas non será por falta de idade nin de vocación senón polo que Deus e eles saiban as cales cun pratiño na man acometían a tódolos transeúntes pedindo un cuartiño para a Santa Cruz, pregando, instando, machacando, importunando, detendo, e tomándose liberdades que nin están escritas en ningún código nin ninguén se atreveu a proclamar nunca».

1. 5 O Maio humano

E este un interesante e pintoresco espectro da festa do maio a través de toda Europa. Nenos e nenas e ás veces persoas maiores, adórnase con flores e con plantas para personifica-lo maio.

Nos séculos XIII e XIV os reis, condes e grandes nobres acostumaban vestir roupaxes de cor verde e ricamente adornados o día da Santa Cruz.

MODALIDADES (16)

En Alsacia, sae ás rúas unha rapaciña chamada «Rosiña de Maio» vestida de branco e levando na man unha pequena árbore de maio adornada con cintas mentres que os seus compañeiros recollían obsequios que a xente lles daba para recompensa-los cantos.

En Carintía (Austria) fan unha procesión coa árbore e como personaxe principal levan a «Xurxo o verde», que é un xoven vestido de pés á cabeza con ramas de bidueiro. Durante a cerimonia «Juanito» trata de poñerlle-las pólas verdes a un boneco. O final da cerimonia, Juanito e o boneco son botados a auga.

En Inglaterra «Jack the Green» («Juanito Verde») vai metido nunha armadura de cestaría recuberta de acibeira e hedra e leva unha coroa de flores e cintas. E acompañado por outros rapaces que bailan e piden.

Este tipo de maio, ten en Galicia grande repercusión e neso inflúe a tradición celta.

En Hilde Sheim (Alemania, Baixa Saxonia), un grupo de cinco rapaces van restalando látigos e recollendo ovos. O xefe da banda é o «Rei Folla». Vai tan recuberto de follas que soamente se lle ven os pés. A súa estrutura vese aumentada por un enorme cobrecabezas. Na súa man porta un garfio co que intenta coller ós cans vagabundos e ós nenos.

No Delfinado, (Francia), os mozos envolven en follas verdes a un compañeiro seu ó que noiva deixara ou se casara con outro. E así engaranado tumbase no chan e faise o dormido. Entón acércaselle unha moza, espertao, levántao, ofrécelle o seu brazo e unha bandeira. A continuación van a taberna e dirixen o baile facendo unha serie de tantaruladas.

Esta parella debe casarse dentro do ano pois se non o fan serán tratados de solteiróns.

En Galicia existiu o maio humano (17) na figura dun neno vestido de flores, tamén existiu na provincia de León, este tipo de maios existiu en Galicia ata finais do Século XIX, foron famosos os maios humanos de Santiago, Coruña, Viveiro, Ribadeo, Mondoñedo, Lugo, Monforte, Carballiño, Castro Caldelas e Ribadavia entre outros.

En Santiago de Compostela (18) o maio facíano os rapaces vestindo a un compañeiro con faldamenta e esclavina feitos con espadaña, fiuncho e xungo enchiladas en cordas e adornadas con flores de tempada. O maio levaba na cabeza un ramo de fiuncho cos talos para arriba rematados por tres coroas e unha flor de lirio. Na man levaba un bordón florido.

O maio cantaba a estrofa e os da comitiva respondían a coro ó tempo que levaban o compás cuns paos chamados «palitroques».

A comitiva paraba nas rúas e nas prazas.

A persoa (normalmente neno) vestida de verde, representaba á árbore de maio, ramo de maio ou boneco de maio e era levado de porta en porta polos rapaces pedichóns. Todos representan o espírito benfactor da vexetación a visita do cal ás casas era recompensada con diñeiro ou agasallos.

1.6 O Maio galego: Ourense

Aínda que en Galicia se dan tres tipos de maios xa descritos, o maio representativo desta

rexión é o que ten forma piramidal ou tamén cónica, se ben existen en Pontevedra outros tipos de maios abundando os de forma de barco, denominados «maios barco».

Coa instauración de certames patrocinados polas corporacións municipais, que para fomenta-la festa, estipulan unha serie de premios ós menores e unha pequena axuda para todo o que participe, comezaron a presentarse fontes, pontes, fachadas de igrexas, cruceiros e alambiques, etc. Son os chamados maios artísticos.

A paisaxe galega, determina que en Galicia a festa máis vistosa da primavera sexa a dos Maios, esta festa non se celebra igual en todo o territorio galego e ten o mesmo carácter de benvida ó novo maio e morte ó inverno, como xa dixemos.

Esta festa perdeu o valor simbólico que tiña para os nosos antepasados aínda que se segue mantendo sostida polos nenos.

Seguindo a Clodio González (19), podemos distinguir dous grupos ben diferenciados:

- Maios do norte de Galicia.
- Maios do sur de Galicia.

O mesmo autor, fainos referencia do maio de Ribadeo alá por 1870 e que era moi parecido ó maio de Santiago. Este maio era representado polo elemento máis xoven dun grupo no que participaban nenos e nenas. Só vestía de maio o máis novo. Caso contrario o que ocorría en Pontedeume (A Coruña) onde todo o grupo se vestía de maio a excepción do que mandaba, chamado xefe do maio.

O que facía de maio cubría as súas roupas co musgo cosido e follas e adornadas con flores (Rei de Maio) era o solista do grupo. Os demais acompañábano a coro e pedían facendo paradas nos cruces de rúas e prazas públicas segundo nos relata Filgueira Valverde.

«Os datos recollidos nas provincias da Coruña e Lugo e aínda nalgunhas vilas de Ourense móstranos unha das dúas variantes máis estendidas na Galicia infantilizada, como xa dixemos a festa dos maios de Santiago, Carballiño, Ribadavia, é un neno adornado con flores e follas que sae polas rúas o día un de maio, rodeado doutros nenos pedindo castañas, noces, ...» (20).

Na Idade Media xa se fala do maio de Santiago, polo que se cre o máis antigo e figurábase nel a un peregrino aínda que as súas roupas levaban os mesmos adornos de musgos, follas e flores, segundo nos relata Inzenga e Ballesteros citados por Filguela Valverde.

Sobre este maio xa comentamos a súa vestimenta, que tamén aparece descrita na revista de etnografía; «a festa dos maios», páx. 652.

O tipo de coplas cantadas non acostumaban a ser moi irónicas.

1.7. Maios do Sur de Galicia

A este grupo pertencen os maíos de Pontevedra, Villagarcía, Caldas de Reis, Ourense, Verín e Alariz (21) e merecen ser destacados ademais da súa vistosidade porque son os únicos que actualmente se están celebrando e esa é a causa de que se dea unha transferencia folklórica importante como é o caso de Santiago, que defendei algúns anos nun intento de resucitar esta festa, presenta uns maíos que tanto na música como na súa forma son imitacións dos maíos de Ourense e Pontevedra (22).

Existen en Pontevedra e algunhas vilas marítimas de provincia como Marín o tipo de Maio-Barco (23), que como indica o seu nome representa un barco que soe facerse de cartón, papel grosso, pintado e adornado con flores. Soen ser transportados en andas aínda que ás veces se lle acoplen unhas rodas.

O maio máis representativo para Pontevedra e Ourense nuns casos ten forma piramidal e cónica noutros.

Esta forma cónica ou piramidal é a que moitos estudiosos do tema denominan forma tradicional pero realmente non existe unha resposta clara porque o maio dos últimos tempos orixinouse como unha evolución dos outros modelos ou maíos xa descritos: árbore maio, cruz de maio, etc.

A forma cónica do maio parece ser que representa a un montículo, que á súa vez tamén denomina montículo celta pola forma e pola ubicación dos poblados celtas en tales montículos de Galicia.

Outra polo contrario pretende ver nestas formas cónicas e piramidais os típicos monumentos pagás ós que adoraban supostamente os nosos antepasados.

O que parece realmente acorde coa realidade é que estas formas representan a nosa orografía e o recubremento vexetal con musgos e flores representa precisamente o tempo nombrado da primavera con todo o seu esplendor sobre o inverno, tantas veces manifestándose así sobre a natureza e que ademais concorda co senso de agradecemento que o home do campo manifesta ó colocar «Ramos de maio» nas fincas de produción e o seu salpicado con auga bendita, non só para evita-los males, senón para pedir abundancia.

«Cobras e sapos bruxas e ratos toupas e meigas fóra das minas veigas» (24).

«Alumea o pan alumea ben alumea o pan para o ano que ven alumea pai cada grao seu toledán alumea o fillo cada grao seu pan trigo» (25).

Entre os etnógrafos que defenden que a forma cónica piramidal do maio, representa a forma dos nosos montículos, atópase de punto JOAQUIN LORENZO FERNANDEZ (XOCAS) (26).

Esta forma cónica-piramidal considérase a máis pura e recibe o nome de «enxebre».

Antigamente dentro da estrutura metíase un neno dos que portaban o maio e cantaba as súas coplas ó tempo que os seus compañeiros o secundaban a coro.

1.8 Elementos do Maio: a súa elaboración

O maio tradicional ou enxebre de forma cónica ou piramidal consiste nun armazón de madeira cuberto de arpilleira ó que cose o musgo e engádesse os adornos.

Armazón dun cono:

E necesario en primeiro lugar dispor de dous ou tres aros de madeira un dos cales fará de base e os outros dous colocaránse ó longo do cono para manter ben a forma cónica da estrutura.

Sobre istos aros clávanse unhas tiras de madeira a modo de xeneratrices do cono moi pretas unhas das outras para que tomen a súa forma totalmente curva.

Antigamente, utilizábanse piñeiros moi delgados e altos ou outros talos finos de chopo ou similar. Actualmente é máis práctico e fácil ademais de dicir mellor o comprar «barrotes» en fábricas de madeira que se traen a medida que se queira dar ó maio e ademais non presenta a dificultade de vir tortos como ocorre cos talos das árbores por escollidos que sexan.

Unha vez cravado toma a forma dunha gaiola cónica e procédese ó seu recubremento con tea de sacos vellos de esparto (hoxe cómprase arpilleira por metro). Esta tea fíxase ó longo dunha xeneratriz e envólvese todo ó redor de modo que quede moi tensa, cósesse á madeira e ben tensada, vai servir de base para o cosido do musgo.

O musgo, ha de ser moi verde e en capas grandes, para que a súa fixación sexa máis fácil. Cósesse con agulla de cose-los sacos e con fío de cáñamo do que se usa para cose-los chourizos. Non pode quedar ó deseuberto ningunha superficie a través da cal se poda ve-la tea de arpilleira.

Unha vez cosido o musgo o monumento tomou xa a forma dun montículo totalmente recuberto de verde.

Ornamentación:

Para darlle vistosidade, enfiáase en ristra, o que en Galicia denominamos «carrabouxos» e que non é outra cousa que unhas boliñas esféricas que producen os carballos. Estas ristras dispoñense ó longo do monumento e tamén no senso horizontal facendo ondas, liñas quebradas, debuxos, etc. Non existe unha disposición regulamentada para a súa colocación. O elemento decorativo na súa forma, pertence á creatividade de cada grupo. Estes adornos complementáanse con outras ristras de cascas de ovo vacías.

Para iso os rapaces, dende moito tempo antes tratan de conseguir nas súas casas estas cascas, cousa que aínda que pareza sinxela, resulta laboriosa porque para aproveita-lo ovo, é necesario facer un orificio nun extremo e outro no extremo oposto e facer que o elemento nutritivo saia por un destes buratos.

Unha vez adornados con estes elementos procédese a colocación de flores silvestres, que lle dará a definitiva forma de montículo florido e de verdadeira representación do triunfo da primavera sobre o inverno.

Por último, procédese a fixación na parte máis elevada, dunha cruz, que significa a

cristianización da festa e que por iso se celebra o día de Santa Cruz.

Esta será de madeira e soe ir cuberta de musgo e flores.

O monumento leva tamén pólas de carpaza e xestas así como florciñas de cor amarela.

Na provincia de Pontevedra a estes conos soen colocarlle ristras de laranxa. En Ourense non as levan porque non existe. Non se cultivan polo extremado do clima do interior.

Ademais da cruz pode levar unha campaña e ás veces outra estrutura chamada coroa feita con aros, que se cubren de flores, cascas de ovos e carrabouxos.

Existen autores que consideran que a «coroa» é outro maio superposto ó monumento cónico.

No caso do piramidal, só varía a forma da estrutura. Todo o demais é exactamente igual: teas de saco, musgo cosido, adornos, cruz, coroa, etc.

O monumento apoiase sobre unhas andas compactas e asideiras para ser transportadas polos rapaces.

E importante destacar que o auténtico maio tradicional ou enxebre faise con elementos naturais. Non admite cartón, papel, cola, cintas, plásticos, etc. Elementos que nos maios-barco da provincia de Pontevedra pertencen ó conxunto de elementos do mesmo.

Antigamente, os materiais utilizados na estruturación dos maios eran roubados.

Era unha tradición ceremonial o facelo como nolo pon de manifesto:

*«Para facer este maio
tivemos que ir roubar
as laranxas e o funcho
á horta do Ferradás.» (27)*

Na actualidade non ocorre isto e soen se-los rapaces os que os conseguen por medios normais.

Os maios que eran manifestación puramente rurais co desenrolo das cidades, foron perdendo o seu primitivo significado ata casi a súa total desaparición. Foi preciso que as institucións públicas tomasen as oportunas medidas convocando concursos e fomentando para que volvesen a rexurdir, perdendo deste modo, o verdadeiro senso que tiñan perto salvándose en definitiva.

Moitos dos pobos que citamos como de tradición na elaboración de maios, fai moitos anos que non presentan nin un só maio por dita festividade. Moitas persoas nin o recordan xa, como é o caso de Xinzo de Limia, Viana do Bolo, Monforte de Lemos na provincia de Lugo por citar algún. Noutros como Verín volvéuse a celebra-la festa dende fai tres anos aproximadamente, pois perdérase. Xa non o recordaban as xentes desta xeración.

Referente ós citados concursos é necesario lembrar que foron as «Irrnandades da Fala» os primeiros en crear «un certame» para potencia-la participación e recuperar unha festa que case morrera porque nas cidades galegas a finais do século XIX xurde un alonxamento dunha cidade casi máis ruralizada cara unha cidade máis industrial.

1.9. As coplas dos maios

Sempre houbo nos pobos compositores de letras de maio que alcanzaron certa especialización e que cobraban por facer coplas. As veces facían coplas a varios maios o mesmo tempo.

Algúns destes compositores profesionais tiñan certo matiz culto, segundo afitma GREGORIO FERNANDEZ (28).

Normalmente, as coplas invéntanas os integrantes do grupo que fai o maio. Soen ser satíricas, sobre todo en Ourense. E este é un rasgo que as distingue claramente das outras provincias. A sátira vai dirixida contra os poderes públicos e as institucións para critica-lo que fixeron mal nuns casos e para pedir-lles cousas do ben común noutros.

Algúns van dirixidas contra persoas moi concretas e coñecidas da localidade. Existen tamén coplas que son un canto á natureza, á primaveira e á beleza das xoves. Outras manifestan rasgos patrióticos.

Afirma Fernández Oxea, que nos primeiros tempos facíanse soamente dous exemplares manuscritos das coplas, un para a censura e outro para o cantar.

O carácter satírico destas coplas deu lugar á súa prohibición durante os anos 1937-38. 39-40 que durou a guerra civil española.

Actualmente, son sometidas á censura antes de ser impresas (29).

Algúns poñen de manifesto unha crítica suave como, por exemplo, unha dedicadas ó Gobernador Civil, que ademais presidía a festa é que aparecen na E. Galega e que se dá a curiosa circunstancia de que me foi relatada a anécdota personalmente por Don Antonio Fraguas Fraguas, a entrevista co cal obra no meu poder. Decía:

Señoras e señores	Non é alto nin é baixo
poñan atención	non é malo nin é bo
que imos falar	parece un lelo parado
do Sr. Gobernador	dentro da Diputación.

Estas coplas soen ser acompañadas polo estando acompasado duns cachos de madeira que portan e fan soa-los integrantes do grupo que canta o maio ó tempo que dan voltas arredor do monumento: a estes trozos de madeira denomínanse palitroques (30).

En Ourense, non existe tal costume. As coplas son cantadas polo grupo sen acoplamento de percusión.

A festa celébrase o día 3 de maio (Santa Cruz).

Moi de mañá, sobre as nove e trinta, comeza a circular polas rúas ourensáns os maios. Conducidos por grupos de rapaces e tamén de persoas maiores e ás once da mañá sitúanse na Alameda, que é lugar destinado polo Concello para a celebración das festas.

Xa se perdeu a tradición de parar nas rúas para cantar. O transporte realízase en andas anque non faltan os que o fan sobre rodas.

Unha vez alí, proceden á venda das coplas co fin de obter un diñeiro para unha excursión

ou para unha merenda e espérase que pase o xurado que o fai sobre as doce ou doce e media.

A festa continúa. Os participantes son colexios, parroquias, asociacións de veciños e sociedades culturais

No ambiente de «cómprame unha copla» vai transcorrendo a mañá ata ás 13.30 horas, momento no que os grupos van co seu maio e sitúanse nunha plataforma para canta-las súas coplas ante o xurado que soe estar formado por representantes do Excmo. Concello.

Unha vez concluído o canto de coplas por parte dos concursantes o xurado retírase e volve ás ó da tarde para facer públicos os premios ós menores maíos e ás menores coplas. Nas bases do concurso establécense dúas categorías para os maíos:

1. Maíos de Maiores:

Artísticos: fontes, pontes, fachadas de Igrexas, carros,
Enxebres ou puros: conos e pirámides.

2. Maíos de Escolares:

Artísticos
Enxebres

Para as coplas tamén se establecen dúas categorías:

- Coplas de maiores.
- Coplas de nenos.

Unha vez outorgado-los premios, pouco a pouco os maíos van desaloando a plaza e son levados ata a Ponte do Miño dendeonde son botados como é tradicional. Non falta quen o leve e o desfaga para aproveita-la madeira e arpilleira para outros anos.

2. O Entroido

O Entroido é unha festa da Primavera que comeza como olvido do inverno e constitúe un culto á terra e á súa fertilidade.

O noso Planeta Terra sofre, ó longo do ano, unha serie de transformacións, que impresionaron ós habitantes do mesmo dende os primeiros vestixios na raza humana sobre a súa superficie.

Despois do longo silencio invernal e cando a estación primaveral inicia o seu despertar, xurde o que poderíamos chama-la explosión vital da natureza vexetal e tamén animal. A natureza vexetal fal que a superficie da terra cobre unha nova cor, os froitos comezan a dá-las primeiras testemuñas do seu rexurdir dende as entranas da nai natureza. O mesmo tempo, a

natureza animal, en especial a humana (que é a que nos ocupa) tamén comeza a manifestar unha reactivación de tipo sexual e unha maior predisposición anémica para celebracións festivas. É esta unha das razóns polas que durante a primavera se celebran grande número de festas populares que logo se continúan ó longo do verán.

Na antigüidade, os pobos pagáns, crearon deuses e deusas relacionados coa fecundidade e a eles adicáronlle toda unha grande gama de festas populares, que ó mesmo tempo eran ou tiñan un significado agrario de exaltación do campo en primavera. O Entroido, veu ser co paso do tempo, a plasmación destas festas.

O Entroido constituiu ó longo de séculos, unha importante manifestación da Cultura Popular Tradicional. E o símbolo dunha festividade pública desintegradora do orde e das xerarquías sociais establecidas. E unha festa de participación e de novas linguaxes lúdicas que constitúen un antimundo fronte ó medio moral e a razón que tiraniza ás sociedades contemporáneas (31).

En función do carácter participativo da festa e da súa comunicación afectiva as xentes deixaban de ser elementos pasivos para converterse en actores da propia comunidade como grupo.

Os barullos, máscaras e algarabas, enchen as rúas e prazas durante os días da festa para dar testemuña da fantsia popular do realismo grotesco e do drama sa'tírico, exteriorizando elementos internos da súa individualidade.

Existen moitos antecedentes rurais relacionados coa fecundidade por tanto coas orixes do entroido.

En Frigia (32), (Asia), cara ó ano 1000 antes de Cristo, celebrábase culto á deusa da fertilidade que era a Cibele (33) e di a lenda que esta amaba ó Deus da vexetación chamado Atis. Sábese que se celebraban festas en primavera para expresa-lo sentimento profundo pola morte de Atis e que despois se celebraba con ledicia desbordante a súa resurrección.

Tal vez sexa esta a primeira manifestación da correlación existente entre a fertilidade e a vexetación.

O Pobo Exipcio tivo en Osiris (34) ó grande deus da vexetación. A súa morte no río Nilo e a súa resurrección gloriosa (salvado pola súa esposa Isis), evocan o mito das fases da vida da natureza coa súa renovación periódica.

Herodoto en II, 48 (35) atopa grande parecido entre os ritos de Osiris e Dionisos e di que é imposible que se puidera forma-lo último con independencia do primeiro. A diferenza estriba en que en vez de PHALOS os exipcios inventaron uns bonecos dun cóbado de altura, e movíbeles por resortes, que levan pola rúa as mulleres movendo e axitando obscenamente un membro tan grande como o resto do corpo. isto supón unha transmisión do culto exipcio ós gregos.

Moitos historiadores coinciden en que debido á semellanza entre as ceremonias de culto a Dionisos e a Osiris, fan pensar que Dionisos foi un Osiris enfeitado e importado a Exipto.

Os Sirios deron culto a Adonis, deus da vexetación, que á súa vez reflexa unha copa posterior do culto de Tammuz (36).

Relacionado con Tammuz está a deusa Astarté, ou deusa da fecundidade:

«as función primitivas serían as da deusa da vida vexetal e animal é pola súa relación coa fecundidade e maternidade, foi tamén considerada como deusa do amor, tanto no plano familiar como no sexual. Os excesos orxiásticos da súas festas, foron motivo de escándalo para os protestas bíblicos (Xerónimo, 75). O seu culto difundíuse por todo o mundo antigo e foi equiparado á Cibeles como divinidad agrícola» (37).

G. Frazer, di que o día 22 de marzo celébrase en Roma o culto á Cibeles. Para iso, cortábase unha árbore (piñeiro) e levábase ó santuario da Deusa. O seu tronco adornábase previamente e a el atábase a figura dun xoven que representaría a Atis. Dous días despois, os sacerdotes facían derramamentos do seu propio sangue como ofrenda á deusa e celebrábase unha festa en medio do sangue e desenfreno sexual, non existindo ningún tipo de trabas nin impedimentos. urante istos 3 días de celebración, 22, 23 e 24 as xentes enfeitábanse.

Esto deunos pé para pensar que este culto frixio foi incorporado pola cultura romana.

Os cultos orxiásticos á Cibeles foron difundidos en Roma, unidos a outras supersticións de procedencia oriental dende que en tempos das guerras púnicas a imaxe frixia foi levada á capital do imperio romano. Estas inhumanas orxías nas que era moi normal a perda ou sacrificio das partes vitais foron relatadas por Cátulo no poema 63:

«Cando Atis levado en veloz navío sobre os mares profundos, tocou tras ansiosa e veloz carreira o bosque frixio e penetrou nos sombríos dominios da deusa, cheos de tupida vexetación, alí aguillado por un furor intenso e fóra de sí, arrancouse cun afilado pedernal o pene da íngoa».

Todos estes ritos na honra de Osiris, Adonis, Atis, Tamrruz, etc., estiveron representados con grande solemnidade nos países do Mediterráneo, non en vano a súa prosperidade estivo sempre condicionada ós bens que lle brindaba.

Astarté, a grande deusa da fecundidade, tivo un culto preponderante no mundo romano como divinidad agrícola e di Apuleyo (38) ó referirse ó seu culto (Dea Syria), *«Que ó día seguinte saen ataviados con vestidos de variadas cores e cada un enfeitado ridículamente, coa cara untada de cor ... ».*

2.1 As dionisias rurais

Estas festas constitúen un antecedente máis do Entroido e celébranse na honra de Dionisos. Neles os campesinos enmascarábanse e representaban todo tipo de farsas. E nestas festas había unha grande participación de mulleres que danzaban de maneira frenética, presas de excitacións pasionais e sexuais e de grande impetuosidade. Coa súa danza, crían que, nos momentos de maior excitación, establecerían unión co Deus Dionisos.

Dionisos era deus grego que os romanos transformaron en Baco, foi rei da natureza e do viño (39) e as súas festas representaron a vida, a pasión e a morte do Deus da vida, do renacer primaveral tanto do mundo vexetal como animal (animais e homes).

O principio este culto representábase con danzas.

Posteriormente, nas dionisias urbanas, houbo representacións dramáticas e durante as festas as xentes non traballaban e ocupábanse no culto ó deus e entregadas ó placer.

«Antes de comeza-las representacións a estatua de Dionisios era levada ó teatro e colocada fronte ó escenario para poder gozar da representación ó igual que os asistentes e devotos ó deus.

As máscaras dos personaxes utilizadas nas comedias ademais de dar unha forma grotesca á cabeza do actor, servía para oculta-los rostros e librarse de posteriores represalias polos seus procaces insultos» (40).

2.2 Carrus navalis

En Roma, o culto a Dionisios rendíase a Baco, que foi o seu equivalente no mundo romano.

Eran as bacanales unhas festas nas que o viño e o placer impúñase a calquer outra manifestación. Deste modo, as procesións das rúas, facíanse seguindo a figura do Deus Baco ó que levaban nunha nave á que adosaban catro rodas. Esta figura que representaba ó Deus do Viño representaba un personaxe ó que enfeitaban de Dionisios ou Baco e adornaban con follas de videira. A esa carroza que o transportaba, chamárona CARRUS NAVALIS, e por un fenómeno de síncope deu orixe ó Entroido.

Estas festas celebrábanse tamén en honor a Isis o día 5 de Marzo.

Esta teoría foi defendida por Burkhardt afirmando que nos séculos XIV e XV en Italia saían carros navais en procesión e que eran seguidos por xentes enfeitadas.

2.3. As Saturnais

As Saturnais foron festas celebradas na honra de Saturno e nas que se intentaba pór de manifesto a igualdade entre os homes.

Afirma Covarrubias (41), que durante as festas saturnais as xentes invitábanse entre sí e cruzábanse agasallos. Tamén se levaban disfraces e era frecuente que os señores vestisen como os escravos e istos como señores. Incluso que os señores servisen a comida ós escravos.

Estas Saturnais celebrábanse ó final do Outono e os seus ritos e ceremonias encamiñábanse a desperta-lo novo ciclo da natureza para que volvera dar novos froitos.

A fertilidade da terra (42) enmarcábase na luz escolar. Entre os máis xoves dos participantes, elixíase un rei saturnalicio que debía ser o máis cómico de tódolos participantes.

Acerca desa tradición romana de enfeitarse polas datas de celebracións na honra de Saturno, fálanos JUAN FRANCISCO DE USTARROZ, nun libro escrito en 1944, no que se le:

«Os romanos enfeitábanse nas festas saturnais como se usa en España no «Antruejo»».

A teoría de que o Entroido procede das Saturnais, está moi extendida nos países de fala romana.

Durante as Saturnais, cerrábanse, pechábanse tódolos negocios e tamén as escolas e permitíranse todo tipo de licencias e excesos.

As Saturnais tiveron carácter agrícola na honra de Saturno que, segundo dí a Histo-ria, ó ser expulsado do Olimpo, ensinou ós habitantes do Lacio a forma de cultiva-las tertras.

Na Xermania, existiron tamén festas agrarias na honra da Deusa Herpa, á que tamén levaban procesionalmente nun barco con rodas (barco-carro) e o símbolo do cal era un arado.

Esta deusa Nertha ou Herta, favorecía a riqueza da terra e a vexetación.

2.4. As festas lupercais (43)

Outra teoría sobre a orixe do entroido, atopámoias nas Lupercais que se celebraban en Roma a mediados de febreiro e con elas pretendíanse asegura-la fecundidade dos homes, das mulleres, dos animais, e dos sapos. Con este motivo, os sacerdotes lupercais percorrían as rúas case espidos, levando nas mans peles de animal coas que lle batían a homes e mulleres que desexaran ganar en fecundidade (44).

Este rito, relacionaos co costume que existe actualmente en Xinzo de Limia (Ourense) de golpear as persoas coas vexigas de becerro, así mesmo como de untar coa «carallota» do porco (45), os focinhos as mozas, costume moi xeneralizado en Galicia.

As Lupercais foron prohibidas no 494 polo Papa Gelasio e substituídas pola purificación da Virxe e a súa procesión do día das Candelas..

Xa nos séculos XVIII e XIX, as festas do Entroido, que adquiriran gran importancia e auxe popular, foron adoptadas pola clase burguesa e aristocrática e sufriron unha profunda transformación ó substituí-los aspectos máis populares e xenuinos por luxosos bailes de disfraces, suntuosas carrozas e impresionantes comparsas. Todo isto, fóra do alcance do pobo humilde.

Esto sería o que moitos estudiosos consideran como o principio do fin do Entroido, que, co asentamento dos franceses en España, volvería alcanzar certo apoxeo para ser Fernando VII quen o prohibiría de novo en 1835, cousa que desagradou profundamente ó pobo español, tan dado a este tipo de manifestacións e, vinte anos máis tarde, a prohibición quedaría anulada, se ben o uso das máscaras quedaría supeditado ó permiso ou non dos Gobernadores de cada provincia.

En todo o que levamos exposto acerca do Entroido sempre apareceron termos como «festa pagá», «igrexas», «representacións», etc. iso, impón a necesidade de falar un pouco do entroido no Vaticano.

Seguindo a Izquierdo, P., consideramos de importancia os Papados de Alexandro VII e León X.

Referente a Alexandro VII, é xusto dicir que foi un home da época. Tocoulle vivir o Renacemento con tódalas consecuencias que iso conleva, de ahí que, entre as súas moitas

virtudes, tamén gozase de afamadas debilidades licenciosas.

Sobre estas teorías clasicistas, afirma Caro Baroja (46) que non poden ser consideradas como suficientes, porque se apoian soamente en semellanzas e paralelismos

O Entroido ten, como vimos, unhas raíces remotas que foron capaces de conservar todo un universo de imaxinaria, que ó mesmo tempo foi incorporando rasgos propios de épocas pasadas e tamén doutras manifestacións festivas e folklóricas, que xa desapareceron.

Na Idade Media e no Renacemento foi o Entroido unha manifestación cultural específica das prazas e rúas, que constituíu sempre un período de licencias e de transgresións á Cuaresma. En dito período, a sátira e a imaxinación son os elementos principais.

Esta festa foi sempre autoxestionada polo propio pobo cunha marcada independencia do estado e da igrexa, co fin de conseguir unha liberación transitoria e unha abdicación de tabúes e privilexios oligárquicos.

No ano 494, o Papa Gelasio, prohibiunas, porque xa perderan todo o carácter relixioso e substituíunas pola purificación da virxe e a súa procesión das Candelas.

Do que existe moita certeza e de que foron os romanos os que transmitiron a influencia Festiva do Entroido a España como un valor máis da súa cultura.

Durante a Idade Media, celebráronse festas deste tipo, pero descoñécense bastante pola inexistencia de documentos e libros.

No século XIII, Alfonso X o Sabio, no Libro 24 das 7 Partidas alude as celebracións de xogos de escarnio nas igrexas, unhas veces permitidas e outras participadas polos propios cregos. Representábanse pezas soeces e dramáticas e ó respecto di:

«Los clérigos non deben ser Hacedores de juegos de escarnio, porque los venga a ver gentes, como se facen. E si otros omes los fisieran, non deben los clérigos venir ... » (47).

O Pai Mariano condena as representacións nas igrexas as que tilda de xogos escénicos e de máscaras e aboga polo desierto das mesmas: porque atentan contra os valores relixiosos.

No diccionario LAROUSSE, di:

Carnaval : «Italiano, carnaval, de carnevale, Período de tres días e que consiste en mascaradas, comparsas, bailes, etc.».

Outra etimoloxía sobre a orixe do Entroido «carnenvale» que pode interpretarse como adeus á carne, refírese ás licencias de tipo sensual permitidas antes da cuaresma.

O Papa San Gregorio denominou Diminica ás Carnes levandas, o Domingo Anterior ó mércores de Entroido do que se corresponde co actual domingo de Entroido e que se entende como o domingo anterior a prohibición de comer carne (Cuaresma).

Empregáronse as denominacións «carnestollendas» e «carnestolendas» coas variantes propias de cada rexión. Así, na rexión manchega empregárase «carrastoliendas» e en Cataluña «carrestoltes».

Empregáronse nomes diferentes nos séculos XIV, XV, e XVI para sinalar este período. O primeiro é «carnal» e foi utilizado polo Arcipreste de Hita na súa obra «O Libro do Bo Amor» nos que aparece a Dña. Cuaresma desafiando a D. Carnaval. Don Carnaval cos seus exércitos e con personaxes como D. Toucino e Dña. Cecina, é vencido por Dña. Cuaresma

co seu exército de pescados e verduras.

Juan de la Encina nas súas obras de carácter profano pón de manifesto a realidade da época na que vive e satiriza ó pobo que se prepara a penitencia cuaresmas (48):

*«Oy comamos y bebamos
y cantemos y holguemos
que manan ayunaremos.
Por onrra de Sant Antruejo
parémonos oy bien anchos,
embutamos istos panchos
recalquemos el pellejo... ».*

No 1258, utilízase o termo «Carnestoliendas». As crónicas da Idade Media sitúan o termo a forma latino-mozárabe. Nebrija e Covarrubias (49) utilizan a forma «carnostollendas».

«Chamamos carnal ó tempo do ano que se come carne, en respecto á Cuaresma e os días cercanos a ela, chamamos entroido... e por outro nome carnestollendas, corrompido de carnestoliendas».

D. Alvaro de Luna fala tamén das datas de carnestollendas, así como Bartolomé de las Casas e o Pai Isla.

Góngora utilizou indistintamente entroido e carnestollendas, cando nos seus romances fala de «martes de entroido» e «martes de carnestollendas», referíndose ó mesmo día. Ese uso indiscriminado das palabras foi posto de manifesto tamén por José Cadalso. Covarrubias considerou que a palabra entroido etimoióxicamente procedía do Latín. Nunha crónica do Gran Capitán, relataba:

«Metido en Nápoles, fue a pasear en los Palacios del rey, adonde estuvo muchos días en gran descanso y haciéndolos de la ciudad muy grandes fiestas, juegos, y máscaras, que en aquel tiempo se celebraban los Carnavales, que llaman en Italia y que acá llamamos Carnestollenda».

No diccionario Crítico Etimolóxico de Lingua Castelá, atópase a palabra Carnaval e considerase como provinte de «carnevaré» (italiano).

Durante o Renacemento, e como froito do desexo de volver ás culturas clásicas, fíxose do Entroido unha reconstrucción do paganismo Diso, da fe o Pai Bartolomé das Casas (50) que en 1507 presenciou o Entroido Romano e di:

«Celebrábase tamén outra festividade en Roma, pero menos vil e abominable. Este celebrábase no terceiro día de Xaneiro, con grande licencia de lascivia e deshonestidade, andando os homes vestidos de vestiduras de mulleres por toda a cidade, en-

maskarados e facendo danzas».

No ano 1523 , as Cortes promulgaron unha lei para España a instancias do rei Carlos I na que se prohibían as caretas. De todos é coñecida a profunda relixiosidade do emperador español.

Nembargantes, alá polos anos 1630 e 1650, en España, e durante o reinado de Felipe IV, a imitación do que era costume nas demais Cortes europeas, celebráronse grandes festas de Entroido na Corte Española. Sen embargo, o carácter vitalista e popular íase perdendo pola progresiva estabilización e integración do que foran as formas críticas tradicionais e os lugares públicos.

Estas festas serían prohibidas por Felipe V en 1716 que as calificou de atentatorias contra a moral española.

Durante o reinado de Carlos II, volveron ter moito auxe, pois o propio rei gustaba destas festas populares.

Gustou do teatro e de todo tipo de representacións, sobre todo en tempos do Entroido, sen importarlle demasiado o que de indecoroso puideran ter algunhas representacións.

Conta Ludovico Pastor V, 156, que mandou representar unha obra de Plauto nas súas propias habitacións.

León X, sucedeu a Xullo II e todo foi arte e maxestuosidade ó seu redor. Rodeouse dos máis grandes artistas da época e esqueceuse da súa auténtica función apostolar e espiritual para converterse nun home que amaba a arte en exceso, incluíndo outros praceres e, entre eles, as impresionantes festas carnavalescas e as representacións teatrais, aínda de carácter inmoral, como a Comedia «Calandria» (51).

Este Papa, non só organizaba grandes festexos de máscaras, que presenciaba, senón que pretendía estar informado doutras celebracións do mesmo tipo que se celebraban fóra do Vaticano.

2.5 Datas do Entroido en España

Sobre as datas nas que se celebra o Entroido en España podemos afirmar que, ó ser unha festa lunar, non existen datas fixas para a súa celebración.

- Gonzalo Correas (52), considerou que o Entroido comeza en Nadal.
- Covarrubias defende que o Entroido comeza co ano nunhas rexiões, e por San Agustín (17 de Xaneiro) noutras.
- No País Vasco consideran que o primeiro día do Entroido coincide co día da Candelaria.
- Quiñones Benavente afirma que comeza o día de San Blas (3 de Febreiro).
- Nalguns lugares comeza o domingo de Quincuaxésima.

- En Galicia será dúas semanas e media: Septuaxésima, Sexaxésima, Domingo, Luns e Martes de Entroido.

En Xinzo de Limia (Ourense) dura casi un mes e denominase entroido, antroido, introido(53).

3. OS MAGOSTOS

A castañada é unha festa outonal, que está determinada pola caída das follas, pola morte lenta da vexetación, e tamén pola oscuridade estacional. E o momento no que os rebaños abandonan as altas pradeiras e pastizais nos que permaneceron todo o verán e regresan as súas casas. Con este encontro familiar iniciase o ciclo de feiras. O novo horario que impón a estación outonal, fai que as familias permanezan un maior número de horas reunidas xunto ó lume, que vai se-lo mudo testigo da exaltación de valores culturais propios, de contos e lendas sempre rodeados dese misterio que a escuridade horaria e a morte da vexetación son capaces de imprimir.

A castañada ou festa do magosto celébrase en moitos fogares o día de tódolos Santos, aínda que en Ourense ten lugar o día de San Martiño.

O día de tódolos Santos ten a súa orixe a principios do século VIII, cando o Papa Bonifacio IV fixo construír un templo na honra de Xúpiter e consagrouno á honra da Virxe e ós santos Mártires, despois de purificalo. Posteriormente, converteuse este feito nunha celebración na honra de tódolos Santos que non teñen festa especial, e os cristiáns celébrano a noite do 1 ó 2 de novembro rezando oracións.

Esta festa, dende a antigüidade, foi consagrada en dúas partes: a primeira ós vivos e a segunda ós mortos, e a característica da primeira foi sempre unha celebración de tipo ritual: a castañada (54).

A castañada tivo sempre connotacións funerarias. En Galicia, Asturias e Santander o Magosto naceu como conmemoración e recordo ós mortos e nalgúns pobos existiu a crenza de que o número de castañas comidas dependía do número de ánimas que desexaba sacar do Purgatorio.

A castaña e o viño novo eran, respectivamente, símbolos da morte e da vida, que son a súa vez a tristeza e a esperanza da humanidade. Esta é a causa do que dixemos anteriormente acerca da celebración do Magosto o día de Tódolos Santos.

Fai aproximadamente 400 anos, en Galicia, os pobres (din as lendas), comían as castañas que lles regalaban co fin de librar do Purgatorio ás ánimas dos seus seres queridos. Esta mesma tradición, mantívana os nenos da localidade lucense de Viveiro aínda non hai moitos anos. Visitaban o cemiterio cuns rosarios feitos con castañas cocidas e rociadas de anís, cada un serviría para liberar a unha ánima en pena (55).

O lume tiña, igual que a castaña, unha significación sagrada. Segundo a tradición, nel non se pode cuspir.

Nos fiadeiros (lugares de reunión da xuventude en Galicia, nos que se fiaba), cando o

noivo desexa dar un bico a súa noiva, ela dille: «non, non que me ve o lume» (56).

Na festa do Magosto únense tres dos catro elementos clásicos da Natureza, que son a terra, nin sustentadora; o aire, que alimenta o lume e este, que é o auténtico protagonista polo máximo atractivo que exerce sobre o espírito humano axudado pola gala e o desexo da festa que ten o pobo o día do seu Santo Patrón. Neste caso o pobo ourensán na honra de San Martiño.

O lume de lingua vivificadora estivo co home dendeque este o deseubra e dominou. Se a Nerón se lle serviu para desahogar a súa soberbia na gran folgueira que se ofreceu a sí mesmo como espectáculo, o pastor solitario encendía a súa modesta fogata para axotalo lobo das proximidades do redil, e si outrora Gengis-Khan gravou no lume as poutas do seu paso, co lume perfumado ofrece en pebeteros o crente ás súas deidades e testemuño da fe ou a exacerba na pretendida purificación da herexía inquisicional.

Os celtas, poboadores tradicionais de terras boscosas, facían do lume obxecto sagrado, para as súas celebracións dende o druídico Carnac, na Bretaña francesa ó Finisterre Hispánico, o culto ó lume foi sempre en diferentes xeitos, o medio de expresión para o espírito; pero o que antaño foi relixión hoxe é folklore e o antigo holocausto pagá, converteuse en festa campestre popular e gastronómica.

Sen embargo, algo relixioso quedalle entroncado e co cristianismo aquel paganismo antigo celebrándose a exaltación común para a fe relixiosa na honra de San Martiño e a celebración festivo-folklórica.

A modo de reflexión, poderíamos dicir que o Magosto é unha tradición viva de terra, do pobo, chea de poesía á luz do seu lume, quen teña os ollos ben abertos verá pasar cantos de nenos, ilusión de xoves e ternura de vellos. Na súa música fúndense silencios, palabras, esperanzas, recordos, sentimentos, loitas e dores.

É como un simbolismo do outono ourensán. Un sinal de outra vida dos mortos e dos vivos, unha semente de poesía e de amor no que o vino xoga un importante papel.

3.1. Elementos da festa

A festa do Magosto constitúe unha práctica popular de carácter ritual, que nos aporta grande cantidade de mensaxes culturais, e de imaxes de contado simbólico.

Esta festa constitúe un eslabón na cadea de celebracións anuais correspondentes ó ciclo agrícola ós que tan proclive somos os galegos e tan extendidos se atopan por toda a nosa xeografía rexional.

Nesta celebración do Magosto concorren varios aspectos:

- a) A exaltación dos produtos da terra.
- b) A «comensalidade» galega.
- c) A separación de idades.
- d) O ritual colectivo de carácter sacro.

A exaltación dos produtos da terra:

É costume que determinadas comarcas, pobos e rexións, rindan un tributo especial. en determinados días, a certos produtos da terra que, pola súa abundancia sexan considerados como elementos que van unidos á historia do pobo, comarca ou rexión.

Deste xeito, na nosa provincia de Ourense, son famosas as celebración seguintes:

- A empanada en Alariz.
- O viño no Ribeiro (Ribadavia).
- O pemento en Arnnoia.
- A androlla en Viana do Bolo.
- A «Bica» mantecada en Puebla de Trives.

Trátase de manifestar a gratitude do pobo cara aqueles produtos que o fan destacar e que constitúen ademais unha fonte de riqueza para el mesmo.

A provincia de Ourense é rica na produción de castañas e de ahí a grande importancia deste produto na economía rural da provincia.

Nos anos de abundancia, non só se comercializan senón que aínda son utilizadas polos produtores para o alimento do gando, preferentemente de porco.

é A castaña, non só se pode comer asada nos Magostos senón tamén cocida e para iso, é necesario que sexa sometida previamente a un proceso de secado nos chamados canizos posteriormente descascala.

É precisamente esta labor de secado da castaña o que aglutina ós habitantes das nosas aldeas nos chamados fiadeiros, nos que ademais do secado, se leva a cabo a esfollada do millo e o cardado do liño.

Estas reunións, que desgraciadamente xa case se perderon, tiveron un enorme valor na difusión da nosa cultura popular porque alí era onde se contaban historias, contos e lendas, que postas na boca dos máis vellos eran asimiladas, polos máis novos que a súa vez facían o mesmo xerándose así unha correa de transmisión de auténtico valor na transmisión oral da cultura.

Na actualidade, xa non se cultiva o liño, o millo é substituído polos piensos compostos e as castañas xa se venden recén recollidas e todo iso conduce a non necesidade de agrupamentos de xentes para realizar tales labores. Por outra parte, cambiaron sustancialmente as formas de vida das nosas aldeas. isto fai máis necesario cada día que a tradición oral sexa substituída pola tradición escrita, se non desexamos que pronto se perdertan para sempre elementos culturais que deprimen a nosa raza.

A celebración do magosto é a expresión do comunitarismo agrario. E unha reunión de carácter festivo que resalta o senso da unidade entre tódolos que participan nel. Na

celebración do magosto reafirmase a unidade do pobo, do colexio ou do barrio que o celebra. Tal é así, que si algunha persoa non se suma ós demais á hora de celebra-lo Magosto sen causa xustificada, el mesmo se automarxina respecto ós demais.

Ten o Magosto o seu carácter festivo e de ledicia, de acción de gracias polos froitos que a terra nos deu. E un rito de homenaxe ós froitos da terra: a castaña, o viño o millo e o centeo.

A comensalidade galega:

A «comensalidade» é un dos rasgos máis definitorios da sociedade rural galega á hora de valorar o que antes comentabamos como espírito da unidade dos habitantes das nosas aldeas.

Esta comensalidade, ponse de manifesto en certos momentos da vida do pobo, matanza, recollidas de froitos, festas locais, etc. A matanza constitúe no ámbito rural galego un acontecemento importantísimo. E normal que non coincidan dúas matanzas no mesmo día e no mesmo pobo, co fin de que de tódalas casas haxa un invitado nas que celebra dito acontecemento.

Esta reunión de tódolos representantes de cada casa do pobo celébrase cunha grande cea ofrecida, como é lóxico, polo que fai a mata dos porcos. Celébrase así unha grande comensalidade que se continúa con partida de cartas duns e tertulias xunto ó lume doutros ou animados bailes.

Esta celebración ten un verdadeiro senso de unidade de tódolos veciños ante o momento, que como é sabido constitúe o enchido da despensa para todo o ano pois, como xa se sabe, a carne de porco é o principal elemento na dieta alimentarlá da nosa poboación rural.

Algo parecido ocorre cando os veciños se reunen co fin de axudarse mutuamente nas labores do campo: sega, acarrexa das meses, malla do centeo, etc.

Nestas reunións tamén toman unha grande importancia a comensalidade é para iso, prepárense os menores manxares e produtos do campo para celebrar esta unidade que fai posible, que tódolos veciños unan os seus esforzos na axuda dos demais.

A separación de idades:

Na celebración do Magosto dáse esta circunstancia. Unha cousa é o magosto dos nenos e outra, ben diferenciada, é o magosto de mozos.

No magosto dos nenos o elemento máis importante é a castaña, mentres que no magosto dos mozos é tal vez o viño o elemento indispensable que alegra o ambiente así como os chourizos asados que, ben regado co zume das uvas, produce auténticas maravillas no ánimo dos xoves, que entre cantos e aloumiños propios da idade así como os revolcóns e feluxes de rigor despertara e reviven aquela mencionada «guerra de sexos» á que faciamos alusión no apartado adicado ó carnaval ou entroido.

E unha aspiración de todo rapaz pasar a formar parte dun magosto de mozos. E como **si** con iso, tomase a alternativa que lle dá o paso dun grupo no que a castaña sexa tan só un pretexto e no que existen xa outros intereses que trascenden ó simple feito de reunirse en

torno ó lume para asar unhas castañas.

O ritual colectivo de carácter sacro:

O magosto, con tódolos seus elementos ten tamén un carácter sacro.

As castañas e o viño simbolizan a alegría e as castañas que reventan no lume simbolizan a morte; por iso, os magostos fixéronse antigamente nos atrios das igrexas no día de tódolos Santos (aínda se fai actualmente nalgunhas parroquias), co fin de facer participar ós mortos dunha maneira simbólica nesta festa de carácter agraria o que indica, que no máis profundo do noso ser, tal vez no profundo subconsciente de cada un existe un forte sentimento de nostalxia e recordo cara ós nosos antepasados.

Actualmente, estásenos dando unha grande imaxe folklórico e deformada da verdadeira mensaxe étnica que tan arraigada tradición nos transmite. Esta imaxe folklórico e deformativa xurde no momento en que o magosto deixa de ser reunión de nenos, de xoves ou de veciños nos altos cumes, para converterse en grupos de persoas que, ó abrigo dos altos edificios urbanos e á busca dalgún premio ofrecido por institucións denominadas culturais asan as castañas e os chourizos e beben un bo viño en espera do fallo do xurado. iso non é o noso magosto. Non podemos esquecer que o magosto, naceu no monte ha de voltar se desexamos que viva en todo momento o seu esplendor como manifestación cultural do pobo.

3.2. San Martiño

San Martiño foi bispo de Tours. Era fillo dun tribuno militar e ós quince anos alistouse, fíxose bautizar ós dezoito anos. Naceu en Candes no 316 e morreu en Turena no 397.

Foi exorcista en Poltiers xunto a San Ilario que o ordenou sacerdote retirándose posteriormente a Ligugé con algúns discípulos, sendo famoso en toda A Galia.

No ano 371, foi elixido bispo de Tours e o seu episcopado sinala o triunfo do Cristianismo no Oeste da Galia.

Viaxou moito e nesas viaxes organizaba parroquias que hoxe levan o seu nome e en moitas delas fundou mosteiros, sendo o máis célebre o de Marmoutier, cerca de Tours, no que el residiu máis tempo.

A súa tumba en Tour foi importante centro de peregrinacións, non en vano foi considerado como o santo máis popular na antiga Francia.

A imaxe máis difundida preséntanos a San Martiño montado a cabalo e vestido de militar, partindo a súa capa co pobre.

A súa vida está aureolada de lendas e recóllense no libro «Vida de San Martiño», escrito polo seu discípulo Suspicio Severo (57).

Di a lenda (58) que, sendo aínda catecúmeno, un día achegouselle un pobre tremendo de frío, que lle pediu unha esmola. Como o Santo non tiña cartos, sacou a espada e cortou ó medio a súa capa, dándolle ó pobre a metade. A noite seguinte, presentouselle en soños

Xesucristo, e díxolle ós anxos que o acompañaban: «Martíño sendo aínda catecúmeno cubriume con este vestido».

Continúa a lenda dicindo que, cando morreu, o seu leito era un verdadeiro cilicio, cuberto de cinza. Rodeábano os seus discípulos chorosos, que quixeron porlle debaixo algunhas prendas de abrigo, pero o santo non o consentiu dicindo: «Fillos **meus**, un cristián debe morrer sobre a cinza, pecaría eu se vos dese outro exemplo».

Martíño sobresaíu pola súa caridade e é o patrón da cidade de Ourense, cidade que salvou de ter un rei leproso (59). É coñecido que Galicia esta dominada polo rei suevo Teodomiro, segundo afirma Juan de la Cueva. Este rei, tiña un fillo chamado Miro que estaba enfermo de lepra. Por este tempo eran moi celebrados en Europa os milagres que Deus obraba pola intercesión e reliquias de San Martíño e o rei Teodomiro invitou a Tours ós emisarios que levaban en ouro e prata o peso do seu fillo doente, para isto non lle valeu, senón que houbo de prometer que adxuraría do arrianismo se obtiña unha reliquia do santo. Na segunda viaxe, os emisarios do rei levaron a Francia un rico pano de seda que colocaron sobre o sepulcro do santo, xunto o cal velaron toda a noite. Pola mañá, ó levanta-lo pano, notaron que pesaba moito máis que antes.

Isto oírono os presos do cárcere de Tours e, milagrosamente, quedaron ceibes de cadeas e, ó mesmo tempo, en Ourense o fillo do rei suevo quedaba curado da súa penosa enfermidade. O rei Teodomiro e a súa corte, converteuse ó catolicismo e mandou comezar, no ano 551, a Catedral de San Martíño en Ourense.

Existe na vida de San Martíño un episodio moi importante.

Cando o emperador Máximo fixo xulgar por herexía a Prisciliano e os seus compañeiros, interveu San Martíño na súa defensa das prerrogativas da Igrexa, á quen soamente correspondía xulgar aquela causa e impoñelas penas espirituais que os presuntos culpables merecesen, pero de ningún modo a pena temporal que a autoridade cesárea lles impuxo, a pesar dos argumentos do Santo Bispo Turunense. San Martíño protestou vivamente pola pena capital que sufriron aqueles infelices.

Sábese que os priscilianos posteriores foron herexes, pero non é cousa segura, nin moito menos, que o fose o mesmo Prisciliano e os seus discípulos inmediatos. Inda que o fosen, a intervención do poder civil naquel caso, coa súa secuela de penas corporais, foi un exemplo funesto para o porvir.

Por esta causa, o Colexio de Abogados de Ourense, ten a San Martíño de Tours como o seu patrón.

A festividade deste Santo patrón da cidade de Ourense, celébrase o día 11 de Novembro, mes que leva o seu nome no idioma galego, mes de San Martíño, e nese día celébrase a festa dos magostos e que foi posta polos cristiáns en adoración deste Santo.

B. A CELEBRACION DAS FESTAS NA PROVINCIA DE OURENSE

1. Os maios na provincia de ourense

A festa dos Maios, dende tempos antiquísimos, sempre foi unida ó elemento infantil. A figura do neno na construción do maio, no transporte do mesmo e, de maneira máis trascendental, no cántico das coplas, constituiu un elemento inseparable ó monumento do maio.

Falar de maios é falar de nenos e de xoves.

De todos modos, é necesario precisar que a participación infantil tivo o seu maior apoxeo cando antigamente existía o maio vivinte e que non era senón un neno recuberto con follas e flores, que cantaba as coplas e era acompañado por outros nenos.

Houbo tamén o maio da figura cómica e piramidal, no interior do cal metíase un neno para cantar.

Desto xa falamos anteriormente na descripción dos distintos tipos de maios.

Da historia dos maios en Ourense nos anos que rexistramos, aparece como primeiro maio elaborado polos nenos o do Orfelinato da Barreira, en 1949. En 1953, concédese un premio a outro maio feito polos nenos, e, en 1958, os nenos do orfelinato da Barreira antes citados volven participar, conseguindo un terceiro premio.

E no ano 1960 cando aparecen tres maios moi significativos a nivel de participación infantil: o Maio da cidade dos Muchachos (Bemposta), o Maio da Rúa Colón e o Maio do Barrio do Couto. Nos tres, os nenos son os auténticos protagonistas, tanto na elaboración de maio e coplas, como na venta e cántico das mesmas.

En 1963 comezan a participa-las escolas como tales centros de ensinanza e, inda que no sucesivo só mencionemos aqueles que levaron premio, isto non significa que foran os únicos participantes, pero á hora de consultar arquivos, só quedaron rexistrados os premiados.

Feita esta observación, habemos de supor que, ó ser sempre menor o número de premios que o número de participantes, forzosamente a participación colexial tivo que ser considerable.

No citado ano 1963 figuran premiados a Escola do Posío e o Colexio Menor Calvo Sotelo.

En anos posteriores, rexístranse como premiados os maios presentados pola Escola Nacional de Parada de Piñor, o Colexio da M.M. Carmelitas e a Academia Maxisterio, así como a Escola de Maestria Industrial e varios grupos xuvenís: OJ.E., Movementojunior, etc.

1. A participación estudiantil

E no ano 1976 cando o Concello de Ourense fai un chamamento ós Centros de Ensino, para que participen máis na festa dos maios.

Establece a tal fin uns premios tanto para os maios como para as coplas elaboradas polos escolares.

Ata a data había premio de maios artísticos, de maios enxebres ou típicos e de coplas pero, en 1976, mantéñense as modalidades anteriores e inclúense as de maios escolares e coplas escolares.

Esta nova modalidade de premios estimula ós nenos, que xa non ven a necesidade de competir cos maios de maiores, senón cos de outros nenos e a resposta é importante. Rexístranse como premiados o seguinte número de Colexios (que non vemos preciso especificar, porque xa figura noutro punto de traballo):

1976:	Maios escolares premiados:			7
1977:	“	“	“	8
1978:	“	“	“	3
1979:	“	“	“	7

1980:	“	“	“	4
1981:	“	“	“	7
1982:	“	“	“	5
1983:	“	“	“	8
1984:	“	“	“	10
1985:	“	“	“	7

Da relación de premiados ha de inferirse necesariamente que o número de participantes tivo que ser superior. Foinos totalmente imposible averigua-lo número exacto de participantes, posto que este dato soamente dispón del o Concello no negociado de Cultura, e alí mesmo díxonos que, como non había arquivoiro, era imposible localizalas documentacións e, por iso, só dispomos dos datos aparecidos na prensa local que, ó non posuír tampouco as relacións de maíos inscritos, soamente dá información acerca dos premiados.

No apéndice adxuntamos a información aparecida no citado periódico local «La Región» nos números correspondentes ó 4 de maio, dos últimos 50 anos de celebración en Ourense.

Como pode comprobarse nesta información do apéndice e dentro da categoría de escolares creada polo Concello co fin de potencia-la festa entre os xoves de 1970, son os colexios públicos os que dan unha resposta maioritaria á participación na mesma, apreciándose ó mesmo tempo un enorme desinterés polo tema a nivel de colexios privados, xa que soamente dous concorren con certa asiduidade ó certamen, tal vez movidos máis pola ilusión dalgún profesor que pola importancia que dendeo propio centro se dá a esta celebración.

A nivel persoal, e sendo un dos implicados nesta participación de centros privados, e vivindo no ambiente destes centros durante vinteún anos, como docente en tódolos cursos, quixera aportar moi brevemente unha serie de apreciacións, que dalgunha maneira poden xustificar tal desinterés e para iso analizarai actitudes comprobadas e vividas a nivel do Colexio como institución, profesores e pais de alumnos.

Colexio como institución educativa de iniciativa privada

Como dicía, e sen que iso sexa considerado como un xuicio de valor, vinteún anos como mestre dun mesmo Centro e dos considerados como colexios de élite, son moitos anos como para non coñecer o cómo e o por que determinadas actitudes ante determinados feitos.

Estos centros están movidos por unha serie de intereses que dimanan da súa propia estrutura como empresa adicada á ensinanza e do sentir xeral desa parte da sociedade que, polos motivos que fora, optaron por ese tipo de ensinanza ou educación para os seus fillos.

De todos é coñecido que a orixe da festa é rural e que, pouco a pouco, foise introducindo no ámbito urbano, ata integrarse plenamente nel e, paradóxicamente, extinguirse totalmente no primeiro, pese a selo seu punto de arranque.

Consideramos que este é o principal motivo de rechazo ou de indiferencia dendeo seo da sociedade e niso coinciden os estudiosos do mundo da cultura popular. É como si, no subconsciente colectivo, estivese latente esa errónea identificación entre cultura dos nosos antepasados e ignorancia.

Esto mesmo ocorre cando se implantou o estudio do galego na E.X.B. e en B.U.P. e que,

afortunadamente, tiven que impartir.

Como profesor da asignatura, tiven que soportar todo tipo de presións e de críticas, así como de continúas suxerencias referidas a que a asignatura debiera ser optativa e que mellor sería que estudiasen outra cousa. Isto fíxome pensar moito no que antes apuntaba sobre o subconsciente colectivo. E como se nos avergonzasemos do noso pasado cultural que, obviamente, ten que pasar pola propia lingua como primeiro eslabón (autodesprezo).

Esta enorme contradicción comprobeina, precisamente, naquelas persoas que, se ben actualmente posúen un status social acomodado que lles permite unha vida desafogada e o poder pagar elevadas mensualidades que un colexio considerado de élite cobra ós seus alumnos, as súas orixes máis inmediatas arrancan precisamente do medio rural. Este dato comprobeino co contacto directo cos alumnos ó preguntárselles: ¿De onde eres? ¿Viven os teus avós? ¿En que lugar? ¿Que profesión teñen os teus pais? Como dicía, resultábame moi estraña a actitude de persoas, os pais das cales aínda viven nas nosas aldeas e, moitas veces, moi humildemente e que, ós seus fillos, pónenlles todo tipo de trabas para o estudio da lingua galega, para a participación na festa dos maios e, en definitiva, para todo aquilo que poida relacionalos coas súas propias orixes.

Durante dez anos que participei cos meus alumnos, nunca tiven un serio ofrecemento por parte dos pais para axudar un pouco a elaboración do monumento ó maio, cousa que non ocorre noutros colexios dos chamados públicos, nos que a xente que alí envía ós seus fillos, posúe unha maior identidade de sí mesmos e do aspecto social e convivencias e son moitas as nais que se suman ós profesores e ós seus finos á hora de cose-lo musgo ó armazón de madeira, que previamente os seus fillos, pais e mestres diseñaron e cravaron debidamente. Desta unión participativa de pais, profesores e alumnos dende o primeiro momento do deseño do maio ata o punto final do día da celebración con tódalas notas de convivencia que han de darse para que este grupo funcione, é de onde proceden tódolos elementos educativos que esta festa pode deparar e que ben aproveitados e encauzados dan senso e valor á mesma.

No meu caso particular, e polas razóns xa enunciadas de falta de cooperación por parte de pais, de colexio como institución, os únicos valores educativos que poderían ser aproveitados dimanarían única e exclusivamente da miña relación co grupo e da relación dos individuos dentro do propio grupo. Pese a que é importante e moi aproveitable esta relación a nivel educativo, o que está moi claro é que resulta un tanto incompleta dende o momento en que tendo a posibilidade de reunir unha serie de elementos importantísimos como son pais, profesores e alumnos, quédase soamente nunha participación minoritaria de profesores e alumnos.

Isto é como un círculo que non ten principio nin fin. O colexio percibe que ós pais non lles interesa o tema e como o que pretenden, como *empresa* adicada a ensinanza, é unha boa clientela, non entra na análise da conveniencia educativa. Resultaríalles un tanto arriesgado, como empresa que busca uns beneficios, enfrentar uns plantexamentos educativos ós intereses duns pais que, polos motivos que sexan, non lles fai gracia algunha que os seus fillos teñan contacto coas súas orixes e co seu pasado antropolóxico. Por todo iso, non se potencia dende dentro e de cara ós alumnos e profesores a celebración da festa. A súa vez, os profesores posiciónanse un tanto cómodamente pese a que coñecen o verdadeiro valor e o que se pode

sacar de proveito na súa tarefa diaria cos alumnos e a esta postura de comodidade contribúe, como dicíamo-la empresa, dunha parte, e o traballo que require acométela, doutra.

Como intentei deixar claro, este fenómeno só se dá, afortunadamente, nos colexios privados de alto status social. Dicíamos afortunadamente porque nos últimos dez anos soamente se rexistrou a participación de dous colexios privados e, dos dous, un deles de maneira intermitente, o outro, o cal eu representaba loitando contra vento e marea, asistiu tódolos anos, con notable éxito, inda que isto sexa o menos importante, pero como índice de valoracións do eco da festa entre os pais e a nivel de empresa si me resultou significativo. Explico o porqué.

Gañando os primeiros premios, era lóxico esperar que ó ano seguinte o interés fose maior tanto nos pais, como nos profesores e fundamentalmente por parte do centro. Desgraciadamente, ocorreu ano tras ano todo o contrario.

O día da festa aparecían media ducia de pais para saudar ós seus fillo xunto ó maio e con toda présa íanse sen participar en absoluto na festa. Outro tanto pódese afirmar dos profesores compañeiros que, en número de dous ou tres sendo moi xenerosos, se dignasen a pasar polo recinto para visita-lo maio que un compañeiro presentaba en representación colexial. Do estamento colexial poderíamos dicir outro tanto, unha ou dúas persoas da comunidade era todo o que por alí se podía caer en representación do colexio.

Se analizámo-los éxitos conseguidos nos últimos anos co noso maio (véxase apéndice) é fácil comprender que para estes centros a festa non ten verdadeiramente significado algún.

Esta falta de identificación dáse en momentos propiciativos como o son os éxitos obtidos e a publicidade que a través da prensa, radio, t. v. reciben os gañadores. A todo isto preguntome, ¿cal sería a resposta se o resultado non fose tan brillante?

Outro detalle que considero importante á hora de enxuiza-lo anómaio comporta-que fago referencia é o seguinte:

Fai catro ou cinco anos fixen con alumnos de E.X.B. un maio e cos alumnos de B.U.P. outro. Chegado o momento, e como viña sendo costume, os alumnos de E.X.B. cantaron as súas coplas con naturalidade e sen problema algún, pero os de B.U.P., aludindo que lles daba vergonza, non se personaron no escenario preparado pola organización para tal fin.

¿Que conclusión se pode sacar de tal actitude? Sinceramente, creo que a mesma que expusen cando facía referencia ós seus pais, o que fal supor que esa tendencia ó desprestixio do popular por parte de certo sector da sociedade é cada vez máis notorio e téndese a perpetuar.

Do que non teño en absoluto dúbida algunha é que esta festa non se aproveita na medida desexable a nivel de centros privados e que podería aproveitarse moitísimo máis a nivel de colexios públicos, considerando como causas as que expomos no apartado: As festas populares tradicionais vistas polos mestres.

1.2. O xurado dos Maíos

Consideramos de importancia realizar un estudio do xurado calificador dos maíos fin de

resalta-la importancia da festa, tanto a nivel institucional como a nivel cultural.

Nos primeiros anos que rexistramos e cando a festa era organizada por unha sociedade cultural e recreativa da cidade denominada «Orfeón Unión Orensana» as institucións estaban moi representadas nos xurados calificadores dos anos comprendidos entre 1940 a 1945, inclusive, figurando na presidencia do xurado de 1940 o Excmo. Sr. Gobernador Civil da Provincia e acompañándoo o Excmo. Sr. Gobernador Militar e tamén un representante da Diócese, o M. I. Sr. Bugallo, así como o representante en Ourense do Consulado de Portugal.

Nesta primeira etapa ata 1946, data na que se fixo cargo da festa o Excmo. Concello a través da Comisión de Cultura e a Comisión de Festas aparecen como integrantes do xurado relevantes personalidades do mundo da cultura, como o catedrático Lorenzo, os profesores Sr. Xesta, Sr. Martínez Doval (Fundador do colexio Concepción Arenal) e de Poetas como Nóvoa.

Como se dixo anteriormente, as institucións civís, militares e, nalgúns casos, eclesiásticas, tamén estaban presentes.

A partires de 1946 é o Concello o organizador da festa e, ata 1952, aparece o Xurado, presidido polo Alcalde e formado por Concellais e algún delegado do Goberno Civil da Provincia, sen que por iso falten algún dos destacados personaxes da cultura local. Pero a partir de 1960, cando a configuración do xurado con personalidades (60) coma D.Vicente Risco, Sr. Ferro Couselo, Sr. Rumbao, Sr. Taboada Bonastre, etc. e que se mantearía nesa liña de selección de homes eminentes na cultura galega, inténtase potenciar ó máximo a tradicional festa, manténdose as representacións institucionais.

E o momento a partires do cal a festa dos maios conta dunha parte cos personaxes máis representativos da cultura ourensana e doutra, co refrendo e apoio (incluso había premio do Goberno Civil) das institucións públicas.

No ano seguinte, 1964, inclúense no xurado a escritores de prestixio como Tobar e escultores como Conde Corbal, baixo a presidencia do Tte. Alcalde.

En 1965, a representación institucional alcanza elevadas cotas constituíndose o xurado co Excmo. Alcalde como residente, o Delegado de Información e Turismo, o Delegado de Sindicatos, o Delegado de Xuventudes, o Director do Museo Arqueolóxico e un representante do mundo da Arte e outro do mundo das Letras, así como o Presidente da Comisión de Festas, todos eles como membros con voto.

En 1966 manténse case idéntica tónica coa incorporación de J. R. Fernández Oxea (Ben-Cho-Sei), que sería nomeado anos despois, como membro vitalicio do xurado polo seu enorme coñecemento da festa e polos valiosos estudos publicados sobre a mesma.

En 1985, inclúense no xurado a D. Joaquín Lorenzo Fernández (61) e 1986 a D. julio Francisco Ogando Vázquez.

Da categoría das personalidades que integraron os xurados calificadores e da manifesta representatividade institucional, é fácil inferir que esta festa dos maios significa moito para o pobo outensán que sempre se sentiu identificado na súa celebración.

1.3. Nivel de participación

Aínda que dispoñemos das reseñas de prensa correspondentes ós anos que van de 1931 a 1981 do período que abarca de 1931 a 1952 non aparece na prensa nin nos arquivos, reflexado con exactitude o número de maíos participantes.

E a partir de 1952 cando xa dispomos dos citados números que van servir para elabora-la gráfica.

É de supor que entre 1940 e 1952 a cifra media de participación se sitúa entre os 15 e os 20 maíos, posto que coñecemos de 1940 que é de 15 maíos participantes.

Na gráfica que se adxunta poderíamos face-la seguinte valoración.

Desde o ano 1940, recién acabada a Guerra Civil ata 1956, o nivel de participación é máis ben baixo, pero mantense entre os 15 e os 20 maíos.

No ano 1957, sofre unha caída moi brusca, reducíndose ó 50 % a participación. Este fenómeno soe ocorrer ó seguinte ano de producirse algún descontento entre os participantes. Soen adaptarse posturas de enfado e solidariedade, que repercuten deste xeito.

A partir de 1958, experimentase unha lixera reactivación a nivel participativo, que culmina en 1960 sen alcanza-las cotas anteriores dos 20 maíos para iniciar un preocupante descenso ata 1965 que alcanza a cifra de 7 maíos participantes.

O feito de que o concello fixe unha cantidade de 500 pts. para 1966 en concepto de subvencións (que logo se incrementaria en anos posteriores), polo só feito de participar e á marxe do premio, estimula ós amantes dos maíos e pouco a pouco o nivel de participación sitúase entre os 18 e os 32 maíos, presentándose os inevitables baixóns dun ano para outro, motivados case sempre polos factores expostos, xa que esta festa préstase a manifestos políticos e a decisións do xurado que non sempre son acatadas de bo grao polos concursantes, originando as consabidas rabietas e a decisión de non participar ó seguinte ano como sinal de protesta.

En xeral, aínda que sería desexable unha maior participación a nivel escolar pode decirse que a festa está nos límites de normalidade neste aspecto, se ben sería importante que os mestres deran á festa dos maíos o auténtico valor educativo que ten e deste xeito se potenciase moito máis. E en definitiva o que intentamos conseguir neste traballo: destaca-lo valor educativo das festas tradicionais.

ANOS	N.' de MAÍOS
1940	15
1949	17
1952	20
1953	20

1954	17
1955	17
1956	19
1957	8
1957	13
1959	---
1960	17
1961	15
1962	---
1963	10
1964	8
1965	7
1966	12
1967	11
1968	12
1969	15
1970	29
1971	20
1972	22
1973	---
1974	18
1975	---
1976	18
1977	23
1978	26
1979	18
1980	29
1981	28
1982	24
1983	32
1984	18
1985	30
1986	17

Non existe referencia ó número exacto de participación de 1931 a 1951

Excepto:

1935	17	maios
1940	15	“
1949	17	“

Anos críticos:

1957	8 maíos
1964	8 “
1965	7 “

ANOS DE ELEVADO NIVEL DE PARTICIPACION

1970	29 maíos
1972	22 “
1977	23 “
1978	26 “
1980	29 “
1981	28 “
1982	24 “
1983	32 “
1985	30 “

(OBSERVESE O INCREMENTO EXPERIMENTADO dende 1976, ANO QUE SE CREA A CATEGORÍA DE ESCOLARES).

PARTICIPACION MEDIA ANUAL: 18 MAIOS

1.4 As coplas dos maíos e as súas características

As coplas dos maíos son unhas composicións literarias formadas por estrofas de catro versos. Normalmente riman primeira con terceira e segunda con cuarta.

Nelas, critícanse os vicios que ó longo do ano tiveron maior repercusión social. É frecuente, que esta crítica se centre en problemas locais. Ano tras ano, os concellos e as institucións son enxuciadas no desempeño das súas funcións. É moi difícil, case imposible, que un feito que non gustara a un sector da poboación non sexa cantado polos copleiros.

As coplas detectan tódolos problemas e costumes sociais, basta ler tódalas coplas dos maíos para enterarse de todo o ocorrido, non só na localidade senón na provincia e tamén na nación.

Como dicía anteriormente nada queda no olvido nos compositores da copla que en moitos casos poñen de manifesto unha agudeza sen precedentes para criticar e ó mesmo

tempo pasa-la barreira da censura.

O deporte, a moda, os vicios modernos, os costumes e sobre todos eles, a política son os temas destacados das mesmas.

Escollemos coplas pertencentes a arquivos particulares e da Biblioteca Provincial, así como, da Biblioteca da Excma. Diputación dendeo ano 1928.

Escolléronse ó azar e intentamos facer unha análise do contido das mesmas os resultados das cales se expresan.

As coplas, nos primeiros anos que recollemos, tiñan moi pouca calidade literaria en canto á medida e á rima, aínda que *cumprían sobradamente a súa función de crítica social*. A medida que foron transeurrindo os anos, como é lóxico ademais, o seu nivel de calidade foi aumentando ata encontrarnos nos últimos tempos con algunhas de grande valor poético e moita imaxinación na crítica.

As copias dos maios, sempre foron sometidas a censura. No anexo adxuntamos fotocopia de autorización por parte do Xefe da Garda Municipal (1931). Actualmente, deben ser entregadas varios días antes no Concello e en anos non moi lonxanos, algunhas foron retiradas por orde gubernativa no propio recinto no que se celebra a festa.

Non é difícil atopar nas coplas, un vocabulario ás veces procaz e mal soante no que abundan os tacos e as frases de mal gusto, pero todo iso pertence a ese máxico mundo dos maios que como no entroido, case todo se permite e en tempos de represión era o único día no que se podía criticar abertamente ós poderes públicos sen pasar como é lóxico uns límites marcados pola censura e a ética.

As coplas, teñen un ritmo e unha música moi especial e pegadiza o canto das cales resulta de súa execución para os grupos de rapaces que os interpretan diante do xurado e tamén xunto ó maio co fin de atraer á xente e venderlles exemplares das mesmas.

1.5 Cadro resume do contido das coplas e representación gráfica

ANO	CRITICA LOCAL	CRITICA NACIONAL	COSTUMES	DEPORTES	VARIOS	TOTAL
1928	9	---	25	---	8	42
1929	---	---	40	---	14	54
1930	7	---	35	---	15	57
1931	22	59	7	---	25	113
1932	---	13	5	---	31	49
1933	23	8	33	---	20	84
1934	24	---	37	---	15	56

ANO	CRITICA LOCAL	CRITICA NACIONAL	COSTUMES	DEPORTES	VARIOS	TOTAL
1935	22	3	26	---	30	81
1936	29	28	22	---	17	96

1939	4	10	9	---	7	30
1942	---	---	33	4	34	71
1943	21	---	30	10	36	97
1944	5	---	20	1	39	65
1945	19	6	25	2	39	162
1946	23	---	40	---	24	87
1947	1	---	46	6	15	68
1948	12	---	37	9	13	71
1949	46	---	54	10	26	136
1950	26	---	28	1	16	71
1951	23	---	19	5	12	59
1952	32	---	22	4	51	109
1953	17	---	22	5	21	65
1954	18	---	52	24	7	101
1955	17	---	33	17	20	87
1956	28	---	33	---	29	90
1957	26	---	10	2	19	57
1958	30	---	26	6	10	72
1959	28	23	15	11	8	85
1960	35	18	27	16	14	110
1961	33	---	32	16	18	99
1962	52	---	53	3	30	138
1963	32	22	36	12	21	123
1964	32	3	11	4	12	62
1965	28	18	8	42	104	200
1966	27	5	7	6	27	72
1967	80	26	15	16	94	231
1968	37	---	42	4	9	92
1969	20	7	31	4	12	74
1970	10	33	13	2	3	61
1971	49	8	44	9	40	150
1972	48	13	32	4	21	118
1973	24	5	20	11	8	68
1974	29	33	22	16	47	147
1975	51	110	22	---	75	158
1976	49	44	40	10	25	168
1977	28	40	31	4	20	123

ANO	CRITICA LOCAL	CRITICA NACIONAL	COSTUMES	DEPORTES	VARIOS	TOTAL
1978	31	52	3	---	16	102
1979	5	18	---	---	11	34

1980	72	59	12	4	41	188
1981	29	117	6	---	25	177
1982	46	80	15	15	48	204
1983	24	33	3	2	16	78
1984	40	58	8	6	5	114
1985	30	57	5	2	15	100
TOT.	1450	909	284	284	1309	5330

TOTAL COPLAS LIDAS: 5.330

CRITICA LOCAL:	1.450	=	27,2%
CRITICA NACIONAL:	909	=	17 %
COSTUMES:	1.384	=	26 %
DEPORTES:	284	=	5,3%
VARIOS (l):	1.303	=	24,9%

	5.330		99,9%

Como pode comprobarse nos cadros adxuntos, entre as coplas de crítica local e as costumistas repártanse preto do 60 % do contado, quedando para a crítica local e varios o outro 40 %.

Está fóra de toda dúbida, que a misión primordial das copias e pór de manifesto todo aquilo que sexa susceptible de crítica e daí que sexa este aspecto o que maior porcentaxe acumule nas distintas facetas da mesma cun total de 70 % entre crítica local, nacional e de costumes, podendo ampliarse moito este 70 % se englobamos o concepto «varios», que aínda que non pode catalogarse como crítica nacional nin local sí aborda e critica temas sociais. Por todo iso, concluímos que, o 94 % do contido das coplas é pura crítica cara ó establecido.

Poderíamos establecer tres períodos na historia de España e intentar encadrar neles a historia das coplas dos maios como testemuño dunha sociedade que aproveita ese crea de certa permisibilidade, para manifestar públicamente en forma de pensar e de vivir.

Un primeiro período que abarcaría dende 1928 a 1940. Un segundo período que abarcaría dende 1940 a 1977. Un terceiro período que abarcaría dende 1977 a 1985.

Primeiro período 1928-1940

Caracterízase fundamentalmente este período, por certo equilibrio entre os tres tipos de crítica que establecemos C. Local, C. Nacional e Costumes se ben aparece en 1931 unha tendencia alcista no apartado de crítica nacional. O equilibrio antes citado é extensivo tamén ó apartado de varios que engloba cuestións de crítica xeral de difícil encadre.

Neste período englobábanse os anos da Guerra Civil.

En 1937 e 1938 non se celebrou a festa e 1939, a participación foi mínima.

Segundo período 1940-1977

Caracterízase fundamentalmente este período pola ausencia durante os primeiros 20 anos (1940-1960) das coplas de crítica nacional o que ata certo punto resulta normal en base á represión social existente durante a dictadura e sobre todo nos primeiros anos. Ocupan este espazo as críticas de carácter social que se ven incrementadas respecto ó período anterior e os de carácter deportivo, que aparecen neste período o que é tamén normal en réximes dictatoriais.

O peso da censura é enorme neste período e a marxe da crítica é escasa. Entrar a fondo en cuestións políticas que merezan ser criticadas é case unha osadía e os maieiros moi conscientes deso optan sempre pola prudencia, desviando esta crítica por outra cara ó apartado das costumistas, encubriendo o citado matiz político cando é posible e non entrando en tema se iso é comprometedor. Isto fai que o apartado de «costumes» experimente certo incremento.

As coplas de crítica local, sofren un lixeiro incremento respecto ó período anterior, porque ó igual que as costumistas son o receptáculo ó cal van para-las desaparecidas por temor relativas á crítica nacional.

Terceiro período

E o período da democracia e isto nótase no contido das coplas dos maíños.

Establécese por vez primeira un significativo equilibrio entre «C. Local», «C. Nacional» e «Varios», quedando reducidos á mínimos os apartados de «Costumes» e «Deportes» o que nos dá unha idea bastante clara de que a democracia é símbolo da liberdade e cando o home é libre, preocupase fundamentalmente de temas políticos e sociais.

1.6. Mostra de coplas

ALGUNHAS COPLAS DE CRITICA NACIONAL

O catorce de abril
do ano trinta e un,
tuvo un bo día España
como non tuvo ningún. (ano 1931)

Foi un exemplo muy grande,
nadie no mundo o esperaba,
que sin sangre en toda España
a República se implantaba. (ano 1931)

Xa por todo o mundo inteiro

non se fala doutra cousa,
y en Italia Musoline
dín que vai perdendo a forza. (ano 1931)

Non e estrano que ese pueblo
queimados como están prel,
faga pronto o que en España
acabamos de facer. (ano 1931)

Es un gobierno de yenas
con sangre envenada,
e oxe témolos muy listo
ca sangre republicana. (ano 1931)

Señor Alcalá Zamora,
xefe do noso país,
tanto listo como honrado
xa non hay máis que pedir. (ano 1931)

O señor Azaña
e bó republicano
por iso ha de cumprir
o programa pactado. (ano 1936)

O señor Azaña
fixo o que debía
botar do Gobierno
todos da Monarquía. (ano 1936)

O señor Lerroux
fol falso e cruel
mentras gobernou
ven o diu a ver. (ano 1936)

O señor Gil Robles
vive no atraso
e por iso mesmo
xa foi o fracaso. (ano 1936)

Está enfadado
o señor Salazar

porque o «straperlo»
non pode funcionar. (ano 1936)

Dicen que Negrín
marchou o extranxeiro
levando pegado
todo o diñeiro. (ano 1939)

Que cousa máis rara,
que prisa leva,
quere acreditar
que é camisa vella. (ano 1939)

Dicen os caciques
que empece a amanecer.
Por moito c'o digan,
eles non o poden ver. (ano 1939)

Viva o General Yagüe,
viva o General Franco,
viva a Nosa Burga,
e Queipo de Llano. (ano 1939)

Acabóuse a guerra
ven a primavera,
porque os roxos levaron
unha panadera. (ano 1939)

Oxe istou contento
porque conseguín,
ver lexos de España
a troupe de Negrín. (ano 1939)

Dicen que Negrín
marchóu o extranxeiro
levando pegado
todo o diñeiro. (ano 1939)

Por todas estas calles
oxe fai tres anos
pasaron os salvaxes
cos puños levantados. (ano 1939)

D'estas capitales
pódese adiviñar
que foron amasados
co novo extraperlar. (ano 1942)

Subastaron as obras
desta poboación
e xa están comezando
a pavimentación. (ano 1944)

Cuando isto se termine
que pronto va a ser,
vamos a ver os barrendeiroos
por esas calles barrer. (ano 1944)

A casa de Correos
inda está pechada
y iso que hay dous anos
que foy terminada. (ano 1950)

Non queira o Santo Cristo
a historia repetir
ca casa telefónica
que van a construír. (ano 1950)

O asunto dos sueldos
e o que sigue mal
o probe empleado
non gana nin pra sal. (ano 1960)

Por non perder a costumbre
Lles vamos a falar
d'as leiteiriñas
d'a nosa capital. (ano 1961)

As leiteiriñas de Reza
Teñen tanto que andar
Que cando c-o leite chegan
Ven a medio mazar. (ano 1961)

Agora as marmotas
Van todas ó Airiños
E divírtense toda a tarde
Por poucos cartiños. (ano1961)

A nosa playa de Oira
seica a están empezando
pero o máis difícil é saber
cando a irán terminando. (ano 1961)

O noso puente Vello
vaise a derrumbar
e unhas vitaminas
lle vamos ter que dar. (ano 1961)

Deixou o traballo
deixou a garlopa
foise po'lo mundo
galopa, galopa. (ano 1967)

E descabalgou
na nación Alemana
traballou de medo
e non trouxo nada. (ano 1967)

Todo o que ganaba
mandoullo a familia
pr'a que se ingresara
na sua cartilla. (ano 1967)

Moitas esperanzas
pra entrar no Mercado
namentras os Franceses
dannos de lado. (ano 1981)

Do intento de Golpe
queremos sembrar
que con iste petate
nalde querer cargar. (ano 1982)

Antes do «asalto»
eran moitos amigos

mais agora mesmo
parecen enemigos. (ano 1982)

Teñen bo problema
coa reconversión
e fréganse as máns
ós da Oposición. (ano 1984)

Co grupo Contadora
buscan relacións
mais neso non vemos
para nós solucións. (ano 1984)

Agora na U.R.S.S.
manda Gorbachov
veremos que fai
o novo «gachó». (ano 1985)

O subi-lo dolar
este artistíña
fincoulle o dente
á nosa pesetiña. (ano 1985)

Agora en España
podemos xogar
a tódolos xogos
ata reventar. (ano 1986)

Loto e quinielas
bingo e loterías
sacannos a «pelas»
nestas tonterías. (ano 1986)

Da OTAN a saída
moito prometeron
coas cousas «da vida»
atrás se volveron. (ano 1986)

Quería o Sr. Fraga
gañar por maioría
mais o pobo non traga

e dixo que se iría. (ano 1986)

ALGUNHAS COPLAS DE CRITICA LOCAL

Temos un alcalde
no Ayuntamiento
co mo non houbo
xa fai moito tempo. (ano 1936)

Pois hasta agora
foi todo un follón
soulo houbo un
que non foi ladrón. (ano 1936)

Temos en Ourense
un Gobernador
que a o comerciante
castiga con valor. (ano 1939)

Antes os cómicos
tirábanlle patatas
Eso foi nos tempos
en que iban baratas. (ano 1939)

Do noso Ayuntamiento
vouvos a falar
porque está contenta
toda capital. (ano 1944)

Que puente no Miño
están construíndo
pra pasar o tren
pitando e correndo. (ano 1945)

E un puente grande
e moi colosal
e unha gran obra
nesta capital. (ano 1945)

Vamos a falar
das nosas leiteiriñas
que venden o leite

o precio das sardiñas. (ano 1949)

Esas leiteiriñas
teñen a manía
de ir vender o leite
as nove do día. (ano 1949)

A casa de Correos
inda está pechada
y iso que hay dous anos
que foi terminada. (ano 1950)

Os municipais
están muy pintureiros
pero andan aldraxados
os pobres barrenderos. (ano 1950)

Todos os tendeiros
enchen ben o papo
yesto e a conta
de máis de catro. (ano 1951)

Din dun tendeiro
de moita clientela
que xa bota os cartos
nunha papelera. (ano 1951)

Baixaron os ovos
e a seis reás o leite
e dan por nove pesos
un litro de aceite. (ano 1952)

Pra que se distraiga
a xente menuda
un parque infantil
faráse ond'a Burga. (ano 1954)

Según nos dixeron
teremos aprobado
O «plano da ciudá»
de aquí a trescentos anos. (ano 1955)

Veremos as rúas
longas e dereitas
non como as que temos
retortas e estreitas. (ano 1955)

As casas faránse
na mesma dirección
xa non as teremos
todas nun montón. (ano 1955)

Unha grande trapallada
que moi pouco fai que vin
é a pista de cemento
que fixeron no Xardín (ano 1956)

Dixéronme o outro día
foi feita pra patinar
e o chover hay uns charcos
que xa se pode nadar. (ano 1956)

Fixeron xardinillos
onde botaban a basura
e os forasteiros dicen
que é unha hermosura. (ano 1957)

Oxe ponse unha tienda
yos catro ou cinco meses
praquel que pouco entenda
o negocio florece. (ano 1958)

O mayo sabe ben
daquel que se establece
o pasar o ano ten
mais que se merece. (ano 1958)

O puente romano
que está averiado
porque o deixaron
xegar a ise estado. (ano 1960)

As calles de acceso

o Campo d'o Couto
non son utilizables
nin en tempo enxoito. (ano 1961)

Pra ir os partidos
en verano ou inverno
pasan os aficionados
as penas d'o inferno. (ano 1961)

Si se vay utilizar
o sanatorio dos loucos
desplobarase Ourense
pois sanos hay poucos. (ano 1961)

Pensamos o ver
todos ises cortados
que ben estaylan
todos internados. (ano 1961)

O alcalde de Ourense
veu con descomposición
e inda que non o creas
mellorará a poboación. (ano 1962)

A playa do Miño
verase acogolmada,
no próximo veraniño
da xente ourensana. (ano 1962)

Na Consistorial
fan falta candiles
pra «iluminare»
a'os nosos ediles. (ano 1968)

Veñen por os pobos
a buscar os votos
suben o puleiro
olvídanse de todos. (ano 1971)

Vanse os emigrantes
ganare unhas cadelas

e quedanse os mangantes
p'aproveitarse d'elas. (ano 1975)

Si pra construíla
piden subvención
logo pra alquilala
queren un «riñón». (ano 1975)

Os grandes negocios
das inmobiliarias
non deixan un eldo
pra árbores e plantas. (ano 1976)

No ayuntamiento
andan amolados
cos coches a centos
sen onde aparcalos. (ano 1976)

Moi «señores míos»
da Corporación
fágannos un parque
na queste rincón (ano 1978)

Que os nenos dos probes
tamén teñen pés
e na súa ialma
ganas de correr. (ano 1978)

Temos un alcalde
moi faladeiro
pro vaiselle a forza
dende o dito o feito (ano 1980)

E hasta os Bombeiros
non dan traballado
do lume que botan
os que os votaron. (ano 1980)

Nin parque nin xogos
nin hai biblioteca
Pro temos tabernas

e máis discotecas. (ano 1982)

Falemos tamén
do Ambulatorio,
pra moitos enfermos
é o Purgatorio. (ano 1982)

Traballaron moito
as agrupacións
xa có presuposto
non era de millós. (ano 1983)

Pra facer carreira
teremos que emigrar
pois sin facultade
volvéronnos deixar. (ano 1983)

Morreu unha noite
de estraña dolencia
despois de pasalo
pola residencia. (ano 1983)

O río Barbaña
scica mellorou
e ncl unha troita
din que se pescou. (ano 1984)

Estamos a esperar
o Plan de Ordenación
que acabe co paro
que sofre a construción. (ano 1985)

Non deron a nota
no Axuntamento
parece que teñen
máis coñecemento. (ano 1986)

Peléxanse menos
nas súas sesións
e por iso chegan
a máis solucións. (ano 1986)

ALGUNHAS COPLAS DE TIPO COSTUMISTA

Agora o calzado
de alta fantasía
parécenlle as pernas
longas chirivías. (ano 1942)

Nunha certa calle
hay unha rapaza
anda media tola
por ver si se casa. (ano 1944)

E os que andamos
ganando un xornal
nos baixa a barriga
se comemos mal. (ano 1945)

Que todo vai caro
ben se ve na plaza
e caldo gallego
comemos na taza. (ano 1945)

Un barrendeiro
tamén mercou
sábanas pra cama
é un tunicón. (ano 1947)

De sementar nabos
de poñer reposos
Ou ir o moiño
pra facer os bolos. (ano 1953)

Esto dos embalses
non hai que o entenda
que canto máis chove
menos auga levan. (ano 1955)

E as cousas de comer
non hai quen indireite
pois temos que roer
a suba do aceite. (ano 1959)

A nova medida
de limpar solares
fixo poñer finos
os seus titulares. (ano 1984)

Houbo outro accidente
de coche escolar
coidamos que isto
tense que acabar. (ano 1985)

ALGUNHAS COPLAS DE DEPORTES

Por non ter un lameiro
o mayo está parado
e no deo nombre pedimos
que nos arrenden o Estadio. (ano 1948)

Falemos agora
das cousas do fútbol
que é asunto de masas
sin tino nin control. (ano 1951)

A línea media
e ven mala de pasar
pois o gordo yo flaco
pasárona a formar. (ano 1953)

Temos un quipo
de grandes campeóns
xogarán o tute
pero ó fútbol non. (ano 1955)

Un da Directiva
un árbitro buscou
asegurar quería
que o Ourense meta gol. (ano 1976)

«Vaiase tranquilo,
Ourense non perde
e non sexa cativo

pra mandar un faixo verde». (ano 1976)

Pois nin co Lozano
nin co Maradona
saíron de apuros
Madrid e Barcelona. (ano 1984)

Non ascenderemos
de categoría
parecen meniños
dunha guardería. (ano 1984)

Os doce a Malta
foi unha ilusión
mais solo valeron
a clasificación. (ano 1985)

Do noso Ourense
temos que loubar
na liga do «suspense»
xoga de arrasar. (ano 1986)

1.7. Síntese da celebración da festa dos Maios en Ourense

Dos arquivos do periódico local La Región así como da Biblioteca Provincial e da Diputación, recollemos tódolos datos referidos ós últimos 60 anos da festa dos maios en Ourense e que figuran no anexo deste traballo.

Tamén seleccionamos todos aqueles artigos relacionados coa citada festa.

Co fin de sintetizar ó máximo o contido deste traballo consideramos, a conveniencia de agrupar estes 60 anos en catro períodos de 15 anos cada un.

Consideramos varios modos de agrupamento e ó final decidimos facelo así porque no primeiro lugar abarcabamos un período moi interesante para o noso país (1925-1940), porque nel, déronse dous acontecementos históricos, que fixeron varia-lo curso da historia: o Goberno da República e a Guerra Civil, e no segundo lugar porque abarcabamos no que comezámo-lo traballo.

Os catro períodos son:

- Primeiro período: 1925-1940.
- Segundo período: 1940-1955.

- Terceiro período: 1955-1970.
- Cuarto período: 1970-1985.

Os datos que reflexamos neste resume farán referencia ós seguintes aspectos da festa:

- Número de maios participantes.
- Participación estudiantil.
- Entidades organizadoras.
- Características dos xurados.
- Cuantía e diversificación dos premios.
- Contido das coplas.
- Outros datos de interés.

1.7.1. Número de Maios Participantes: Primeiro período

A través deste dato, pódese facer unha valoración da resposta do pobo ourensán ante esta tradicional festa. Resposta, que en determinadas épocas pode estar e de feito o estivo, condicionada polo momento político, social e económico da nación; e como consecuencia da provincia de Ourense.

Se deste primeiro período de 15 anos eliminándolos anos da guerra civil (1936-1939), a amplitude do intervalo a estudar, redúcese a 10 anos e xustamente na metade dese intervalo instáurase o Goberno da República.

Todo isto, dá lugar a tres momentos totalmente diferenciados e que o pobo a través das manifestacións culturais, vai recoller e transmitir.

Existe un primeiro intervalo pre-republicano, un segundo republicano, un terceiro de Guerra Civil e un cuarto de restricións de todo tipo comezando polos de liberdade de expresión.

Deste primeiro período (1935-1940), non temos o número exacto de maios participantes inda que, consultadas varias fontes, poderíamos achegarnos ós 45. E necesario ter en conta, que en 1936, 1937, 1938, 1939 non se celebrou a citada festa.

E de destacar que, en 1933, rexístrase unha participación masiva de 20 maios, presentados por nenos, sen embargo, analizando a posterior evolución da participación infantil e colexial na festa é de supor, que non representarán a ningún colexio da cidade senón a barrios e parroquias que adiantándose ó que ocorre actualmente, comprenderán 52 anos, que esta festa popular ten o seu centro de gravidade nos nenos, porque son istos os que mellor saben representar e identifica-la súa alegría coa ledicia da primavera e o rexurdir da Natureza que o monumento maio representa.

O nivel de participación nos 10 anos dende 1925 a 1935, é baixísimo e non detectamos participación de escolas.

1.7.2. Entidades organizadoras

Ata o advenimento da República, patrocinan a festa a Asociación da Prensa, a iniciativa particular da Marquesa de Atalaya Bermeja e o apoto económico dano o Concello (que anos máis tarde as municipalizaría) e a Diputación.

Durante o período de goberno da República, a festa é organizada pola Irmandade Galeguista que tanto contribuíu á conservación e potenciación da cultura galega.

1.7.3. Características do Xurado. Os premios

Neste período dos integrantes do xurado temos poucas referencias en canto á súa vinculación ó mundo da cultura, aínda que se destaca en 1931 a presenza de homes como Fernández Oxea, Xesta e Lorenzo, que chegarían a ser relevantes personalidades do mundo da cultura popular como é caso de Fernández Oxea (Ben-Cho-Sei) e de Xaquín Lorenzo (Académico).

Neste período o poder eclesiástico non está representado no xurado calificador.

O valor total dos premios repartidos neste período tampouco e moi exacto pero, segundo os datos, calcúlase que puidera ascender a 1.200 ptas. para os 10 anos.

As copias dos maios (que terán un tratamento noutro punto) foron sempre a canle a través da cal o pobo puido transmitir públicamente as súas inquedanzas e a súa opinión sobre os problemas da sociedade, se ben habemos de ter en conta que sempre tiveron que ser sometidas a censura antes de ser autorizadas.

Neste período e como pode comprobarse na selección que presentamos no punto MOSTRA DE COPLAS, teñen un marcado carácter político desde a crítica negativa á monarquía e a positiva nuns casos e negativa noutros cara ó goberno da república para terminar en 1939 a 1940 nos temas propios da contenda louvando en moitos casos a actitude e o valor dos chamados «nacionais».

1.7.4. Segundo período (1940-1955)

Recén terminada a guerra civil e despois de catro anos sen celebración, a festa dos maios volve ser organizada pola Sociedade Recreativa Orfeón Unión Ourensana que o faría ata 1946, data a partires da cal, voltaría a se-lo Concello o organizador.

Este período caracterízase na súa primeira metade pola aparición no xurado de representacións do estamento militar, do Goberno Civil e do Bispado ademais das xa tradicionais do Concello, Diputación e personalidades entendidas no tema e algún mestre.

Non existe referencia do número de maios participantes durante algúns anos deste período, pero facendo unha valoración media poderíase calcular en 17 o número aproximado de media por convocatoria, o que nos daría un valor aproximado de 255 maios. E destacable, que en 1944 non se convocou concurso aínda que iso non impediu que algúns maios se paseasen polas rúas ourensás igualmente.

Neste período, segundo as fontes do periodico local a calidade dos monumentos ó maio deixou moito que desexar nalgúns casos aparecendo tímidamente certa tendencia a modificar as estruturas e formas tradicionais dos maios para semellarse máis ós monumentos falleiros. Como é lóxico esta tendencia foi moi criticada e non tivo éxito.

En canto ás coplas faise referencia á baixa calidade das mesmas e á falla de agudeza motivada fundamentalmente pola censura imposta polo Goberno, centrándose todo o contido das mesmas a temas como a moda no vestir, no peiteado e sobre todo na crítica á muller, o que aparte de monótono e aburrido non deixa de ser totalmente significativo no senso de que os maios son feitos por homes aínda que a muller colabora no cosido do musgo. Resulta fácil atopar fascículos de coplas completas co mesmo tema de crítica á muller e ás súas modas.

Neste período a cantidade repartida en premios ascendeu a 14.350 ptas. o que representa a do primeiro período, multiplicada por 12. Isto parécenos normal por dous motivos fundamentais:

- a) A propia evolución.
- b) A tendencia inflacionista que mantivo o Goberno na dictadura.

Neste período aínda non temos referencias escritas sobre a existencia de maios escolares, o que nos fai pensar que a institución educativa aínda non asumira a necesidade da súa participación como elemento potenciador e salvagarda da festa.

Un dato que cabe destacar neste período é a queima de madamiñas, que anos máis tarde deixaría de facerse.

Neste período (1940-1945), a supremacía corresponde ós chamados maios artísticos sobre os tradicionais (conos, pirámides, cruceiros) de ahí que se chegase ó que antes aludamos de case transformación do maio nunha falla.

1.7.5. *Terceiro período (1955~1970)*

Pode considerarse este, como un período de crise, que realmente non podería preverse dende a evolución anterior, a participación do Concello na organización mesma e a súa representatividade nos xurados nos que figuraba o Alcalde e varios concellais.

Falamos de crise, porque só se presentaron a concurso un total de 194 maios, o que representou un 25 % menos que o período anterior (1940-1955).

Repartíronse en premios aproximadamente 105.000 ptas. sendo a partires de 1965 cando a asignación que fai o Concello a través do Negociado de Cultura e Festas duplícase con relación a anos anteriores. Pásase da orde das 4.000 á orde das 8.000 ptas.

Este esforzo económico para incrementa-la cuantía dos premios, obedece ó que apuntabamos anteriormente sobre a escasa participación, tendo en conta neste período, os catro anos máis críticos na historia dos maios ourensáns:

- 1959 con 11 maios.

- 1963 con 10 maios.
- 1964 con 8 maios.
- 1965 con 7 maios.

De ahí, que sexa a partires dese ano cando se incrementan as asignacións e se inicia unha tímida recuperación da festa.

Neste período e concretamente en 1960 participa a cidade dos Muchachos que gaña o segundo premio e en 1963 xa se contabilizan varios participantes escolares con dous premios conseguidos por:

- Escola do Posío (Colexio público).
- Colexio Menor Calvo Sotelo (Colexio público).

Neste período dos anos 50, o maio artístico ten unha grande consideración polos integrantes do xurado e soe levarse os mellores premios.

Isto, ten unha explicación. Eu mesmo oín durante moitos anos que levo participando na festa, as mesmas frases: «Estes son todos iguais», «Non son bonitos», referíndose precisamente ós maios típicos ou enxebres.

A xente que concorre á festa, na súa maioría non coñecen o verdadeiro significado do monumento maio e a orixe dos mesmos, por esa razón, gústanlle máis os maios artísticos que representan as máis variadas formas: dende fontes, capelas, campanarios, alambiques, e todo aquilo que poida recubrirse de musgo e flores.

E evidente que a variedade de formas que pode presentarse en maios artísticos é ilimitada mentres que nos típicos ou enxebres han de ser forzosamente conos, pirámides ou cruceiros e de ahí non poden saírse, só pode varia-las medidas e a ornamentación exterior.

Na década dos sesenta figuran no xurado relevantes personalidades como Ferro Couselo, Taboada Bonastre, Tovar Babillo, Conde Corbal, Fernández Oxea (Ben-Cho-Sei).

O número total de participantes nestes 15 anos foi 164, que é moi inferior ó segundo período ó que concorreron 194.

O diñeiro repartido en premios ascendeu aproximadamente a 95.000 ptas.

A participación escolar é mínima neste terceiro período.

En canto ás coplas continúa a tónica do período anterior en canto á crítica de carácter político motivado pola censura, aumentando considerablemente as de carácter local e costumistas así como as de carácter deportivo, que comezan no 1942.

Como pode comprobarse, este período (1955-1970), a pesar da enorme reactivación económica dos premios repartidos, supuxo un paso atrás en canto á participación o que determina a necesidade por parte do Concello como entidade organizadora desta festa, de orientala doutro xeito e para iso invita a colexios á participación, creando para tal fin, un apartado especial denominado «maios infantís ou escolares» cuns premios distintos ós outorgados na categoría de maios de maiores.

Esta decisión ponse en práctica en 1976.

1.7.6. Cuarto período (1970-1985)

E, sen dúbida algunha o período máis brillante na festa dos maios en Ourense cun número de maios igual a 387, o que representa con respecto ó período anterior (164) xustamente o dobre e coincide este período (exceptuando os primeiros sete anos), cun goberno democrático e iso nótase enormemente.

Por unha parte, xa non existen tantos temores á hora de coacciona-las copias e os problemas tanto políticos como sociais (que derivan dos primeiros), son aireados nas coplas, que se utilizan moitas veces como elemento reivindicativo do grupo social.

Por outra parte, os centros de ensino asumiron xa a conveniencia de participar facendo que a escola se involucre moito máis no medio que a rodea, motivado ademais porque nos programas de ciencias sociais de E.X.B. xa se contemplan temas referidos ó entorno e máis concretamente nos programas renovados da Xunta de Galicia nos que se fai unha referencia clara ás festas populares da localidade.

E por isto, que os colexios participan moito máis na festa, rexistrándose un total de 66 maios premiados, do que se infire que a cifra de participantes tivo que ser moitísimo máis elevada.

A cantidade de diñeiro repartida en premios ascendeu a 1.300.000 ptas.

A participación escolar, detallando o nome dos colexios e premios conseguidos preséntase no anexo e tamén no apartado que denominamos «a participación estudiantil na festa dos maios».

CADRO RESUME DOS CATRO PERÍODOS

	ANO	MAIOS PARTICIP.	MAIOS ESC.	PREMIOS	ORGANI ZAN	PESETAS MAIO
1º PERÍODO	1925 a 1940	45	---	1.200	Asociac. Prensa	26
2º PERÍODO	1940 a 1955	225	---	14.350	Orfeón	56
3º PERÍODO	1955 a 1970	194	Moi poucos	105.000	Concello	541
4º PERÍODO	1970 a 1985	389	Moi poucos	1.300.000	Concello	3.441

Os datos que adxuntamos axústanse á realidade aínda que dalgún dos anos estudados

non figuraba o dato e calculándoo como media das anteriores e posteriores. Poden comprobarse nas táboas que se insertan no punto: A PARTICIPACION...

2. O ENTROIDO NA PROVINCIA DE OURENSE

O Entroido en Ourense recibe diferentes nomes en función das distintas localidades.

Na provincia de Ourense, as acepcións máis usuais son: Entroido, Entruido, Entrudo, Entrudio, Introido.

Como se pode apreciar a diferenza mínima das distintas palabras porque todas elas se derivan da palabra latina «Intruitus», que significa entrada.

O Entroido comeza o Domingo Fareleiro e remata o Mércores de Cinsa, abarcando dúas semanas e media que comprende uns días especiais para as diversións.

Septuaxésima:

- Domingo Fareleiro ou de Borralla.
- Xoves de Compadres.
- Domingo Corredoiro.
- Xoves de Comadres.
- Domingo de Entroido.
- Luns de Entroido.
- Martes de Entroido.
- Mércores de Cinsa.

Aínda que oficialmente o comezo do Entroido é o «Domingo Fareleiro» (62), dende varios días antes, empézase a vivir nos pobos coa aparición de tímidos cornetazos ou ruidosos grupos de xoves provistos de latas as que golpean incesantemente.

A chegada do Entroido é agardada por xente de tódalas idades porque é unha festa capaz de satisfacer a todos: diversión, liberdade, boa comida, etc.

O ciclo litúrxico tivo sempre na aldea galega unha poderosa influencia e como o entroido é a antesala dun período de privacións mundanas de abstención de carnes (carnestolendas), é o momento oportuno de comer aquelas carnes máis succulentas do porco, e que soen ser gardadas celosamente para estes días. É sobradamente coñecido o costume de preparar boas cacholas, lacóns cocidos e certos embutidos para estas datas (63).

2.1 O domingo fareleiro

A este día chámasele: Fareleiro, de Fariñotes, Borralleiro, Cinseiro, etc. Estas denominacións diferentes débense a distintas localidades galegas.

Este domingo é costume que os nenos e os mozos do pobo saian á rúa cunha bolsa de farelos ou de cinsa co fin de facer correr ás mozas que non queren ser cubertas cun bo puñado de farelos ou de cinsa da que se recolle nas lareiras ou cocinas de leña.

Normalmente, o que se busca é o contacto de tipo amoroso, posto que ese día está permitido case todo e coa guisa de aperta ou loita mantida entre o xoven e a xoven, danse

frecuentemente certas escenas eróticas, cousa que á súa vez tamén entra dentro do mundo de liberdades e de ruptura de barreiras convencionais e morais da vida cotiá.

Soe darse o caso de que estes elementos (farelos e cinsa), en vez de tiralos coa man se faga con foles dos que se empregan para aplicar pesticidas ás vides e ós frutais.

Outros, para facelo con máis efectividade e sen ter que ir á loita «o refregón» do corpo a corpo, utilizan unha bolsa de tea pouco tupida, que levan atada no extremo dun pao longo e cando pasan ó lado da persoa que desexan «enfarelar» proxéctana con forza sobre ela e a bolsa polos buratos solta unha boa cantidade de material.

Outro costume do domingo Fareleiro é a de tiznarse a cara co orín que acumulan as cazolas e as garmalleiras das lareiras.

En localidades como Verín, antigamente, usábase, en vez de farelos, pimentón.

Tampouco faltan as tiznadas a base de tiza. Para iso recórtase a figura dun burro en tea e envolta en tiza e atada a un cordel proxéctase sobre as costas dos descuidados.

Este domingo Fareleiro, Cinseiro, Borralleiro..., tamén se chama Domingo Lambedoiro polas confituras que soen pór ós postres.

2.2. Xoves de Compadres e Xoves de Comadres: Guerra de sexos

Neste día, os compadres antigamente tiñan a obriga de invitarse e obsequiarse mutuamente. En Galicia, o parentesco espiritual tivo grande importancia. Di a tradición que os compadres tratábanse sempre de tales e que, antes de establecerse o compadrazo, o seu trato era de ti, unha vez saído da igrexa o trato era de vostede (64).

O Xoves de Comadres as mozas fan unhas bonecas de palla e trapos ás que visten con roupas vellas e colócanas nos balcóns das casas en lugares de difícil acceso para que os mozos non teñan fácil a súa retirada. Pola tarde, a última hora, cóllenas e lévanas á fogueira ó berro de «ardan as comadres» (65).

O Xoves seguinte, que é o de Compadres, fan o mesmo pero con bonecos vestidos de home e colócanos por dentro da ventá para que sexa imposible a súa captura por parte das mozas. Pola tarde, xúntanse todas e, para vengala ofensa do xoves anterior, queiman os compadres ó berro de «ardan os compadres».

Nalgúns lugares reúnen as rapazas nunha adega para queimalos, pero os mozos entéranse e antes da queima sorpréndenas e, en vez de queima-los compadres ásanse chourizos e bébese viño para terminar indo ó baile (66).

Na provincia de Ourense, é costume case xeral, que sexa o primeiro xoves o de compadres para procura-la súa queima, cousa que naturalmente ó trata-los mozos de impedir ocasionan un grande revoo.

Como consecuencia e en vinganza, o xoves seguinte, son os mozos os que fan as comadres para ser quemadas.

Normalmente, tanto no caso das comadres como dos compadres, sóese tratar de imitar a unha persoa coñecida do pobo, que soe recibir de moi mal grao esta broma. Para iso é necesario contar con alguén da casa que lle facilite a roupa, deste xeito, vístese o monigote de

palla coa saia e camisa que soe pór determinada rapaza e está claro que cando esa comadre (67) sexa colocada polos mozos no cume dunha árbore ou dun balcón pouco accesible, todo o mundo sabe quen é a representada. Entón comeza un curioso ceremonial. A rapaza, que evidentemente non pode trepar a un alto pino ou chopo, busca axuda nun home da súa confianza, pero iso ocasiona un grande problema para el, porque dalgunha maneira se accede á súa petición para baixala, enfréntase con tódolos demais rapaces do pobo, polo que, a meirande parte das veces, non fai caso do que a rapaza lle pide.

Existen pobos nos que, en vez de facer comadres e compadres, cada un pola súa conta, as mulleres fan un compadre soamente e os homes unha soa comadre, os cales queiman despois de pasealos polos pobos achegados.

Este ceremonial de comadres e compadres, representa unha guerra de sexos das que existen hipótese acerca de supervivencias prehistóricas sociais.

2.3. Domingo corredeiro

Denomínase corredeiro porque é o día no que se comeza a corre-lo entroido.

Neste día, seguen utilizándose os farelos e as cinsas e borrallas pero intensifícase o uso da auga que se aplica cunha especie de bombíns feitos de madeira de sabugo (68) que provistos dun émbolo proxectan a auga con forza cara a fóra. Chámaselles «cichotes». Tamén os fan de caña.

Outra forma de corre-lo entroido ese día era botando ovos podres sobre as ventás das xoves co conseguinte cheiro nauseabundo que producían ó romperse sobre as mesmas.

Cando se quería obsequiar e agradar a unha xoven, vaciábase o ovo por dous finos buratos e enchíase con auga de colonia ou un preparado ben cheirento. Procede a cerrar con cera os dous finos orificios e proxectábase o ovo contra a ventá da persoa que se queira impresionar gratamente, éste, ó romper, derramaba a colonia (69). Estes costumes, case están perdidos.

Antigamente, tamén se lanzaban sobre as fiestras das mozas as améndoas (70) e sábese que, como eran duras, ás veces rompían os cristais, por iso se quitaban as vidrieiras durante isos días.

A finais do século XIX apareceron en España as serpentinas de cores e os «confettis» chamados papeliños, e causaron verdadeiro revoo. Resultaban baratos e a súa utilización non provocaba as molestias dos farelos, cinsa...

Nas zonas como Laza e Xinzo, empregábanse as formigas, para iso, metíanse nunha bolsa e procedíase a lanza-las como os farelos. Soían ser de emprego exclusivo os homes.

A nivel culinario, é frecuente presentar alimentos con trucos tales como as tortelas de sangue ou filloas nas que se mete un trapo moi fino ou uns cantos fíos. Desta forma, a persoa á que se lle dá non desconfía nada ata que comeza a comela e atópase co engano.

Un xogo propio do domingo Corredeiro e que aínda se estila en Ourense e provincia, e o xogo das potas que consiste no seguinte:

Colócanse en corro homes e mulleres e vanse tirando unha pota duns a outros ata que a alguén lle cae e, como consecuencia, rómpese, por ser de barro. O que lle cae ten que invitar

ós demais.

Se o xogo continúa con outras potas, vaise xuntando o diñeiro equivalente ó viño que tería que pagar cada un dos que deixan cae-la pota. Reunido este diñeiro, págase unha boa merenda. E costume que se celebre o domingo pola tarde. Por iso se chama tamén domingo Oleiro.

Dende o domingo de entroido ata o martes, córrese a recta final do entroido. O domingo denomínase «grande» por se-lo primeiro dese trío no que as festas alcanzan o seu máximo apoxeo. Son os días no que todo está permitido, nos que se dá unha ruptura coas formas sociais, nos que non se traballa (sobre todo o domingo e o martes). Nalgúns pobos ó que sorprenden cólleno e súbeno a unha escaleira, tendéndoo nela e levándoo ó bar máis cercano tendo que pagarlles viño ós que os descubriron traballando. Ademais, é paseado polas rúas do pobo para que todos o saiban.

Os disfraces que proliferan estes días son do máis variado, dendeo do médico que ausculta a un enfermo con un desatascador de water ó que vai de oso con toxos arredor e que se arrima a xente para picala (71).

Nalgúns pobos da provincia de Pontevedra, chámasele Santo Entroido, «designación de carácter periodístico (72) dos usos carnavalescos».

As bromas do Entroido, teñen un senso simbólico moi profundo que se poñía de manifesto xa na Idade Media cando o pobo se sublevaba contra aquelas innovacións que quebrantaban o costume dos antepasados.

Estas bromas do Entroido teñen un carácter case sagrado que as ampara totalmente. E o que denominan «lei do entroido». Deben ser toleradas e ridas.

En pobos como Laza nos que o entroido se vive intensamente e se acostuma a encher de cinsa (borralla) ós transeúntes, ás veces, coas cinsas van aseuas encendidas que evidentemente producen queimaduras e aínda que é de reconocer que é broma pesada, non queda outra lei que acollerse á frase que se acostuma nestas datas son cousas do entroido e aguantar» (73).

O mesmo ocorre cando se botan formigas e caldeiros de auga.

2.4. O enterro da sardiña

O enterro da sardiña foi unha innovación no entroido de Galicia no que había o enterro do entroido.

No enterro do entroido, moi famoso na comarca de Verín, reuníanse varios felos e cantaban o enterro ó entroido, ó que previamente mataran e queimaran.

O enterro da sardiña lévase a cabo o mércores de cinsa como punto final do entroido.

Nas comarcas de Verín e Xinzo de Limia organízase por unha pandilla de xoves á que se unen tódolos que desexan participar. Para iso, constrúen unha caixa de cartón e finxido llanto como manifestación da tristura de que se acabaran os días de diversión. O enterro tivo en Ourense unha grande importancia.

Na mesma cidade convocábase, a toque de tambor ós que desexaban participar, e concurría moita xente portando unha saba branca, que representaba a Santa Compañía (almas en pena que se xuntan nas encrucilladas galegas), e unha vela. A media noite sería o enterro.

A sardiña no cadaleito, era levada a ombreiros polos «agarrantes». As veces, en lugar dun cadaleito cunha sardiña dentro, levábase unha grande sardiña feita de cartón.

Trala sardiña e os seus «agarrantes», ían os pendóns e os estandartes, que soían facerse de follas de bacallao.

Acompañaban as famosas prañideiras e o sacristán levaba nunha man un caldeiro de auga sucia e na outra unha vasoira que facía ás veces de isopo. Os monagos usaban como incensarios os braseiros vellos da casa e como incenso o que resultaba de queimar coiros, trapos e materiais de mal cheiro.

O enterro chegou a desaparecer por prohibición e nos últimos anos parece que volve a rexurdir.

Concretamente este ano 1986, presenciei o enterro da sardiña no barrio da Avda. de Portugal nesta cidade de Ourense.

A parodia do enterro da sardiña é un rito de expulsión do inverno e do rexurdimento da primavera.

2.5. Os personaxes do Entroido

Son as máscaras, un elemento primordial do entroido. As xentes vístense con roupas vellas e tápanse a cara co fin de esconde-la súa identidade ou para identificarse cun animal, circunstancia que para moitos significa unha supervivencia paleolítica. Son frecuentes tamén as representacións de oficios, pero no modo grotesco (74), os cambios de sexo, as comedias, etc.

Constitúe este mundo das máscaras, unha especie de teatro popular que se desenrola no propio pobo e que os seus actores son as xentes do propio pobo que actúan de maneira improvisada.

A máscara, significa algo así como quitarse a carauta que cada persoa leva a diario na vida. E unha inversión de valores. A maiores dos disfraces propios das festas e pola súa variedade non poden ser enumerados, existen outros que polo seu arraigo en determinadas localidades e pola súa significación para o pobo merecen ser destacados e estudados: pantallas, peliqueiros, mecos, felos, máscaras, etc.

2.5.1. Cigarróns ou Peliqueiros: Laza e Verín

Os peliqueiros chamados tamén cigarróns, murrieiros ou choqueiros, é unha máscara característica do pobo de Laza, aínda que tamén as hai en Castro Caldelas.

En Laza saen estas máscaras o domingo e o martes.

Os seus traxes son moi vistosos. Levan camisa nova e garabata e encima desta unha pequena chaquetiña con galóns dourados e charreteiras de metal dourado. E aberta pola súa parte dianteira. Na cintura levan faixa de seda e sobre a mesma, un cinturón de coiro do cal, colgan seis grandes esquillóns (75) colocados na parte traseira. Fanse soar acompasadamente cos movementos estudados que o peliqueiro imprime ó seu corpo, o que é unha verdadeira arte.

O calzón é corto e de cor, con seis bandas de flecos todo arredor alternando unha banda verde cunha vermella. A altura da cintura leva unha banda de cor branca.

Cubrindo a cara levan unha carantoña de madeira tallada e pintada de cores naturais. O seu arredor imita patillas e sotabarba. Na parte superior leva unha especie de mitra de dúas puntas chamada bicornio, feita de lata e pintada con representacións de follas, flores, animais e formas xeométricas. A parte posterior desta mitra e de pel de raposo, de gato ou de can e cae pola parte de atrás cubrindo a cabeza e parte das costas do cigarrón ou peliqueiro. O seu remate faise en dous rabos.

A pel que cobre as costas dos peliqueiros parece ser que ten unha orixe prehistórica e que recorda á que vestían os homes prehistóricos nas súas danzas rituais, sen embargo, a pel que recobre a cabeza recorda as gorras militares que se usaban no século XVIII, que tiñan a súa parte dianteira de metal e unha especie de pel caendo por detrás. Estes gorros puideron ser utilizados polas guarnicións de defensa do castelo de Monterrey que foi construído no século XV por Sancho López de Ulloa, primeiro conde de Monterrey.

Na man leva unha especie de látigo feito dun pau chamado mangueira e cunha pel atada no extremo. Por esa pel do extremo denomínaselles «peliqueiros».

O seu camiñar sempre é a saltos para facer soa-los seus esquillóns chamados «chocas».

A xente, ségueos e insúltaos e eles responden baténdolles coa pelica. Os peliqueiros non poden ser tocados pola xente nin chamados polo seu propio nome nen no caso de ser recoñecidos. Teñen total inmunidade. No caso de ser descubertos por alguén ou tocados con ese fin, o peliqueiro pode arremeter contra o contraventor da lei que o prohíbe e atacalo, pero non coa pelica do extremo do pao, que é inofensiva e non lesiona, senón co propio pao ou mangueira.

Non pode sacarse a carauta nin deixar de saltar (76).

Se o fai, pode ser collido á forza e conducido á taberna ara facerlle paga-lo viño (77).

Di a tradición, que os peliqueiros eran criados da garda do conde de Monterrey que ían a Laza a cobra-los tributos das Cen Doncelas e que a súa vestimenta e as máscaras eran para espanta-los lobos polo camiño. Non faltan os que din que eran batidores das cacerías do conde (78).

Dise que estes cigarróns, antigamente, só saían en Laza e que soían percorrer longas distancias, chegando incluso a Castela.

Chamáronse tamén «murrieiros» porque dicían que sacaban as murrias das pernas (79).

2.5.2. *O Choqueiro .Os charruas.*

Outra máscara que saía é o choqueiro que é moi parecida á anterior. Normalmente viste de muller e leva por máscara a pel dun coello. O choqueiro soe ir borracho con augardente e reparte paos a diestro e siniestro. Non pode falar pero si dar berros e saltos (80).

En Alariz saía unha máscara que chamaban charrúa. Vestía de coloríns e tamén levaban cinturón con esquillóns ou chocas. Levaban unha zamarra de pel e un gorro en forma de monteira. Portaban un pau bastante longo co que facían correr ós rapaces cando os consultaban.

2.5.3. *As Pantallas*

Datos tomados dun taller de fabricación

Na vila de Xinzo de Limia celébranse os entroidos con grande intensidade e sen interrupción (81). A máscara característica denomínase pantalla e os seus elementos son: máscara, capa, campañas, vexiga, polainas, calzón branco, camiseta fina e pañoleta.

As máscaras teñen dúas partes fundamentais: o cucurucho e a careta. O cucurucho é de cartón groso e a carauta faise con chapeu de filtro comprado para tal fin aproveitando a parte destinada á cabeza, para facelo. A á do chapeu, unha vez recortada tamén se utiliza para facela forma do nariz, das cellas e unha especie de orellas que se adosan á máscara. Este filtro moldéase con papel pegado e engrudo e déixase secar ata que quede duro e consistente. Dánselle varias mans para lograr un espesor considerable. Utilízase o filtro porque é a superficie que vai en contacto coa pel da cara e é o máis idóneo porque adsorbe a suor perfectamente.

As cores que leva a máscara son sempre as mesmas. Tradicionalmente véñense aplicando o rosa para a cara e o negro (barba) e vermello para o resto. O cucurucho admite tamén algún outro como o branco e o amarelo.

O cinturón é de coiro e leva colgados axóuxeres e campanas en tres filas dispostas paralelamente a todo o seu arredor.

Este cinturón diferénciase do usado polos peliqueiros en que o de estes leva cincuenta esquillóns ou chocados (chocas) colocados detrás e unha especie de carrión e son de tamaño grande. Os das pantallas poden levar cincuenta e seis pezas pequenas e todo arredor. Os axóuxeres e campaiñas para estes cinturóns soen ser comprados en Portugal e a fila de axóuxeres vai en medio das de campaiñas.

As vexigas

Utilizan as pantallas unhas vexigas de becerro ou de becerra, que soen adquirir mes e medio antes da festa e previo inchado das mesmas, déixanas secar. Soen levalas na man para facer ruído e golpear con elas.

A máscara leva por diante un fleco de cor branca, por detrás un pico de cor vermella que chega ata a cintura.

A capa de cor negra co seu fleco branco arredor e con cintas colgadas. A capa é de raso e as cintas son de varias cores. Antigamente a capa era de cor vermella. A pañoleta soe ser vermella tamén.

O calzón e a camiseta son brancos e na cintura por encima da súa unión levan unha faixa de cor vermella que despois de dar unha, e ás veces dúas voltas, un extremo colga ata cerca dos xeonllos. Nos seus extremos leva flequiño.

As polainas cobren os zapatos e son de pana negra.

As pantallas van en grupos bastante numerosos. Case sempre, comendo pan, fan soa-las

campaiñas e axóuxeres. Cando encontran algún coñecido, cólleno e méteno no bar máis próximo e ten que invitalos a beber viño.

Funcionan tamén en ditos pobos unha especie de talleres nos que se fan as citadas pantallas e ó respecto, adxuntamos unha entrevista no propio taller, na que se pon de manifesto o verdadeiro significado desta festa nestas localidades.

2.5.4. Máscara zarrapastrosa (Felo)

Como en tódalas localidades de Galicia, en Ourense existe tamén a denominada «Máscara zarrapastrosa» (82) vestida con roupa vella e sucia.

A esta máscara chámasele tamén «felo» ou «borralleiros» ou tamén «faranduleiro».

A palabra felo, soe utilizarse para comparar unha cousa que é realmente fea ou ridícula. En Galicia dicimos «pareces un felo» ou «vas feito un felo».

Borrallero: denomínase así, porque estas máscaras acostuman a levar unha bolsa de cinsa e aseuas apagadas que se denominan borralla (83), coa que manchan ós demais.

E un tipo de máscara que fai máis gracia cás pantallas ou os peliqueiros, porque aqueles pola súa uniformidade e modos de facer, son menos orixinais.

Os felos ou borralleros soen ir polas casas e pedir noces e castañas. A súa vestimenta soe ser distinta ó seu sexo. As mulleres soen vestir de homes e viceversa. E o que se denomina inversión de valores (elemento propio e de carácter propio do entroido).

2.5.5. Outras máscaras da provincia de Ourense e as súas diversións

En Castelaos (Calvos de Randín), os tres últimos días de carnaval: domingo, luns e martes, os mozos e as mozas enféitanse e ó compás dun gaiteiro contratado a tal fin, van polas rúas facendo soar «os testos» ou tapadeiras das potas e marmitas.

En Pías (Maceda), son famosos os reinados. Cada día reina un pobo e é moi frecuente o roubo de face-la comida a devolución da cal non soe ser segura.

En Fiestras (Xinzo de Limia), é frecuente, que mentres os veciños se entreteñen vendo pasa-las máscaras en desfile, outras vestidas de xitanas, entran nos galiñeiros e apodéranse das galiñas e ovos. Tamén soen entrar nas adegas e sustraer choutizos, touciño ou pan. Todo isto servirá para unha boa merenda.

En Filgueira, o martes, os casados son invitados polos solteiros a beber todo o viño que desexen.

En Sandiás (Xinzo), é obrigación darlle vino as máscaras cando chegan á casa.

En Meda, o costume é leva-los carros, arados, gradas e tamén animais de tiro e nós camiños armar unha especie de cortes de onde serán recollidos ó día seguinte polo seu propietario.

En Trives e a Teixeira, as máscaras denomínanse carautas e é costume corre-lo «irrio», que é un personaxe que tamén é típico de Castro Caldelas. O «Irrio» antigamente ía vestido

con frac e pantalón de tergal en cores vivos con botóns e ribetes amarelos, unha carauta moi antiga de madeira e un pano vermello na cabeza para oculta-lo seu cabelo. Na man porta unha zórrega ou látigo feito cun pau e unha pel enrolada.

O irrio sí pode ser chamado polo seu nome, mote, se é recoñecido (non así o peliqueiro de Laza). O «irrio» tamen soen chamarlle «Irrio peliqueiro» (84).

En Viana e pobos do concello, a máscara característica é o boteiro (85) e o follón (86).

En Alariz e Piñeira, soen vestirse de mecos. É frecuente ver dende días antes de comeza-lo entroido, na cima dunha árbore o famoso «meco de Alariz» (87) que é un boneco feito de palla ou herba e que vai vestido con roupas moi vellas. É o preludio do entroido. Noutros pobos chámanlle espantallo e tamén se utiliza para espantar ós paxaros dos campos cultivados.

En Lobeira (Bande), son famosas as carreiras de cabalos e utilizábase o camiño existente entre Facós e Grou.

A Morena

En Laza, foi famosa a morena, a descrición da cal, segundo testemuños do pobo é:consiste nunha cabeza de vaca feita de madeira e recuberta con pel de carneiro. Os ollos e a lingua son de trapo vermello e os comos proceden dunha vaca morta o que lle dá grande autenticidade. A esta cabeza vai unido un pau longo sobre o que estenden unha manta a raías e métese un home debaixo co fin de cornear ós demais.

A morena foi feita dendentempos moi antigos polos vellos do pobo de Cimadeira e os xoves só podían acompañala, pero non tocala. De feito, o facelo, iría contra a lei do entroido. Como propiedade dos vellos estes paseábana e volvían á corte.

Na provincia de Ourense, estas festas foron consideradas dendemoi antigo como inmorais e profanas e de crítica á relixión.

No ano 1715, un Bispo, chamado Marcelino Siuri, da diocese Ourensana manifestaba, que nalgúns ferigresías existía «o abominable» costume que chaman de fiadas ou fiadeira e de carnavaís, nos cales de noite xúntanse homes e mulleres e fanse grandes pecados contra Deus».

Este bispo ordenaba ós seus párrocos que desterraran esas malditas xuntanzas valéndose para iso, se fora necesario, acudir á xustiza secular (88) e que empregaran os tres días do carnaval en dar culto a Xesús Sacramentado, e removeran nos seus fregueses, o exercicio da piedade con actos relixiosos durante estes tres días.

Pese a estas privacións, sempre houbo na provincia de Ourense curas que non viron mal nos costumes de xuntarse os xoves de distintos sexos para divertirse.

2.5.6. Galáns, damas, madamiñas

En Entrimo, as máscaras deste pobo fronteirizo con Portugal, son: damas e galáns, madamiñas e mandamiños, todos eles con vestidos de encaixe.

As damas visten con enaguas de cor branca con bordados con encaixes ó igual que a

camisa. Cruzando o peito e con nó nas costas levan un gran pano a modo de mantilla. Na cabeza levan un chapeu de palla moi adornado con cintas de cores.

As madamiñas tamén se chaman xigantes e lucen camisa e garavata, pantalóns bordados e unha curta capa de cor. A súa carauta loce longos bigotes e a cabeza vai cuberta cun gorro de forma cónica que leva na parte superior unha especie de plumacho feito de papel de cores vivas.

Van en parellas. Antigamente, facían nun carro do país moi engalanado e acompañados por gaiteros. Soen ir saltando.

As damas e galáns, soen levar traxes ridiculizando ós antigos señores ou poderosos do pobo.

DESENROLO DO ENTROIDO: Elementos

- A) As portas do entroido: domingo borrallante
O pregonero do entroido: o meco
As comparsas
- B) A loita dos sexos: Xoves de Compadres
- C) O xogo fecundativo: o Domingo Oleiro ou Domingo Corredoiro
- D) A loita dos sexos: Xoves de Comadres
- E) Cara ó apoxeo do entroido; o Domingo de Entroido (Domingo Grande)
- F) O cume do entroido: Luns de Entroido

Martes de Entroido

- G) Mércores de cinsa: Enterro da sardiña.

RESUME

Comezo. Non ten datas fixas (segundo as vilas ou pobos).

En xeral. dende septuaxésima ó mércores de Cinsa (71/2 semanas).

En Manzaneda e comarca: comeza o 15 de xaneiro.

En Xinzo. Comeza o 25 de xaneiro (día de San Sebastián).

EN XINZO

- San Sebastián (15 de Xaneiro)
- Domingo gordo (porto Entroido)
- Domingo Fareleiro (septuaxésima)
- Xoves de Compadres

EN XERAL

Doming Corredoiro(Domingo Oleiro)
- Xoves de Comadres
- Domingo de Entroido
- Luns de Entroido
- Martes de Entroido
- Mércores de Cinsa (O Enterro da
Sardiña)

3. OS MAGOSTOS NA PROVINCIA DE OURENSE

3.1. Historia da celebración en Ourense

No período comprendido entre 1936 e 1964, dispomos de moi poucos datos relativos á celebración da festa do San Martiño en Ourense.

Durante os anos da Guerra Civil (1936-1939), é lóxica a falla de información, pero existen anos coma 1940, 1944, 1945, 1946, 1947, 1950, 1951, 1954, 1959, 1958 nos que non se fai mención algunha a non ser algún artigo solto como recordatorio da festividade do San Martiño, patrono de Ourense e do día dos magostos.

As informacións de prensa que temos dendeos primeiros 30 anos, céntranse fundamentalmente no aspecto relixioso da festa, dando toda serie de detalles sobre a santa misa que como conmemoración en honor ó Santo Patrón oficiouse na Santa Igrexa Catedral oficiada polo Bispo da Diócese.

Outro dos temas que soe mencionarse é o ambiente das castañeras instaladas nas céntricas rúas da cidade e dalgunha festa celebrada durante a tarde-noite en determinadas plazolas da cidade.

Polo ano 1949, comeza a celebrarse con certa seriedade a festa do magosto nun barrio da periferia da cidade denominado Estrada da Granxa e en 1952, aparece na prensa local, por vez

primeira a idea de organizar un concurso de magosto.

A partires de 1935, comezan a publicar artigos ó respecto escritores da categoría de Don Ramón Otero Pedrayo e Vicente Risco que a través da prensa local, destacan a importancia do montículo dendeonde se domina a nosa Cidade e denominado Monte Alegre que serve de lugar preferido polas pandillas de xoves para face-los seus magostos; porque unha cousa é certa, aínda que non existen referencias escritas, que a festa se celebra dendetempos antiquísimos é unha evidencia que constatamos a través do noso contacto con xentes moi vellas da capital.

A partires de 1957, faise referencia ós cultos de carácter extraordinarios celebrados na catedral e organizados polo Colexio Oficial de Avogados de Ourense en honor ó seu patrón (San Martiño). Esta misa solemne soía estar presidida polo Excmo. Sr. Presidente da Audiencia Provincial de Ourense, e así mesmo faise referencia á visita que os avogados facían por este día ós reclusos da prisión provincial, ocasión anual que aproveitaban para facerlles un agasallo, que en 1963 consiste nun televisor.

E en 1964, cando o Excmo. Concello da Cidade organiza a festa e aporta ademais o seu apoio económico.

A tal fin contrátanse varias agrupacións folklóricas que se concentran na Praza Maior, xuntamente cos grupos de magosteiros e dende alí, trasládanse ata o campo dos Remedios (así denominado por existir alí unha pequena capela na que se venera a Nosa Señora dos Remedios) lugar destinado para as fogatas dos magostos ó que son levados por vez primeira os vellos do Asilo e as nenas do orfelinato da Barreira, feito que puidera ser considerado como a primeira participación oficial dos nenos na festa dos magostos. Elíxese por vez primeira, á moza do magosto, que será a figura máis importante nese día.

O pregón da festa é pronunciado polo ilustre poeta ourensán Celso Emilio Ferreiro e titulouse: «O conto da festa».

Axudou a climatoloxía e a convivencia entre xoves, adultos e persoas da terceira idade, foi excelente nun ambiente festivo e cheo de ledicia no que as castañas e o viño foron os protagonistas, rexistrándose tamén a presenza de polbeiras e postos de carnes cocidas, que a partires de entón xa constitúen ano tras ano un verdadeiro aliciente para a festa ó facilitar, que as xentes celebren a mesma todo o día sen preocuparse en leva-la correspondente comida.

O ano seguinte (1965), o Concello da cidade, convocouna como «II Festa do Magosto» e marca un fito na historia da celebración, porque, por vez primeira, rexístrase a participación estudantil na mesma a cargo do colexio Menor Calvo Sotelo, que conseguiría o premio ó magosto máis artístico.

Outro dato a destacar tamén, é a institución de premios ós magostos por vez primeira. Estes premios fan referencia ó magosto máis «enxebre», ó máis artístico, ó máis animado, ó de máis fumareda, etc.

O pregón foi lido polo poeta e profesor ourensán D. José Luis López Cid.

A «III Festa do Magosto» celébrase en 1966 e superando en brillantez e concurrencia á do anterior.

Celebrouse no recinto da Alameda e foi retransmitida por Radio Nacional de España.

Como anos anteriores, o pregón da misa leuse nos balcóns do Concello e correu a cargo

do escritor ourensán E. Blanco Amor.

Participou tamén o colexio Calvo Sotelo non só co seu Magosto senón co seu animado grupo musical.

O final, repartíronse os premios segundo os criterios establecidos o ano anterior.

Se decíamos que 1965 foi un ano decisivo na celebración da festa do magosto en Ourense, motivado pola decisiva intervención do Concello, é en 1967 cando verdadeiramente este acontecemento do magosto alcanza máis cotas de participación e aceptación social impensables anos atrás, e que logo, manteranse de maneira crecente ata o momento actual.

O recinto da Alameda quédase pequeno á hora de dar cabida á masiva afluencia de magosteiros e público en xeral.

Rexístrase a participación de 24 grupos entre os que se contabilizan algúns chegados de localidades distantes 40 Km. da capital da provincia como é o caso de Xinzo de Limia.

Que a festa ten xa unha seria implantación confírmase coa participación en 1970 de seis grupos escolares e agrupacións xuvenís:

- Escola de mestría.
- Sexto curso do Instituto Femenino.
- Clube Rutas de Ourense.
- Clube Chedeiro.
- Cidade dos Muchachos.
- Escola Normal de Maxisterio (2º curso).

E significativa a intervención do alcalde da cidade e do Delegado de Cultura que leu o pregón no que fixo unha glosa desta tradicional celebración especialmente enraizada no espírito e cultura do noso pobo.

Repartíronse 21.000 ptas. en premios. Tres de cinco mil e tres de dúas mil ptas.

En 1972, a popularidade da nosa festa supera os límites provinciais e comeza a ter eco a nivel doutras provincias galegas como se demostra coa participación na mesma, de cinco grupos de magosteiros procedentes de Vigo (Pontevedra) que se uniron ós outros quince grupos participantes que como en anos anteriores rexistrábase a participación escolar.

O pregón foi lido polo escritor e catedrático ourensán D. Carlos Casares Mouriño, e na entrega de premios estivo presente o alcalde da cidade Sr. Martín Esperanza.

A prensa local califica de «magnífica» a celebración da festa en 1973.

A organización e como descorren foi moi similar á dos anos anteriores, se ben, calcúlase que foi maior o número de persoas que se congregaron no recinto.

Deste ano (1973) destacaríamos o pregón pronunciado polo ilustre escritor, arqueólogo e académico da Real Academia Galega, D. Xesús Taboada Chivite e que polo seu contido consideramos conveniente a súa íntegra reprodución.

«OURENSANS, GALEGOS, SEÑORAS E SEÑORES TODOS»:

Perdoádeme o atrevemento de aceptar o que sexa eu o Pregoeiro dista FESTA que o Ayuntamiento e a Comisión Municipal organizadora, cultos e bailes ourensáns, veñen

organizando con outro amor á TERRA.

Perdoádeme -digo- porque precedéronme niste cometido, figuras senlleiras de intelectualidade, e que hoxe vos fala sómentes pode certificar un amor constante á TERRA e unha inqueda sin fendas, polas costumes e tradicións de Galicia.

Máis atinados estiveron os membros da Comisión en elixir como Reina da Festa a esta linda rapaza, xentil, feiticeira, belido caraveliño, senon ourensá de nacencia sí de aboengo de convivencia o ambiente, e ben se sabe o influxo da xeografía en relación social na ialma e aínda no corpo das persoas Ela constitúe a espresiva imaxe dista grata festividade.

Celébrase hoxe a Festa do Magosto, xunguida a unha data tan ourensá, como é o San Martiño, Padroeiro da Diócesis; iste San Martiño de Tours, soldado de tropas romás, que chegando un día de inverno á cidade de Amiens atopou a un probe, aterecido de frío espidiño, enguruñado, pedindo esmola; e non tendo que lle dar sacou a espada, cortou a capa e deulle a metade ó pordioseiro. Di a lenda que o tempo amainou de súpeto pra que San Martiño non tivese frío e que dende entón o vranciño de San Martiño é lembranza do misericordioso feito.

Mais o Santo de Tours está avencellado á cidade das Burgas por un acontecemento que a Historia conta. Residía aquí a mediados do século VI o rei Suevo Carriarico que tiña un fillo leproso; e cunha reliquia do Santo turonense sanou o rapaz. Toda a Corte converteuse ó catolicismo e naceu, logo, a Catedral ourensá, con reliquias de San Martiño.

Ten, pois, a data de hoxe saudosa siñificanza, no Ourense perdurábel; e vaise a celebrar nela a FESTA DO MAGOSTO. Vaise a celebrar...

Niste espléndido panorama do outono, estación de beleza como ningunha, cos mil tonos das follas de árbores e viñedos, cos fermosos cores da campía que non podería soñar a pantasía do millor pintor.

O que non sei é se por esta masificación que está impondo a Televisión, radio, as comunicacións e a emigración masiva, non se verán xa, como o meu inesquecible mestre Cuevillas, escribía fai anos, os fogos do Magosto entre as penedas de Montealegre, nas vaguadas frondosas do Loña, baixo os piñeirais do Salto do Can, ou nas encostas da Farixa.

Pero vánse ascender neste intre as lumeradas de fogo lúcido e escintilante, o que, en Ourense, onde por mor dos amantes das tradicións perviven os Magostos. E subirá o fume ó ceo como unha anterga ofrenda ritual. Vaise ascender ese fogo que naceu en lonxanos tempos como regalo dos deuses; ese fúlxido fogo que foi máis grande conquista da Humanidade.

O fogo sábeno moitos dos que aquí me escoitan porque aínda non é de todo modo purificador e sagrado. Non fai moito que nas fogueiras morreron as antigas crenzas de San Xoán choutamos Risco e máis eu, en Santiago, coa familia propietaria de SALTO POR ENRIBA DO FOGO DE SAN XOAN PARA QUE NON ME MORDA NIN COBRA NIN CAN.

Como tamén por riba, dos lumazos que na festa de hoxe se fan, brincan en moitas partes con semellantes fins.

E, como o fogo, a castaña ten tamén significación sagrada. Hoxe a festa -ben o vemos- é de ledicia e diversión, e alédanos que así sexa por moitos anos. E hai aquí moitas e fermosas rapazas que han de faguer como a moreniña do esgrevio poeta ourensán Lamas

Carvajal que: «Lixeira como a pólvora colléu foupas e brazadas- i ela sola fixo un feixe -así de alto... de oito cuartas-. Abriuse unha facha fonda -botaron nela castañas, leña púxose por riba, prendeuselle lume... i hala! -armouse unha laberada- como se ardese a montaña.

Que sonen, pois, a música da gaita, bombo e tambores, que se baile e cante arredor do lume, que haxa xogos i enredos, berros de alegría, tiznaduras estralo de bombas; que corra dabondo o viño novo, o pantrigo, os chourizos e o xamón; que istoupen as castañas e cómanse os bullós. Isto é o que compre agora, aínda que quixera fagueros unha cativa historia do que o fogo e a castaña, i en definitiva o Magosto, representaron noutro tempo, e a importancia que en Galicia tiveron sempre, cando nada menos que Lope de Vega pon en boca dun galego que se despide da terra, a morriña dista festa:

¡ Adiós magostos de castaña asada -Adiós querida patria, sempre amada ! E outro baril escritor do mesmo tempo que, loubando o viño do Ribeiro, dinos: Ribadavia, a quien venera tanta nación por el santo licor que sobre un magosto de castañas, hacer raros milagros...

E si a tiveron, denantes, teñen aínda agora os magostos importancia en moitas partes de Galicia, porque na raigame da ialma galega seguen o fogo e a castaña anque perdendo pra moitos o seu carácter originario, un fondo religioso. Algúns que me escoitades teredes noticias de que no fogo, e moi prohibido tíñase no dos Magostos, non se pode cuspir, porque quen o faga padecerá accidentes, crisis e perderá a salva. Tampouco se pode mexar nil se non se quere padecer da vexiga e tantas e tantas crenzas máis. 1 é que o fogo é sagrado. Cónstame que nos fiadeiros, cando o noivo quería roubarlle un beixo á noiva, ela decía: «Non, non que nos ve o lume. E na miña terra de Verin, dícese ista cantiga: Véxoches triste e chorosa no refrexo do lumazo. Marchémonos traio escano -quéroche dar un abrazo.

Pra que seguir. As cousas que dil se din, abundan.

Polo que á castaña respecta, non hai dúbidas de que tivo, en tempos, xorno funerario. En Galicia, Asturias e Santander, o magosto naceu como conmemoración e lembranza aos mortos i en algúns pobos limitábase a cantidade que delas se comían ao número de ánimas que desexaba sacar do Purgatorio. A castaña e o viño novo eran, respectivamente, símbolos da morte e da vida, que son, decote tristura i esperanza da Humanidade. Por elo fánse en moitos sitios os Magostos os días de Tódolos Santos e Defuntos. Hai catro séculos que con carácter funerario xantaban os probes de Galicia, o dous de novembro, castañas que lle regalaban os señores. E lin nun viaxeiro inglés que pola nosa Terra andivo fai dous séculos, que a xente, a víspera de Defuntos, iba comendo castañas coa fe de que cada unha libraba un alma do Purgatorio. Aínda non hai moito, cónstame que en Viveiro visitaban os nenos en tal día o cemiterio con rosarios de zonchos, que son castañas cocidas rociadas con anís.

Pode que alguén dos que aquí estades haxe ouvido algunha vez que os restos das fogueiras que agora vendes a fumar non se poden apagar hanse deixar consumir lentamente, porque a eles baixarán de noite as ánimas a se quentar.

Fagúíase o Magosto entre lusco e fusco do día de Tódolos Santos. E púñanse, a beira do lumazo, castañas coa seguridade de que ao abrente do Día de Defuntos os mortos tornarían a Xantelas. Cónstame que así se fagúía, por exemplo na comarca de Viana do Bolo.

Mais deixemos estas cousas que acusan a melenconía céltica da raza galega, tristura,

nostalxia e recordo aos mortos, e dispóndevos a bailar arredor do lume, namentras estralan os bullós; a entoar ledas cantigas, a encinaros uns aos outros. Que haxa troula, farra, parranda, liornas e alqueiradas. Que sonen a música e a gaita, nista FESTA DO MAGOSTO 1973 que en data tan sinalada no calendario ourensán, como é o San Martiño, estamos celebrando e ista esgrevia Comisión Municipal, organizadora da FESTA, a gratitude de cantos se interesan por tan xenuinas expresións do latexar galego, lles loitan, sin acougo, contra a gregarización de costumes, de tradicións de usos e prácticas que o cosmopolitismo actúa, e a industrialización están impoñendo, coa conseguinte perda de ledas formas de vida e fermosas usanzas, aínda que tanto ignorante coide que quenes así pensamos defendemos, pouco menos que o home das cavernas.

E coma tantas veces teño ouvido nos magostos diste día, algarcai, a beira das humaredas que vades ascender, o rexo balbordo de costume: ¡ VIVA SAN MARTIÑO E A BOTA DO VINO!

Que a nosa popular festa estaba calando profundamente en toda a xeografía rexional, xa o constatamos, sen embargo, ocorre en 1974, ano de celebración da «XI Festa do Magosto», un feito histórico e é a celebración do «Día de Marín» como homenaxe que a cidade de Ourense tributa á mariñeira e entrañable vila de Marín coa que dende 1935 ten grande vinculación, debido a que a citada vila dependeu en tempos pasados do Mosteiro de Santa María A Real de Oseira, situado a uns 25 Km. de Ourense.

O acto de irmandade foi moi emotivo e a el asistiron a Corporación Municipal de Marín e unha representación da Escola Naval Militar, que foron recibidos no Salón de Sesións do Concello ourensán.

En canto á celebración da festa no aspecto participativo, mantívose a mesma tónica coa novidade da participación da Escola de Turismo de Vigo, á que foi outorgado o premio ó magosto máis animado e dotado con 5.000 ptas.

Iníciase en 1975, un período que abarca ata 1978, e que sen motivo aparente (aínda que os medios de comunicación atribúen ó mal tempo), o interés pola festa en contra do que se esperaba pola proxección exterior que tomara a mesma, descende considerablemente ata o punto de ser soamente seis os magostos participantes en 1975, e de «poucos magosteiros» titula o artigo o periódico local en 1976 no que ademais e para maior decepción, declaráronse desertos os premios ós magostos máis «enxebres» e «máis orixinais».

Deste ano 1976, soamente se podería destaca-lo pregón pronunciado polo ilustre poeta Ramón María e do que reproducimos un fragmento no cal resalta a festa do magosto como unha tradición viva da terra e chea de poesía.

«O magosto é unha tradición viva da terra, do pobo chea de poesía e á lus do seu logo, quen teña os ollos ben abertos ollará pasar cantos de nenos, ilusiós de xoves e tenruras de vellos. Na súa música fúndese silenzos, verbas, espranzas, recordos, sentimentos, loitas e dolores.

O magosto é como unha simbolía do outono ourensán... Unha sinal da outra vida dos mortos e dos vivos, unha semente de poesía, unha faísca de amore que ven do amore

e que volta a il no sangue dos fillos».

En 1977 participaron soamente seis grupos.

En 1978 participaron soamente tres grupos.

Afortunadamente superados estes catro anos críticos da nosa festa, iníciase en 1979 unha lixeira reactivación coa aparición de once grupos algúns deles chegados de A Coruña e Vigo.

O pregoneiro foi o cronista oficial da cidade, profesor e escritor D. Alfredo Cid Rumbao, que destacou a festa do magosto como unha festa de amizade na que conviven as castañas, o viño e os chourizos e no que fixo referencia á «urbanización do magosto».

Reproducimos parte do mesmo pola súa aportación:

*«A castaña é o froito definidor do Magosto -dixo- cando está máis xumenta de-
nantes de que se marche. Pero o magosto tamén é a festa do fume e da carne que aínda
non se fixeron de todo: que se acaban de facer co outono para que nos aleden e nos
manteñan no inverno en diante. O magosto non sería tal se as castañas non as
compañasen o viño e os chourizos que corre presa de beber e de probar cando son máis
novos, antes do San Andrés e antes da quentura da lareira... O magosto é festa de
amtzade... Pra nós os que vivimos nas cidades traballando diante do horizonte dun
tabique, o magosto e o máis cheo reencontro coa Natureza; case un descubrimento de
ela pra os coitados veciños do asfalto que non cheiran o campo nin os paxaros, e que en
semás enteiras non ven correr outro fio de auga que a do grifo. Penso que todos
voltamos do magosto algún ano máis novo cada un».*

A tímida recuperación iniciada en 1979 despois da crise xa comentada, cofírmase en 1980 na denominada «Festa do Magosto 80», coa participación de 20 grupos de magosteiros pese ó mal tempo reinante.

Este ano a novidade máis importante foi a celebración da festa no campo da feira e non na céntrica Alameda como viña sendo costume.

Como anos anteriores, rexistrouse grande participación de Bandas de Música, grupos de gaitas e charangas que animaron a festa en todo momento.

O pregón correu a cargo de D. Manuel Catoira (Escritor) que destacou o carácter fraternal do magosto e o lume, como elemento purificador así como as excelencias do viño, da castaña e da augardente queimada que en Galicia recibe o nome de «queimada».

Deste pregón, seleccionamos estes versos:

*«Amigos todos magosteiros anunciamos este rito novo de fraternidade entre tódalas
xentes ourensás que perto ou lonxe están connosco na memoria pra celebrar iste gran
magosto do ano 80.*

*Estamos aquí pra atender esas luces que brillaran en vales e serras como estrelas que
servirán de guieiro ó camiñante.*

*Iremos co noso espírito á floresta densa das follas, das froumas e trepadeiras purpurina,
das carqueixas e os toros que farán o lume onde axiña quentaremos as nosos fantasías.*

*Vibra a lira onde se quentan e douran as castañas nas edades do tempo, tremando a
cada berro.*

*Que os deuses druidas baixen dos castiñeiros a beber connosco o viño novo desta data.
Que os espíritos da nosa anterga terra celebren connosco este sacrificio dos froitos novos.*

Que o lume purificador suba ao ceo dos nosos anceios como unha lingua de saudoso fume.

Que a augardente da queimada rebuia as inquedanzas da nosa persoa. Saudamos e damos a nosa benvida a tódolos fatos de magosteiros que hoxe van compartir estas castañas, vino e queimada símbolo da fraternidade da terra que nós ofrendamos niste día de outono ao San Martiño: saúdos amigos, ao árbore».

Unha novidade importante rexistrou a festa do magosto de 1981 e foi a ausencia do tradicional pregón anunciador da mesma.

Voltou a celebrarse no Campo da Feira polo que a comitiva tivo que facer un percorrido moito maior dendea Praza Maior ata o Parque de San Lázaro, lugar no que tomaron varios autocares postos polo Concello para ser trasladados ata o recinto feiral.

O día anterior no despacho do Alcalde da cidade tivo lugar o acto de entrega por parte do titular do concello ós funcionarios da Secretaría de Estado de Turismo varios obxectos de agasallo e fíxoselle sabe-la pretensión da cidade de Ourense de que a festa do magosto sexa declarada de interés turístico.

Os magosteiros e a xente que asistiu á festa, foron obsequiados cunha queimada pola Comisión de festas e a Delegación de Cultura.

Rexistrouse grande participación de grupos folklóricos que amenizaron a festa ata o anoitecer. Leiamos o día 12 de novembro no periódico Local La Región (12-11-1982):

«Experimentou un grande incremento o número de magostos na finca de Sevilla. Ourense ou polo menos a capital, que é o que tivemos máis preto dos ollos, voltou a disfrutar onte da festa dos magostos, como cada 11 de Novembro polo día de San Martín. A cidade, ás cinco da tarde, estaba cuberta por unha capa de fume, que quizais se pudiera confundir coa névoa, pero non todo era natural. Baixando por Seixalbo as cinco da tarde podíase contemplar, sobre un horizonte limpo levantábanse incontables columnas de fume, a maior arte nacendo entre a cor verde uniforme dos montes que rodean Ourense, pero tamén se podían apreciar densas humaredas brancas saír detrás dos edificios.

Columnas anónimas que presaxiaban ledicia na súa base, con xentes de calquer idade, avivando o lume, removendo as castañas, colocando os chourizos, preparando o estómago co viño novo, tiznándose as caras entre cancións. Foron os magostos un ano máis para ledicia, disfrute e tradición.

Pero a celebración comezara a media mañá. Na catedral celebrábase un solemne pontificar, presidido polo Bispo da Diocese, Monseñor Temiño, e concelebrado por unha decena de sacerdotes. Entre os fieis asistentes unha representación da Corporación Municipal integrada por concellais de AP e UCD presididos polo alcalde en funcións Xosé Ramón Vázquez.

No exterior do Templo, na rúa das Tendas, agardaban centenaes de persoas, entretidos polo soar da Gaita entre as pedras do lugar, que facían chorar ou rir un grupo de gaiteiros.

Un pouco máis abaixo, os integrantes da Banda Municipal de Música agardaban ó término da misa acompañando á ofrenda de flores.

A unha da tarde, os representantes da Corporación Municipal chegaron ata a esquina da Catedral na que hai esculpida unha representación de San Martiño. A Banda de Música comezou a interpretar unha pieza cando uns centenaes de persoas atraídas a maior parte pola concentración, chegaron ata o lugar. Unha axente da policía municipal portaba un ramo de flores que un home se encargaría de facer chegar ata as inmediacións da estatua ecuestre do patrono da diocese.

Unha vez colocado o ramo nalgún cravo invisible dendea rúa, a Banda interpretou o Himno galego. Acto seguido, os integrantes da banda, seguidos pola representación da Corporación e de parte do público, dirixiuse cara á Praza Maior, acabando de interpretar a peza que lles marcaba o paso. Unha vez sucedeu isto, acabouse o acto, entre bombas de palenque e un sol que presaxiaba un fermoso día.

A festa, anque para algúns comezaría xa pola mañá tería o seu verdadeiro punto de partida en canto as catro da tarde. Cara donde queira que se dirixira a vista podía ver unha columna de fume que presaxiaba festa e ledicia. Os aledaños da cidade eran un rosario de Humaredas anónimas que se levantaban cara ó ceo chegado a por sobre a cidade ese velo que subsiste no recordo nos incendios forestais de cada verán, inda que onte era sinal de satisfacción por comprobar que se mantén a tradición con toda a súa forza.

O centro oficial dos magostos 1982 estaba nas aforas de Ourense na finca Sevilla. O Concello convocara o pobo e hai que buscar dúas vertentes a tarde, a positiva e a negativa. Comencemos pola negativa, o feito de que a invitación xeral ofrecida se circunscribira ó final a catar un par de castañas para os que chegaran no primeiro lugar, paladear un par de sorbos de viño para coñecidos, amigos e algún polizón que outro e acabouse.

Feron centos as persoas que se ceñiron a escoitar un pouco de música e ver como se divertían os demais.

O positivo da xornada foi, en primeiro lugar, o fermoso día que fixo. Invitaba a saír ó monte. Logo en segundo lugar, o Pleno do Concello ó elixir a Finca Sevilla para levar a cabo a celebración. Os recelos dun primeiro momento disipáronse ó comprobar que a finca é moito máis que o clube de campo do que soamente quedan vestixios. Un pouco máis arriba, xa fóra do derruido recinto do Clube de Campo, celebrábase a festa. O crepitar das pólas ó queimarse confundíase co ruído ronco dos Gis-Gis-Gus-Gus mentres interpretaban algo que latía recordar un paso dobre. Inda que á oferta de subvención convocada polo concello soamente se presentaron dez agrupacións para recibirlas dez mil pesetas medio centenar de columnas de fume repartíanse pola enorme pradeira.

O fin da festa virá logo, tralo grande éxito da Finca Sevilla en canto a concorrencia de xente, na Praza Maior. Caras tiznadas e roupas sucias entre vestidos de festa disfrutaron das últimas horas da tarde, animados polas charangas e os grupos de gaiteiros. Outro lugar no que se festexou por todo o alto a festa dos magostos foi na Praza do Couto, para tódolos veciños daquela barriada. Barracas e a actuación dunha orquesta foi o ingrediente que levou a celebración. Tamén aquí hai o seu pero, a pesar de todo, que os organizadores tiveron que asa-las súas castañas nun descampado que hai detrás das casas de dita praza.

Pero o peor do descampado é que está cheo de montóns de terra como se se tratase de dunas esquecidas coa xusta pendente para que camiñar por eles fora difícil e propicio a resbalóns.

No recinto do vello Hospital Provincial celebraron o seu magosto os minusválidos, organizado polo Clube as Burgas. Tamén correu o viño, a ledicia, abundaron as castañas que era do que se trataba.

En resume, un grande día de festa con centos de 'magosteiros' reafirmando a identidade do día, para moitos máis que nunca».

En 1983 a festa do magosto, transcorreu como de costume en canto ó ambiente reinante na Finca Sevilla, se ben é de destaca-la pugna entre a chuvia tan característica nestas datas e o lume, como elemento imprescindible do magosto. Estas condicións climatolóxicas un tanto desfavorables fixeron que a afluencia do público fose algo menor que en ocasións anteriores, inda que como xa dixemos, os asistentes celebrárono coa ledicia de costume.

A festa dos magostos, que foi organizada tamén este ano polo Concello e pola Delegación Provincial da Consellería de Educación e Cultura contou coa presenza do alcalde da cidade señor Caride Tabarés e con varios concellais do Concello.

As fogueiras comezaron aproximadamente ás catro da tarde e ó seu arredor unhas cincocentas persoas puxeron a nota que distingue esta celebración de calquera outra. O son de tambores e charangas, a ledicia pouco a pouco foise xeralizando á treintena de fogueiras alí presentes, e durou ata as primeiras horas da noite, para finalizar coa queima do «meco» ou boneco alusivo ó magosto que semellaba unha xigantesca castaña con brazos e pernas en forma de chourizo, a queima foi acompañada de abundante lume artificial e unha vez máis pediuse a Xunta de Galicia a Declaración de Festa de Interés Turístico.

Ata os anos sesenta o magosto era unha celebración de pandillas que comezaban ás primeiras horas da tarde, que tiña como ubicación tódolos outeiros que rodean a cidade. Este costume continúa, e pese ós intentos do Concello por agrupalos, o máis bonito da festa segue sendo esas multiplicacións dos magostos, ese aire de festa que tódolos ourensáns desexan ese día. Os colexios celebran os magostos, no Fogar do Pensionista, agrúpanse centenaes de persoas para bailar aqueles vellos e melódicos pasodobres dos seus anos mozos.

A festa, dende a súa municipalización adquiriu outros matices e ganou no seu conxunto, porque iso non implica que nos montes próximos sigan celebrándose como antes os magostos.

A implantación da festa é moi forte e segundo podemos ler no periódico local (12-11-83) «nin a auga foi capaz de mitiga-lo lume ou de lava-la cor antracita das faces».

Sobre a celebración da festa do magosto na nosa cidade en 1984 son moi escasos os datos que podemos aportar por haber coincidido en Domingo e o seguinte día non haber periódico, senón La Hoja del Lunes, que se ocupa preferentemente da información deportiva.

O que si soubemos é que a súa celebración foi moi similar á do anterior. Moita animación no recinto da Alameda, grande ambiente nas rúas dendeprimeiras horas da tarde nun día no que axudou bastante a climatoloxía e como sempre activa participación do Concello en canto á organización da mesma.

É obvio que os factores climatolóxicos cando son adversos inflúen negativamente no desenrolo de calquera actividade que se desenrole ó descuberto. isto foi o ocorrido no día dos

magostos do ano 1985. A chuva caeu incesantemente durante a tarde e iso deu lugar a que as xentes decidisen quedarse nas casas. Foron poucos os magosteiros que se aventuraron a acende-las súas fogatas e asa-las castañas. Sen embargo, ás veces sendo poucos, resulta que o bullicio e a ledicia propia do día é o suficiente para poder calibra-lo que esta tradicional festa representa para o noso pobo ourensán.

O mal tempo dificultouno enormemente pero iso non impediu que se celebrase baixo o paraguas algunhas competicións paralelas e no mesmo recinto, como ocorreu co concurso de «a chave».

Pola mañá, a Corporación Municipal asistiu como de costume á ofrenda floral ante a imaxe de San Martiño de Tours na Catedral, acto que se celebrou ó finaliza-la misa solemne oficiada polo Bispo da Diocese.

Nos montes que circundan a nosa cidade, non se vían as Humaredas propias das fogueiras que, cando o tempo o favorece, son o testemuño de que os xoves acuden ó monte masivamente para tan entrañable festa.

A celebración da Festa do Magosto, o pasado ano 1986, foi no aspecto relixioso un calco exacto ó ano anterior, incluso o día presentou as mesmas dificultades, as cales comezaron a noite anterior durante a cal se rexistrou unha intensa chuva que xa facía presaxiar o que podía ocorrer ó día seguinte, rendendo así xa de véspera o desánimo en moita xente que preferiu quedarse na casa ou celebralo en lugares pechados. Logo ocorreu, que anque o día non estivo bo, tampouco maio como se presaxiaba e iso deu lugar, a que as pandillas de xoves recelasen saír ó monte e se quedaran en solares, praciñas e lugares apartados pero dentro ou preto da cidade.

Foi este ano moi importante ó noso ver a nivel de asociacións de veciños na participación na festa.

Moitos barrios da cidade, celebraron o seu magosto ó mesmo tempo que unha orquesta animaba o acontecemento e procuraba diversión e ledicia para todos. Tal é o caso do O Couto, Rampa de Sás, a Carballeira, Mariñamansa, San Francisco, Barrocáns, A Milagrosa, etc. A esta celebración por zonas da cidade, uníronse asociacións culturais ou recreativas como: Liceo, A Troya, Albor Ceibe, etc., que convocaron ós seus socios para a celebración.

Algúns colexios da cidade celebrárono no recinto colexial mentres que os outros preferiron saír o monte. Entre os que participaron atópanse Maristas (2º e 3º de BUP), Franciscanas e Concepción Arenal (6º, 7º e 8º cursos de EXB).

3.2. Valoración festiva

No apartado denominado SINTESIS DA CELEBRACION DA FESTA DO MAGOSTO EN OURENSE (1936-1986), intentamos reflexar como a viviu a cidade de Ourense, a citada festa, que dende hai xa varios anos a municipalizou, dotándoa de abundantes premios e propaganda folklórico, o que dalgunha maneira desprestixiou o auténtico significado antropolóxico e cultural da mesma, convertindo en urbana unha celebración, que naceu no medio rural e que é alí precisamente onde ten razón de ser a súa existencia. Nembargantes, nós, consideramos conveniente o recolle-los datos de tal celebración urbana durante os

últimos 50 anos, sen que por iso deixemos de recoñece-lo xa exposto acerca do verdadeiro significado da mesma.

Como pode comprobarse na citada síntese a participación estudiantil, dase por vez primeira en 1964 ano que organiza o Concello a celebración da mesma e establece unha serie de premios para os concursantes. E en 1966 cando o Colexio Calvo Sotelo participa na denominada III Festa do Magosto e posteriormente en 1970 xa se rexistra a participación oficial de 6 grupos escolares que van en pos dalgún dos premios que o Concello estableceu.

Manténse unha tónica parecida en canto á participación ata 1986, se ben é certo, que dende 1984 proliferan os magostos nos barrios da cidade, nos que os veciños reúnen en torno ó lume sen outro estímulo que a celebración do magosto á antiga usanza e cos auténticos valores culturais de unidade e convivencia.

A nivel de Colexios progresouse moito nos últimos anos e case tódolos colexios celebran o seu magosto ou ben no patio do Colexio ou ben nunha saída ó monte.

Non damos relación de Centros que o celebran e dos que temos noticias, por considerar, que son minoría os que non o celebran.

Desde que se declarou día festivo para a cidade de Ourense, os centros celébrano antes do día 11 (Día de San Martiño). Hai anos, cando aínda se consideraba día lectivo e laboral, acostumabamos saír pola tarde cos nosos alumnos ós montículos que rodean a cidade de Ourense (Montealegre, Seminario, etc.).

Segundo as redaccións elaboradas polos rapaces, esta festa é moi importante para eles. E unha festa chea de ledicia e maxia na que a combinación entre liberdade, natureza, lume e castañas é perfecta.

O que notamos en falla, é un aproveitamento auténtico da festa nas aulas. Neste aspecto, ocorre o mesmo que coa festa dos maios e do entroido que non se lles saca o correspondente rendimento a nivel educativo. Por unha parte recoñécenselle tódolos seus valores educativos, pero á hora de levalos á práctica a nivel de aulas, todo ese recoñecemento non é válido porque ou non se fai nada ou se fai pouco, expondo as razóns de sempre: os libros deberan adicar máis contidos a estas festas, os programas deberan contemplar máis estas celebracións, etc.

A auténtica realidade, é que, ou ben polas razóns argumentadas polos profesores ou por falla de entusiasmo ou tal vez porque se descoñecen os mecanismos que facilitan ó profesorado un mellor aproveitamento das mesmas istos acontecementos populares aínda gozando de tódolos aditamentos necesarios para dar un bo partido, quédanse como moito en meras leccións ocasionais.

PARTE III

A COMUNIDADE E AS FESTAS ESCOLARES

1. AS FESTAS POPULARES TRADICIONAIS, VISTAS POR RELEVANTES PERSONALIDADES E ESTUDIOSOS DO MUNDO DA CULTURA POPULAR

Consideramos que no noso labor de investigación, era moi importante coñece-lo pensamento dunha serie de personalidades de recoñecido prestixio no mundo da cultura popular, da etnografía e de todo o referente ás tradicións populares do noso pobo.

Para iso, e aínda que sabiamos dunha maneira moi aproximada cal era o seu pensamento a través dos seus libros, das súas publicacións en revistas, na Enciclopedia Galega e en tantas e tantas colaboracións periódicas cremos conveniente entrevistalos persoalmente e aporta-lo contido de ditas entrevistas, como documentos vivos de incalculable valor e que celosamente se gardan e aportan en cintas gravadas para tal fin.

Deste grupo de intelectuais entrevistados adxúntase unha breve biografía.

Certo é, que algún máis puido quedar fóra da nosa relación, pero habemos de manifestar con sinceridade, que no noso ánimo estivo sempre presente o desexo de poder contar co maior número posible co fin de clarificar máis a nosa investigación.

Dentro deste apartado, recolleemos tamén as opinións doutras persoas, que se ben é certo que non figuran ó recoñecido nivel dos anteriores, pola súa traxectoria (que nós coñecemos ben) no mundo da cultura, poden aportar datos e vivencias de inestimable valor.

Cando nos referimos ó coñecemento da súa traxectoria, queremos indicar aspectos tales como a súa participación como xurados durante moitos anos, a súa vinculación a sociedades

organizadoras deste tipo de festas e outros moitos datos acerca da súa persoa, que os acreditan como profundos coñecedores do tema e da súa vinculación social.

Estas entrevistas presentan dous aspectos ben diferenciados.

No primeiro lugar, convíñanos saber outras que as reflexadas nos libros, acerca destas festas e por iso na primeira transcripción que fixemos aparecen moitas anécdotas e incluso ás veces dá impresión de desvinculación entre o tema da entrevista e o contado na mesma pero nada máis inexacto. E precisamente nesas frases, que aparecen fóra do tema o auténtico valor humano e intelectual do personaxe. Os coñecementos que sobre o tema aportan, son tantos e tan interrelacionados con outros de diferentes campos, que é preciso desmenuzar toda esa información cultural de amplo contido, para quedarnos con aquilo, que máis nos interesa no noso traballo.

Estas preguntas, centráronse fundamentalmente nos valores educativos destas festas, na súa aplicación á escola, nas diferencias apreciadas na forma de celebralas nas distintas idades e tamén na determinación daqueles valores máis destacados e importantes das mesmas, para poder establecer un marco de referencia no que se encontren representados tamén os alumnos como suxeitos da educación e neste caso como actores e autores da festa e os profesores, como orientadores e animadores dos mesmos e tamén como elementos activos e primordiais á hora de establecer uns obxetivos claros para o aproveitamento curricular das mesmas.

A pregunta sobre o valor educativo destas festas, todos afirmaron, que a posúen en elevado grao e deron unha serie de explicacións, que poden atoparse na súa totalidade na primeira transcripción das entrevistas pero que nós sintetizamos a continuación.

As personalidades entrevistadas poñen de manifesto o alto valor educativo destas celebracións a través dos seguintes rasgos

- Fomentan a improvisación e a espontaneidade.
- Son normativas e pedagóxicas como elemento testemuñal.
- Transmiten valores culturais.
- O alumno síntese autor dun proxecto.
- Posúen a súa música e a súa literatura.
- Trabállase en equipo.
- Non son impostas (organizadas).
- Crean sentimentos de amizade.
- Crean sentimentos de cooperación.
- Teñen carácter colectivo.
- Serven como recuperadoras de tradicións populares.
- Potencian a iniciativa e voluntariedade dos nenos.
- Conmemoran fases da natureza.
- Reflexan a vida do pobo.
- Aportan o coñecemento das raíces antropolóxicas e etnolóxicas do pobo.
- O neno é o elemento máis importante das festas.
- Fomentan a responsabilidade.

- Poden constituir actividades complementarias paralelas á escola.
- Préstanse moi ben para desenrola-la interdisciplinariade.
- Deben ser tratadas como fases da natureza.
- Serven ademais para introducilo estudio doutras disciplinas,
- Tamén se poden utilizar como actividades extraescolares.

Tódolos entrevistados consideran necesario o estudio da realidade máis próxima ó alumno, porque é unha fonte inagotable de recursos que ademais lle son coñecidos, para dende el proxectarse cada vez máis na búsqueda doutros conceptos descoñecidos e para a consecución do cal moi ben podería facer uso da interdisciplinariade, que menciona o entrevistado n. 115 ou na mesma liña do entrevistado n. 110.

Sobre este aspecto do estudio do entorno, xa deixamos constancia no apartado «Entorno e Educación» e que realmente coincide plenamente coa síntese que poderíamos facer destas entrevistas, no referente a este punto concreto.

Dáse por tanto xa, unha coincidencia total e absoluta entre o pensamento sobre «Entorno e Educación», que aparece reflexado nos libros consultados (1) e o que nos ofrecen os entrevistados, que máis que teóricos da educación, pertencen ó ámbito da cultura popular e a etnografía.

Esta coincidencia, tamén a observamos no referente ó valor educativo ou mellor dito as razóns que dan para xustificar que as festas tradicionais posúen o citado valor (2).

Consideramos necesario resaltar, que non existe tanta unanimidade no encadre concreto que a estas festas ha de dársele na actividade escolar. Mentres uns consideran, que deben tratarse como actividades complementarias e outras actividades complementarias paralelas á escola.

Sen embargo, inclinándonos a pensar, que o senso que se dá ós termos «extraescolar», «paralelas», «paralelas á escola» é o mesmo, e decimos isto por dúas razóns, que consideramos suficientes:

- a) A condición de «*non técnicos da educación*» dos entrevistados.
- b) A «*dificultade en sinalar en que consisten esencialmente as actividades extraescolares*» (3).

Consideramos, que cómpre ter en conta ademais que existe certo confucionismo na lei xeral de educación de 4 de Agosto de 1970 no tratamento das actividades extraescolares ata o punto de que:

«A diferencia, entre unha actividade escolar e unha actividade extraescolar vai residir, a *maioría das veces, en cuestión de puntos de vista, nos obxetivos que se persiguen nun momento determinado*».

Feitas estas consideracións, o que podemos concluir é, que todos eles consideran, que estas festas han de contemplarse como integrantes do programa escolar e dentro do marco do entorno no que se move o alumno (4).

Na historia das festas populares, estas quedaron apartadas dos programas educativos, porque istos facíanse de forma igualitario para todo o ámbito nacional de modo que non contemplan as peculiaridades das distintas nacionalidades ou pobos.

Máis houbo certa predisposición a considerar que as cousas tradicionais constituían mostras de incultura e de rudimentarismo, motivo polo que se apartaron dun tipo de ensinanza de carácter elitista.

Estas festas, sen embargo, mantéñense gracias a que a tenacidade do pobo que foi capaz de conservalas aínda que fose en moitos casos sen a brillantez debida e con escasos medios económicos e moi pouco apoio.

Sen embargo, ó debuxarse o novo sistema político de España, os grupos pedagóxicos e algúns sectores políticos iniciaron a tarefa de inclusión do estudio das manifestacións populares dentro da aula aínda que se englobase dentro dos programas educativos tradicionais.

Actualmente e aínda que xa se contemplan en certo pero tímido modo nos Programas Renovados para Galicia, aínda se carece dun plantexamento serio para a súa incorporación plena como materia de estudio dos programas educativos.

Existen algunhas unidades didácticas sobre os Maíos e sobre o Entroido editadas por iniciativa particular dalgunha asociación pedagóxica de Ourense, pero a inclusión no currículo queda sempre supeditada á iniciativa dos profesores e este pode utilizalas como tema de clase, pasar por alto as mesmas ou o que resulta máis penoso utilizalas como un elemento folklórico e dar vacacións ós alumnos.

Unha razón que daba FILGUEIRA VALVERDE ,grande coñecedor non só das tradicións populares galegas senón tamén do mundo da educación era, que antigamente nos pobos e durante as longas noites de inverno xuntábanse nalgunha casa do pobo os mozos e as mozas nos chamados fiadeiros (chamados así porque as mulleres adicábanse a fiar a lá e o liño), e nas esfolazas e folladas (nas que se sacaban e preparaban as follas sobrantes ó millo xa maduro). Pois ben, nestas reunións ademais dos parrafeos de amoríos tamén se falaba de todas estas tradicións e crenzas do pobo e así íanse transmitindo de xeración en xeración pero cos novos tempos, foron desaparecendo estas reunións e ese tipo de transmisión cultural, pouco a pouco foi diminuindo e por iso se impón a necesidade de que sexa a escola a que salve este obstáculo e evite que se perda algo, que posúe un enorme «valor formativo» (entrevista 1) e que «constitúe unha cultura xenuína e entrañable» (entrevista 8) a través da cal «o neno percibe unha serie de relacións e crenzas dos nosos antepasados» (Entrevista 10).

Nesta parte adicada á análise e valoración, que relevantes personalidades na materia fan sobre o valor educativo das festas populares tradicionais, temos que engadir, que todos eles mostráronse -e así o fixeron constar- dacordo en apoiar calquer iniciativa ou manifestación popular o obxectivo da cal fose o apoio para que estas tradicións populares non só non desaparece senón que se celebre con maior brillantez e con maior apoio institucional.

Tódalas entrevistas coinciden en sinalar como elementos altamente educativos a participación, o traballo de equipo, a transmisión cultural e tradicional, o fomento da responsabilidade no neno, etc., sen embargo, nós tomamos unha soa vez cada unha destas cualidades para non repetilas e lograr así un listado máis breve e no que están contidas todas

elas.

Outra pregunta, xirou en torno ó tratamento que estas festas deberan ter na escola para a súa boa utilización pedagóxica e tamén acerca do seu encadre nos programas escolares.

Como no caso anterior, absolutamente todos coincidiron na necesidade de que fosen tratadas e estudiadas na escola, na dimensión que merecen e en base ó exposto anteriormente sobre o valor educativo-formativo que posúen.

Encontrámonos con respostas desta orde:

- Deben ter un tratamento coxuntural-ocasional (Entrevista 1).
- Deben ser articuladas tamén como unidades didácticas (Entrevista 1).
- Coñece-lo entorno e ensinar a vivir, e prepáralas para a vida (Entrevista 1).

- A festa como elemento dun ciclo: primavera, verán, outono e inverno (Entrevista 2).
- O estudio do entorno, como primeiro paso no estudio da evolución da especie humana (Entrevista 2ª).
- Sería desexable que nos programas de Ciencias Sociais houbera unidades sobre estas festas acerca do estudio do entorno (Entrevista 3ª)
- O rapaz debe coñecer-lo seu significado (Entrevista 3ª).

Entrevistas:

- **RELACION DE ENTREVISTADOS:**

CID RUMBAO, Alfredo
FILGUEIRA VALVERDE, José
FRAGUAS Y FRAGUAS, Antonio
GONZALEZ LOPEZ, Clodio
LORENZO FERNANDEZ, Joaquín
MARTINEZ VAZQUEZ, Angel
MILLAN PICOUTO
TORRES, Manuel
VILLAR MADARNAS, Agustín
XOSE LOIS (Carrabouxo)
UN PAI
SECRETARIO A.P.A. Colexio Lagoas
DOUS MAIEIROS
PERIODISTA «FARO DE VIGO»

ENTREVISTA A DON JOSE FILGUEIRA VALVERDE

Entrevista nº 1

Pregunta: ¿Que opina vostede acerca do valor educativo das festas tradicionais?

Resposta: O xogo e tódolos aspectos da vida social, sobre todo na infancia, son unitarios e teñen sempre carácter formativo e pedagóxico. Esa pedagogía que se pode exercer polo Maxisterio, que moitas veces influen os mestres, pero que, sobre todo, débese xa á formación paralela na transmisión, que hoxe está moi cortada en moitos aspectos entre os propios nenos, entre os xoves dunha serie de fórmulas tradicionais, fórmulas que se refiren ós xogos. En todo xogo hai un aspecto lúdico e un aspecto formativo. Calquer xogo impón unhas normas e uns aspectos concretos nos que influen determinadas habilidades.

Todo iso é un conxunto formativo, que se transmite polo contacto e non pola ensinanza de arriba abaixo senón nesa liña de mesmo plano ou plano con moi pequena diferenza.

Hai outro aspecto de realización dun proxecto entre os rapaces. Cando nos maios se substitúe a realización e preparación do maio por un encargo doutros, este, ten outro carácter que non é o da improvisación e a realización feita polos propios rapaces. Pasan a ser entón uns meros espectadores, uns actores, pero non uns realizadores dunha obra.

Hai cousas como o aspecto crítico das coplas do maio, que ás veces son encargadas a alguén que as escribe e que por iso carecen de improvisación propia dos nenos. Estas coplas «de encargo» soen ser máis completas dendeo punto de vista literario pero carecen da espontaneidade e da sencillez que soen caracterizar ós nenos. Por iso teñen menos valor.

Cando eu era rapaz, había en Pontevedra cantos de maio nos que se podía percibir moita espontaneidade, aínda que hoxe aparecen algunhas pero menos. Actualmente foise substituíndo por unhas persoas (xa antes falaba deso), que se encargan de facelas. As veces, un grupo de persoas séntase en torno a unha mesa e improvisan pero xa non é un produto tipo infantil, xa non teñen ese valor formativo-educativo, testemuña do que é a conciencia infantil ou de cousas que preparou o neno durante o ano, que poidan ser traducibles a estas coplas, a este aspecto de autocritica que posúen o maio e o entroido. Nas coplas, existe sempre unha autoconfesión dos erros colectivos ou dos que cometeran outros.

Estas festas foron perdendo o carácter infantil, conforme sufriron ese cambio profundo ó pasar de ser festas rurais a festas urbanas, é dicir, o Carnaval sempre foi máis urbano, pero as de ciclo de Nadal e dos Maios máis rurais. Esta última ademais, unha festa agraria. O tránsito da corredora rural a celebración na rúa urbana foi un cambio profundísimo en canto non só a contado senón tamén a súa organización. O principio estas festas non estaban dotadas de premios en metálico nin outros incentivos que existen agora.

Pregunta: Tendo en conta que nos programas educativos, estas festas case non son contempladas, ¿Vd. sería partidario de que foran incluídas e tratadas como verdadeiras unidades didácticas?

Resposta: Eu creo que iso deberá facerse dunha maneira coxuntural. Eu tiña un amigo mestre que tiña a paixón de que na escola se ensinase todo o referente a este tipo de festas e implantouno nun centro cultural de Galicia.

En cada sazón agrícola a súa festa ou a súa lección ocasional correspondente. Eu creo que é imprescindible que se faga só para Galicia e penso tratala co grupo que traballamos sobre a Antropoloxía cultural e editar un libro de orientación. Prepárase xa unha unidade

didáctica segundo as idades. En BUP xa se pode explicar moi ben.

Pregunta: Os nosos programas educativos, están bastante desconectados do medio ambiente do entorno, ¿que pensa vostede deso?

Resposta: Fai moitos anos, visitando eu unha escola en Ourense vin que estaba o mestre no encerado debuxando afanosamente unha terraza fluvial do río Miño e curiosamente aquela escola estaba asentada sobre unha terraza, cousa que non fora percibido polo citado mestre. Istos alumnos e mestre comezaban por non coñecer-lo seu entorno máis próximo. Creo que cómpre que a ensinanza se acerque á vida porque inda que moitos mestres intentamos ensinar a vivir é certo que moitas veces estivo alonxada.

Eu exercín durante cincuenta anos. Empecei dando clases particulares en Santiago e aquí en Pontevedra no instituto e sempre intentei prepara-los meus alumnos para a vida.

Pregunta: Cando uns rapaces se reúnen para facer-los maios, para crear unhas coplas, ou para facer uns disfraces e participan coa intención de culmina-la obra emprendida, penso que iso ten un grande valor educativo, ¿que pensa vostede?

Resposta: Hai dous aspectos importantes: o espontáneo e o dirixismo pedagóxico. Toda programación entraña un dirixismo. Por exemplo: non hai nada máis terrible, que o que a relixión sexa unha asignatura. A obrigatoriedade e o dirixismo producen rechazo por parte do alumno.

Existen unhas nocións de cultura popular que, aínda que non sexan unha asignatura toda persoa debe posuír.

Pregunta: ¿Entón, o feito de programalo, tería problemas?

Resposta: Ten os obxetivos necesarios para programalo, desenrolalo e facelo; sobre todo nun momento como este, como cómpre ensinar romances ós rapaces porque as súas nais ou as súas avoas xa non os saben. Tamén cómpre canta-las coplas populares porque a xente xa non as canta nas esolladas e nas fiadas porque xa se foron perdendo estas concentracións de persoas pola noite. E moi triste o explicarlle a un neno galego o que é un magosto.

Pregunta: Volvendo ó tema dos maios. Fáleme algo acerca da súa evolución.

Resposta: As comarcas máis rurais de Galicia, mantiveron ó neno vestido de árbore, con pólas e en cambio nas cidades, converteuse o maio, nunha construción adornadas con flores. Do mesmo xeito, perdéronse rasgos moi peculiares da propia festa dos Maios, como o ritual dos elementos vexetais para forma-lo maio. Iso, na cidade, xa se perdeu. A decoración xa é distinta. En Galicia o mito árbore perdeuse moi pronto, quedou en Laza e poucos sitios máis.

Pregunta: Quixera insistir sobre a súa opinión en canto ó valor educativo destas festas.

Resposta: Non é que teñan unha función educativa deliberada, é que resultan educativas porque forman parte deso que chamamos formación humana. Ten máis importancia educativa que aprenderse a lista dos Reis Godos. Eu creo que teñen estas festas, un grande valor formativo. Tódolos tratadistas, ó falar do tema e do xogo, puxeron sempre de manifesto, a

grande importancia que istos teñen na formación.

Pregunta: Xa para terminar, dígame vostede, ¿a mellor información sobre estes temas?

Resposta: Pode atoparse na Revista de Julio Caro Baroja e no museo do Pobo Español.

ENTREVISTA CON MANUEL TORRES

Entrevista n.º 2

Pregunta: Vostede que foi mestre, ¿pódeme dicir se estas festas posúen unha maior intensidade cultural que en épocas anteriores?

Resposta: Antes vivíanse estas festas dunha forma espontánea, sen ningún tipo de interés, en cambio actualmente, a xente participa movida polo interés, como difiro, agasallos, etc. , o que conleva que non participen co entusiasmo que deberan. Por todo iso, hai que dicir que estas festas se conservan hoxe en día, gracias ós importantes estímulos ofrecidos polas autoridades.

Pregunta: ¿Considera vostede que debería figurar esta nos programas educativos como unidade didáctica e como medio de trata-la primavera ou outro ciclo do ano?, ¿ou ben, deixalo para que unha asociación de veciños ou un colexio a través da participación nos maíos poida sacar cartos ou algún tipo de premio compensatorio?

Resposta: Eu creo que se non hai ningún tipo de premio morrerían e de feito, aquí xa morreran xa que, no 53, cando fundamos a sociedade de Santa Cecilia, aqueles nenos xa non sabían o que era un maío, dado que facía tempo que non saía ningún incluso as persoas maiores non o sabían, o único que coñecían eran as cancións. Eu intentei reconstruír esta canción popular, nun principio, entre aqueles que xa a coñecían un pouco e así, ata que chegase a toda a xente. Polo xeral, esta música está formada por cuartetos.

Cando se fundou Santa Cecilia, dabamos conferencias e fixemos un maío de dous metros de altura, para que servira de modelo ós nenos.

En Ourense é distinto, xa que, representan algo, en cambio aquí non, xa que é un simple cono.

O maío ten aquí distintas modalidades: en Vilagarcía rematan cunha cornisa arriba; en Pontevedra, o conxunto dos maíos está perdendo vistosidade.

Hai modelos de maíos doutros tempos, dignos de lembrar, pero desgraciadamente hoxe en día non temos moi boas fotografías destes; en canto á música hai escrito moi pouco.

A última vez que eu actuei había outra modalidade, a dos barcos; no ano 75 fixémo-la representación do barco alemán, famoso polas súas proezas no mar contra os aliados. Había barcos de todo tipo, de pesca, de guerra, etc. Actualmente este costume desapareceu.

Pregunta: A estas festas a pesar do valor cultural e antropológico que teñen, os mestres non lle adican ningún tempo (só existen como algo folklórico), ¿vostedes adícanlles algún tempo en clases para que os nenos as coñezan?

Resposta: Nun principio nós facíamolo, pero logo os mestres o único que lles inte-

resaba, era competir; o cal lle resta moito valor.

Pregunta: ¿Considera vostede que a articulación dunha unidade didáctica por ciclos, pode ser importante hoxe en día?

Resposta: En Pontevedra, os nenos teñen o costume de canta-las coplas, coa saída do maio, nas que o que se pon de manifesto é unha crítica cara a algo e a alguén, cousa na que eu estou totalmente en desacordo; porque creo que o que se está conseguindo é que os nenos aprendan a criticar.

Considero que esta é a parte negativa do maio, e que como dixen sempre o valor educativo que este posúe é enorme.

Por unha parte conséguese que os nenos se asocien e organicen para conseguir un fin común onde xa as tarefas realizadas son de grande importancia, pois, están facendo unha obra de material, de estética e ademais a obra literaria coa realización das coplas.

Pregunta: Eu pretendo no meu traballo artellar unha unidade didáctica coa música, as manualidades, o traballo en equipo, ¿sería interesante que os libros o tratasen?

Resposta: Os maíos foron sempre precursores do traballo en equipo, cousa da que tanto se fala hoxe.

Pero hai unha grande diferenza con respecto á intencionalidade, é dicir, cando eu facía os maíos non pensabamos nunha recompensa, polo que o traballo posuía un gran mérito, na actualidade, o valor concedido á súa realización ten que ser menor, xa que os nenos só fan ese traballo porque van recibir algo a cambio.

Pregunta: ¿Tiñan algunha orientación dos mestres ou facíano únicamente pola súa propia iniciativa?

Resposta: Era eu o que o facía, ninguén se preocupaba deso se eu non o resucito, os maíos xa non existirían en Marín sobre todo nestas cidades onde é costume celebralos; pero, non se pode pensar xa nos antigos maíos, actualmente están desvirtuados xa que non preocupa o facelos ben, así, pódese observar na entrega de premios como en moitos casos aqueles maíos que son premiados, carecen de méritos para iso rinda que tamén pode sinalar que hai algúns, como os que saíron o ano pasado que eran preciosos formados por coroas.

Resposta: As coroas que levan os maíos arriba fágoas eu en Ourense, e sempre levan o primeiro premio, sen embargo, a xente di que como van feitos de aramio...

Resposta: Aquí construímoslos con arcos de arenque actualmente inexistentes, son de castiñeiro e desta forma facíanse os arcos que xa levaban consigo unha forma cóncava ou ben convexa.

En definitiva, isto é o que hai, eu realizo algún escrito criticando ou orientando a tradición de «os maíos». A música non era moi coñecida porque aquí había poucos maíos, aquí seguían a tradición dos barcos, incluso castelos (torres con grande ornamentación). Contaba cun amigo que tiña un carro que se parecía a un coche xa que o incrustaba nunha «capota» moi artística.

Pregunta: ¿Son moi antigos os maios en Galicia?

Resposta: Datan do século pasado. Os nenos diseñabamos en tamaños reducidos de tipo cónico. Sen embargo, facían máis barcos. En Pontevedra seguen cos cónicos, este é o auténtico maio que representa o monte.

Exercín 44 anos, non empecei a traballar con **maios** porque aínda non se empregaban. Durante a miña infancia e tamén a miña xuventude fíxenos, logo desapareceron. No ano 36 ou 37 tres amigos propuxeron resucitar esta cultura tan xenuína e entrañable como son «os maios», recordando o valor dos pobos de antaño edificando ese canto á Natureza. Anunciamos que había un concurso resultando unha participación escasísima: un barco, andivera polo Atlántico facendo vixilancia, concedémoslle-lo premio e non se celebrou ningún certame máis ata a fundación de Santa Cecilia. Na actualidade participan máis coas conseguíntes diferencias entre uns anos e outros. Antes reuníanse espontaneamente, hoxe hai que estimular á xente.

ENTREVISTA A DON CLAUDIO GONZALEZ LOPEZ

Entrevista nº 3

Pregunta: ¿Que opina vostede sobre a importancia do aspecto educativo e pedagóxico das festas populares galegas como os maios, o entroido e os magostos?

Resposta: Considero que son importantes e que hai que saber aproveita-la parte educativa destes festexos e ensinar ó neno a saber distinguir e quedarse co que é aproveitábel. Por exemplo, no entroido hai cousas que non son moi infantís, pero outras sí, ahí o neno debe aprender a apreciarlas e pórse en contacto con elas para que o día de mañá saiba seguir con esas tradicións.

Pregunta: Nos programas do goberno central e da xunta antes dábanse como leccións ocasionais estes temas. Considerando que o neno debe partir do entorno e ir máis alá. ¿Pensa que sería interesante estruturar estas festas en unidades didácticas?

Resposta: Eu precisamente fixen unha unidade didáctica no concello de Redondela, para que a partires dela se puidese desenrolar moito máis o seu contido. Sería importante que nos programas de Ciencias Sociais houbera unhas unidades que se poderían denominar hábitat do neno, o seu medio.

Pregunta: ¿Considera que estas van en aumento, están estancadas ou van en regresión?

Resposta: Hai que diferenciar dúas cousas: van en aumento non no aspecto da axuda oficial, colexios, etc., sen embargo, hai moitos sitios que o celebran concretamente no Concello de Redondela presentáronse 60 maios este ano, hai moitos lugares que volar esas tradicións, non obstante no aspecto popular hai unha regresión. Hoxe xa non hai zonas onde

os nenos se xuntan coa intención de cantar.

En Sanxenxo, por exemplo, aínda se celebran os maíos da forma antiga sen axuda política.

Pregunta: ¿Cree que se debía potenciar que a iniciativa, a voluntariedade saíse dos nenos?

Resposta: En Pontevedra no século pasado eran os nenos os que máis participaban aínda que os maiores eran os encargados de leva-lo maio.

Pregunta: ¿A axuda a ese tipo de celebracións é interesante sempre que non convirten o maio en algo folklórico, político, turístico?

Resposta: Sen embargo, a axuda vale moito, gracias a ela mantense viva a festa, senón ás veces non se podería soste-la que custa diñeiro.

Pregunta: ¿Que lle parece unha investigación sobre o tema por medio de redaccións que poidan face-los nenos?

Resposta: Saber o que é o maio para o neno, saber o que representan, coñece-la súa opinión paréceme ben. Agora, a información que poidan ter eles das cidades, do que ouviron ou levan a través, por exemplo, de folletos. En Ourense entregáronse folletos meus para o museo.

Pregunta: ¿Podendo entroncalo como unidade didáctica qué aspecto destacaría, qué obxetivos se intentarían conseguir pedagóxicamente?

Resposta: Participación colectiva e valoración das tradicións.

Pregunta: Os valores educativos están enraizados na cultura popular ¿que opina desto?

Resposta: O concepto de cultura popular é moi amplo, por suposto, a transmisión dos nosos antepasados é unha manifestación cultural moi importante, hoxe case perdidas, que deberíamos de recuperar. Esta perda é debida á falla de comunicación xeracional. A televisión, a radio e outros medios de comunicación acabaron con ela debido a esa falla de convivencia, o neto escoitando ó avó. Hoxe o programa de T.V. absorbe a información que nos poden transmitir oralmente.

Pregunta: ¿Como mestre, investigador e pedagogo que me pode dicir do Entroido?

Resposta: No entroido hai que ver dous aspectos positivos e negativos. Hai un tipo de máscara ó que son contrario para o neno; cigarrón é unha máscara moi bonita, ademais en traballos manuais pódese face-la máscara. No colexio onde eu istou facémo-lo entroido no que participan tódolos nenos. Cada clase disfrázase, cada neno como quere. Faise un desfile e hai un xurado formado polos mesmos nenos que dan algún premio. Participa todo o colexio e logo dáselle filloas, co fin de manter viva a tradición e o aspecto do compañerismo, que o neno valore o medio onde vive, que isto non é só de vellos hoxe séguese facendo».

Pregunta: O neno cando se disfrazza, ¿que valores se despertan nel?

Resposta: Disfrazarse implica un cambio de personalidade, facer cousas que coa cara descuberta non se poden facer, é unha liberación, asume a personalidade do disface que leva posto. Un neno tímido incluso pode facelo.

Pregunta: Educativamente, ¿como se levaría isto ó neno?, ¿como unha actualización das festas pasadas?

Resposta: Hai que ter en conta que ó lado do entroido hai unha serie de manifestacións que poden ser claves, unha serie de actividades escolares que poden ir todas englobadas. Face-lo disface é o máis educativo. Hoxe estamos facendo unhas carautas de verde.

Pregunta: ¿Vostede cre que os pais deben participar nestas cousas festivas cara ó centro, ós profesores que levan estas actividades?

Resposta: Os pais deben axudar, pero hai que ter en conta o seu nivel cultural, deben intervir dando ideas e contándolle cousas que eles viviron na súa xuventude. Así, o neno poderá comparar o que era antes co de agora.

Pregunta: Agora nas escolas, ¿estáse traballando sobre participación estudiantil ou faise pouco?

Resposta: Faise máis que antes, pero aínda se fai pouco, o centro fai charlas, faise o maio no centro, as copias. O colexio da Paz fai moitas actividades, o maio tódolos anos.

Hai que diferenciarlo maio neno e o maio figura. dende1850 dise que hai os maios en Ourense, en Pontevedra dendemediados do século XIX.

ENTREVISTA A DON ANTONIO FRAGUAS E FRAGUAS

Entrevista nº 4

Pregunta: ¿Considera educativa a festa dos maios?

Resposta: Sempre e cando se usen formas correctas. Dun tempo a esta parte existe unha grande confusión no referente ó dereito á liberdade de expresión. De todos é sabido que a Constitución Española otórganos dereitos, pero tamén deberes, un deles é o non fallar ó honor e a integridade dos nosos semellantes. Sen embargo, isto hoxe en día, está moi de moda e como exemplo ó anterior, na miña cidade, en Pontevedra, tivéronse que suprimir coplas dalgúns grupos polo anteriormente citado.

Pregunta: Na festa dos maios hai unha grande participación de certos sectores da sociedade como barrios e estudantes. Nela revívese a Natureza, o culto ó campo, ós froitos, etc., ¿considera vostede que esta festa podería ser aproveitada pedagóxicamente na escola?

Resposta: Sí, a festa é moi bonita. Ten a súa música, a súa literatura, traballo en

equipo e organización.

Pregunta: ¿Esta festa celébrase igual que cando vostede era novo ou considera que se vai perdendo?

Resposta: Non, celébranse exactamente igual que cando eu era novo. Sucede que hoxe existen outras complicacións, empezaron representando un carro e algún día chegaráse a representar un camión, como todo, a festa evoluciona. O que me parece ben é que os que fagan a competición teñan unha vena poética. En Pontevedra, os rapaciños dixerón en certa ocasión: «para facer este maio tiveron que ir a rouba-las flores e o fiuncho á horta do Ferradás».

En Ourense tamén van busca-los paos ás vides, eu isto encóntroo moi ben, isto demostráanos que de todo se pode sacar proveito. Volvendo ó temor da liberdade de expresión, das palabras soeces pódese explicar que o diccionario ten outras que empregar e non as anteriores, teñen moi mal gusto.

Pregunta: Os programas de EXB son memorísticos, unha serie de conceptos que os rapaces asimilan mal e que logo na vida real demostrase que non lles valen de nada ou de moi pouco. Os programas deberían estar máis cargados de realidade, a escola menos institucionalizada e máis preto da rúa, ¿que pensa vostede ó respecto?

Resposta: Hai falla de organización nos programas e isto vímolos escoitando dende hai máis de cincuenta anos. Lembro que nuns cursiños que se impartiron no Ateneo no ano 33, falouse de que a memoria había que fomentala, aprender nomes.

Hai que facer que a memoria non sexa unha fatiga. ¿Como podemos explica-lo Quixote, senón sabemos que é o Quixote da Mancha? Cando se estudia un río é necesario adaptalo ó seu entorno natural. Algo hai que memorizar. Creo que debe ser así.

Pregunta: As autoridades son importantes na colaboración, pero fai 63 anos na praza de Taes de Pontevedra o gobernador presidíu a festa dos maios, e unha das coplas que se cantaron foi a seguinte:

«O noso gobernador non é alto nin baixo nin é malo nin bo parece un reloxo parado dentro da diputación»

Pregunta: ¿A crítica que vai implícita na copla é bonita?

Resposta: «A crítica é bonita sempre que se saiba cal é o límite, o que é correcto».

Pregunta: ¿Que opina vostede sobre as ideas de excesivo satirismo e chabacanería condenadas por M. Torres de Marín?

Resposta: E un pintor moi persoal, afable e asequible polo cal é lóxico que esté en contra do chabacano.

Pregunta: ¿Vostede cre que de 60 anos a esta parte, a festa dos maios tende a rexurdir ou diminuír?

Resposta: Están rexurdindo, o que ocorre é que quizáis máis pola axuda oficial. O interese turístico fai que se deformen as festas, débense mirar ben as cousas e a súa raíz. A festa está mellorando e a participación escolar cada vez e maior.

Pregunta: ¿Coñece vostede algún centro onde haxa moito interese educativo?

Resposta: En Pontevedra facíase por barrios, os rapaces formaban grupos e cada grupo ía co seu maio, metíanse dentro del e recitaban as súas coplas.

Pregunta: En Ourense non ocorre así.

Resposta: En Ourense iso perde á festa. Logo hai o maio humano o neno que se vestía de árbore describo moi ben Nicolás Tenorio no seu libro «A aldea Galega», fala de como nestes días se visten rapaces e rapazas de árbores. En canto ó reparto de diñeiro danlle o máximo. Para Ribadeo, Lugo, Portomarín hai composicións que aluden a un maio humano.

Pregunta: ¿Pensa vostede que estas festas locais poden incitar ó neno a unha maior curiosidade polo que lle rodea no campo das sociais?

Resposta: O carácter colectivo que adquieren estas festas crea sentimentos de amizade, sen a unión de todos vós non se podería face-lo maio, os ensaios para logo cantalas coplas e acompañado cun pau fanse desinteresadamente e con axuda mutua. Lóitase por un ideal. Ponse laranxas, en Inglaterra as amargas úsanse para facer xarabe, flores, herba. Pódense sacar moitas cousas.

Pregunta: ¿Que percibe vostede nas escolas coa súa participación?, ¿non lle parece que se levan a cabo máis cun valor folclórico en vez de pedagóxico?

Resposta: Sí, hoxe só se lle da ese valor, eu creo que é pola organización, hai que orientar ben as cousas, asa-las castañas. Todo consiste en que para sacar partido hai que ter os elementos en conta, o primario é a castaña, tamén o viño. Cando non había patacas, as castañas sustituíanas, de ahí a importancia do árbore madeirable.

Pregunta: ¿Que opina vostede da participación dos rapaces nas festas do entroido?

Resposta: Tamén teñen un valor pedagóxico-educativo. O entroido limita cunha tempada de festas. Hai 100 anos o martes de entroido a xente botaba a carne que tiña para comer e ata o domingo de Pascua non voltarían a probala. Tamén había coplas do entroido, versos do testamento do gulo, o sermón do «entroido» e todo isto organizado polos mozos. Na cidade, os nenos van ós bailes infantís, introducíndose no antiface, sendo moi positivo.

Pregunta: ¿Que valor cre que lle da o neno ó antiface e ó disface?

Resposta: Hai que mostrarlles que é o antiface e que significa para o home. El colle o disface como colle un tronco. A dobre personalidade como ese disface fai a dobre persoa que lembra cousas de fai tres mil anos.

A carauta que representa a cara dun porco representa o tabú da tribu. A representación dos animais, «os peliqueiros» famosos de Verín ou de Laza xa son prehistóricos, que se

estudian moi ben no artigo que está na homenaxe a Martiño Sarmiento publicado hai 150 anos. Máscaras de tipo prehistórico (de Fermín Bouza Brey).

Pregunta: Co valor pedagóxico-educativo que ten, se se tiveran uns obxetivos claros, istou convencido de que valerían moito nas actividades extraescolares.

Resposta: Se se move ben, partindo do seu entomo, chegará ó home de Neandhertal.

ENTREVISTA A UN PAI

Entrevista nº 5

Pregunta: ¿Parécelle a vostede que a festa dos maios, como tradicional e popular, é educativa para os rapaces?

Resposta: Sí, é moi educativa. Representa o nacemento e o desenrolo da Primavera. Como labor pretecnolóxico en traballos manuais tamén é importante. Téñase en conta, que os rapaces teñen que traballa-la madeira, cose-lo musgo e adosalo. Ademais, para iso teñen que reunirse e ir ó monte a buscar eses elementos e isto é moi educativo.

Pregunta: ¿Como ve vostede, o feito de que as coplas sexan confeccionadas polos rapaces?

Resposta: E moi importante, de feito as boas coplas, deben ser elaboradas polos rapaces segundo a súa mentalidade. Constitúen unha actividade complementaria para a escola.

Pregunta: ¿Debera inculcárselle ós rapaces máis estas festas tradicionais, para que se conservasen en toda a súa pureza, ou cre que está ben como se fai?

Resposta: Normalmente ós rapaces incúlcase-lle a función que teñen os maios e inténtase potenciar máis a súa participación estudiantil. O tradicional debe conservarse sempre.

ENTREVISTA A UN PERIODISTA DO «FARO DE VIGO»

Entrevista nº 6

Pregunta: ¿Considera vostede que as festas populares-tradicionais, posúen finalidade educativa?

Resposta: Sí, téñena en canto que representa acercarse a todo o que significa cultura galega. Por exemplo, o facer un maio significa coñecer ben as raíces antropolóxicas e etnolóxicas do pobo galego. Neste senso sería bo aproveitar estas festas e a incorporación das mesmas nos programas educativos, por exemplo, en unidades didácticas relacionadas coa cultura galega e tamén coa cultura outensana.

Pregunta: ¿Considera que estas festas poderían ser consideradas como actividades complementarias á escola?

Resposta: Efectivamente, poderíanse incorporar ó programa de xeografía, de historia, de ciencias naturais. Un exemplo, na dos maios poderíase estudia-lo proceso que é un carrabouxo, os tipos de flores silvestres da ornamentación. No tema de historia, poderíanse estudar as raíces profundas, as raíces relixiosas, o porque da cruz no cume do maio. Os aspectos que podemos incluír no currículo dos escolares son innumerables.

Pregunta: ¿Ve vostede ben a participación dos rapaces na elaboración das coplas, na súa venda e na realización do maio?

Resposta: Polo que sei dos maios, teño entendido que foron sempre os nenos os elementos importantes tanto á hora de facelos como de transportalos e cantar as coplas. O mesmo pódese dicir do magosto. E máis, eu non lle vexo moito senso a iso que lle chaman maios de maiores. Son os nenos os auténticos protagonistas dos maios.

Pregunta: ¿Que lle parece o feito de que nas coplas dos maios se inserte publicidade?

Resposta: Ben, eu creo que a publicidade debéra suprimirse das coplas, pero tampouco considero un problema o feito de que haxa publicidade. Sería preciso ver se se trata dun problema de impresión e difusión. De ser así existe unha Diputación e un Concello que poderían subvencionar a impresión das mesmas. Se polo contrario o fin é sacar un diñeiro para excursións, entón non lle vexo dificultade ningunha á inserción das mesmas.

Pregunta: ¿Que opina das 2.000 ptas. que dá o Concello a cada participante, tendo en conta que ese diñeiro case se gasta en fio para cose-lo musgo?

Resposta: Penso que en vez de premios tan elevados e concentrados débese ir a premios menores e distribuír ese diñeiro en maior subvención por unidade presentada. Así evítase tanta competitividade e gañaríase en participación.

Pregunta: ¿Considera que estas festas son positivas para os rapaces?

Resposta: Sí, repito o que xa dixen, a nivel escolar estas festas son moi importantes e os grandes protagonistas son os rapaces e non os maiores.

Pregunta: Como última pregunta, ¿vostede faría un chamamento ós profesores para que nas actividades escolares se proxectara máis estas festas?

Resposta: Todo depende dos propios profesores. Son os que teñen a batuta na man. Os profesores deben orientar, non facer. Todo coñecemento da cultura galega é positivo en canto que un rapaz, por exemplo, na festa dos maios, aprende a discernir a significación profana da relixiosa por pór un exemplo.

A través destas festas pódense explicar toda unha serie de crenzas dos nosos antepasados que aínda perviven na actualidade. Trátase de polos en contacto co que máis preto teñen. A súa cultura galega e a través dela chegar ó coñecemento dos demais.

ENTREVISTA A DON ANGEL MARTINEZ VAZQUEZ (ANXO)

Entrevista nº 7

Pregunta: ¿Considera vostede, que as festas populares: maíos, magostos, entroido, teñen valor educativo?

Resposta: Sí, teñen un alto valor educativo porque son manifestacións culturais do pobo. O que ocorre é que ás veces, pérdese calidade tanto nas coplas como nos maíos, por falar, destes, co fin de gañar máis pesetas para excursións e demais, pero iso, non desmerece o valor de participación e educativo dos mesmos.

Pregunta: ¿Cre que estas festas poden considerarse como actividades complementarias?

Resposta: Totalmente. Son unha actividade complementaria para escola. Deso non existe dúbida algunha. Os aquí presentes sodes uns bós escolantes. Coñézovos de anos anteriores e sei tamén do bo facer dos vossos profesores.

Pregunta: ¿Faría vostede un chamamento ós mestres dos colexios de Ourense para que nas disciplinas de curso: Ciencias Naturais, Galego, Historia, Sociais, etc., introduxeran actividades baseadas nestas festas?

Resposta: Creo que os profesores saben ben o que teñen que facer e que non necesitan ningún chamamento. Que isto é importantísimo. Eles sábeno.

Pregunta: ¿Como ve a participación dos rapaces na elaboración do maio, das coplas, do seu canto, do magosto, ou na elaboración de disfraces?

Resposta: Toda participación está moi ben. dendea recolleita do musgo pasando polo cosido do mesmo é interpretación das coplas e dos disfraces. Todo iso está moi ben, pero cómpre melloralo.

Pregunta: ¿Estaría vostede disposto, como asiduo membro do xurado a facer unha campaña para que estas festas non se perderan e foran a máis cada día?

Resposta: Naturalmente istou disposto. Basta con que os novos convoques unha manifestación para reivindicalo, eu vou no primeiro posto.

ENTREVISTA A DON MILLAN PICOUTO

Entrevista nº 8

Pregunta: ¿Considera vostede que a festa tradicional dos maíos, por exemplo, ten un fin educativo?

Resposta: Sí, por certo. A realización dun maio, entraña todo tipo de actividades: confección do maio, recolleita do musgo e flores, elaboración literaria. isto é unha actividade extraescolar.

Pregunta: ¿Faría vostede un chamamento ós profesores de Ourense para que nas asignaturas contemplasen estas festas?

Resposta: Sí, a realización, por exemplo, dun maio, ten unha grande importancia didáctica. E unha boa ocasión para desencolar a interdisciplinabilidade.

Pregunta: ¿Cre que a participación dos rapaces en todo o desenvolvemento e proceso da festa é positivo?

Resposta: Sí, é moi positivo. A participación como protagonista é moi importante, a nivel educativo.

Pregunta: ¿Estaría vostede disposto a facer unha campaña entre a xuventude, para que estas festas non desapareceran?

Resposta: Sí, na medida das miñas forzas, sí.

ENTREVISTA O SR. D. ALFREDO CID RUMBAO

Entrevista nº 9

Pregunta: ¿Pensa que estas festas teñen un fin e un valor educativo?

Resposta: Ben, ten fin educativo en canto reflexo da propia vida cotiá do pobo.

Pregunta: ¿Que opina da colaboración e participación dos rapaces en todo o proceso da festa?

Resposta: Eo todo. Os rapaces son os pais destas festas.

Pregunta: Entre a xente coméntase que as subvencións son insuficientes, ¿que opina vostede?

Resposta: Coas subvencións o único que se pretende é axudar, non pagar totalmente ós participantes. O diñeiro que o Concello dispón para estas festas ha de distribuírse algo en subvención e o resto en premios.

Pregunta: ¿Considera vostede que as festas poderían ser incluídas como actividades complementarias na escola?

Resposta: Eu son mestre e penso que sí.

Pregunta: ¿Pensa que sería importante, que os profesores tomasen máis conciencia do valor educativo destas festas?

Resposta: Ben, eu ó menos, intentaría que cada colexio participase cun maio, e xa non sería pouco.

ENTREVISTA CON XOSE LOIS (O CARRABOUXO)

Entrevista nº 10

Pregunta: ¿Considera que a festa dos maios é educativa?

Resposta: Sí home, moi educativa. E un elemento de recuperación da cultura tradicional de Galicia. Todo o que sexa recuperación da nosa cultura, de facela viva e dinámica e educativa. Creo que non hai mellor educación que a nosa propia cultura.

Pregunta: ¿Sería vostede, como debuxante, capaz de facer un debuxo alusivo para que a xuventude recuperase estas festas tradicionais?

Resposta: Eu sempre fun un grande animador destas festas e participei nelas, pero para facer un debuxo cómpre que se che ocorra a idea. Verei se se me vén algo, pero non quedo comprometido porque ó mellor non se me ocorre unha boa idea.

Pregunta: ¿Considera estas festas como de valor nas actividades complementarias da escola?

Resposta: Sí, son unhas actividades complementarias. Son un traballo cultural e de creación e actividade manual, estética e literaria. Son moi aproveitables e moi interesantes por estar entroncadas coa cultura popular de Ourense. Nada mellor, para desenrola-las actividades creativas dos alumnos.

Pregunta: ¿Faría vostede un chamamento ós profesores ourensáns para que inclúan estas festas nas actividades escolares e extraescolares?

Resposta: Sí, por suposto. Eu chamaría ós profesores para que utilizaran tódolos elementos que nos rodean, o entorno máis inmediato ós nenos para educalos. Todo o que sexa inmediato, creo que contribúe a educar mellor ós nenos. Cómpre educar dende a súa propia linguaxe e da propia cultura e natureza que o rodea.

Pregunta: ¿Como ve a colaboración dos rapaces nestas festas?

Resposta: Está moi ben. E un ritual moi interesante no que a participación ocupa o máis destacado lugar.

Pregunta: ¿Cre que o tema das subvencións está ben plantexado ou polo contrario debera modificarse?

Resposta: As subvencións para estas cousas culturais, a min, sempre me parecen curtas. Estas son curtas. Cómpre cambiar certas cousas. Para lograr unha maior participación e viveza. Sería necesario que a xente traballase cuns medios proporcionados polo Concello.

Pregunta: ¿Sería partidario dunha manifestación entre a xuventude para que estas festas fosen a máis?

Resposta: Sí, a min váleme calquera manifestación que se faga para reivindicar a nosa cultura. Estaría dacordo con ela.

ENTREVISTA A DOUS MAIEIROS DO COLEXIO

Sr. Secretario de A.P.A. Colexio Lagoas 1

Entrevista nº 11

Pregunta: ¿Cre na xustiza dos premios?

Resposta: Este ano sí, o ano pasado fixéronnos unha grande faena. Pero iso xa pasou. Estamos satisfeitos porque é un diñeiro para a excursión dos alumnos.

Pregunta: ¿Considera que os maios teñen valor educativo?

Resposta: Sí, moito, porque os rapaces aprenden a ser responsables e aprenden cultura do país.

Pregunta: ¿Cre que están ben subvencionadas as festas?

Resposta: Creo que deberan dar máis premios, inda que de menor cuantía. Sería a forma de recuperar estas festas. Os que non levan premio algún, coa subvención de 2.000 ptas. non cobren nin gastos e iso retrae á hora de participar. Debera haber en vez de 4 ou 5 premios, algúns máis, anque o total repartido fose o mesmo e tocasse a menos.

Pregunta: ¿Considera que o motivo da festa dos maios e magostos podería ser unha actividade complementaria para escola?

Resposta: Eu, podo decirlle isto. Hoxe tiven na casa un invitado de Menorca e non coñecía o que é un carrabouxo nin o que era un musgo e quedouse gratamente impresionado das explicacións que lle demos. Creo que é moi positivo que nos colexios utilicen estas ocasións para explicar istos elementos vexetais, xeográficos e históricos que se reúnen en torno á festa dos maios, por exemplo. Esa é a miña opinión, pero iso teñen que dicilo os mestres, eu non son mestre. Traballo de mecánico.

Pregunta: ¿Sería partidario de facer unha manifestación, entre a xuventude, para que non se perderan estas festas?

Resposta: Sí, pero con toda a forza do mundo, porque istou convencido de que isto se acaba senón se fan as cousas como hai que facelas.

ENTREVISTA CON DON AGUSTIN VILLAR MADARNAS

Entrevista nº 12

Pregunta: ¿Considera que a festa dos maios ten valor educativo?

Resposta: Ten un fin tradicional e a tradición forma parte do acervo cultural dos pobos e polo tanto, está dentro da cultura.

Pregunta: ¿Vostede cre que a festa dos maios podería ser utilizada como complemento da escola?

Resposta: Non só o creo senón que o defendo. E máis, existe xa unha unidade didáctica sobre os maios editada pola Asociación Sociopedagóxica Galega na que se orienta o como aplicar na escola a festa dos maios.

Pregunta: ¿Faría un chamamento ós profesores ourensáns para que implanten na escola estas actividades baseadas nas festas tradicionais populares?

Resposta: Sí, por suposto. Na área de sociais, lóxicamente debера explicarse ós nenos istos acontecementos culturais para que coñezan a tradición dos seus pobos.

Pregunta: ¿Que opina vostede sobre os premios?, ¿máis premios aínda que máis pequenos?

Resposta: Aparte das 2.000 ptas. de subvención, a participación é tan escasa, que case hai máis premios que maios. Non vexo o problema neso.

O que é necesario facer é fomenta-lo espírito para coñece-las tradicións populares. Non é motivo de diñeiro o que a participación sexa escasa.

Pregunta: ¿Sería partidario de facer unha manifestación ou campaña entre a xuventude para que non desaparezan estas festas?

Resposta: Sí, dende logo. En moitas vilas estánse renovando estas tradicións: Xinzo, Verín, Alariz e o Barco de Valdeorras son exemplo desto.

Concretamente os maios, son unha festa da natureza e da Primavera e debера haber máis participación na mesma por parte da xuventude. Sería moi bonito.

ENTREVISTA A DON JOAQUIN LORENZO FERNANDEZ

Entrevista nº 13

Pregunta: En algún artigo seu lín a significación do noso Montealegre (5) e a súa relación co noso maio típico de forma cónica. Fáleme deso.

Resposta: E unha barriada de casas que non ten ningún valor, pero antes era un monte onde a xente, eu lembro sendo neno, ir pola tarde, pouco antes de pórse o sol cos meus pais de paseo por Montealegre e oír cantar un reiseñor, era unha ledicia, hoxe non hai un reiseñor nin pagando, porque está todo cheo de casas construídas dun modo arbitrario. Dende aquí, na cima óllase unha grande cruz que hoxe non se ve; era un maio permanente.

Pregunta: Segundo vostede a forma cónica e piramidal é a forma que representa ó monte.

Resposta: O monte ten un valor secundario que é a revivencia da vexetación ou triunfo da primavera no monte. En Castela non se lles ocorrería facer un maio porque alí non hai monte para consagrar. Cando vou a Santiago hai un sitio que recorda precisamente isto, o panteísmo do galego no que eu creo firmemente, que lle dá carácter sacro os montes; de ahí o nome de Pico Sacro, que se individualiza dos demais montes, ten unha ermida no alto, a da consagración cristiá, pero aínda sen ela é un monte con personalidade por iso non ten nada de

particular que non se poidese traballar alí con ferro, tiña ouro pero só se podía aproveitar cando o raio caía nel e púñao ó descuberto porque era un agasallo dos deuses. É a sacralización do monte. Débese resaltar iso como elemento fundamental.

Sobre a árbore de maio non está demáis facer unha alusión de tipo erudito. Na primeira modalidade hai que ter en conta o lugar e rexión onde se celebra a festa. Nuns será o chopo, o piñeiro e noutros o bidueiro. No momento de facer este reconto pódese facer alusión dos feitos que eu teño relacionado moitas veces: un árbore da vida de Sumeria, onde atopámo-la árbore de ningunha especie, unha árbore sacra; isto relacionase tamén cunha cousa moi curiosa, unha parábola de Cristo que é moi significativa: eu son a vide e vós os sarmentos mentres están unidos á vide teñen vida, se se lles separa morren.

¿Por que se lle ocorre a Cristo comparala coa vide? Cristo fala para o pobo, non para os eruditos e non atopa mellor comparación para dar idea da vida que botar man daquelo que o pobo ten na man. Cristo xunta a lembranza dun vexetal para dar idea da vida.

Esta indicación sêrvelle a vostede para dúas cousas: primeira, demostrar que o coñece; segunda, que o día de mañá aquilo que dixen de Sumeria naquel traballo, pódelle ser para desenrolar outro traballo semellante, é algo de erudición.

En canto a valor educativo entendido no senso de que o neno será un home e canto máis completo sexa mellor, todos temos unhas facultades de nacemento, agora cómpre desenrolalas; unhas son naturais de por sí, hai nenos que instintivamente fan unhas cousas determinadas ben feitas, outras fanas de maneira imperfecta, pero gústalle facelas, a istos hai que ensinalles a face-lo que eles queren. Eu discutín moito sobre o deporte, pero o que se nos antoxaba a nós no momento era coller minerais trepando polo monte; entre clase e clase xogabamos ó maio, que era correr dun lado ó outro. Hoxe fálalle ós nenos de deporte e só será fútbol, baloncesto, ciclismo e tenis. Non hai nada máis, hai moitas variantes destes deportes que non teñen valor porque son lixeiras variantes dos anteriores. O neno, se o ve xogar só verá o fútbol e outro grupo se ten onde, ó baloncesto. Non lles cabe na cabeza que se poida facer outra cousa en materia de xogos. isto débese a esa manía dos polideportivos, o que parece que é unha das maiores aspiracións. E absurdo que o queiran en vilas pequenas onde só o van utilizar dezaseis ou vinte persoas. O neno non se lle pode programa-lo xogo, hai que deixalo que xogue a aquilo que lle sae de dentro. Que xogue a cousas absurdas, á pisca, ós bolos, hoxe os nenos non os coñecen. Nos meus tempos improvisabámolas pelotas con papeis e cordóns.

Pregunta: ¿No asunto de facer un maio, inda que se deixa toda a iniciativa ó neno o mestre non debe dalgunha maneira incentivalo?

Resposta: En primeiro lugar hai unha cousa que o mestre debe facer; se o mestre colle a un grupo de nenos e lles dí: ¿quen é o que quere vir ó maio voluntariamente, todos aqueles que lle apeteza? Entón en canto o mestre ten unha batuta, antes de nada explicarlle que o maio é algo máis que iso que vai saír ou que vamos facer, é a representación de algo moi fermoso que agora está cristianizado, que é o sentimento da Natureza, das plantas, da primavera que brota. Dar unha idea de maio porque iso levará ó demáis.

Pregunta: Fáleme entón, D. Joaquín, deses valores educativos, ¿cómo se manifesta o neno na participación?

Resposta: Despois de sabe-lo significado que saiban que non van armar un tinglado por que sí. Logo a concepción na que intervén este elemento natural das condicións que cada neno ten para cada cousa, desenrola-la habilidade natural dese neno. Para face-lo maio, non tódolos nenos se van adicar a andar buscando paus: uns porque coñecen o sitio ou seu pai ten unha carpintería e ten uns paus que poden servir ou a un amigo que llos dá; cada un vai aportando o que ten agrupándose e potenciando a participación, sempre postos dacordo entre eles. Eles mesmos danse conta das condicións de cada un. De quen sabe máis ca eles nun tema determinado ou quen o fai mellor. E unha maneira coma outra calquera de desenrolar esa habilidade nativa; pero logo o instinto da asociación xurde; o neno dáse conta de que el por sí só non pode facer nada, necesita desa convivencia en plan pacífico, se eu rifo con este non imos facer nada, pero sí falar ata que nos poñamos dacordo, e buscar un terceiro que os aconselle. E dicir, recrea a asociación, o instinto da asociación nace dun, non se cultiva nin se perde. O home só non pode vivir. Non hai ningún pobo no mundo que esté formado por un home só. A familia tamén é unha asociación primitiva, a célula da sociedade, e isto é o que hai que facerlle ver os nenos, dándolles ese traballo. Outros porque saben onde hai o musgo van buscalo, outros traen o saco; non decirlle: vai ti, por aquel musgo, ti a outro sitio. Evita-lo dirixismo, fomenta-la creatividade. Que sexa o neno o que se dirixa pero para iso hai que convencelo de que é capaz de facelo, desta maneira a obra é algo feito por todos eles.

Pregunta: En clases o tema pódese aproveitar para plástica, debuxo, etc. Intento velos seus valores educativos e logo crear unha unidade didáctica que abarque: botánica, estética, etc.

Resposta: Os adornos que se lle poñan ó maio teñen que ser bonitos e estéticos, aínda que rompan a tradición se o analizamos a fondo, isto entra xa dentro da estética. O maio admite perfectamente os adornos. Un maio grande que en cada unha das catro caras púñase feito con flores naturais e herbas uns motivos decorativos como as Burgas, o escudo de Ourense, o Sto. Cristo. As flores teñen que ser silvestres. En Galicia a primavera, é de cor amarela; mimosas, flor de toxo, o toxo, a margarita amarela, só hai unha cousa que non é amarela: a carqueixa.

Logo están as coplas dos maios, téñense que ir cantando polas rúas. Antigamente un neno metíase debaixo do maio, apoiaban éste sobre a terra, os outros facían un corro arredor, o de dentro cantaba e os de fóra repetían o que el cantaba. O acabar volven colle-lo maio e seguen andando; parábanse sobre todo nos cruces das rúas. isto hoxe é imposible polo tráfico que hai, o cal fixo que se perderan moitas cousas de antes, coma as capelas de S. Xoán. O Entroido desaparecerá, porque as máscaras non podían andar polas rúas; o ano pasado o Concello acordou suspende-la circulación dendeo Parque de S. Lázaro ata a Praza do Ferro e foi un éxito porque había moita xente e case non se podía andar.

Pregunta: Respecto a isto do Entroido para os nenos é interesante ¿non?

Resposta: O Entroido é estar na rúa, soporta-las bromas das máscaras, á xente hai

que deixarlle liberdade. Unha das características do entroido é a imitación, o neno disfrazase de guerreiro porque lle gustaría selo, é a imaxinación libremente proxectada; de ahí o erro dos pais de facerlles un disface que non lle vai ó neno e mentres eles presumen, o neno vaise aburrindo, porque a el ese disface non lle di nada, o entroido así é para os pais non para o neno. Os grupos que se disfrazan igual tampouco me convencen, porque é uniformar algo que non o é. Hai un sitio na provincia de Ourense, que é Viana do Bolo, extraordinario neste aspecto. Tódolos lugareños dalí fan o que eles chaman o follón: é unha serie de individuos do lugar que van de dous en dous tocando, pero non instrumentos, facendo ruído seguindo un compás co mango dunha aguillada e unha pedra; cada lugar ten un compás distinto, porque diante van os cascabeleiros e as máscaras que son características dalí e que tamén ten o seu interés. Os que tocan non van disfrazados, son nenos, xoves, vellos, que van moi serios e que van seguindo un ritual de tipo relixioso que se conserva sabe Deus dende cando, é o reflexo dunha cerimonia relixiosa. Non unha procesión porque non sinala un oficio, é máis ben unha ofrenda pregativa. E un dos números do Entroido, da festa da Androia. O neno non se disfraza para un grupo, senón individualmente, non se lle debe coarta-la súa imaxinación.

Pregunta: ¿Non cre que na escola se debía potenciar que fixeran a súa mascarilla, coma en Xinzo?

Resposta: En Alariz e en Laza tamén se facían as máscaras. Na escola débese ensinar ós nenos a facer carautas, pero non facelas a base de plastilina, senón como se facían en Xinzo, aproveitaban os chapeus vellos. Que o neno faga unha máscara pero para poñela, non para que quede feita; se un mes antes se lles ensina, díselles que imaxinen a carauta que queren levar, logo fana e no entroido saen con ela posta. Todo isto ten un valor educativo enorme. Pero sempre a base de respetar e fomenta-la personalidade do neno, non dálle-la cousa feita.

No Entroido antigamente tamén se cantaban coplas, pero ese costume deixou de usarse entre os anos 20 ou 30, durante a dictadura de Primo de Rivera, e durante a guerra non houbo maíos nin Entroido. Nos tempos de Franco os maíos empezaron a celebrarse na Alameda. Perseguíase moito a crítica nas coplas, non se toleraba, nin ir coa cara tapada; só se autorizaba nalgúns sociedades. Había aldeas que celebraban o Entroido nun palleiro dun veciño e puñan espías para avisar se vían á Garda Civil.

1.2. Perfil biográfico

CID RUMBAO, Alfredo

Escribiu centenaes de traballos sobre os valores históricos, artísticos e culturais da Provincia de Ourense, varias biografías de ourensáns e numerosas historias locais da terra ourensana. A maior parte deste interesante labor publicouse en *La Región* de Ourense entre 1948 e 1976. En libros e revistas especializadas apareceron: reseña histórica do Castelo de Alariz, en «Boletín do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense», 1947; a verdadeira patria do Padre Feijoo, no mesmo «Boletín», 1948; *Alariz* en «Novo diccionario xeográfico de

España», 1957; *Arqueoloxía Alaricana*, en «Boletín Comisión Provincial dos Monumentos de Ourense», 1959; *escritores ourensáns*, en «Estafeta Literaria», 1965; *A fortaleza real de Alariz*, en «Castelos de España MAPFRE», 1971; *os caminos de Santiago na Provincia de Ourense*, en «Santiago en toda España», 1972.

Ademais, publicou: *Índice Turístico da Provincia de Ourense* (Ourense, 1961); *Alariz, Vila e Corte Románica* (Ourense, 1962); *Guía Turística da Provincia de Ourense* (Ourense, 1970); *Crónica e guía do Mosteiro de Oseira* (Ourense, 1972); *Crónica e guía do Mosteiro de Montederramo* (Ourense, 1974); *Crónica e guía do Mosteiro de Celanova* (Ourense, 1976); *Ourense, Ruta e Mantel* (Ourense, 1976).

FILGUEIRA VALVERDE, Xosé Fernando

Investigador polígrafo, conferenciante, poeta, catedrático de lingua e literatura, director do museo de Pontevedra e director honorario do instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos, é hoxe un dos primeiros intelectuais galegos polo seu labor magistral, a súa abundantísima produción literaria e científica, e a súa grande actividade cultural, desenrolada en máis de 800 conferencias sobre historia, arte, lingua e literatura, dentro e fóra da nosa terra.

O profesor Filgueira Valverde é conselleiro de número do C.S.I.C. (1984) e membro da Delegación do mesmo en Galicia (1943); membro do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos, pasou logo a director de Sección, a director do Instituto: obtivo, entre outros, os seguintes premios literarios: «A Festa da Fala Galega» (1925); Academia Alfonso X O Sabio, *de Murcia* (1944); *Xogos Florais de Santiago* (1945); «*Virxe do Carme*» e «*Fernández Navarrete*», do Estado Maior da Armada (1946); «*Pérez Lugín*» (1947); «*Neblina*» (1950); «*Galicia. Letras*», da Diputación da Coruña, e «*Pedrón de Ouro*» (1973).

FRAGUAS E FRAGUAS, Antonio

Figura destacadísima nas letras galegas contemporáneas polo seu labor na cátedra e en institucións de cultura e polos seus copiosos e sólidos estudos e publicacións sobre variados temas de historia, xeografía, antropoloxía social...

Antonio Fraguas é un verdadeiro mestre, que ensinou a cátedra e o periódico e en centos de conferencias e artigos, ó longo dunha vida na que o exemplo da súa bondade e da súa sinxela modestia formaron parte do seu maxisterio. Da súa copiosísima produción bibliográfica (libros, folletos, centos de artigos de divulgación en revistas e periódicos e numerosas conferencias) entresacamos os seguintes títulos: «*Xeografía de Galicia*» (Santiago, 1953); «*O Colexio de Fonseca*», «Anexos de cadernos de Estudios Galegos» (Santiago, 1956) «*Os colexiais de Fonseca*», «Anexos de cadernos de Estudios Galegos» (Santiago, 1958); «*Galicia insólita*» (A Coruña, 1973); *Lugo, Bibliófilos Galegos*» (Vigo 1974); *Xeografía dun lugar*, en «Homenaxe a Otero Pedrayo» (Santiago, 1978); *O entroido nas terras do Sur de Cotobade*, «*Nós*» (1931); *do folklore de Armeses* «*Listanco*» «*Nós*» (1931) *Xogos infantiles de Lureiro de Cotobade*, «Bol. da Comisión de Monumentos de Ourense» (1944); *Máscaras e Sermóns de Carnaval en Cotobade*, «Revista de tradicións populares» (Madrid, 1946); *Contribución ó estudio do Nadal en Galicia: Nadales, aninvos, xaneiras e reis*, «Revista de Tradicións populares» (Madrid, 1947); *Farsas de Carnaval en Touro* (Coruña); «*Cadernos de*

Estudios Galegos» (Santiago, 1951).

CLAUDIO GONZALEZ PEREZ (Clodio)

Clodio, é na actualidade unha das figuras máis representativas no mundo da cultura popular galega pola súa vinculación a institucións como o Instituto Padre Sarmiento de Santiago e outros.

É coñecido polos seus traballos de corte etnográfico sobre os maios, para os museos de: Pontevedra e Ourense e para as Comisións de Cultura dos Concellos de Pontevedra e Redondela. Colaborador activo en revistas especializadas no tema e autor colaborador na Gran Enciclopedia Galega na cal define a voz: MAIOS.

Exerce actualmente como profesor de E.X.B. en Urdilde (Santiago).

LORENZO FERNANDEZ, Xoaquín

Desde moi novo entregouse á investigación, principalmente do folklore e etnografía de Galicia, campos nos que hoxe é o noso mellor especialista. Incorpórase moi pronto a un grupo «Nós» e, aconsellado por Cuevillas, realiza un estudio do Carro, traballo polo que ingresa no Seminario de Estudos Galegos. O mesmo tempo mostra gran interese pola historia e sobre todo pola prehistoria ó cultivo da cal o animan Cuevillas e Luis Pericot, entón profesor da universidade de Santiago. Inicia así o seu labor de excavacións en castros e outros lugares sempre con resultados positivos.

No seu recorrido por toda Galicia recolleu a información necesaria para a súa *Etnografía, Cultura Materna*, Volumen II da *Historia de Galicia* (Buenos Aires, 1962), dirixida por Otero Pedrayo. Membro numerario da Real Academia Galega, Presidente do Patronato do Museo do Pobo Galego e o correspondente da Real Academia da Historia e da de Bellas Artes.

É autor, entre outros, dos seguintes traballos: *Vila de Calvos de Randín* (1930). En colaboración con Cuevillas; *A muller no Cancioneiro Galego*, en «Nós», 1932; *Notas para un cuestionario de Etnografía. Embarcacións*; *Notas do Antroido en Lobeira*, en «Nós», 1934; *Santa Marta de Velle*, Sem. Est. Galg., 1936; *Sobre a Arqueoloxía do territorio dos Querquernos*, en «Revista de Guimaraes, 1938; *Díe Brense and Galizias chen Wagen* (Hamburgo, 1939); *Das Bauernhaus in unterem Limiabecem* Prof. Ourense, Spaniem (Hamburgo, 1943); *Nosa Señora do Vigo*, en BCMO, 1956, *O Carro no folklore galego*, en «Anais do Inst. de Lingüística», Mendoza, 1957; *Estela Funeraria do flor de RetoVello*, en «Arqueoloxía e Historia», Lisboa, 1958. *Distribución dos Xogos na Galicia*, RAG, 1967; en colaboración con Ferro Couselo *Tesouro protohistórico de Calvos de Randín*, en «Arquivo Esp. de Arqueoloxía»; Madrid, 1972.

MARTINEZ VAZQUEZ, Angel (Anxo)

É funcionario da Excma. Diputación de Ourense e asesor de Presidencia, de asuntos culturais. É membro do xurado calificador dos Maios dende fai moitos anos polos seus recoñecidos coñecementos no campo da cultura popular ourensán.

MILLAN PICOUTO

É profesor e poeta, sendo galardonado con varios premios polo seu labor literario. Actúa como xurado calificador de maíos.

TORRES, Manuel

Foi profesor, actualmente está xubilado.

Exerceu en Marín, lugar no que fixo renace-la festa dos maíos gracias o seu impulso como mestre. E ademais un bo pintor. Sobre a súa obra e personalidade publicouse un libro últimamente.

No anexo, incluímos fotocopia de cartas que enviaba a ilustres etnógrafos e folkloristas como Fernández Oxea (Ben-Cho-Sei) e nelas fálanos tamén do valor educativo da festa dos Maíos.

Vive en Marín e aínda practica a pintura.

VILLAR MADARNAS, Agustín

E profesor de E. Laboral e home moi preocupado por todo tipo de actividades culturais. Hai bastantes anos que forma parte do xurado calificador dos maíos.

XOSE LOIS (Carrabouxo)

Titulado superior e funcionario de Telefónica. É debuxante de recoñecido prestixio e colaborador diario do periódico local «La Región». Ten publicados varios libros. Formou tamén parte do Tribunal calificador dos Maíos.

2. AS FESTAS TRADICIONAIS E POPULARES VISTAS POLOS MESTRES

2.1. Plantexamento e cuestionario

Un dos estamentos a ter moi en conta á hora de facer valoracións acerca do valor educativo das festas populares-tradicionais é o papel que a escola desempeña neste aspecto, consideramos que era o Corpo docente e máis concretamente os mestres xa que a nosa investigación centrouse dendeun principio na EXB.

Para iso, pasamos un cuestionario o modelo do cal se adxunta no anexo e que moi amablemente nos cumprimentaron. Dito cuestionario foi entregado en centros da cidade e da provincia atendendo ós criterios xa expostos cando comentamos o modo de selección. O número de mestres que contestaron ó cuestionario foi igual a 100. Algún dos cuestionarios citados, foi cumprimentado por mestres que aínda sen pertencer ós centros eleixidos, sabiamos de antemán da súa preparación e da súa inquietude neste aspecto da participación da escola na vida e nas actividades da súa localidade.

As preguntas que lles foron feitas, como pode comprobarse centráronse principalmente en:

- Consideraban que estes procedementos posúen valor educativo e por que.

- Que tipo de actividades fomentan nos rapaces.
- En que medida a escola participa nelas.
- Cales son os elementos educativos máis destacados que ofrecen.
- Qué relación existe entre eles e os libros de texto.
- Qué inquiredanzas manifesta o profesorado ó respecto.
- Qué tipo de actividades suxiren a nivel de escola para a súa celebración.
- Qué aspectos negativos ven nelas.

Seguindo un proceso moi parecido ó establecido na análise do contido das entrevistas realizadas, agruparemos en varios bloques as respostas contidas nos cuestionarios seleccionados, ós que asignaremos un número, co fin de silenciarlos nomes dos mestres que os cubriron, inda que ó final serán incluídos no anexo.

Primeira pregunta

¿TEÑEN VALOR EDUCATIVO?, ¿POR QUE?, ¿QUE FOMENTAN NOS ALUMNOS?

A primeira parte da pregunta, foi respondida afirmativamente pola totalidade. O resto da pregunta, as respostas foron éstas:

- (1)«Acercan ó alumno ó acervo cultural».
- (2)«Fanlle sentirse membro da súa comunidade».
- (3)«Son manifestacións importantes da cultura».
- (2)«Fomentan o espírito de investigación no alumno».
- (2)«Incrementan a súa cultura».
- (2)«Enraízanse máis na súa terra».
- (3)«Socializan ó neno porque son elementos da vida».
- (3)«Serven como redescubrimento dunha identidade colectiva medio perdida no mundo galego».
- (4)«Fomentan o senso de identidade dun pobo».
- (4)«Favorecen o coñecemento e a comprensión do medio e das xentes».
- (5)«Fomentan a convivencia e o espírito de colaboración».
- (8)«Fomentan coñecementos do pasado de cada comunidade».
- (9)«Fomentan o valor de participación e de adaptación ós costumes populares con manifestacións espontáneas».
- (10)«Fomentan a cultura popular e o espírito de participación».
- (10)«Fomentan o senso da transmisión cultural».
- (11)«Dan a coñece-la cultura dos nosos antepasados».
- (11)«Fomentan a participación activa e o cariño polas nosas tradicións».
- (12)«Fomentan a convivencia e o coñecemento dos nosos costumes e tradicións».
- (13)«Idem de 12».
- (14)«Despertan nos nenos a ilusión e a fantasía».
- (15)«Poñen ó alumno en contacto coa tradición popular e cultural».

- (15)«Fomentan o amor e respecto ás xeracións pasadas».
- (16)«Son manifestacións culturais».
- (16)«Fomentan a sociabilidade, a ledicia, a ansiedades».
- (17)«Favorecen o coñecemento da cultura, folklore, costumes, etc.».
- (17)«Despertan a ledicia e o desexo de sentirse libres».
- (17)«Favorecen a comunicación».

Segunda pregunta

¿CONSIDERA QUE A PARTICIPACION ESCOLAR DEBERA SER MAIOR?

- (1)«Sí. Sería conveniente a organización dalgunha actividade interdisciplinar».
- (2)«Sí. Debera ser moito maior».
- (3)«Moitísimo maior. E necesario buscar «eixes» globalizadores non creados artificialmente e a participación nestas festas constitúe un proceso didáctico globalizador».
- (4)«Sí. Debera ser maior, sobre todo, no senso do significado das mesmas».
- (5)«Sí. Deberían colabora-los alumnos na confección dos programas».
- (6)«Sí. Con actividades literarias, concursos, etc.»;
- (7)«Sí».
- (8)«Sí. A escola deber ser unha continuidade da vida familiar e unitaria».
- (9)«Sí. Non está suficientemente abordado nos programas nacionais nin autonómicos».
- (10)«Sí. A través da cultura despértase no neno a participación e a creatividade».
- (11)«Sí».
- (12)«Sí».
- (13)«Sí».
- (14)«Aquí participase ó máximo».
- (15)«Sí. Non se comprende que os nenos sexan os auténticos protagonistas das festas».
- (15)«Non nos damos conta de que os rapaces copian desas actitudes e eles farán o mesmo cando sexan maiores».
- (16)«Sí. Actualmente a participación escolar é nula».
- (17)«Sí. Actualmente é escasa ou nula. Sóense organizar sen pensar no neno, na súa creatividade e riqueza».

Terceira pregunta

ELEMENTOS EDUCATIVOS máis DESTACADOS DAS MESMAS

- «Cooperación».
- «Coordinación».
- «Creatividade».
- «Senso crítico».
- «Exaltación da primavera e da natureza».
- (2)«Coñecemento do entorno». «Desenrolo da creatividade». «Fomento da solidariedade».
- (3)«Recuperación da cultura propia. Estimula-lo sentimento de unidade».

- (4)«Coñecemento da realidade social».
- (5)«Inserción dos alumnos no medio».
- (6)«Participación nas manifestacións culturais populares». «Reviven e achegan a historia ós rapaces».
- (7)«Vía de apertura da escola ó mundo».
- (5)«Traballo en equipo».
- «Amplían o circuíto de amizades». «Desenrolan a imaxinación».
- «Recuperación e conservación dos costumes».
- (6)«Espírito de solidariedade e colaboración». «Compañerismo».
- «Imaxinación».
- «Iniciativa».
- (8)«Creatividade».
- «Espontaneidade».
- «Reviven costumes dos antepasados».
- (9)«Éticas». «Morais».
- «Sociais».
- «Espirituais»
- (10)«Participación» «Motivación». «Socializadoras».
- (11)«Valores históricos» «Colaboración».
- «Participación».
- (12)«Coñecemento das tradicións e costumes». «Traballo en equipo».
- «Participación».
- «Descubrimento de novas actitudes»
- (13)«Idem de 12».
- (14)«Ilusión»
- «Fantasía».
- «Ansiedade».
- (15)«A cultura viva».
- «A relación entre pasado histórico e presente». «Respeto ós antepasados».
- «Coñecemento da nosa historia».
- (16)«O estudo do folklore popular».
- (17)«A vivencia das mesmas sentíndose membro activo».
- (17)«A comunicación».
- (17)«O enriquecemento que xenera o diálogo».

Cuarta pregunta

¿DEBERAN ESTAR máis CONSIDERADAS NOS LIBROS DE TEXTO?

- (1)«Algo máis».
- (2)«Sí, deberan estar máis contempladas».
- (3)«Sí, porque os libros de texto son moi relevantes para o profesor». «Sen embargo, como as festas non son algo a aprender non pode chegarse o extremo de que o texto afogue ás festas».

- (4)«Sí, pero considero que é máis un labor do profesor o insertalas no currículo».
- (5)«Sí. Constituiría unha axuda para o educador».
- (6)«Sí. Rotundamente». «Deberan considerarse como unidades didácticas».
- (7)«Sí».
- (8)«Sí».
- (9)«Sí. Están pouco contempladas».
- (10)«Por suposto, mediante unidades didácticas».
- (11)«Sí».
- (12)«Sí. Aínda que o libro de texto non deixa de ser un complemento do profesor».
- (13)«Idem de 12».
- (14)«Sí, porque facilitan o coñecemento dos costumes». «Despertan a curiosidade polo coñecemento da cultura».
- (15)«Sí, préstaselles pouca atención. Apenas existen alusións ás festas».
- (16)«Sí, porque poñen de manifesto a cultura popular e tradicional».
- (17)«Sí. Non se teñen en conta as vivencias do neno como participantes das mesmas».

Quinta pregunta

¿EXISTE PREOCUPACION DO PROFESORADO NESTE TEMA?

- (1)«Non o creo».
- (2)«En xeral, debera haber máis preocupación».
- (3)«En xeral, diría que non».
- (4)«Por desgracia, non».
- (5)«Sí». (Ver nota a pé de páxina).
- (6)«Sí».
- (7)«Non».
- (8)«Depende. Hai profesores que si e outros que non».
- (9)
- (10)«Desgraciadamente só se preocupa unha minoría».
- (11)«Difícil de precisar».
- (12)«Sí».
- (13)«Sí».
- (14)«Sí».
- (15)«A nivel xeral, non podo opinar».
- (16)«Non».
- (17)«Non. En xeral, existe moita despreocupación».

Sexta pregunta

¿QUE ACTIVIDADES SUXERIRIA VOSTEDE?

- (1)«Actividades interdisciplinares».
- «Confección de maios».

«Acopio de material».

NOTA.-As entrevistas número 5 e número 6, profesoras dun colexio público de Xinzo, manifestan esa preocupación e é normal tal manifestación porque elas céntranse fundamentalmente no entroido en Xinzo. Istos celébranse con grande participación dende nenos a vellos.

(1)«Deseño do maio».

«Actividades poéticas»,

«Crítica nas copias da vida no centro».

«Celebración de paseo-excursión dos magostos».

(2)«Investigación para cada festa do que o pobo celebra». «Recopilación sobre as actividades que o pobo realiza».

(3)«Actividades de investigación».

«Actividades de motivación».

«Resolución de problemas».

«Organización das festas».

«Presupostos das festas».

«Debuxos».

«Montaxes necesarios».

«Decoración».

«Literatura oral».

«Bailes».

«Simboloxía».

«Gastronomía».

(4)«Actividades sobre a reflexión das festas». «Actividades nas que a festa fose o centro de interés».

(5)«Concursos de: literatura, pintura, canto, etc.». «Deportes».

«Teatro».

«Celebración dunha pequena festa a nivel colexial».

(6)«Actividades de orientación sobre as festas e como confecciona-lo necesario para as mesmas» (Disfraces).

(7)«Concursos de disfraces». «Bailes».

«Poesía».

«Redaccións».

(8)«Actividades para o fomento dos costumes». «Cancións».

(9)«Danzas».

(10)«Representacións teatrais».

«Concursos de poesía e de redacción, etc.».

«Programas de radio realizados polos nenos».

«Facer un arquivo de tódalas festas feitas polos nenos».

(11)«Redaccións».

«Murais».

«Recolleita de datos entre os maiores do pobo». «Escenificacións».

«Plástica».
«Pretecnoloxía».
(12)«Investigación sobre as mesmas».
«Concursos».
«Redaccións».
«Debuxos».
«Teatro».
«Participación en prensa, radio, T.V., para a súa difusión».
(13)«Concursos».
«Redaccións».
«Teatro».
(14)«Conferencias».
«Vídeo».
«Periódicos escolares».
«Teatro».
«Poesías relacionadas coas festas e inventadas polos nenos». «Adiviñas e refráns».
«Guiñol».
«Cancións».
«Bailes».
(15)«Enquisas ós maiores acerca das festas».
«Preparación e organización da festa».
«Recoller material de libros e revistas» (Información).
(16)«Elaboración de unidades didácticas».
«Concursos».
«Redaccións».
«Representacións teatrais».
«Realizacións prácticas».
(17)«Crear ambiente que desperte interés no neno». «Participación activa a través de:

- Elaboración de útiles necesarios.
- Elaboración de carautas e disfraces.
- Elaboración de murais nos que participen todos.
- Representacións.
- Exercicios de psicomotricidade.
- Danza.
- Música.
- Periódicos escolares.
- Mesa redonda.
- Debates.
- Exercicios de vocabulario.

Séptima pregunta

ASPECTOS NEGATIVOS DA FESTA T.P.

- (1)«A expansión incontrolada dos grupos de nenos con poucas responsabilidades».
- (2) «Ningún».
- (3)«Ningún».
- (4)«Ningún».
- (5)«As veces, son o comezo de malos hábitos (alcohol, tabaco)» (6)
- (6)«O abuso do alcohol» (7)
- (7)«Pouca participación».
- (8)«Ningún».
- (10)«Que sexan consideradas como simples festas e que non se lles dé o verdadeiro valor cultural que teñen».
- (11)«Que non se conservan en toda a súa pureza e deforman a tradición».
- (12)«Ningún».
- (13)«Ningún».
- (14)«Ningún».
- (15)«Que se convirtn nunhas festas normais e correntes sen valor cultural e histórico».
- (16)«Que os nenos actúan nelas con vistas a conseguir algún premio en cartos».
- (17)«O aspecto consumista que posúen pola súa mala orientación».

2.2.Análise dos cuestionarios a profesores

No noso afán por recoller todas aquelas respostas ás sete preguntas plantexadas, ocasiona, que algunhas de idéntico contido, aparezan repetidas. Por esa razón, intentamos a continuación evitar tales repeticións e sintetizar se é posible algunhas delas para quedarnos con aquelas, que aporten contidos ou mensaxes diferentes, co cal, lograremos unha visión máis clara e de fácil interpretación dos citados cuestionarios.

En primeiro lugar, é moi importante para a nosa investigación, que en tódolos cuestionarios se recoñeza o valor educativo destas festas populares-tradicionais, e que constitúen a primeira parte da primeira pregunta.

Referente ó resto das preguntas de por que o son e qué aportan, confeccionamos a continuación a mencionada síntese sen establecer prioridades posto que iso xa é máis cuestionable e subxectivo.

- «Acercamento ó alumno ó acervo cultural».
- «Fanlle sentir membro da comunidade en que vive».
- «Son manifestacións culturais».
- «Fanlle amar máis á súa terra».
- «Redescubren a identidade colectiva».
- «Favorecen o coñecemento e a comprensión do medio».
- «Favorecen a convivencia».
- «Favorecen o traballo en equipo».

«Fomentan a participación».
«Favorecen a espontaneidade».
«Favorecen a transmisión cultural».
«Desenrolan a fantasía».
«Fomentan o respecto polas xeracións pasadas». «Fanlles sentirse máis libres».
«Favorecen a comunicación».

No cocernente á segunda pregunta sobre a participación escolar, se exceptuámoslos cuestionarios contestados por mestres dos pobos de Xinzo, Verín e Laza, tódolos demáis, consideran que a participación escolar das mesmas debera ser maior.

Xa explicabamos, que nestes pobos citados, a participación durante o entroido, é masiva. Pais e fillos viven eses tres ou catro días moi intensamente, pois é difícil que en calquera familia, non teñan tódolos seus membros a súa correspondente «pantalla» (disfrace) a pesar do caro que resulta adquirilo. Dáse como elemento propio da festa, que as «Pantallas» collan a coñecidos e transeúntes en volandas e os obriguen a pagar unha ronda, operación que se repite durante o día moitas veces e iso orixina certo abuso do alcohol (por iso ven tamén aspectos negativos).

Sen embargo, nós non nos centramos só no entroido e non só en Xinzo e Verín que e onde se dan estes extremos, senón noutras festas, maios e San Martiño, con matices moi diferentes.

Sobre esta participación da escola nas festas e unha vez recoñecido que debera ser maior, pónse de manifesto, que estas celebracións poderían ser utilizadas como eixes globalizadores e como centros de interés en torno ós cales se poderían realizar actividades de carácter interdisciplinar.

Pónse tamén de manifesto, que a escola debe pó-los medios de reflexión sobre o significado desta, e evitar, que se queden en acto folklórico sen maior transcendencia, que un día de diversións e vacacións.

Tamén se considera importante a participación do alumnado na elaboración dos programas a desenrolar nas festas. isto paréceme coherente tamén, porque xa deixamos constancia a través das entrevistas anteriores, e de referencia as festas ,que os rapaces son os auténticos protagonistas, logo, impónse que interveñan na súa organización a nivel de programación escolar.

O neno a través da súa participación a nivel de escola, desenrola nas suas actividades a realiza-la súa creatividade e o seu carácter socializante.

2.3.Elementos educativos a destacar

- Cooperación.
- Creatividade.
- Coordinación.
- Criticismo.
- Coñecemento do entorno.
- Solidariedade.

- Amor a natureza.
- Recuperación da súa cultura.
- Inserción no seu medio social.
- Acercamento da escola ó medio.
- Traballo en equipo.
- Desenrolo da imaxinación.
- Compañeirismo.
- Espontaneidade
- Desenrolo de valores éticos.
- Desenrolo de valores morais.
- Desenrolo de valores sociais.
- Participación.
- Motivación.
- Descubrimento das novas actitudes.
- Ilusión.
- Fantasía.

Resúltanos moi satisfactorio comproba-la positiva correlación existente entre esta relación e as que seleccionamos das entrevistas.

O final deste capítulo intentaremos reflexar mediante un cadro estas coincidencias que se manifestan nos tres estamentos analizados: personalidades do mundo da cultura popular, profesores e alumnos.

Tamén contrastamos que existe unanimidade entre os mestres, cando admiten que deberan estar máis contempladas a nivel de textos oficiais.

Referente a iso, temos que ter en conta, que se consideramos que o mestre se apoia moito no libro teórico sería moito máis sinxelo se puidese recorrer a el, aparte de que é necesario manifestar que aínda existe entre o colectivo certa «esclerosis» como afirma Jimeno Sacristán (8) e ofrécese resistencia ó cambio.

Aparte disto, existe outro problema (ó menos considéranos así) e é a falla de tempo e a obsesión por «dá-lo programa» ó que se suma tamén...«o largo proceso que se dan en Galicia de autodesprezo do autóctono e polo desexo elitista de distanciarse do popular»...

... da entrevista nº 3 e ó senso da cal suscribimos como real en Galicia e como dicía Castelao: «pensan que falar castelán é falar ben e falar galego é falar mal»... (*En «Sempre en Galiza»*).

De tódolos xeitos tamén é necesario considerar, que o feito da súa contemplación como tema de estudio pódese dar certo rechazo e perder así todo o poder educativo que teñen estas celebracións.

As festas poden ser contempladas nos libros de texto, pero de distinta forma ó resto do contido das mesmas.

Consideramos que a súa inserción é fundamental, pero baixo un plantexamento máis orientado á divulgación das mesmas e baseado fundamentalmente en actividades de participación e investigacións e sen entrar no terreo da memorización que dá existencia formal

de contidos.

E necesario que estas celebracións sexan vivencias e a partires delas, poder articular, aproveitándoas como centros de interés outros sistemas globalizadores e interdisciplinares.

Referente á pregunta 5. na que se lles pide a súa opinión sobre a existencia ou non de preocupación por parte do profesorado da organización das mesmas a nivel escolar, as respostas foron contundentemente negativas, cousa que xa esperabamos pois, salvo rarísimas excepcións, responden a unha realidade que se palpa cada día e a veracidade da cal non necesita demostración. Nós ó longo de moitísimos anos de exercicio docente comprobámolo.

O analiza-lo por qué desta despreocupación, resúltanos sumamente difícil xa que existen ó noso modo de ver moitos aspectos a ter en consideración.

Por unha parte está o factor comodidade. É unha realidade, que a organización destas celebracións ou certames, esixen un esforzo por parte do profesorado que á súa vez só ten a recompensa moral do deber cumprido e que ás veces incluso é mal interpretado non só no seo da comunidade educativa senon a nivel de administración.

Neste labor, non serve o caso aislado dun ou dous profesores que sintan e tenten asumir esa responsabilidade e dicimos que non serve porque o traballo para ser rentable ha de realizarse en equipo, e de non ser así, na maioría dos casos, considérase dende o propio claustro, que o que fan isos dous ou tres compañeiros é un acto de «peloteo» para quedar ben e iso implica o deixar mal ós demais. Este aspecto, comprobeino persoalmente en charlas con mestres, «animadores» destas actividades e ademais vivino e sufrino, como docente.

Existe ademais o problema do transporte non só dos alumnos senón tamén dos propios mestres que teñen que remata-las clases e saír co tempo xusto para desprazarse a moitos kilómetros ó seu lugar de residencia. Isto, en certa medida xustificaría nunha pequenísima parte a súa despreocupación.

Outro elemento a ter en conta, é a falla de preparación dos mestres a este nivel. A maioría só se lles ensinou a impartir un árido programa porque o problema xa vén dende o período da súa formación nas escolas normais, agora Escolas Universitarias de Formación do Profesorado de E.X.B.

Deste xeito os mestres, dunha forma inconsciente atentan cada día contra esa función do bo educador que segundo Moreno García: (9) «O profesor ha de ser ante todo un educador e animador dos seus alumnos nos que fomentará o desenvolvemento da capacidade creadora, a actitude para o cambio e a convivencia humana, así como a capacidade para formular hipóteses e indagar e experimentar adicando máis tempo de programación e avaliación da ensinanza, que a ensinanza mesma, entendida como impartir clases».

No mesmo senso afirma FAURE, E. (10) : «O ensinante, ó lado das súas tarefas tradicionais, está chamado a converterse cada día máis en conselleiro, en interlocutor, máis ben nunha persoa que axuda a buscar en común os argumentos contradictorios... que deberá adicar máis tempo e enerxía ás actividades productivas e creadoras: discusión, animación, comprensión e estímulo».

A actuación do mestre xa non pode seguir baseándose nunha...«simple facilitación de contactos de problemático valor formativo, deixará de ser mediatizadora e indirecta e converterase nunha actuación de carácter persoal e directo... a través do medio achegarse ó

alumno como persoa... A función do profesor, non será xa a de presentar modelos a imitar, senón a de estimular e orientar na construción da cultura».(11)

A realidade, como pode comprobarse, difire moito destes modelos, do que debiera se-lo rol do mestre pois...«O profesor actual céntrase nos contidos intelectuais e alóxase dos seus alumnos por dous motivos:

a)pola presión administrativa

b)pola súa mesma falla de preparación» (12)

Neste senso da presión administrativa, afirman Jimeno Sacristán, J. Fernández Pérez , (13) que o profesor é un elemento máis ó servizo da institución e unha peza básica na transmisión de contidos e conceptos, nula ou con moi pouca intervención no que poderíamos denominar conxunto de elementos constitutivos do currículo oculto.

Os mesmos autores manifestan que comprobaron nos seus estudos que existe un 58 % de profesores que din limitarse a repasa-los contidos que teñen que explicar e un 24 % que din atender a aspectos como motivación a utilizar, emprego de métodos e técnicas de avaliación e que un 78 % confesa sinceramente non prepararse nada antes das clases .(14)

Nesta mesma liña de afirmacións negativas no que se refire á actitude do profesor están autores tan relevantes como POSTIC, M., CHOBALJX, J., GILLY, M., etc.

Nós non desexamos culpabilizar totalmente ó colectivo de mestres, que se autoconfesa como pouco preocupado por estas actividades culturais-tradicionais, pero á hora de facer unha valoración das súas actitudes non podemos esquecer que a realidade é dun modo, e o que realmente deber ser é doutro diametralmente oposto. E como xa dixemos, esta responsabilidade compártese tamén a nivel social e a nivel institucional, e dicimos a nivel social, porque inda que non existe unha conciencia social forte que demande outras actitudes, e o que é máis grave, aínda se da a circunstancia de que a ensinanza de tipo elitista considera que estas festas teñen máis de «cousa de pobo» que de educativas o que a súa vez atopa certa correspondencia nese outro tipo de sociedade de clase media-baixa que pola súa falla de preparación valora máis o que os seus fillos saiban outras moitas cousas e menosprecien calquera outra actividade de tipo formativo e integrador na sociedade.

A pregunta n. 6 do cuestionario na que se pedía que citasen actividades a realizar, as respostas, impresionáronnos favorablemente, pois se ben, se recoñece, que non existe moito interese no colectivo, pola intervención da escola, si se pon de manifesto:

1.1 Que teñen grande valor educativo,

2.1 Sinálanse os elementos educativos que posúen.

3.1 O Considérase que a participación debiera ser maior.

4.1 Considérase que o apoio dos textos sería importante.

5.1 Determínase unha serie de actividades para conseguir.

Isto,lévanos a unha contradición que consideramos obedece ás causas que citamos. Entre as actividades a realizar para o logro resumimos estas:

- Mesa redonda e debates.

- Concursos de poesía.
- Psicomotricidade.
- Viaxes culturais e saídas campo.
- Investigación sobre as festas do pobo.
- Actividades tendentes ó logro da reflexión sobre as festas.
- Concursos de pintura.
- Concurso de canto.
- Teatro.
- Decoración.
- Pretecnolóxicas.
- Confección de disfraces.
- Concursos de redacción.
- Elaboración de programas radiofónicos.
- Confección dun artigo no que se recollerán peculiaridades e todo tipo de información relativa ás mesmas.
- Confección de murais alusivos.
- Recollida de datos na rúa e organismos.
- Actividades de implicación da comunidade educativa.
- Guiñol.

Como pode observarse, coa aplicación adecuada, destas actividades, a intervención das escolas nas festas populares-tradicionais sería altamente positiva tanto a nivel de constitución de logros educativos para os alumnos, como para a supervivencia da festa mesma.

En canto á consideración de aspecto negativos, non se considera a existencia dos mesmos, a excepción dos casos extremos dos que falamos que soen darse en localidades moi concretas e en festas moi concretas, pero que se dean non significa que sexan inherentes á festa senón precisamente a desinformación ou falla de orientación que existe e que non evita tal circunstancia. Se a eses xovenciños que saen disfrazados na pandilla se lles fora educando no propio senso da festa tal vez non fixeran ese uso excesivo do alcohol e de bromas tan pesadas que ás veces provocan o enfado do público.

Consideramos, que é un problema de orientación acerca do propio senso e verdadeiro valor da festa.

3.AS FESTAS TRADICIONAIS E POPULARES VISTAS POLOS ESCOLARES

3.1. Presentación do estudio e análise do contido

Consideramos, que é necesario e fundamental, o coñece-la opinión dos xoves en idade escolar acerca das festas populares-tradicionais. E cremos que iso era importante, posto que en definitiva os rapaces son os principais protagonistas das mesmas. Son os verdadeiros autores.

Para iso, conseguimos que unha poboación aproximada de 1. 500 alumnos nos fixesen

unhas redaccións baixo os títulos:

«A festa dos maíos».

«O entroido».

«A festa do magosto».

Ellexíronse colexios ubicados en diferentes zonas da cidade, dende os máis céntricos ata os situados na periferia ou extrarradio. Tamén se fixeron en colexios de pobos e vilas nos que algunha destas festas ten grande raigambre e vivese moi intensamente, ata o punto de que participa todo o pobo, homes, mulleres e nenos, tales son os casos de Xinzo de Limia e Verín coa celebración do entroido e Laza é famosa polos seus carnavaís e tamén pola Santa Cruz (Maíos).

Os cursos seleccionados foron os de 6º, 7º e 8º por considerar, que son as idades dos 12, 13 e 14 anos as máis idóneas para a participación neste tipo de festas.

A experiencia profesional ó longo de 22 anos de exercicio da miña profesión como mestre demostroume que cando se lles pide ós alumnos que participen e colaboren nestas actividades, a mellor resposta obtense nos cursos de 7º e 8º. O aínda que en 6º pode darse xa pero en menor grao. Polo contrario, a nivel de Bacharelato xa se percibe unha maior indiferencia e indecisión. Dáse a circunstancia de que situacións que o ano anterior asumían e afrontaban con soltura e brillantez, como pode se-lo caso do canto das coplas en público, en Bacharelato resúltalles máis difícil. Aprésalles certo rubor ante as mesmas situacións que como dixemos na 2ª etapa de EXB, desenrolaban con grande naturalidade.

As redaccións foron feitas polos alumnos, sen menor intervención por parte do profesorado. Unha vez dictado o título ou tema da mesma, concedéuselles unha hora para o seu desenrolo.

Unha vez recollidas as mil quinientas redaccións, procedemos a unha selección de 465 das que consideramos máis significativas e de maior aporte ó tema en cuestión.

Esta selección fíxose tendo en conta non só o contido senón tamén o feito de que os centros tivesen unha representación proporcional ó número de alumnos matriculados no mesmo.

Tódalas redaccións foron lidas coidadosamente e de cada unha delas fomos extraendo aquelas frases, adxectivos, verbos... que puideran ter un senso clarificador e definitorio destas festas a nivel do pensamento dos escolares.

Destas frases, fomos separando e anotando nuns listados preparados para tal fin, unha serie de palabras que ó noso modo de ver aportaban significados importantes e ben definidos e seguindo o criterio de *análise de contido* de Laurence Bardín, porque consideramos que era o que mellor se prestaba para o noso traballo, sen que por iso esquecésemos a outros especialistas nestos temas de análise.

A estes vocablos ou frases que seleccionaremos chamámoslles código. A súa vez, denominamos subcódigos a outros termos que aínda portadores de significado, consideramos de menor importancia á hora de definir estas festas.

A estos códigos e subcódigos, asignámoslles un valor referencial equivalente á fre-

cuencia ou número de veces que este termo aparece nas redaccións. isto é: se a palabra «tradicional» aparece nos estadillos rexistrada 96 veces, nos que foron anotando aqueles termos considerados como portadores de significado, a dita palabra asígnaselle un valor referencial igual a 96 e así con tódalas demáis. Deste xeito, pódese establecer en qué senso incidiron máis os alumnos á hora de definir. Deste xeito, é fácil concluir que os rasgos máis destacados polos alumnos é: tradicional seguido de popular cunha frecuencia igual a 28.

Temos que dicir que non fixemos separación dos tres temas ou festas por considerar que posúen unhas connotacións moi semellantes dendea perspectiva dos escolares a hora de facer valoracións deste tipo.

Dende o principio, plantexáramonos face-lo mesmo estudio por bloques agrupando as redaccións en tres grupos distintos como dicíamos anteriormente. Pero isto resultaba sumamente difícil para chegar ás mesmas conclusións. Pero non só esta dificultade á que aludimos foi a causa de que non fixemos dita separación. Existía outra que soe darse con moita frecuencia cando se trata de redaccións feitas por nenos. Eles analizan sempre o tema sobre o que se lles pregunta baixo unha óptica moi común a todos eles. Salvo excepcións, acostuman a definir cunha serie moi limitada de adxectivos en base ó grao de interés ou desinterés que neles produza o tema tratado.

Como se pode observar na táboa, aparecen como máis significativos e portadores de información catro códigos que de por sí xa nos servirán para defini-las festas segundo os nenos como un acontecemento divertido, tradicional e fermoso no que existe unha relación educativa profesor-alumno; pero se a estes códigos asociamos os subcódigos correspondentes que a súa vez son portadores de elementos cualitativos das festas, a definición antes citada obviamente aparece máis rica e cargada de matices inherentes á mesma.

A palabra ou termo «divertida» aparece cun valor referencial igual a 95 o que nos dá unha idea do valor de aceptación de festa por parte dos seus verdadeiros protagonistas que son os rapaces. Pero se ó termo «divertida» lle asociamos os de «alegre», «bulliciosa» e «feliz» e tendo en conta en primeiro lugar a capacidade dos rapaces para diferenciar claramente estes termos (cousa máis que difícil) e en segundo lugar que case todos eles posúen as mesmas connotacións, resulta bastante sinxelo ó concluír que os termos «alegre», «feliz» e «divertido» poderían considerarse como sumatorios dunha cualidade da festa que podería resumirse en: «é unha festa divertida que me fai feliz e iso alégrame».

Relativo a este código seleccionamos algunhas frases que consideramos significativas:

«Os Carnavais son uns días de ledicia e reunión cos amigos para divertirnos ó máximo». (Redacción nº 198, alumnos de 13 anos).

«E o símbolo do divertimento». (Redacción nº 226, alumnos de 13 anos).

«Son festas de amizade, de ledicia, de pasalo ben». (Redacción nº 215, alumnos 14 anos).

«Alí fanse amigos e pásase moi ben». (Redacción nº 3, alumnos de 14 anos).

Unha vez feitas as consideracións oportunas acerca da dificultade existente á hora de busca-las diferencias existentes entre os termos: «alegre», «divertido», «feliz» e «bullicio» - digamos, que o máis significativo é alegría. Tal vez, sexa este o termo máis definitivo non xa

da festa, senón tamén da forma de ser dos nenos, xa que istos, son alegres por natureza.

A ledicia que istos manifestan aporta uns valores educativos moi importantes, posto que, naquelas reunións nas que reina a alegría, impera tamén o espírito de cooperación e é o sinal inequívoco de que todo marcha ben, de que as relacións sociais dentro do grupo son boas, o que á súa vez cohesiona ó grupo e de todo iso dedúcese que de semellantes condicións é fácil agarda-lo logro duns obxetivos previamente propostos.

A búsqueda desa alegría no proceso educativo foi unha das metas a lograr nas diferentes etapas que viviu a historia da educación: Froebel, Maria Montessori, J. Dewey, etcétera., as teorías dos cales poderían resumirse en «aprender xogando» ou o que é o mesmo que o neno aprenda mentres se diverte.

Esta alegría e felicidade que os alumnos poden alcanzar cando realizan aquilo que lles gusta e interesa non só é positiva, dendeo plano personal do alumno, senón tamén dendeo propio feito educativo que pasa a converterse en algo apetecido dendeo momento que deixa de ser un feito imposto e como tal xenerador de rechazo.

Outro dos códigos detectados foi o referente á «tradición». Un elevado número de alumnos (valor referencial igual a 96) calificaron estas festas como «tradicionais», «populares», «típicas», «curiosas», etc., que nós categorizamos como subcódigos referenciais do código «tradicións».

Tal vez resulte difícil facer unha valoración exacta do verdadeiro senso que os rapaces dan ó termo «tradicional», pero do que non existe dúbida algunha, e que eles son coñecedores e conscientes, que estas festas dos maios, entroido e San Martiño veñen celebrándose dende tempos moi pasados e que aínda sufriron diferentes sortes de auxe seguidas de decadencia para rexurdir de novo e así sucesivamente no devenir da historia sempre conservaron o seu tipismo, a súa orixinalidade e como non o seu carácter popular coa concorrencia de numeroso público.

Diciamos anteriormente, que estas festas pasaron por momentos de auxe e de decadencia e iso analizámolo cando falamos de cada unha delas en particular. Así, cando estudíamo-la curva de participación de maios, sinalamos un período que denominamos crítico no que a participación rexistrada foi francamente baixa, se ben se rexistran anos e así o fixemos constar, nos que o nivel de participación adquire elevadas cotas.

Destas características ou subcódigos referente á tradición e que xa mencionamos dános idea frases que subraiamos das redaccións como estas:

«Son formas de diversión e humor. As familias xúntanse e comen comidas típicas». (Redacción nº 160, alumno de 14 anos).

Para este rapaz existen nestas festas tres elementos importantes, que á súa vez, nós previamente estableceremos como códigos e subcódigos.

- Diversións.
- Reunións de familias.
- Comidas típicas.

Fálanos de diversión e ó mesmo tempo de reunión de familias, o que equivale a por de relieve o carácter popular das mesmas que como é natural son termos que para un rapaz de 13 ou 14 anos, veñen a significa-lo mesmo. Pero non só isto, senón que engade esa peculiaridade

das comidas típicas que ten un valor de identificación das comidas típicas coas das festas típicas e á súa vez outro valor, tal vez máis importante, e que se refire ó verdadeiro valor de alegría, de celebración e de comunicación que soe darse durante a comida familiar e máis nestes casos nos que os formalismos e composturas da vida diaria perden a súa vixencia en aras do informal, da improvisación e espontaneidade e en definitiva de tódalas connotacións festivas propias do momento.

Noutra redacción aparece a taxante e escueta afirmación: «E unha festa popular». (Redacción nº 1171, alumnos de 13 anos).

Nós atopámonos cunha frase tamén bastante significativa e pertence ó código que estamos analizando pero que ademais fai referencia a outro aspecto da festa dos maios, concretamente. Di así:

«Nesta festa típica, a xente desperta do letargo do inverno para celebra-lo maio». (Redacción nº 157, alumnos de 14 anos).

No primeiro lugar, aparece a palabra «típica» que califica á festa pero a súa vez fala de letargo invernal das persoas. Como é natural este rapaz sabe que letargo invernal só o sofren algúns animais, pero non o home, sen embargo, con este símil, aínda que non parece moi adecuado ponse de manifesto que esta festa dos maios constitúe un despertar da natureza co apoxeo da primavera, pois recoñecido está e deixamos constancia diso, que a festa dos «maios» ou «Santa Cruz» representa o triunfo da primavera sobre o *frío* inverno e á súa vez o tempo da florida vexetación sobre a desolada desnudez vexetal do inverno.

A ledicia e despertar do inverno transmítese ós homes que están en contacto con ela e o estado anímico dun fermoso día de primavera é evidente que non é o mesmo que o dun escuro e triste día de inverno.

Tal vez, este rapaz a traves da súa frase pretenda facer esa identificación, pero se o seu senso non fose ese, o que non podería pórse en dúbida é que ten moi claro que a festa dos maios (á que fai referencia, é unha festa cíclica posto que fala do fin do inverno e do rexurdir da natureza).

Outra frase cargada de significación é a seguinte: «Un pobo sen as súas tradicións é como se estivese desvalido». (Redacción nº 69, alumno de 14 anos).

O valor desta afirmación, sometida a unha profunda análise levaríanos a unha extensísima exposición de consideracións persoais apoiadas en citas de relevantes personalidades do mundo da cultura e que xa tratamos no punto «Educación e Sociedade» e «Educación e Entorno». Sen embargo, cremos que poderíamos atopalo verdadeiro significado dun neno de 14 anos nestoutra de Castelao (15):

«A nosa terra crea diferentes hábitos peculiares de vida que se manifestan en cada época baixo formas autóctonas de cultura».

Para este rapaz, as tradicións representan algo así como a fortaleza dun pobo. Deste parece desprenderse que os valores culturais van unidos ó progreso e á identidade das diferentes sociedades que poboan a terra.

No mesmo senso de cultura e tipismo, que puxemos de manifesto na redacción nº 57 podemos facer referencia a istoutra: «Esta festividade é tan típica que se fallase sería unha perda para a nosa cultura galega». (Redacción nº 118, alumno de 14 anos).

Para este rapaz están moi claras dúas cousas:

a) Que as festas típicas son elementos pertencentes á cultura.

b) Que como consecuencia da súa categoría cultural é necesario conservalas.

Referido á festa dos maios e dentro do mesmo bloque destacamos tamén as seguintes frases:

«Os maios axudan a conserva-la cultura galega». (Redacción nº 79, alumno de 14 anos).

«E unha tradición galega que se desaparecese é como se o noso pobo se quedase sen vida». (Redacción nº 65, alumno de 14 anos).

Destas dúas frases poderíamos dicir algo moi semellante ó exposto cando comentabámo-las correspondentes ós números 69 e 18, que poñen de manifesto unha vez máis, o grao de sensibilización que existe nos alumnos cando se lles pregunta sobre estas festas e tamén cómo as asumen como algo que pertence ó acervo cultural do pobo e que é necesario conservar e potenciar.

Se comparámo-la frase seleccionada da redacción número 69 que di... «como se quedara desvalido coa número 65, que di... «se quedase sen vida», apreciase unha grande similitude na súa significación ou contido. Contido certamente profundo e pouco usual en rapaces de 13 e 14 anos porque fai referencia de maneira moi breve e sinxela a unha profunda identificación entre a cultura viva dos pobos e os pobos mesmos.

Referente ó carácter popular destes restos podemos facer mención á redacción número 30 na que se califican como «festas para todos». Se ben é certo que case tódolos rapaces falan de «grande concorrencia», de «moita xente reunida», «moitas persoas asistindo», etc., a frase máis concisa e á súa vez máis significativa como portadora desa característica ou subcódigo «popular» é, ó noso modo de ver, a elixida de «festas para todos».

Outro código seleccionado é o referente á «beleza» destas celebracións, cos correspondentes subcódigos elixidos entre os moitos, que os rapaces utilizan aínda que o significado poida ser case idéntico en tódolos casos posto que a nivel de expresión de cualidades, os termos «bonita», «maravillosa», «fermosas», «vistosa», «bela», etc., son equivalentes. Pero en todo caso, sérvenos para poder facer unha valoración deste aspecto incuestionable das festas tradicionais-populares, vistas polos nenos.

Como fixemos anteriormente, tamén seleccionamos unha serie de frases portadoras de significado correspondente a este código e subcódigo.

«Eu creo que estas festas, maios, magostos... son as máis fermosas de Galicia». (Redacción nº 9, alumno de 13 anos).

«Aquilo era un ambiente maravilloso». (Redacción nº 78, alumno de 14 anos)

«Estas festas son de grande interés artístico». (Redacción nº 73, alumnos de 14 anos).

«O entroido é unha festa que ten un embruxo especial, está cheo de vida e de ilusións». (Redacción nº 80, alumnos de 8º curso).

«É unha festa que se mete un tanto no interior de cada un. (Redacción nº 121, alumno de 13 anos).

«Son festas, que pola súa beleza son apreciadas por todo o mundo». (Redacción nº 241, alumno de 13 anos).

«As festas dos maios teñen moito colorido». (Redacción nº 10, alumno de 14 anos).

Estas frases seleccionadas, non únicas, fan referencia á beleza, ó embruxo, á maravillosa e tamén ós matices de intimidade que poden ter estas celebracións.

Tódolos alumnos preguntados, responderon afirmativamente no senso da beleza destas festas e estas respostas son tónicas coa realidade, pois esta característica é comprobable «In situ» a través das manifestacións e do interese dos rapaces por participar máis nelas. De feito, non se dá unha participación no grao desexable, pero iso obedece máis a outras cousas que ó desexo dos rapaces.

Estas causas, ás que facemos alusión, poden obedecer a varias razóns, entre as que podemos citar:

- Falla de motivación por parte dos profesores.
- Falla de interese por parte do profesorado, porque participar implica unha maior adicación e preparación das mesmas fóra das horas de clases.
- Falla de organización por parte das institucións.
- Pouco apoio económico.
- Total desconsideración a nivel de sociedade (moitas veces considéranse como algo «pueblerino» e «folklórico»).

Poderíamos citar outras moitas causas do escaso aproveitamento das festas populares, pero iso analizarase noutro punto deste traballo. O que realmente quixéramos resaltar, e que pese a tódolos inconvenientes e trabas, ara os rapaces seguen tendo esas cualidades tan propias, que fan que estas celebracións sexan imperecedeiras.

O que realmente habería que plantexarse é o por qué, aquilo que para os rapaces resulta belo, fermoso, bonito, vistoso, etc., non se aproveita máis como fonte de recursos educativos de inagotable caudal e poderían ser aplicados no currículo escolar.

Outro código que detectamos e que ademais parécenos de grande interese é o da relación educativa profesor-alumno e o da participación e intervención do profesor como dous subcódigos do primeiro, aínda que ben é certo que cada un dos tres ben podería ser considerado como código.

Nestas celebracións nas que o elemento máis importante é o rapaz a participación é fundamental. Non só fundamental senón indispensable para que a festa sexa posible.

E necesario ter presente en todo momento que para constituir un maio, por exemplo, como mínimo requírese o seguinte:

No primeiro lugar, un profesor ou profesores que lancen a idea para que sexa aceptada polo grupo (pode darse o caso de que sexa rechazada) e unha vez decidido o levar á práctica a elaboración é cando entran en acción os mecanismos de asociación, participación e colaboración cun único obxectivo: o logro dun fin común.

E necesario, que un grupo se encargue de deseña-lo armazón máis convinte non só ó gusto de todos senón ás veces máis adaptados ó presuposto económico ou ás posibilidades de obter premios.

Outro grupo, máis habilidoso en labores de carpintería sería o encargado de axustar-la construción en madeira ó proxecto que se pensou e decidiu como máis conveniente.

Unha vez realizado o armazón será necesario un terceiro grupo que se encargue do cosido de arpilleira ou tea de saco á madeira. Mentres tanto, outro grupo, encargarse de saír ó monte a recolle-lo musgo que resulte máis idóneo para recubri-lo armazón, cousa que fará outro grupo que terá que coser pacientemente o citado musgo á arpilleira. O mesmo tempo, outros rapaces irán preparando os «carrabouxos» e flores cos que se ornamentará o maio e farano aqueles que posúan un maior senso da estética e da proporcionalidade.

O mesmo tempo, xa se van confeccionando as coplas, que han de manter medida, ritmo, rima que tratarán daqueles temas que durante o ano foron noticia.

Isto, supón, a intervención de moitos rapaces. Uns porán o inxenio e outros os seus coñecementos literarios, mentres que outros serán os encargados do cántico das mesmas en público o que conleva unha serie de ensaios e unha preparación adecuada na que han de colaborar todos incluídos os profesores, que coordinan en cada momento tanta actividade.

Todo o exposto, pode dar lugar á participación de 200 rapaces ou máis.

O mesmo que se dixo para a elaboración dun maio, pode aplicarse para a preparación do entroido, pois é necesario ter en conta, que os disfraces, carautas, etc., poden facerse en clases ou en agrupacións creadas a tal fin uns días antes das festas (léase entrevista feita nun taller de máscaras de Xinzo de Limia).

Para preparar un concurso de disfraces tanto a nivel colexial como local, son moitos os detalles que necesariamente han de ser coidados e iso require unha colaboración de tódolos integrantes do grupo.

Na preparación dun magosto para celebra-lo San Martiño, ocorre o mesmo. Non se trata soamente de asa-las castañas. Nesa festa, concorren outros elementos coma o viño, os chourizos, a búsqueda da leña, os tiznes co carbón residual e os cánticos de rigor a carón do lume, nunha convivencia agradable na que reina a ledicia e o espírito de colaboración.

Referente a este bloque ou á relación educativa profesor-alumno e da participación e intervención seleccionamos tamén algunhas frases.

«Esta festividade require moita participación». (Redacción nº 18, alumno de 13 anos).

«E un día no que se convive con persoas e outros rapaces e divírtense uns cos outros».

«Redacción nº 31, alumno de 14 anos).

«Os maios son unha maneira de convivencia». (Redacción nº 80, alumno de 14 anos).

«E unha festa de participación». (Redacción nº 30, alumno de 13 anos).

«Para face-lo maio, necesítase moita imaxinación». (Redacción nº 40, alumno de anos).

«Nestas festas hai moito compañerismo». (Redacción nº 47, alumno de 14 anos).

«Os maios son unha festa en que os rapaces conviven uns cos outros». (Redacción nº 13 alumno de 14 anos).

«O noso profesor é un superheroe». (Redacción alumno de 13 anos).

Da análise destas frases e do contido das redaccións seleccionadas para este bloque referido á relación educativa e participación, puidemos comprobar, que entre os rapaces existe a conciencia de que é necesaria a colaboración de todos e a suma dos esforzos individual para o logro dun fin común.

Non só, se destaca o feito da participación senón o da convivencia dos integrantes do grupo, o que á súa vez, nos dá unha idea do grao de compenetración adquirido nesta tarefa de

conseguir algo feito por eles. Algo non imposto do que son donos e señores.

Captan os rapaces perfectamente a importancia do profesor, como animador e orientador do grupo. Son moitos os que consideran que sen mediación do profesor a realización da obra emprendida non podería ser posible. Outros sen embargo non ven a figura do profesor, como fundamental e imprescindible anque a consideran importante.

A nivel persoal hei de manifestar que despois de moitos anos organizando estas festas con alumnos de diferentes idades puiden saca-la conclusión, de que mentres se fan tódolos preparativos, a figura do profesor ou mestre como coordinador de ideas e dos grupos de traballo, é importante e a razón tal vez fundamental é a seguinte:

Cando se organizan os grupos de traballo por curso, é a nivel de E.X.B. onde existe unha maior resposta porque a esas idades, dos 12, 13 e 14 anos, os rapaces non teñen unha serie de perxuicios que si manifestan en B.U.P.

En E.X.B. e preferentemente na segunda etapa, o alumno é máis dispoñible e é alleo a moitas situacións que un ano despois (hacia os 15 ou 16) xa lle ruborizan ou provocan rechazo por medo ó ridículo.

E curioso o que ano tras ano me ocorreu na festa dos maíos. Para a elaboración do mesmo non existe apenas diferenza entre a dispoñibilidade de alumnos da segunda etapa de E.X.B. e os de B.U.P., pero chegado o momento de transporta-lo maio polas rúas e interpreta-las coplas a cuestión xa é distinta. É necesario chegar en moitos casos a suplicarlles para que no momento final non abandonen e todo iso polo rubor que sinten fronte ós miles de espectadores que van ver e escoita-las súas interpretacións.

Referente ó magosto é totalmente diferente. Son os rapaces maiores os máis solícitos e os que mellor organizan as súas pandillas e as súas *saídas* ó monte. Tal vez, sexa porque nesta festa, é imprescindible a presenza dos dous sexos e as pandillas fanse atendendo máis ó agrupamento que a outros criterios. A súa vez existe como dicía anteriormente o elemento viño, que é propio e ata aceptable que ese día a xente se alegre un pouquiño. De ahí que sexan os rapaces maiores os que máis gustan da participación e á súa vez, máis innecesario considera-la presenza do profesor.

Sobre o entroido tamén seleccionamos algunhas frases que son representativas do sentir xeral dos rapaces dos que lemo-las redaccións:

«O entroido é un rito que impón respecto». (Redacción n. 109, alumno de 12 anos).

«E por un momento cambiar de personalidade, facerte distinto, non eres ti, eres un personaxe ó que a xente non coñece». (Redacción n. 225, alumno de 14 anos).

«O entroido, é tamén unha forma de esquecer-los problemas e o traballo cotiá». (Redacción n. 252, alumno de 13 anos).

A frase da redacción número 109 pertence a un rapaz de Xinzo de Limia onde o entroido se celebra con enorme brillantez ata o punto de paralizarse case toda a actividade comercial durante istos días.

Realmente, é difícil aventura-lo alcance dese pensamento de «impón respecto» aínda que nos inclinemos a pensar que é motivado polo tipo de máscaras (cigarróns), propios do lugar, que polo seu aspecto externo e pola súa forma de comportarse, tal vez impoña certo medo, respecto ou temor nalgúns rapaces. Non debemos esquecer que estas máscaras teñen un

aspecto un tanto «terrorífico» para os rapaces. Dí a lenda (unha de tantas, sobre a orixe dos «cigarróns» e «peliqueiros») que na antigüidade vestíanse así os soldados do Conde de Monterrei (Verín) para asustar ás xentes as que tiñan oprimidas. Outra lenda di, que era a vestimenta dos servidores do conde para espanta-la caza durante as súas cacerías.

De tódolos xeitos, tamén é certo, que as mascariñas aínda sen ese aspecto tan estrafalario imponen certo temor nos máis pequenos é este tal vez, un dos aspectos que algunhas persoas, mestres, etc., ven como pouco educativo nestas festas, tendo en conta tamén, que todo iso vai acompañado dunha serie de bromas a base de difícil asimilación e que baixo as licencias propias das datas son consideradas cousas do entroido», é necesario admitilas.

Como xa dixemos, este sentimento de respecto, é frecuentemente detectado nos rapaces.

Pero o que realmente aparece nas redaccións como dato a resaltar, é esa fascinación que o rapaz sente polo disface, por toma-la forma dese personaxe co que se identifica, unhas veces e por oculta-la súa timidez e permitirse o facer cousas que sería incapaz de facer coa cara descuberta outras.

Neste aspecto as motivacións son múltiples e moi complexas, tal vez, a análise das mesmas sería un tema para outro traballo e máis encadrado no campo da socioloxía e da psicoloxía.

Nós o que desexamos resaltar é o valor educativo desta festa, dende o momento en que é capaz de aglutinar a rapaces e a maiores para a celebración do seu disface e a posterior convivencia duns con outros para divertirse.

Esta participación, dáse a nivel colexial e iso é importante porque é indicativo de que se está tomando conciencia do valor educativo que teñen.

Outro código que detestamos é o amor que os rapaces sinten pola natureza e como a través das súas relacións, encardinan perfectamente o simbolismo da festa dos maios, con ese amor e admiración por ela.

Un estudio, que serviu como base ó meu traballo de investigación e que foi publicado baixo o título de «O fracaso escolar: as súas causas» e subvencionado pola excelentísima Deputación de Ourense, xa detectamos, que sobre unha mostra de 400 alumnos, un 7 % manifestaban certa preocupación pola natureza e o seu deterioro.

Sobre ese punto seleccionamos algunhas frases:

«Na festa dos maios, represéntase a forma do monte». (Redacción n.º 97, alumno de 13 anos).

«Nesta festa, principalmente, ensínase a respetar e a quere-lo monte galego». (Redacción n.º 91, alumno de 14 anos).

«Esta festa é un canto á Natureza». (Redacción n.º 94, alumno de 13 anos).

«E unha festa para rendir homenaxe ó monte e representa un outeiro xoven». (Redacción n.º 89, alumno de 13 anos).

E importantísimo que os rapaces sexan capaces de asumi-lo simbolismo dos maios e ó mesmo tempo asociar a ese simbolismo, o amor á natureza.

Ese amor que un deles di que é un «canto á Natureza». Eles saben, porque así se lles explica que os maios representan unha forma de agradecemento do pobo, dos homes á nai Natureza, da que todos dependemos e precisamente ese dato do primeiro tercio de maio por coincidir co momento de maior auxe primaveral. É momento no que as flores recobren as

pradeiras e as nosas montañas ofrecen un aspecto belo e fascinante polo seu colorido. Atrás quedou o inverno cos seus rigores ,o triunfo da Primavera é evidente. E o momento en que se bendicen os campos para preservalos das tormentas que nestas datas o destruían todo e nesa bendición vai incluída a colocación dun ramo de loureliro, oliveira ou outro vexetal segundo a zona, como símbolo de que aquela propiedade está preservada contra as inclemencias do tempo.

A forma cónica ou tamén piramidal do maio representa a forma das nosas montañas, así coma a ornamentación do mesmo, faise con flores e «bugallos» propios do monte.

Este establecemento das figuras e a aceptación do seu valor simbólico, crea no rapaz un respecto e profunda admiración pola natureza que o rodea sobre todo se coñece ben as orixes e o significado da festa dos maíos. Por esa razón cremos, que canto maior e máis profundo sexa ese coñecemento maior comprenderá o seu entorno e todo aquilo con el relacionado.

O valor educativo desta festa, é incuestionable posto que é un centro de interés cunhas posibilidades didáctico-pedagóxicas ilimitadas, dende as cales se poden articular unidades didácticas que partindo do interés que os rapaces sinten por todo o festivo e pola Natureza pódense extrapolar ás demais disciplinas do currículo como intentaremos demostrar na nosa proposta final.

A modo de conclusión, poderíamos dicir como resume do que interpretamos sobre o que as festas populares son para os rapaces.

«Acontecementos alegres nos que se divirten e son felices e nos que ven reflexada a cultura popular e tradicional do seu propio pobo, que ven como algo fermoso e nas cales poden participar plenamente e sentirse autores e centro da propia festa ó mesmo tempo que necesarios para a transmisión cultural, que fará posible que en vez de morrer estas celebracións alcancen cada ano unha maior participación, co conseguinte enriquecemento do acervo cultural do país».

CENTROS	6º		7º		8º		TOTAL Seleccionado	TOTAL Presentado
	REDAC. Pres.	Selec.	REDAC. Pres.	Selec.	REDAC. Pres.	Selec.		
Concep. Arenal	80	20	40	10	80	15	45	200
Col. Salesianos	60	90	42	15	45	20	50	147
Col. Maristas	90	15	40	15	40	20	50	170
Col. Goretti	50	15	40	20	30	15	50	120
Card. Cisneros	35	10	30	15	35	10	35	100
Curros Enríquez	40	10	42	15	40	8	33	122
Col. Princ.Sofía	30	15	40	10	30	10	35	100
Col. De Laza	35	8	30	10	25	10	28	90
Col. El Couto	40	10	35	15	40	15	40	115
Col. Mariñaman	46	7	40	13	30	10	30	116
Hnos. Villar	40	8	35	12	45	15	35	120
Col. Xinzo	45	9	40	10	30	15	34	115

TOTALES	591	142	454	160	470	163	465 (30.69%)	1515
----------------	------------	------------	------------	------------	------------	------------	-------------------------------	-------------

CENTROS	URBANOS	RURALS	PRIVADOS	PUBLICOS
Concep. Arenal	X		X	
Col. Salesianos	X		X	
Col. Maristas	X		X	
Col. Goretti	X		X	
Card. Cisneros	X		X	
Curros Enríquez	X			X
Col. Princ.Sofía		X		X
Col. De Laza		X		X
Col. El Couto	X			X
Col. Mariñaman	X			X
Hnos. Villar	X			X
Col. Xanzo		X		X
TOTAL	9	3	5	7

4. ANALISE COMPARADA CONCLUSIVA

4.1. Valores educativos segundo as personalidades do mundo da cultura popular

1. Fomentan a improvisación e espontaneidade.
2. Son normativas e pedagóxicas como elemento testemuñal.
3. Transmiten valores culturais.
4. O alumno síntese autor dun proxecto.
5. Posúen a súa música e a súa literatura.
6. Trabállase en equipo.
7. Non son impostas.
8. Crean sentimentos de amizade.
9. Crean sentimentos de cooperación.
10. Teñen carácter colectivo.
11. Transmiten tradicións.
12. Serven para recuperar tradicións populares.
13. Potencian a iniciativa e voluntariedade no neno.
14. Conmemoran fases da Natureza.
15. Reflexan a vida do pobo.
16. Aportan o coñecemento das nosas raíces antropolóxicas.
17. O neno como elemento máis importante da festa.
18. Fomentan a responsabilidade.
19. Constitúen actividades complementarias na escola.

- 20. Préstanse para o desenvolvemento da interdisciplinariedade.
- 21. Serven para introducir o estudo doutras disciplinas.
- 22. Poden utilizarse como actividades extraescolares.

4.2. Valores educativos segundo os profesores

- a) Achegamento do alumno ó acervo cultural.
- b) Faise sentir membros da comunidade na que viven.
- c) Son manifestacións culturais.
- d) Faise amar máis á súa terra.
- e) Redescubren a identidade colectiva.
- f) Favorecen o coñecemento e a comprensión do medio.
- g) Favorecen a convivencia.
- h) Favorecen o traballo en equipo.
- i) Fomentan a participación. Favorecen a espontaneidade.
- k) Favorecen a transmisión cultural.
- l) Desenvolven a fantasía e a creatividade.
- m) Fomentan o respecto polas xeracións pasadas.
- n) Faise sentirse máis libres.
- ñ) Favorecen a comunicación.
- o) Favorecen a solidariedade e o compañeirismo.
- p) Favorecen o amor á natureza.
- q) Favorecen o desenvolvemento dos valores sociais e morais.
- r) Favorecen o acercamento da escola ó medio.

4.3. Valores educativos segundo os alumnos

- a) Estas festas son o símbolo da lexicia.
- b) Facilitan a reunión e a unión en grupo.
- c) Favorecen a amizade.
- d) Son populares e tradicionais.
- e) Son celebracións típicas do pobo.
- f) Algunhas celebran o despertar do letargo invernal.
- g) Representan o triunfo da primavera sobre o inverno (Maio).
- h) As tradicións son elementos vivos dos pobos.
- i) Son elementos importantes na cultura galega.
- j) Son manifestacións fermosas de Galicia.
- k) Posúen un grande interese artístico.
- l) Posúen un grande colorido.
- m) Estas festas requiren moita participación.
- n) Fomentan a convivencia e o compañeirismo.
- ñ) Desenvolven a imaxinación.

o) Ensínannos a amar e a respeta-la natureza.

CONCLUSIONS

VALORACIONES E PROPOSTAS PARA UNHA EDUCACION INSERTADA NA CULTURA POPULAR

Como dixen ó comezo deste traballo de investigación foi a miña andadura profesional, a que me motivou en grao sumo para decidirme polo tema desenrolado neste traballo.

Como mestre exercín a profesión durante 21 anos, de maneira ininterrompida e desenrolando a miña actividade docente en tódolos cursos da Ensinanza Xeral Básica e tamén no Bacharelato.

O longo de tantos anos adicado ós alumnos, vivín con eles acontecementos de toda índole, dendeos puramente escolares e orixinados no propio ámbito colexial a outros de carácter convencional e desenrolados no marco da relación interpersonal e totalmente á marxe das clases.

Moi pronto comprendín que como os meus alumnos se comportaban en clases era moi diferente a como o facían fóra das mesmas e que esta sustancial diferenza viña marcada fundamentalmente por dúas causas:

a) A presión que de por sí exerce a escola como recinto pechado e como institución imposta que dicta normas e obriga ó seu cumprimento.

b) Polo propio rol do profesor, que en exercicio e cumprimento do mesmo orixina e marca as diferencias entre profesor e alumno; o que inevitablemente produce rechazo e aumenta as distancias xa acentuadas por un elemento tan importante como é o xeracional, entre este e aqueles.

Fóra do ámbito puramente educativo, a relación profesor-alumno resulta moito máis normal, máis rica en contidos, máis fluida, e xeradora de vínculos de amizade e sobre todo máis aberta ó campo da espontaneidade e en definitiva ó mellor acercamento persoal, elemento este, que sempre botei de menos no meu labor como educador.

Foi precisamente nesa búsqueda de maior identidade cos meus alumnos, de crear lazos de amizade, de intentar romper esa coraza, que moitas veces, de maneira inconsciente establecemos entre eles e nós, cando me decidín de cheo a sacalos da rutina diaria e aproveitar

isoutra forma de ser e de actuar da que falaba ó principio participando con eles, en todos aqueles acontecementos de tipo cultural, que aínda que se organizasen ó amparo do colexio, tiveron unha proxección e desenrolo exterior, relacionándoos co entorno e desprovista en todo momento desa presión que exercen a escola como institución e o profesor como asalariado da mesma, e que pesa como unha lousa sobre os educadores.

Pouco a pouco, fun valorando na súa medida o que a primeira vista parecía unha saída rutinaria ó campo de excursión para asar unhas castañas ou simplemente para disfurtar un día libre que os colexios soen dar con motivo de certas campañas era logo moito máis importante e que transcendía á simple ocupación deste día, que incluso sendo lectivo, a institución xustificaba como «saída cultural».

Hai anos en Ourense polo día de San Martiño, non se celebraba festividade algunha e era aproveitada a tarde para sacalos ó campo e facer con eles o tradicional magosto. Tratábase fundamentalmente de xustificar e que os rapaces non quedasen nas súas casas «estorbando». Digo isto, porque ese foi o sentir xeral que vivín, durante moitos anos, sempre se trataba de evita-lo comentario »sempre están de vacacións»... e con tal fin organizábase unha serie de actividades denominadas extraescolares, que máis que un senso e dimensión educativa, tñao xustificado.

Pese a todo, a esa carenza de intencionalidade educativa comprendín, que a capacidade de participación de creación de lazos de amizade e de cooperación, de espontaneidade e sobre todo de contribución eficaz ó establecemento de actividades responsables, eran elementos demasiado importantes, como para non intentar explotalos ó máximo, e saca-lo maior proveito dos mesmos.

Unha vez considerada a conveniencia de que era necesario meterse de cheo na tarefa de facer ós rapaces partícipes da vida do pobo e sobre todo, das súas manifestacións culturais plantexei a necesidade de revisa-lo nivel de participación escolar en acontecementos tan importantes como as festas populares e tradicionais do entorno. A conclusión non foi difícil. O nivel de participación escolar nas citadas celebracións era mínimo. Ademais dos fallos xa mencionados, os colexios participantes ademais de moi poucos, sempre eran os mesmos.

Esta manifesta despreocupación polo tema por parte non só dos centros senón tamén dos mestres e das institucións, fíxome pensar (aínda que eu estaba convencido de que o valor educativo era importante e constatado polo interés dos rapaces), que podería estar equivocado e o que ó meu humilde modo de ver era ou parecía ser valores educativos, puideran non selo e quedarse reducidas as miñas apreciacións a simples manifestacións folklóricas, moi intensamente vividas, que aínda neste último suposto tampouco estarían exentas de valor educativo, pero a miña valoración estaba moi por encima desta última suposición e a miña meta non era outra, que demostrar que, o que vivira cos meus alumnos durante tantos anos, contería elementos educativos moi importantes, que dimanaban de acontecementos enraizados na vida do pobo que están socialmente recoñecidos e que cando o rapaz se proxecta e involucra neles, faino sacando a relucir todo o mellor que leva dentro, que afortunadamente é moito e desafortunadamente non sabemos aproveitar: sinceridade, amizade, traballo en equipo, espírito solidario, autocrítica, creatividade. Impúñase entón estruturar este traballo de investigación partindo da situación real na que se desenrola a actividade educativa, sendo este

o sistema educativo actual formal, pero como existen outros sistemas alternativos ou máis exactamente complementarios, que son o non formal e o informal, considerándo a conveniencia de adica-lo primeiro capítulo ó estudio da evolución dos sistemas educativos e de cada un deles en particular co fin de delimitar ó máximo a capacidade abarcativa de cada un sinalando ó mesmo tempo non só as diferencias existentes, senón tamén aquelas características comúns ós tres.

Todo iso, co fin de poder atopa-lo entoque máis adecuado do tema que investigamos e relación ós tres sistemas, contando sempre coas dificultades inherentes non só ó propio tema, senón tamén aquilo que dimana dos aspectos puramente conceptuais dos termos formal, non formal e informal e das dificultades que xurden cando se quere encadrar determinado acto educativo nun ou noutro sistema e iso débese obviamente, a que os tres sistemas citados posúen unhas características propias cada un, que os diferencia dos demais, pero a súa vez, posúen tamén outras características comúns. Deste xeito, un acto educativo pode ser formal, non formal e informal ó mesmo tempo.

Como estudio das festas tradicionais, non teñen un encadre idóneo dentro do sistema educativo formal e sen embargo, si o poden atopar o sistema educativo informal e á súa vez tratadas dendeo sistema formal e non formal para obter diso unha maior rendabilidade educativa, intentamos profundizar no estudio destes sistemas para deixar claro na medida das nosas posibilidades a interrelación existente entre os tres en base a iso a necesidade e a posibilidade, de que estas celebracións de seu tan importantes e motivadoras para os rapaces poidan ser aproveitadas dendea escola xa que, aínda que de forma moi somera contémpanse nos programas escolares (educación formal), gozan de características tales como a flexibilidade do tempo e dos horarios (educación non formal) e soen realizarse fóra do edificio escolar (educación informal).

Poderíanse enumerar moitísimos aspectos destas festas que pertencen ós tres sistemas educativos, pero iso, non é privativo destas senón de case tódolos procesos educativos, de ahí, que xurdisen a partires da Conferencia de Williamsburg e tralos estudos de Coombs, a necesidade de considerar que os sistemas educativos formais, non poderían en tódolos casos satisfacer as necesidades dunha sociedade cambiante na que se dan circunstancias moi diferentes e dinámicas.

Consideramos tamén a educación como fenómeno e como función social, co fin de encardinar no proceso educativo as celebracións festivas polas súas raíces sociais xa que é a sociedade a que promove a función social da educación e á súa vez a educación nítrese de tódolos aspectos que dimanan da sociedade tan de carácter histórico como de pautas culturais que a súa vez proceden de xeracións precedentes e é precisamente neste punto no que nós atopámo-la verdadeira conexión coas nosas festas populares polo seu carácter tradicional e pertencente á cultura dos nosos antepasados do que podemos concluir que o feito educativo está directamente relacionado coa transmisión dos elementos dunha sociedade a que lle ha de suceder co fin de conservar e perpetua-la riqueza cultural de xeración en xeración, sendo obrigación da sociedade que recibe determinado patrimonio cultural, non só transmitilo senón enriquecelo para unha mellor función de autoconservación e perpetuación e a escola debe asumir-la súa parte de responsabilidade non só para garanti-la perpetuación cultural senón

tamén para preparar ás novas xeracións como receptoras desa cultura.

Outro núcleo do traballo e que se corresponde ó capítulo II consta de dúas partes ben diferenciadas.

Unha delas constitúe o estudio histórico e antropolóxico destas tres festas e o outro céntrase exclusivamente na súa celebración en Ourense.

ESTUDIO HISTORICO-ANTROPOLOXICO DAS FESTAS POPULARES-TRADICIONAIS: MAIOS-ENTROIDO-SAN MARTIÑO

Estas tres festas son moi típicas e tradicionais da nosa cidade ata o punto de que os Maios e o San Martiño foron municipalizados polo Concello subvencionando e apoiando tamén as do Entroido, en medida similar.

Consideramos conveniente facer un estudio a nivel antropolóxico e histórico das mesmas polo que representan para o noso pobo e por que serven entre outras moitas cousas como elementos de transmisión que á súa vez se fai indispensable para manter vivo o noso acervo cultural nuns momentos nos que desapareceron xa os famosos fiadeiros, as esfolazas e as muiñadas durante as cales e nas frías noites de inverno, novos e vellos reuníanse xunto ó lume e ó tempo que se asaban as castañas, fiaban o liño e esfolaban o millo, contaban lendas e tradicións dos seus antepasados ós máis novos, que á súa vez continuában o proceso de xeración en xeración.

Estas transmisións dos nosos antepasados son manifestacións culturais moi importantes que debemos conservar.

A primeira análise histórica-antropolóxica que abordamos foi a da festa dos maios.

Posúe esta festa, unha serie de connotacións importantísimas que arrancan dende a admiración que os nosos antepasados manifestaron polos elementos integrantes dos Sistema Solar e a súa ordenación ata o culto de agradecemento á nai Terra como proveedora dos froitos necesarios para vivir cada día, pasando pola adoración ós elementos naturais como montañas (Mont Sacer) ou (Pico Sacro) ou a ríos como o Limia, ás augas do cal atribuían poderes sobrenaturais e polo culto ó rexurdir da natureza.

E precisamente este culto á natureza unha das teorías máis consistentes (MANARDT) sobre a orixe dos maios. Trátase pois dun rito de agradecemento ó que nos produciu e ó mesmo tempo de preserva-los campos de posibles maleficios que poidan destroza-las colleitas.

Xa dendetempos primitivos tivo o home conciencia da humanidade da árbore e por esa razón puido habela divinizado.

Neste marco histórico-antropolóxico deixamos constancia do que a árbore representou para moitas culturas dende as máis primitivas tribus de Africa e América, a propia cultura Sumeria fai 7. 000 anos na que se coñecía á árbore da vida, a árbore á que fai referencia a Xénese e que

existía no Paraíso. O culto ás árbores identificouse co culto ás divinidades profanas consagrándose árbores como a aciñeira, o piñeiro, o loureiro, etc., a Deuses como Minerva, Xúpiter, Dionisos, Apolo, etc.

Case tódolos países de Europa celebran esta festa.

En España celébranse baixo catro modalidades: árbore maio, a Cruz de Maio, o Maio Humano e o Maio Galego.

A Arbore de Maio é moi similar en tódolos lugares xa que como o seu nome indica é unha árbore moi alta a que se desproveen de tódalas follas a excepción dun penacho na súa cima e que é adornado e plantado no pobo polos mozos.

En canto a Cruz de Maio, habemos de significar que procede por evolución da Arbore Maio e pola Cristianización que se fai da festa.

Xa dixemos que nun principio a festa dos maíos foi profana, pero a Igrexa, sabedora do arraigo popular da mesma tomou a postura máis intelixente e non a prohibiu senón que a cristianizou coa Cruz. Por esa razón, tódolos maíos teñen que rematar nunha Cruz.

Esta variedade da Cruz de Maio é característica da España meridional.

O MAIO HUMANO

Esta modalidade estivo moi extendida por toda Europa e consiste nun neno que vai recuberto de follas en todo o seu corpo e leva ó seu lado outros personaxes que piden ós transeúntes ó tempo que entonan cancións. Son famosas:

«A rosiña de maio» en Alsacia.

«Jack in the Green» en Inglaterra.

«Jorge el Verde» en Austria, entre outras.

En Galicia está moi influído pola tradición celta.

O MAIO GALEGO

E a modalidade que se celebra actualmente na nosa cidade.

En principio eran formas cónicas e piramidais que representan as formas do monte (teoría celta) e que reciben o nome de Maíos Enxebres ou típicos, sen embargo, existe outro tipo de maíos de variadísima representación: dende unha fonte e unha fachada de igrexa ou unha fonte pública. A este tipo de maíos denomínaselles Artísticos e sobre eles precisamente manifestándonos no apartado correspondente do traballo e que agora recordamos como conclusión, que ó noso modo de ver, non teñen grande valor porque non cumpren con esa finalidade do maio que é a exaltación da Natureza nas súas propias formas: os seus montes.

Na provincia de Pontevedra por ser marítima, os maíos teñen formas diferentes, abundando os de tipo Barco.

O CARNAVAL

E unha festa da primavera que comeza como olvido do inverno e constitúe un culto á terra e á fertilidade.

Trala falla de actividade invernal non só desperta a primavera senón que se incrementa a actividade sexual e aumenta o nivel anímico para a celebración festiva. Estas celebracións, tiveron lugar xa na antigüidade, período no que os pobos crearon deuses e deusas relacionados coa fecundidade e ó mesmo tempo co significado agrario con carácter desintegrador da orde establecida. O entroido é unha festa licenciosa nas súas orixes e existen multitude de lendas que a relacionan directamente coa fecundidade e o desenfreno sexual.

Non existe unanimidade en canto á celebración da festa do Carnaval en España.

En canto á orixe son moi variadas as teorías existentes Saturnais, Carrus-Navalis, Dionisias Rurais e Imperiais.

Os que defenden que a súa orixe está nas Dionisias Rurais din, que se celebraron en honor a Dionisos e que eran grandes representacións de farsas nas que participaban os campesinos, alcanzando as mulleres un elevado grao de excitación sexual da danza.

Estas Dionisias evolucionaron e de rurais pasaron a ser tamén urbanas.

O Carrus-Navalis, eran bacanais nas que se rendía culto a Baco. Nelas eran o viño e o pracer os auténticos protagonistas das procesións que percorrían as rúas acompañando ó Deus Baco ó que transportaban nunha nave (de ahí o seu nome), sobre catro rodas.

Os Saturnais, foron festas ó Deus Saturno e a elas tamén se lles atribúe a orixe do Carnaval. Tamén se utilizaban disfraces e nesa famosa lei do Carnaval, contra a orde establecida, permitíase, que durante as festas, os escravos fosen servidos polos seus amos e utilizasen as súas ricas vestiduras.

A teoría que defende a orixe do Carnaval nas Supercalias baséase en que durante o mes de febreiro os sacerdotes supercais de Roma perseguían ás mulleres e tamén ós homes baténdolles con peles e membros sexuais de animais, rito que se revive na localidade cercana a Ourense (Xinzo de Limia) onde os mozos bátenlle ás mozas coa uretra dos porcos, que gardan dende a época da matanza.

Como conclusión destas teorías podemos dicir que non puidemos atopar cal é a orixe do carnaval se ben existe entre elas elementos moi similares. O que sí sabemos e, que no Renacemento tivo unha resonancia en canto á súa celebración pero xa antes no século XIII, Alfonso X O Sabio alude ás celebracións de Escarnio nas Igrexas (Libro 24 das Sete Partidas).

Do Entroido fainos referencias San Gregorio, O Pai Mariana, Arcipreste de Hita, Juan de la Encina, Nebrija, Alvaro de Luna, Fray Bartolomé de las Casas, e sábese que o Papa Julio II, non só protexeu sobre maneira estas festas carnavalescas senón que incluíu algunha representación teatral nas mesmas, de carácter inmoral como estaba considerada entón a peza «Calandria».

SAN MARTIÑO E A FESTA DOS MAGOSTOS

De maneira superficial, tratamos algúns rasgos que caracterizaron a este santo, que se venera na S.I. Catedral como patrón da nosa cidade e a festividade do cal se celebra o día 11

de Novembro data na que se celebra a festa do Magosto.

A celebración desta festa en pleno período Outonal é tamén unha festa estacional pero de distinto signo ás anteriormente citadas. Mentres naquelas se celebraban o triunfo da primavera, e o xurdir da vexetación, esta, vén determinada pola lenta pero inexorable morte da vexetación e a obscuridade estacional que camiña cara ó período invernal.

Posúe esta festa unhas connotacións moi peculiares, que comezan por esa maior permanencia dos integrantes da familia reunidos xunto ó lume fuxindo do frío e forzados pola curtedade dos días e larga duración das noites, non en vano é unha festa puramente rural aínda que co peso do tempo, ó igual que a dos maíos se fora estendendo cada vez máis, ó ámbito urbano, cousa que aínda ten a súas vantaxes, ofrece os inconvenientes inherentes a todo proceso de folklorización e explotacións turísticas dun feito do que o significado antropolóxico e cultural non se parece en nada ó que se ofrece en forma de certame e concursos municipais.

Esta celebración reúne a un mesmo tempo a tres dos catro elementos clásicos da natureza: a terra, o aire e o lume. E nese marco dos produtos da terra tan representativos e característicos como son: a castaña e o viño.

O simbolismo do lume como elemento vivificador e máxico, estivo presente dendeos homes primitivos, que o descubriron e grazas a iso, cambiou o seu modo de vida, ata os nosos días.

Falabamos da castaña e o viño, como elementos imprescindibles na festa do magosto, que á súa vez configuran un acto de exaltación ós produtos da terra, non en vano, a castaña constituíu un elemento básico xuntamente coa pataca e a carne de porco na alimentación do pobo galego utilizándoos ademais como alimento dos animais domésticos pola súa abundancia e a súa riqueza nutritiva.

Do viño, xa non é necesario dicir nada, porque dende Noé ata o momento actual, escribiuse moitísimo sobre os seus poderes e as súas influencias no ser humano.

Na celebración do magosto, ponse tamén de manifesto «a comensalidade galega» tan característica da nosa letra e que serve de lazo de unión para estreita-los vínculos non só familiares senón de vecindade.

Falabamos tamén do magosto, como lugar de reunión das xentes en acto solidario fraternal no que participa todo o pobo e do perigo que corre de ser rexeitado socialmente todo aquel que non se integra no mesmo. Estes grupos, están sempre determinados pola idade e constituíe un fito importante na vida dun xoven o pasar ó grupo dos maiores. E como o bautismo do alumno polo que se abandoa ós máis pequenos para integrarse ós adultos.

Antigamente, o magosto celebrouse nos atrios das igrexas co fin de facer partícipes do mesmo ós mortos dunha maneira simbólica.

As castañas e o viño simbolizan a alegría e as que reventan no lume, simbolizan á morte. Isto constituíe o carácter sacro que ten o magosto con tódolos seus elementos.

A segunda parte deste capítulo segundo, centrándoa no aspecto da súa celebración en Ourense e máis concretamente a nivel de participación estudante.

MAIOS

Para o estudio dos maíos, o primeiro que fixemos foi recopila-la historia da festa en Ourense nos últimos 50 anos e para iso consultamos nos arquivos do xornal local e en publicacións varias así coma nos libros e revistas que puideran aportar algúns datos en canto ó número de participantes, incidencias habidas, premios, e demais circunstancias que rodean á festa. (Estes datos relativos ós 50 últimos anos adxúntanse no apéndice).

Dos datos recollidos, chegamos á conclusión, de que a festa pasou por catro momentos claramente diferenciados.

O primeiro período situándoo entre 1925 e 1940 e nel, danse catro momentos claramente diferenciados que o pobo vai recoller e transmitir a través do contado das coplas:

Un primeiro intervalo prerrepblicano, un segundo republicano, un terceiro de Guerra Civil e un cuarto no que concorren todo tipo de restriccións e anúlase totalmente a liberdade de expresión.

Este período abarca realmente só 10 anos, porque durante a Guerra Civil non se celebrou a festa dos Maíos.

O segundo período situándoo entre 1941 e 1955 e nel aparecen os estamentos militares, relixiosos e do goberno civil, representados por algún destacado membro formando parte do xurado.

E un período no que se identifica a censura coa correspondente perda de liberdade no contido das coplas desviándose éste cara temas tan intrascendentes coma as formas de vestir ou o peiteado das mulleres.

A calidade dos maíos decae bastante e aparecen por vez primeira tímidas tendencias á modificación das primitivas e tradicionais estruturas, o que motivou certa supremacía dos maíos artísticos sobre os denominados típicos.

A asignación económica deste período superou á do anterior nun 1.200 %.

O terceiro período (1956-1970) pese á intervención do concello a través da organización da festa e da súa representación no xurado na figura do Alcalde e algún concellal, pode considerarse de crise porque se rexistrou un 25 % menos de participantes.

E neste período, e concretamente en 1960, cando se rexistra a primeira participación estudiantil incrementándose esta en 1963 con varios colexios públicos da cidade.

Segue neste período, gustando máis a modalidade de maíos artísticos e iso denota en certo modo o descoñecemento existente sobre as raíces e significado do monumento ó maío.

En canto ás coplas, mantense a tónica do período anterior se ben a presión política sobre a censura diminuíu, comezando en 1942 a crítica de carácter deportivo.

O fracaso da festa é notorio e será no período seguinte 1971-1985 cando o concello invita ós escolares á participación creando en 1976 a categoría de maíos escolares.

Coincide este período coa democracia en España e iso nótase considerablemente, alcanzando os maíos un bo momento en canto á súa realización e gañando as coplas no aspecto literario e sobre todo de crítica dos vicios e defectos que o pobo percibe ó longo do ano.

Podemos concluir, que nesta época, os colexios responden mellor á participación porque ademais da apertura e da liberdade que xenera todo estado democrático aparecen contempladas as festas populares nos Programas Renovados que propón a Xunta de Galicia, e

as Subvencións alcanzan a considerable cifra de 1.300.000 pts., que determinou que moitos escolares participen co fin de sacar un diñeiro para excursións de fin de curso.

Esta participación, é máis destacada nos Centros públicos, xa que os de carácter privado manifestaron sempre falla de interés e iso, motivado tal vez a que a clase social que paga ós seus fillos un centro privado, normalmente pertence a un status de nivel medio alto e considera que estas celebracións teñen un carácter de pobo. Dá a impresión de que nestes estadios sociais existe certo desprezo polos valores culturais tradicionais. Este aspecto púideno comprobar persoalmente ó facer valoracións sobre o comportamento dos meus alumnos segundo o nivel económico-social dos seus pais.

Outra conclusión que puiden sacar refírese á actitude de indiferencia na maioría dos casos, por parte do profesorado, que se ben recoñecen o valor educativo que teñen como demostramos, á hora de potencia-la participación dos seus alumnos, inhíbense e son moi poucos os que estimulan e colaboran na mesma.

Outro aspecto que tratamos refírese ó xurado calificador dos maíos. Constatados como nel, figuraron sempre personalidades do mundo da cultura popular, mestres, artistas, escritores, poetas, altos cargos políticos e ó principio relixiosos e a conclusión que podemos sacar é que a organización procurou sempre incorporar persoas entendidas no tema, inda que como dicíamos anteriormente houbo etapas nas que os xurados premiaban máis ós maíos artísticos porque a xente que asiste á festa non posúe coñecementos profundos do significado e aqueles son unha forma dexenerativa da festa. Por esta razón creáronse posteriormente dúas categorías: artísticas e enxebres.

O ENTROIDO

O entroido celébrase en Ourense capital e algúns pobos da Provincia coma Xinzo de Limia, Verín e Laza de maneira brillante.

Comeza o domingo de septuaxésimo chamado Fareleiro e remata o Mércores de Cinsa.

Na nosa capital alcanza o máximo nivel de brillantez o Martes de Carnaval. Este día, dendeas sete da tarde a cidade convírtese nun mundo diferente. O tráfico polo centro colápsase e as máscaras poñen a nota de colorido e bo humor nos puntos claves da cidade. As bromas pesadas ou de mal gusto son frecuentes e aceptadas de bo grao polos transeúntes, ben conoedores das leis do carnaval.

Esta festa non fai selección de idades á hora de participar: xoves, maiores, e nenos alternan e divírtense ocultando a súa idade e sexo baixo os disfraces, e que lles permite facer ou dicir todo aquilo que fóra do disfraz serían incapaces.

Como manifestan algúns dos nenos que fixeron as redaccións sobre o tema; «Son festas máxicas e fermosas» ou como afirmaba outro «Se te perdes os carnavaís de Xinzo non verás o máis fermoso da nosa terra».

Os colexios, participan moi pouco, reducíndose tal participación á queima de compadres e de comadres na praza maior, se ben hai que destaca-lo proceso de elaboración de máscaras que nalgúns se leva a cabo dendeuns días antes e no que se exercita o modelado, o debuxo, a pintura, o mimo, etc., actividades todas elas altamente educativas.

E nos pobos da provincia xa citados nos que se viven tódolos días do mesmo, dende o Domingo Fareleiro ata o Mércores de Cinsa pasando por: Xoves de Compadres, Domingo Corredoiro, Xoves de Comadres, Domingo de Entroido, Martes de Entroido e Mércores de Cinsa.

A conclusión que podemos sacar é, que esta festa vívese máis nos pobos (medio rural), que na cidade, caso oposto ó que ocorría cos Maios e Magostos.

En Xinzo de Limia, Verín e Laza é fantástico. A celebración faina o pobo en pleno. Pode asegurarse que non existe unha soa familia que non posúa a súa «pantalla» ou o seu traxe de «cigarrón». É unha tradición que se transmite de pais a fillos e que se fomenta a través da creación de talleres de máscaras que non son senón locais habilitados nos que se reúnen unhas cantas persoas para construí-las famosas pantallas, con tódolos elementos que a constitúen: carauta, cinto de campañas ou chocas, polínes, etc. (En anexo, incluímos unha entrevista nun destes talleres).

Ultimamente, estes talleres estáanse levando ós grupos escolares e en determinados días da semana e fóra das horas de clase os rapaces aprenden a construí-la súa propia pantalla.

O único aspecto que consideramos negativo destas festas, e o excesivo uso do alcohol por parte de rapaces moi novos. Sen embargo, considero que este aspecto negativo podería subsanarse coa adecuada intervención dos profesores e dos pais, sobre todo, cando tanto uns coma os outros, coñecen perfectamente este costume. Considero de vital importancia o labor de mentalización tanto a nivel familiar como a nivel de aula.

Analizados os cuestionarios contestados polos mestres e comparando o que pensan sobre o carnaval, os maios e o magosto co que realmente fan nas aulas con relación coas citadas festas considero que non é suficiente e sobre todo a nivel do carnaval, que sendo unha das que maior riqueza de recurso pode aportar é sen embargo, a que se queda máis reducida a manifestacións folklóricas.

Despois do estudio feito nos capítulos II e III, as nosas vivencias fundamentábanos aínda máis a tese que dende un principio defendiamos acerca do valor educativo das festas populares-tradicionais; pero consideramos que era de vital importancia o coñece-la contemplación das mesmas dende outros estamentos directamente relacionados con ela e coa escola:

- a) Personalidades do mundo da cultura popular.
- b) Mestres.
- c) Alumnos.
- d) Institución educativa.
- e) Libros de texto.

a) Entrevistas a personalidades do mundo da cultura popular

Era moi importante coñecer de maneira directa a opinión de personalidades moi vinculadas ó fascinante e máxico mundo das tradicións populares e da educación.

Foi entón, ó entrar en contacto co seu pensamento a través da entrevista, cando comprendemos que aqueles valores educativos que nós viamos nas festas populares-tradicionais,

representaban unha pequena fracción dos que estas personalidades detectaban.

Demostráronnos, que non soamente son altamente educativos senón, en moitos casos indispensables porque a través do coñecemento e vivencia das mesmas entroncámonos con elementos que pertencen ó noso pasado histórico e que favorecen e posibilitan un mellor coñecemento da nosa realidade como integrantes dun grupo social concreto.

Outra conclusión que puidemos sacar foi a importancia do xogo na vida do neno e o valor da participación para o logro dun fin común. Nestas participacións festivas o xogo é un elemento que sempre está presente.

Estas personalidades foron case todos profesores e algún deles aínda exerce e por esa razón as súas opinións ó respecto posúen dobre valor ó uní-los seus vastos coñecementos sobre a antropoloxía cultural ós de pedagogo-educador.

Destas entrevistas, sacamos como conclusións que posúen os seguintes aspectos educativos:

1. Fomentan a improvisación e a espontaneidade.
2. Son Normativas e pedagóxicas como elemento testemuñal.
3. Transmiten valores culturais.
4. O alumno síntese autor dun proxecto.
5. Posúen a súa música e a súa literatura.
6. Trabállase en equipo.
7. Non son impostas.
8. Crean sentimentos de amizade.
9. Crean sentimentos de cooperación.
10. Teñen carácter colectivo.
11. Transmiten tradicións.
12. Serven para recuperar tradicións populares.
13. Potencian a iniciativa e voluntariedade do neno.
14. Conmemoran fases da Natureza.
15. Reflexan a vida do pobo.
16. Aportan o coñecemento das nosas raíces antropolóxicas.
17. O neno como elemento máis importante da festa.
18. Fomentan a responsabilidade.
19. Constitúen actividades complementarias na escola.
20. Préstanse para o desenvolvemento da interdisciplinariedade.
21. Serven para introducir o estudo doutras disciplinas.
22. Poden utilizarse como actividades extraescolares.

Coñece-la opinión dos mestres era para a nosa investigación un pilar básico ó considerar, que son elementos indispensables en todo proceso educativo-formativo.

Tódolos educadores coñecemos que os alumnos, se reciben a oportuna e adecuada motivación, son capaces de facer e de xerar grandes cousas en función da súa imaxinación, da súa creatividade, da súa curiosidade e, en definitiva, da súa xuventude que os empuxa a todo o

festivo e ó xogo como necesidade biolóxica e psíquica.

Consideramos que a figura do mestre é fundamental como orientador e animador e que se polo contrario se mostrase desinteresado, eses mesmos alumnos que son capaces de sorprenden polo seu bo facer e o seu poder creativo daránnos unha resposta negativa a toda actividade que se promova baixo ese condicionamento de desinterés por parte do mestre.

A nivel persoal, creo poder afirmar, que de feito, dáse moito esta situación de pouca participación en actividades extraescolares e dunha verdadeira obsesión en «da-lo programa». Xa de por sí, recargado de contido de difícil memorización e dudosa utilidade, descoidados outros aspectos máis baseados en actividades por crear, que son menos importantes aínda que se valora moito o «enchido de cabezas» a base de rutinarias memorizacións esquecéndose do que dicía un grande pedagogo «máis vale unha cabeza ben feita ca unha cabeza ben chea».

Outra conclusión que sacamos foi a existencia dun alto grao de comodidade por parte do colectivo de mestres, (falo sempre das miñas experiencias en centros privados) pero isto mesmo dáse en similar dimensión a nivel de centros públicos.

Como descarga de culpabilidade dos mestres, hei de dicir, que existen impedimentos tanto institucionais como sociais ou motivados por tensións existentes no grupo docente de cada centro que motivan o que ninguén desexe quedarse unha ou dúas horas cada día durante longos períodos de tempo para preparar estes tipos de actividades como son as festas, concursos, etc., e creo ademais que esta esclerose que posúe o noso sistema educativo formal vén determinada fundamentalmente porque ós mestres ata fai moi pouco tempo, non se lles invitaba á realización de cursiños de reciclaxe e perfeccionamento sendo a súa mellor carta de presentación a «lonxevidade» ou anos de servicio sen importa-la súa capacitación profesional. Actualmente a situación cambiou algo e mediante cursiños o profesorado adquire destrezas e capacidades que lle permiten unha mellor función profesional. Sen embargo, considero que estes cursiños acelerados non son a solución porque ademais dáse tamén o caso de que moitas veces só se asiste para recibilo correspondente certificado acreditativo e que vai ser utilizado como «méritos» e no fondo de todo isto segue latente o problema antes citado: a antigüidade no corpo como facilitadora dos mellores destinos.

Deste modo, ó non estimularse a iniciativa daqueles mestres con inquietudes extraula os alumnos terminarán por abandonar e vivir mellor e ademais máis integrados cos seus compañeiros que non os ven como diferentes a eles.

Cando a estes mestres se lles pide, que enumeren aqueles valores educativos que cren que teñen estas festas ofrecen un listado de alto valor. Case todos destacan o fundamental e ó mesmo tempo recoñecen noutra pregunta do cuestionario que non existe grande interés dende a escola por estas celebracións e recoñecen tamén que nos libros non veñen contempladas na medida necesaria e desexable.

O feito de que recoñezan que son importantes educativamente e que sinalen o por qué o son e ó mesmo tempo recoñecer que non se ten grande interés por iso, lévanos á conclusión de que opera máis o factor de carácter vitalicio, que o factor non saber facelo, e isto é bastante lamentable.

Concluimos este punto, cun listado de aspectos que consideran educativos co fin de poder establece-las relacións oportunas con outros listados apuntados por personalidades do

mundo da cultura popular, dos alumnos e tamén co tratamento que se lles dá dende os libros de texto.

b) valores educativos segundo os profesores

- a) Acercamento do alumno ó acervo cultural.
- b) Fáiselle sentir membro da comunidade na que vive.
- c) Son manifestacións culturais.
- d) Fanlle amar máis á súa terra.
- e) Redescubren a identidade colectiva.
- f) Favorecen o coñecemento e a comprensión do medio.
- g) Favorecen a convivencia.
- h) Favorecen o traballo en equipo.
- i) Fomentan a participación.
- j) Favorecen a espontaneidade.
- k) Favorecen a transmisión cultural.
- l) Desenrolan a fantasía e a creatividade.
- m) Fomentan o respecto polas xeracións pasadas.
- n) Fanlles sentirse máis libres.
- ñ) Favorecen a comunicación.
- o) Favorecen a solidariedade e o compañeirismo.
- p) Favorecen o amor á Natureza.
- q) Favorecen o desenvolvemento dos valores sociais e morais.
- r) Favorecen o acercamento da escola ó medio.

c) ¿Qué opinan os alumnos?

Cando me plantexei este traballo o que realmente sabía con certeza, era precisamente o que os alumnos pensan acerca deste tema. Este coñecemento proviña obviamente da miña relación durante as horas de clases e as que pasabamos xuntos para construír un maio, compoñer unhas coplas ou programar e preparar un de tantos concursos nos que participamos. Sen embargo, a seriedade que require un traballo de investigación esixe a obxetivación dos datos e por esta razón recurriuse ó método das redaccións para a determinación do que pretendíamos averiguar. Non nos servían as nosas vivencias persoais ó fronte dos alumnos se estas non eran respaldadas pola súa opinión escrita.

Sentimos unha grande satisfacción ó ler nas mesmas palabras tan definitivas como: alegría, compañeirismo, diversión, colaboración do profesor, etc., palabras que aínda en contextos tan heteroxéneos son o suficientemente indicativas e portadoras de significados sobre os conceptos que os rapaces teñen destas celebracións.

Consideramos que calquera actividade, tanto escolar como extraescolar, está aceptada socialmente e que para os rapaces resulta alegre e facilitadora do proceso de participación de profesores e alumnos como eles manifestara e altamente educativa, se se encarga e orienta

debidamente cara á búsqueda de valores educativos e non se deixa no puramente festivo.

Das redaccións, extraemos unha serie de frases moi significativas e portadoras de valores educativos.

VALORES EDUCATIVOS SEGUNDO OS ALUMNOS

- a')Estas datas son o símbolo da alegría.
- b')Facilitan a reunión e a unión en grupo.
- c')Favorecen a amizade.
- d')Son populares e tradicionais.
- e')Son celebracións típicas do pobo.
- f')Algunhas celebran o despertar do letargo invernal.
- g')Representan o triunfo da primavera sobre o inverno (Maíos).
- h')As tradicións son elementos vivos dos pobos.
- i')Son elementos importantes na cultura galega.
- j')Son manifestacións fermosas de Galicia.
- k')Posúen un grande interés artístico.
- l')Posúen un grande colorido.
- m')Estas festas requiren moita participación.
- n')Fomentan a convivencia e o compañeirismo.
- f')Desenrolan a imaxinación.
- o')Ensínannos a amar e respecta-la natureza.

Se as comparamos coas que tomamos dos mestres e coas das personalidades do mundo da cultura popular e salvando as distancias de expresión literaria no mensaxe de fondo existe grande coincidencia o que, ó noso humilde modo de ver, da a este traballo de investigación a calificación de feitos probados, que era en definitiva o punto ó que desexabamos chegar, considerando tamén que existen unha serie de leis sobre o tema.

Para iso, manexamos o Aranzadi e pacientemente seleccionamos aquelas que contemplaban a importancia do estudio do entorno cultural e análise de tales disposicións legais, sacamos como conclusións que, aínda que todo é susceptible de mellora, o que xa existe lexislado é suficiente para desenrolar un bo labor nese aspecto. Son moitas as ordes ministeriais que recoñecen a valoración das peculiaridades culturais e do entorno e para Galicia en concreto, a través dos Programas Renovados editados pola Xunta, especifícanse as festas populares como contido dos programas de Ciencias Sociais para os ciclos: Preescolar, Inicial e Medio (páxinas 126 a 138).

Tal vez sexa aquí o punto clave da cuestión e dixemos isto porque os rapaces dos citados ciclos participan menos que os do ciclo superior por razón da súa idade fundamentalmente.

Nós comprobamos que os cursos de séptimo e octavo son os máis idóneos para esta celebración; pero tal vez os programas estén máis pensados -unha vez máis- no aspecto de transmitirles contidos acerca das mesmas, que fomenta-la participación activa das mesmas

como verdadeiros protagonistas.

Comprobamos que, por exemplo, á hora de facer un maio, elabora-las coplas, vendelas, cantarlas e demais elementos constitutivos da festa os rapaces que realmente teñen maior capacidade para vivenciar e participar son os de trece e catorce anos que corresponden a 7º e 8º de EXB. O mesmo poderíamos dicir a nivel de organizar unha comparsa en carnaval.

e) Libros de texto

Sobre os libros de texto, como pode comprobarse, o tratamento que fan das festas é mínimo (1), o que dá a razón ós mestres cando opinan nese mesmo senso. En certo modo, tamén se xustifica en parte por varios motivos, que ó noso modo de ver serían:

En primeiro lugar pola que xa apuntabamos anteriormente referente á variedade de festas existentes aínda dentro da mesma provincia e que impide que se poidan unifica-los contidos referentes ó tema.

Por outra parte, está o aspecto comercial. Só se edita aquilo que se vende e que ademais poden facerse grandes tiradas. Consideramos que ningunha Editorial correría o risco de elaborar textos de Sociais adaptados a cada municipio, posto que só para a provincia de Ourense habería unha ducia de textos diferentes e iso é unha utopía.

E por iso que seguimos considerando a figura do mestre como imprescindible neste labor de adaptar un texto máis xenérico á realidade ou entorno dos seus propios alumnos.

Outro problema que xa apuntamos tamén, é o da obrigatoriedade. Cremos que, no momento en que se especifique o estudo das festas como obrigatorio, perderían ese aliciente enorme que teñen para os alumnos.

Creemos que a solución podería atoparse, a través dunha mellor aplicación do libro por parte do mestre e que o contido dos mesmos, presentárase atendendo a aspectos máis globalizadores.

Sobre este punto dos libros, consideramos que o texto segue sendo aínda a principal ferramenta de traballo do mestre e cremos que por motivos obvios.

Cando os textos ofrecen uns contidos e as actividades a realiza-lo labor do mestre é máis fácil e cómodo anque non máis eficaz e, sobre todo, nestes temas de cultura popular, que varía duns pobos a outros xa que non todos celebran as mesmas festas populares-tradicionais aínda dentro da mesma provincia e que ha de se-lo mestre o que programe contidos e actividades cara ó logro duns obxetivos a lograr nuns contextos sociais concretos.

O mestre que traballa en Ourense cidade, onde a festa dos maios está incluso municipalizada, ten que programar de distinto xeito ó que imparte as súas clases, por exemplo, en Ribadavia, onde non se celebra dita festa e o mesmo poderíamos dicir de calquera outra festa tradicional.

Xa falamos da forma de vivi-lo Entroido nas localidades de Verín, Xinzo e Laza e iso implica que o mestre se vexa obrigado a unha maneira de vivir a festa en dito ámbito.

Diciamos que se pon de manifesto pouco interés pero o que realmente cabería preguntarse tamén á marxe da súa actuación e se realmente foron preparados debidamente nas escolas universitarias de Formación do Profesorado de EXB, para dinamizar adecuadamente nestes aspectos. Consideramos que existe un elevado número de mestres que non o fan,

porque non coñecen o cómo desenrolar actividades deste tipo. Non cabe dúbida que impartir contidos é moi distinto a lograr que os alumnos desenrolen capacidades de tipo plástico e artístico e que é precisamente isto último o que non pode improvisarse e que cómpre coñecer moi ben para que ese coñecemento e ese cariño que se sente polas cousas cando se coñecen, irradie o suficiente para que o alumno o asuma na mesma intensidade.

Outro dos aspectos que detectamos tanto nas entrevistas como nas opinións dos rapaces é o económico. Maníféstase que a subvención que facilita o Concello para os maíos é insuficiente ou, mellor dito, mal distribuída. Afírmase que deberan se-los premios de menor cuantía pero en maior número ademais de dar a cada participante un diñeiro de subvención de maior cuantía que o que se outorga na actualidade. De feito hai quen resulta endeudado, porque se gasta máis na compra de materiais.

Esta festa dos maíos, estíbese perdendo e rexurdiu gracias á intervención do concello que a municipaliza, aportou grande axuda económica tanto para premios como a nivel de apoio publicitario a través da prensa e radio. Actualmente coa incorporación de T.V. as mesmas, poden ser vistas por xentes de toda España.

Cremos que unha das fórmulas válidas para potencialas sería a coordinación entre a Consellería de Educación a través da delegación de Educación e Cultura, as Diputacións e os Concellos implicando á súa vez no programa ás A.P.A.S. dos centros, a outras sociedades Recreativo-Culturais e tamén a determinadas entidades de crédito que se significaran no apoio das iniciativas populares.

Consideramos, que a través dun programa conxunto no que cada institución asumira as súas responsabilidades, as festas populares tradicionais adquirirían un maior auxe e posibilitaríase á súa vez unha maior incidencia no proceso educativo.

A proposta didáctica que a continuación esbozamos moi someramente fundaméntase na globalización.

Esta proposta que se fai para un mellor aproveitamento didáctico destas celebracións festivo-populares-tradicionais non pretenden en ningún momento que estas sexan contempladas e estruturadas no currículo escolar, como obrigatorias, xa que iso podería xerar nos alumnos as mesmas pulsións de indiferencia que se dan ante o contido memorístico e imposto dos programas.

Preténdese dar, unhas orientacións, que poderían ser de utilidade ós mestres e persoas interesadas no tema, partindo da seguinte situación:

1. Que dendeo ano 1964 saíron moitas disposicións legais ó respecto e que se concretaron máis na lei xeral de 1970 a nivel de todo o Estado e a través dos Programas Renovados para a nosa Comunidade Autónoma.
2. A necesidade recoñecida unánimemente por tódolos pedagogos e educadores de que a ensinanza debe articularse partindo do entorno máis próximo ó alumno e utilizando os recursos didácticos que nos ofrecen para un plantexamento interdisciplinar.
3. O alto nivel de motivación que aportan.

Consideramos que o coñecemento sistemático do medio partindo do entorno máis próximo debe realizarse no que o alumno sexa un elemento activo en constante contacto coa realidade e que iso consíguese, partindo do entorno como núcleo integrador e capaz de proporciona-los elementos básicos para unha nova educación, na que se teñan en conta os intereses vitais dos alumnos e nos que teñan cabida os problemas da localidade como espacio máis cercano para poder ir ampliándose posteriormente a nivel de rexión e país. Trátase de lograr unha verdadeira interacción entre a escola e a comunidade e que podería conseguirse en base a un traballo baseado na interdisciplinariedade nun plantexamento baseado nunha didáctica activista capaz de supera-lo estatismo cultural que reflexan os textos escolares, os programas e a propia actitude do profesorado que contribúe a unha ensinanza caracterizada polo seu enciclopedismo e de resultados pouco alentadores como o demostraban ese 35 % de alumnos que non superan os estudos de E.X.B., segundo consta no anteproxecto para a reforma de E.X.B. (MEC), 1984.

Coa interdisciplinariedade, intentase unha unificación no máis amplo senso e evítase o fraccionamento das disciplinas aínda que iso esixa determinados cambios a nivel institucional que permitan novos deseños nos que existe unha maior coordinación e liberdade así coma unha visión unitaria e integradora evitando horarios recargados e repetición de contidos.

Unha boa programación interdisciplinaria, permitiríanos partir dun tema de interés para os alumnos e desenrolalo buscando tódalas interrelacións que poidan darse referentes a outras disciplinas. Desta forma os alumnos adquirirán un maior coñecemento e comprensión do seu entorno.

Nos programas de Ciencias Sociais nos que están incluídos os temas nos que teñen cabida estas celebracións e que son: a historia da localidade: tradición e historia. Tradición e cultura rexional (véxase anexo), dá a impresión de que todo se reduce a estudar xeografía e historia pero se temos en conta que os feitos históricos posúen connotacións xeográficas, económicas, políticas, sociolóxicas, antropolóxicas, etc., que afectan ó home como membro dunha sociedade admitiremos como Ciencias Sociais a política, a socioloxía, a antropoloxía, etc. Existen diferentes criterios á hora de determinar que disciplinas poden ser incluídas e cales non nas Ciencias Sociais entre tódalas que intentan dar unha explicación do home tendo en conta a súa dimensión social.

Consideramos, que as unidades deberían estar estruturadas arredor dunhas ideas-eixe e adaptarlas ó nivel no que se han de pór en práctica e a motivación que poden xerar nos alumnos.

E no caso das festas, pódese programar tendo en conta, que son estacionais.

Deste xeito a programación podería partir do seguinte esquema:

Idea-eixe	Ciclo Estacional
O Entroido	Primavera-Verán
O Magosto	Outono-Inverno

Pensamos que, a través dun programa conxunto no que cada institución asumira as súas responsabilidades, as festas populares-tradicionais adquirirían un maior auxe e posibilitaríase á súa vez unha maior incidencia no proceso educativo.

MODELO DE UNIDADE DIDACTICA

TEMA: OS MAIOS

OBXETIVOS:

1. Valoración da nosa cultura popular e reafirmación da nosa personalidade individual e como integrantes dun pobo que desexa conservar, potenciar e transmitir as súas tradicións.

2.Reforza-los vínculos culturais da comunidade e profundizar na búsqueda das nosas raíces históricas e no significado socio-cultural dos maíos.

3.Valorar e relaciona-las distintas formas de celebración desta festa na provincia e outros pobos de España e Europa.

4.Distingui-los aspectos culturais e históricos dos puramente folklóricos, recoñecendo a estes últimos como elementos inseparables da identidade dun pobo.

5.Establece-la relación entre esta festa de carácter agrario e a estación primaveral.

CONTIDOS

1.Orixe e significado dos maíos.

2.Distintas formas ou manifestacións dos maíos.

3.Os maíos como festa de carácter agrario, rural e a súa transformación en urbana.

4.Os concursos.

5.A simboloxía na festa dos maíos.

ACTIVIDADES:

LINGUA E LITERATURA

- Recollida e análise do contido das coplas.
- Estructura e estudo doutras composicións poéticas.

- Invencións de coplas para maios.
- Creación de poesías.
- Declamación das mesmas.
- Desenrolo de temas a partires de ideas-eixe e exposición pública dos mesmos.
- Análise de textos literarios relacionados co tema.
- Redacción sobre a festa dos maios nas distintas localidades onde se celebran.
- Exposición de temas e redacción por grupos de traballo, sinalando os puntos de coincidencia e diverxencia segundo localidades.
- Recopilación de refráns alusivos ó tema e á estación primaveral.
- Exaltación literaria da Natureza a través de:
 - Lecturas.
 - Poesía.

CIENCIAS SOCIAIS

Establecer relacións entre o ritual da festa dos maios e o seu significado coa clase de sociedade que as celebra:

- Sociedades agrarias.
- Sociedades urbanas.
- Sociedades con raíces pagás.
- Sociedades con profundos elementos folklóricos.
- Análise do senso comunitario que teñen estas festas en relación coas do Carnaval e Magosto.
- Análise das características comúns a estas tres festas.
- Estudio do significado da árbore nos seus aspectos.
- Na propia festa dos maios.
- No seu aspecto ecolóxico.
- Na súa importancia como materia prima.
- Os incendios forestais.

MATEMATICAS

- As formas cónicas.
- As formas piramidais.
- Cálculo de custos na elaboración dos maios.
- Cálculo do presuposto asignado á festa.
- Cálculo do reparto dos premios.
- Outros cálculos sobre:
 - Número de maios nos últimos dez anos.
 - Número de coplas.
 - Número de alumnos participantes.

CIENCIAS NATURAIS

- Estudio do cambio que experimenta a Natureza en Primavera.

- Elaboración de lista de plantas e flores utilizadas nos maios.
- Estudio de froitos empregados no ritual dos maios.
- Relación dos elementos vexetais empregados co ciclo da vida humana:
- Flores nas bodas.
- Flores nas coroas funerarias.
- As herbas e flores na medicina.
- Estudio dos labores do campo en dita época.

EXPOSICION MUSICAL E PLASTICA

- Recitación e dramatización de coplas.
- Exercicios de ritmo e danza.
- Representación no colexio e no exterior do maio.
- Saída á rúa, transportalo e canta-las coplas.
- Realización de murais alusivos.
- Interpretación musical das coplas.

Concluimos xa, considerando a necesidade dun profundo cambio, que afecte a tódalas partes integrantes dun proceso educativo, para que o tratamento que ha de dárselle a estas celebracións, do que o elevado valor educativo cremos deixar demostrado e que no pasado non moi lonxano, estiveron sometidas ó abandono e á represión e mal consideradas socialmente, pasaron na actualidade a tomar un novo auge, pero aínda se detecta unha grande desconexión entre o lexislado para elas e o que realmente se fai por outros, sendo importantísimo que nun futuro próximo se consiga pór en marcha un tratamento curricular bascado na globalización, de maneira que se consiga unha integración a nivel de contidos educativos no contexto social en que se move o alumno.